
Tesouro paleogalaico I. Teonimia

Documentación epigráfica do teónimo *deus Lar Berobreus*.

Edición e comentario lingüístico

Juan Carlos Búa Carballo • Beatriz García Turnes
(eds.)



XUNTA DE GALICIA

Tesouro paleogalaico I. Teonimia

Documentación epigráfica do teónimo *deus Lar Berobreus*.

Edición e comentario lingüístico

Juan Carlos Búa Carballo
Beatriz García Turnes
(eds.)

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
José López Campos

Secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Manuel González González

Directora técnica da Área de Lingüística
María Sol López Martínez

Colección Tesouro Paleogalaico
Directores: Juan Carlos Búa Carballo e Beatriz García Turnes

Edita:
Xunta de Galicia
Secretaría Xeral da Lingua
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Santiago de Compostela, 2024

© Fotografía de portada: AeroRec/Deputación de Pontevedra

Deseño, impresión e encadernación:
Técnicas & Gramaxe SL
Máis Deseño SL

ISBN: 978-84-453-5487-2
Depósito legal: C 1017-2024

Limiar

Deo Lari Berobreo aram posui pro salute. Velaquí as palabras que, con algunhas variacións, constitúen o texto básico das 60 aras con epígrafe total ou parcialmente lexible que se atoparon no monte do Facho (Donón, Cangas, Pontevedra) a partir dos anos sesenta do pasado século, nos restos dun santuario dedicado ao deus Berobreo que estivo activo entre os séculos III e VI d.C.

Só sete palabras. Mais a información que se pode sacar dun texto tan breve é, como verán nas seguintes páxinas, do maior interese. Non só porque o teónimo e algúns dos escasos nomes de dedicantes que se recollen nestes altares son prerromanos, o que nos achega datos sobre o pasado lingüístico de Galicia previo á latinización, senón porque algunhas alteracións da fórmula que arriba se presentou son propias do latín vulgar e mostran a deriva cara ao que séculos máis tarde chamaremos galego e portugués e mais, posiblemente, a primeira documentación dalgunha das características que máis claramente definen estas dúas linguas fronte ao resto dos idiomas romances.

Dos parágrafos precedentes xa deducirían vostedes que este é un estudo lingüístico. Non parece estraño que un conxunto tan amplo de aras votivas como as do monte do Facho espertase o interese de diversos estudosos que se esforzaron en analizalas a medida que foron aparecendo. Recentemente, o profesor Michael Koch mesmo publicou un catálogo do que considerou o conxunto completo das pezas (tanto epigráficas como anepigráficas) que se atoparon ata agora. Con todo, estes traballos estaban feitos desde a perspectiva da arqueoloxía e esta é a primeira publicación que estuda as 60 epígrafes dos altares de Donón desde o punto de vista da lingüística, unha análise, sen dúbida, necesaria para comprender estes achados.

Ben é certo que este estudo propiamente lingüístico vai precedido dun interesante traballo do arqueólogo José Suárez Otero que serve de marco introdutorio para o resto do volume, ao ofrecernos datos relevantes sobre as distintas etapas do castro e do santuario do Facho que nos permitirán situar no seu debido contexto as aras cuxo texto se presenta e analiza a continuación.

A análise do profesor Suárez vai seguida dun moi esclarecedor comentario ingüístico de Carlos Búa Carballo onde se debullan con rigor e minuciosidade cuestións como a tipoloxía da escritura; a aparición das variantes latinovulgares *posi, ara e saute*; os nomes dos dedicantes ou as variantes que presenta o teónimo *deus Lar Berobeo* nestes altares.

Este comentario lingüístico faise a partir das lecturas que podemos atopar na terceira e derradeira parte do libro. En efecto, a publicación péchase cun catálogo da autoría de Isabel Beltrán López, Carlos Búa Carballo e Beatriz García Turnes onde se recollen todas as aras que conteñen epígrafe. De cada unha delas móstranse unha ou varias

fotografías, segundo se considere necesario para facilitar a interpretación e observar as particularidades do texto. As imaxes van acompañadas da lectura que o equipo investigador fixo da epígrafe, das feitas anteriormente por outros autores, de datos relativos á conservación da ara e dunha breve presentación das características esenciais do texto que inclúe unha descrición do campo epigráfico, a valoración da lexibilidade da ara, información sobre a designación teonímica ou sobre a presenza de formas latinovulgares.

Estas son as tres partes dun traballo que constitúe a publicación inaugural do proxecto Tesouro Paleogalaico (TPGal) do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). Este libro é, pois, dobre motivo de alegría: polo valor que ten en si mesmo e porque constitúe o froito primixenio dun proxecto e dun equipo que aspira a recoller e analizar todo o material lingüístico prerromano de Galicia e desenvolver, así, unha iniciativa que no seu día quixo poñer en marcha o profesor Jürgen Untermann, cuxo legado custodia o CRPIH e a cuxa memoria estou seguro de que os autores coinciden en dedicarlle este traballo.

Valentín García Gómez
Secretario xeral da Lingua

Índice xeral

1. O Facho, arqueoloxía dun *mons sacer*
José Suárez Otero 11

2. As aras do monte do Facho. Comentario lingüístico
Juan Carlos Búa Carballo 109

3. Catálogo de inscricións do monte do Facho
Juan Carlos Búa Carballo, Beatriz García Turnes, Isabel Beltrán López 177



Capítulo 1

O Facho, arqueoloxía dun *mons sacer*

José Suárez Otero

IDEGA, USC



Índice capítulo 1

1. O monte do Facho 15

2. Historia da investigación 17

3. Os gravados rupestres. Unha expresión ubicua 19

4. O Facho na Idade do Bronce 22

5. O Facho I. A construción dun castro da Idade do Ferro 27

6. O Facho II. Entre galaicos e romanos 36

7. O santuario galaicorromano 44

8. O final dun santuario pagán 55

Bibliografía 67

Imaxes. O Facho, arqueoloxía dun *mons sacer* 75

1. O monte do Facho[1]

Un Finis Terrae *na Galicia meridional*

O monte do Facho localízase no estremo occidental da península do Morrazo, como altura principal (184 m) nun cordal cunha dirección sur-norte que se contrapón á disposición leste-oeste da propia península e é consecuencia da existencia dunha antiga falla que tiña a súa outra banda no que hoxe son as illas Cíes e Ons (Nonn 1966). Créase así unha fronte alta e acantilada que se coñece como Costa da Vela. É esta unha posición que o enmarca nunha área costeira, a centro-occidental galega, coñecida no seu conxunto como As Rías Baixas e, no caso do Facho, mediatizada por unha localización extrema e oceánica que o vai situar como gonzo entre dúas realidades xeográficas diferenciadas, ambas marítimas, pero unha interior e outra exterior; e a primeira pechada, mentres que a segunda é aberta. Faino a través dunha subpenínsula —que remata O Morrazo fronte ao océano— situada entre as rías de Vigo e de Pontevedra, pero nesta última non de xeito directo, senón a través doutra menor que se abre na súa entrada: a ría de Aldán. É o espazo que ocupa a actual freguesía de Santo André do Hío, pertencente ao Concello de Cangas do Morrazo, na provincia de Pontevedra. Trátase dun espazo de conformación próximo ao triangular co vértice cara ao leste, nun istmo que a encana co resto da península do Morrazo, e a base cara ao occidente, na longa liña que debuxa a Costa da Vela. É no centro desa última e preto da aldea actual de Donón onde se sitúa O Facho, cunhas coordenadas xeodésicas de 42º 16' 40'' N e 08º 51' 35'' W (fig.1).

A contorna do monte é unha reprodución a menor escala da realidade que caracteriza o conxunto da península do Morrazo: unha sucesión de montes dominados pola penedía granítica que acolle no seu interior estreitas áreas de aplanamento das que parten os curtos ríos que regarán, a través de vales estreitos e de fortes pendentes, unhas terras baixas que dan paso á liña de costa (fig. 2a). Unha costa que, cara ás rías, é baixa e sinuosa e onde alternan os areeiros cos saíntes rochosos. Pola contra, cara ao océano, na xa mencionada Costa da Vela, tende a ser rectilínea, relativamente elevada e case exclusivamente rochosa (fig. 2b), pois configura unha sucesión de cantís de distintas alturas. Son estas unhas características que a singularizan como a única costa alta no contexto das Rías Baixas.

Una topografía antrópica

O monte do Facho, a pesar dunha caracterización orográfica unitaria e ben definida polo seu relativo illamento da contorna como extremo de altura destacada dun cordal montañoso que remata directamente sobre o océano Atlántico, ofrece na súa topografía unha lectura diversa e complexa. A razón estriba en que nos enfrontamos, non á orografía orixinal, coincidente coa do ámbito xeomorfolóxico a que pertence, senón a outra constituída por unha sucesión de intervencións que foron, paso a paso, conformando a súa aparencia

1. Estes traballos foron realizados grazas á colaboración entre o Concello de Cangas e o Instituto Arqueolóxico Alemán de Madrid.

actual, ao tempo que lle imprimiron un carácter tamén polifacético e complexo no seu aspecto de enclave arqueolóxico (fig. 3).

Así, a imaxe actual do monte está dominada polo edificio circular con cúpula que o coroa, situado sobre un cume achaiado artificialmente (fig. 4a). Unha realidade que deriva da última ocupación humana do Facho: un posto de vixilancia costeira encargado do control do acceso á ría de Vigo dende o exterior entre os inicios do século XVIII, quizais xa finais do século XVII, e mediados do século XIX (Sánchez García 2004, 32-33; Saavedra Vázquez 2018). Este posto de vixilancia explica o nome da costa que se estende a pé del, a Costa da Vela, en referencia a "vela" como función, e a denominación Soavela para o tramo de costa situado xusto debaixo do monte. A dita "vela" utilizaba como medio de sinalización o lume, o que veu darlle tamén o nome ao mesmo monte, O Facho, e borrou o precedente, que facía referencia a un episodio moi anterior que tamén incidira na propia configuración do monte: o castro da Idade do Ferro. A este castro, e mais á aldea existente aos seus pés, que non era aínda Donón, senón Punxeiro, fai referencia o nome de castro de Punxeiro que aparece nalgunha documentación. A aldea de Punxeiro está hoxe abandonada, pero dela consérvanse aínda importantes restos datables entre fins do século XVI e principios do XIX (fig. 4b), cando abunda a información contida no arquivo parroquial e outra documentación desa mesma época. Non podemos esquecer que nesa etapa o monte sufriu tamén alteracións derivadas do seu uso militar, como a presenza ocasional dalgún destacamento acampado nas súas ladeiras que degradou os restos da ocupación prehistórica e, polo tanto, aínda que de xeito parcial, a propia conformación do monte.

Con todo, a ocupación humana que realmente transformou a topografía do monte foi sen dúbida a que corresponde ao castro da Idade do Ferro. Foi nese momento cando aquela orografía dominada polo rochedo granítico, cun amoreamento de grandes penedos —algúns localmente denominados "outeiros"— que destacaban nese espazo, foi substituída pola actual, dominada, especialmente na ladeira norte, pero tamén en parte das ladeiras leste e oeste, por unha sucesión de espazos en socalco ou de pendentes atenuadas, onde predomina unha cuberta vexetal de monte baixo que disimula en parte a penedía orixinal. É esta unha conformación que xa tivera uns primeiros episodios nunha ocupación anterior do monte, na Idade do Bronce Final, e á que á fin se adaptará o santuario romano a que dedicamos estas páxinas, pero podemos adiantar que ningún destoutros episodios tivo o grao de incidencia na topografía que tivo a construción do castro.

En conclusión, o monte do Facho defínese como un amoreamento de penedía granítica sobre uns cantís no océano Atlántico onde aconteceu unha primeira ocupación humana a finais da Idade do Bronce que, basicamente, se adaptou á complexa orografía do monte. Esta orografía foi radicalmente transformada pola construción dun asentamento fortificado da Idade do Ferro —segundo as características propias dese tipo de asentamentos no noroeste hispánico— sobre o que se implantaría o santuario romano dedicado ao *deus Lar Berobreus*. Porén, a imaxe actual e mesmo o nome do monte están marcados pola existencia dunha vixía costeira e a súa relación cun despoboado dos séculos XVII e XVIII.

2. Historia da investigación

José Suárez Mariño e o descubrimento dun santuario no monte do Facho

O proceso de achegamento ao Facho como sitio arqueolóxico comeza coa súa identificación como castro xa a principios do século XX e a súa inclusión como tal no corpus arqueolóxico da provincia de Pontevedra xa a mediados dese mesmo século. Con todo, no que respecta á presenza do santuario romano, haberá que esperar aos anos setenta desa centuria, cando aparezan os primeiros altares da man de Enrique Massó Bolívar e posteriormente, a fins da década, outro conxunto de altares que derivaría no recoñecemento definitivo do Facho como sustentador dun importante centro de culto da Gallaecia romana. En realidade, eses descubrimentos formaban parte dunha ampla actividade de prospección arqueolóxica que se veu desenvolvendo na península do Morrazo ao longo dos anos sesenta, setenta e oitenta do século pasado. Foi unha actividade canalizada polo Museo de Pontevedra, e especialmente polo que entón era o seu secretario, Alfredo García Alén, e na que participaron unha serie de afeccionados, principalmente dos concellos de Moaña e de Cangas. É aí onde se insire a actividade levada a cabo polo propio Enrique Massó, pero tamén polo seu tío José María Massó —creador do Museo Massó de Bueu—, por Antón Costa Iglesias ou por Antón Nores como figuras máis relevantes.

Pero tamén a de José Suárez Mariño (1937-2023), quen, a partir de 1974 e co descubrimento fortuíto da vila romana de Pipín (Fariña et alii 1975), vai comezar a participar nese proceso de recuperación do patrimonio arqueolóxico, neste caso centrado fundamentalmente no Concello de Cangas. Produto dos traballos de Suárez Mariño son, ademais da consolidación do Facho como referente da relixiosidade na Gallaecia romana, a identificación dos restos da Idade do Bronce no propio Facho ou unha abundante serie de petróglifos na súa contorna (García Alén - Peña Santos 1982), entre os que destacan as estacións dos Mogüelos (Costa et alii 1976) ou Os Olleiros (Suárez Otero 1979), pero tamén toda unha serie de sitios que abriron as portas ao coñecemento de etapas daquela pouco ou nada coñecidas na arqueoloxía galega. Así, os abrigos neolíticos da Cunchosa (Suárez Otero 1997); os asentamentos da Idade do Cobre de Lavapés, Mesa de Montes, As Forcadas e O Fixón (Peña Santos 1984; Suárez Otero 1986, 1995 e 2009); as ocupacións da Idade do Bronce, de novo en abrigos, como os de Sanamaro e outra volta os da Cunchosa, ambos na parroquia de Aldán (Cangas); ou a continuidade doutros como o do Fixón, de volta no Hío (Suárez Otero 1995 e 2009), só por citar os máis relevantes. Ademais, temos que mencionar unha serie de enclaves que, como a mesma vila de Pipín, puideron ser coevos total ou parcialmente co santuario do Facho, como as salgaduras romanas da praia de Pinténs, as salinas desa mesma época na praia de Nerga, próximas a uns tanques de salga xa coñecidos, ou a confirmación da existencia dun *vicus* nos areeiros de Donón, ao pé do mesmo monte do Facho, así como dunha estela romana en Vilanova, todos eles na contorna do Facho e dentro da actual parroquia do Hío.

Como consecuencia deses traballos e descubrimentos, O Facho vai pasar de ser un de tantos castros que poboan a xeografía galega a un dos principais e, en certa medida, a enigmático representante da relixiosidade na Gallaecia romana. O estudo e publicación dun xa sorprendentemente amplo conxunto de aras romanas, algo que se desenvolveu nas décadas finais do século pasado, vai certificar

esa importancia, poñendo ao descuberto a deidade a que estaban dedicados eses monumentos e o santuario de que formaban parte (sobre o estudo das altares, cf. Koch 2019, IX-XIII)[2]. Ademais, a propia complexidade duns altares aparentemente simples, pero con serias dificultades de lectura, fixo que o nome da deidade resultase esquivo e variase segundo os autores. Con todo, o santuario en si mesmo, do que a descuberta de Suárez Mariño xa dera indicios, seguía a ser o gran descoñecido. A combinación da súa aparente relación co castro e a xeral identificación da deidade coa tradición prerromana levou a que se interpretase que se producira unha supervivencia do castro, cando menos nunha suposta función relixiosa, en época romana.

O Instituto Arqueolóxico Alemán e O Facho como santuario da Hispania romana

Non será ata o presente século cando asistamos a unha segunda e definitiva etapa na interpretación do santuario romano do Facho. Nos 2001 e 2002, coincidindo co espertar de novo no ámbito local do interese polo patrimonio arqueolóxico, cunha específica reivindicación do valor do propio Facho como expresión dese patrimonio, arranca un proxecto de estudo dos santuarios dedicados a deidades indíxenas no occidente da Hispania indoeuropea levado a cabo polo Instituto Arqueolóxico Alemán de Madrid e dirixido polo daquela seu director científico, Thomas Schattner. Trátase dun proxecto de investigación no que se incluían outros santuarios como os de *Endovellicus*/ Saõ Miguel da Motta (Alandroal, Portugal) (Schattner - Guerra - Fabião 2005; 2009 e 2013); o de *Vaelicus*/Postoloboso (Candeleda, prov. de Ávila) (Schattner et alii 2006) e tamén o de *Trebaruna* e *Reve* no Cabeço das Fráguas (Guarda, Portugal) (Santos - Schattner 2010). A posibilidade de integrar o Facho materializouse, en colaboración do Concello de Cangas e co apoio da xente da contorna, nunha serie de campañas de escavación arqueolóxica dirixidas a alcanzar unha definición tanto física como temporal e funcional do santuario no seu conxunto, así como un achegamento ao castro e á problemática relación entre este e o santuario.

Os resultados foron ata seis campañas sucesivas de escavación dende o 2003 ao 2008 ás que estiveron unidas algunhas outras de mantemento entre as intervencións, así como tamén algunhas en paralelo de restauración e posta en valor dos restos atopados, nas que colaborarían tamén a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ou a Deputación de Pontevedra. As primeiras actuacións —do 2003, 2004 e 2005— estiveron centradas no santuario romano e no ámbito do castro en que se asentaba, polo que se desenvolveron fundamentalmente no recinto superior que rodea polo norte, leste e sueste o cume do monte, cunha proxección cara á parte superior da ladeira en dirección nordeste. En cambio, as tres últimas —2006, 2007 e 2008— tiveron no castro a súa motivación primordial, aínda sen esquecer a posible proxección cara a el do santuario. Por este motivo, a súa incidencia no conxunto do monte foi máis ampla e diversa, pois alcanzou o cume, por un lado, e espallouse ladeira abaixo, polo outro, co fin de obter unha visión o máis ampla posible das ocupacións da Idade do Ferro, ao tempo que unha definición espacial máis precisa da extensión do santuario romano. As consecuencias desas intervencións, ás que lles dedicaremos estas páxinas, especialmente no que ao santuario do *deus Berobreus* se refire, viñéronse materializando xa nunha

2. Cf. Búa neste volume.

serie de publicacións onde se recollen tanto o desenvolvemento dalgunhas das campañas de escavación, como estudos do santuario ou doutros aspectos relativos ao castro (Schattner - Suárez - Koch 2004; 2005; 2006 a-b; 2014; Schattner - Suárez 2018). Ademais, o Instituto Arqueolóxico Alemán realizou, a cargo de Michael Koch, a publicación dun corpus de todas as inscricións atopadas no Facho, tanto antes coma durante os traballos de escavación (Koch 2019).

3. Os gravados rupestres. Unha expresión ubicua

A primeira desas manifestacións arqueolóxicas visibles no Facho é tamén a máis problemática de situar temporalmente e de interpretar funcional e semanticamente. Estámonos a referir aos gravados que aparecen dispersos pola penedía que conforma o substrato do monte e que aflora, con maior ou menor intensidade, ao longo de toda a súa superficie. Como unha mostra máis da coñecida arte rupestre galega, exprésase nos motivos máis simples e comúns presentes nela: as coviñas e os motivos xeométricos. Pero, tamén como adoita suceder con esa manifestación artística, é difícil de vencellar con un ou outro dos episodios da presenza humana no monte. Para achegarnos a esa identificación cultural e histórica dos petróglifos, e dada a súa escasa expresividade por esa súa simpleza, temos que valernos de dúas características extrínsecas: o tipo de soporte e a situación deste dentro do monte.

Os petróglifos prehistóricos

Están basicamente conformados por coviñas e círculos, simples ou concéntricos, aos que se engade algún motivo xeométrico de forma indefinida. Aparecen en tres tipos de condicións:

A primeira está representada polos petróglifos que se mostran agrupados sobre soporte fixo. En realidade, só nun caso podemos falar dunha agrupación de gravados: un conxunto que se localiza nun pequeno outeiro inmediato ás abas da ladeira norte do monte, no lugar das Palleiras. Aquí, sobre una acumulación de penedos graníticos moi afectados por traballos de cantería, destaca unha composición a base de coviñas aliñadas na superficie case vertical dunha rocha, á que se suman outras dispersas, incluíndo algún círculo simple, na parte alta desa penedía.

En segundo lugar, outros exemplos aparecen sobre soporte fixo, pero illados. Isto é máis común, quizais por mor da perda, nalgún caso, doutras posibles compoñentes do que en orixe sería unha agrupación de gravados. Destaca un conxunto de coviñas, de novo agrupadas formando liñas e tamén de novo sobre unha superficie inclinada, agora na base da ladeira leste do monte (fig. 5a), mentres que outros exemplos aparecen illados en pedras que afloran no medio ou debaixo das construcións do castro da Idade do Ferro (fig. 5b). É o caso doutra agrupación de coviñas, agora de composición irregular e algunha rodeada por un pequeno círculo, que aparece sobre o remate estreito e apuntado dun penedo entre estruturas da Idade do Ferro. Outra expresión salientable é un motivo xeométrico complexo, conformado por dúas liñas que discorren parellas deixando entre elas un espazo baldeiro que é dividido en dous por outra liña transversal ás anteriores (fig. 5c). O deseño está cortado nos extremos, pois parte do soporte foi destruído polos edificios do castro que o rodean, polo que descoñecemos un motivo que non ten, tampouco, moitos paralelos

na arte rupestre galaica. Desa destrución provocada polos edificios do castro temos outra clara evidencia na propia arquitectura, dado que nalgunha cachotaría das súas fábricas aínda se poden ver os restos de antigos gravados destruídos, nun dos casos unha combinación circular, mentres outros volven presentar coviñas aliñadas (fig. 5d).

Un terceiro tipo de gravados, que resultan máis singulares, son os realizados sobre soporte móbil, posto que apenas foron recoñecidos nos estudos sobre os petróglifos do noroeste. No Facho contamos cun exemplo, de novo en forma dunha combinación circular, executado sobre un fragmento granítico de forma ovalada e sección planoconvexa. Na súa superficie represéntase o motivo dunha espiral de catro voltas con coviña no remate interior. Este motivo adáptase á propia configuración do soporte, ao partir dende o borde ata o centro, nunha evolución que é, ao mesmo tempo, ascensional, dada a sección en cuarteirón de laranxa da pedra. Esa adaptación do deseño e dos bordos erosionados da propia pedra confirma que non se trata, coma no caso anterior, dun gravado fragmentario, nin dunha pedra labrada para un posible uso arquitectónico, senón dun soporte escolleito, quizais en parte adaptado, expresamente para recibir o motivo que se ía gravar nel. En consecuencia, a pedra non é un simple soporte, senón que forma parte da propia representación, a cuxo deseño espiraliforme lle outorga un carácter tridimensional. A devandita tridimensionalidade xa ten sido sinalada en combinacións circulares sobre soportes fixos, nos que se buscan as partes máis alombadas, cando non apuntadas, das superficies para darlle volume á representación.

Outra mostra de gravado sobre pedra pequena que aparece illada e reutilizada nun contexto da Idade do Ferro consiste nunha sinxela combinación de dous círculos que non se chegan a pechar cunha coviña de cuxo centro sae un trazo recto. Trátase dun motivo moi típico na arte rupestre galega, aquí realizado nunha das lousas dun pavimento empedrado na parte alta do monte (fig. 5e). O pavimento está situado no acceso a unha gran construción de forma trapezoidal que está composto por pedras de mediano e pequeno tamaño e que discorre parello á parede dese edificio. Deste xeito, forma parte da súa arquitectura, ao definir un pequeno eirado diante da entrada, que está sobreelevada, o que fai necesario un paso para acceder ao interior. Esa arquitectura estivo en uso entre fins do século I a.C. e o I d.C., sen que se poida descartar unha construción xa anterior. Máis difícil é situar o gravado, pois presenta unha factura diferente aos que vimos tratando. Amosa sucos anchos que debuxan dous círculos concéntricos irregulares e agora apenas perceptibles, como resultado dunha forte erosión derivada da súa condición de lousa de pavimento. Súmase así a ese conxunto de gravados extraídos do seu soporte orixinal e convertidos en cachotaría que se vai empregar nas arquitecturas do castro. Neste caso a diferenza de pátina nos bordos fai pensar que sufriu varios episodios de reemprego, dos que foi o último este lousado que a inclúe. A pátina lisa dalgún dos bordos mesmo fai pensar que o soporte orixinal non foi un de carácter fixo, nun penedo ou nunha laxe, senón daqueles en pequenas pedras e de carácter móbil.

A morfoloxía e a composición destes gravados apuntan á arte rupestre prehistórica —aínda que sempre coa reserva da ubicuidade temporal das coviñas—, que debemos ter en conta especialmente nos casos en que aparecen asociadas a outros motivos, como os círculos e as

combinacións circulares, cunha adscrición menos ambigua. O feito reiterado de que parte destes gravados fosen destruídos polo castro da Idade do Ferro supón una data *ante quem* situable nos inicios dese asentamento que, como veremos nun apartado posterior, se enmarca no que se coñece como II Idade do Ferro e mesmo semella que despois de fins do s. III a.C., xa na primeira metade do II a.C. Unha data que cabería levar máis aló dos comezos da propia Idade do Ferro, dado que a ruptura entre castro e petróglifos non é só cronolóxica, senón tamén conceptual: os gravados parecen carecer de significado para os habitantes do castro, aos que lles resultaban, aparentemente, alleos, polo que as pedras volveron a ser só iso, pedras, e, en consecuencia, susceptibles de seren aproveitadas como material construtivo.

Doutra banda, as características apuntadas para os gravados sobre soporte fixo no Facho trasládannos a unha realidade que vai máis alá dese monte, pois os mesmos motivos, os mesmos soportes e unha localización similar repítense alén del e espállanse pola súa contorna. Grupos de coviñas, círculos simples ou concéntricos illados aparecen dispersos pola penedía nas partes medias e altas das ladeiras dos montes que rodean O Facho (Suárez Otero 1979; García - Peña 1982), o que pon de manifesto que a ruptura entre os gravados e o castro forma parte doutra máis profunda, que lles afecta aos gravados e ao monte como accidente xeográfico, en que este perde a súa individualidade para formar parte dunha realidade máis ampla. Esta realidade non nos remite a un enclave concreto, senón a un espazo do que formaba parte acollendo unha fenomenoloxía que transcende do *locus* ao territorio. Pola contra, os gravados en pedras soltas, *ergo* mobles, apuntan a un papel especial do monte do Facho, que recupera un certo e aínda descoñecido protagonismo nese diálogo entre gravado e territorio.

Os gravados entre a Idade do Ferro e a actualidade

A pesar desa ruptura entre castro e gravados non podemos descartar a sincronía con este dalgunhas expresións atopadas no seu interior e que parece que foron inmunes ás alteracións da penedía con motivo da construción dun novo establecemento. Referímonos, por exemplo, a un conxunto de grandes cazoletas de formas irregulares sobre unha laxe situada entre dúas das liñas de murallas do sistema defensivo, a unha altura media-baixa da ladeira e cara ao noroeste. A morfoloxía dos motivos, a súa escasa erosión e o feito de que non fosen destruídos polas arquitecturas do castro, aí de especial envergadura, son os argumentos que levan a situar estes gravados á marxe dos prehistóricos e a aceptar unha posible relación co asentamento castrexo, sen que se poida descartar mesmo unha realización posterior a este. Unha situación á que non son de todo alleos algúns doutros grupos de coviñas, por máis que as súas características coincidan coas de tempos anteriores. A complexa relación entre gravados rupestres e castros aparece na ampla bibliografía sobre ambas as realidades arqueolóxicas, que recolle casos moi semellantes ao que acontece no Facho, pero sen que se conseguise polo de agora superar esa dicotomía entre manifestacións previas, destruídas ou agochadas pola construción do asentamento, e manifestacións sincrónicas aos asentamentos e, polo tanto, feitas en e para estes.

Outro elemento con características que, de novo, permiten relacionalo co castro, pero xa dun xeito diferente aos anteriores, son algunhas "pías", ocos de maior dimensión ca as coviñas, de forma circular e con fondo plano, pouco fondo, coma unha que aparece a media ladeira e entre os edificios do castro. Tamén as hai de fondo apuntado, o que lle confire ao oco unha característica forma cónica.

Atopamos unha pía deste último tipo, e que se tentou relacionar co santuario galaicorromano (Rodríguez Colmenero 1999), no alto dun outeiro na aba sueste do monte. Uns paralelos próximos deste tipo de pías podémolos ver no moi achegado, tanto no xeográfico coma no cronolóxico, castro da Igrexiña ou das Eiras, no estremo leste da enseada de Barra, sempre dentro da parroquia do Hío. Aí forman parte dunha estrutura do tipo "altar rupestre", o que lles outorga unha clara funcionalidade ritual, se non cultual, pero diferente do santuario do Facho. Neste caso están asociadas tamén a unha boa cantidade de gravados baseados exclusivamente na representación de coviñas, ou en motivos lineais indefinidos, o que pon de novo en evidencia a posibilidade de que algúns dos paneis con coviñas mencionados para O Facho poidan corresponder tamén a esta etapa. En todo caso, hai unha diferenza fundamental entre as pías e os gravados: as primeiras teñen unha condición basicamente funcional, mentres que os segundos son, por riba de todo, representacións, aínda que non entendamos o seu significado.

Non se acaban na Protohistoria, nin na antigüidade, as representacións gravadas nas rochas do monte do Facho, a pesar de que a técnica, as morfoloxías e os significados serán agora diferentes, ademais de coñecidos. Un primeiro exemplo témolo no cume, onde, ao lado da garita, aparece nunha laxe granítica ou "plano de montea" da cúpula desa construción. Outra mostra son as cruces que aparecen sucesivamente en distintas pedras aos lados do camiño de acceso ao monte, tamén á chaira de Punxeiro e á aldea aí existente até ca. comezos do século XIX. Mención á parte merecen uns soliformes, aos que se engadiron trazos propios de rostros, localizados nas abas da ladeira noroeste do monte e a carón das casas dese despoboado coñecidas como As Cortes por ser ese o último uso que tiveron. O seu carácter atípico e a escasa erosión duns sucos realizados mediante instrumento metálico suxiren modernidade e aleatoriedade. Non esquezamos a intensa vida que soportou esta área como núcleo habitado e de explotación agrícola, coa presenza ocasional mesmo de continxentes militares na zona: *En la capilla del Facho, una bala perdida, caramba si no me agacho, en la capilla del Facho*, di unha cántiga tradicional da aldea de Donón.

4. O Facho na Idade do Bronce

A presenza humana no monte do Facho en tempos anteriores á Idade do Ferro xa era coñecida dende que en 1977 se descubriu na parte alta da ladeira leste do monte unha estraña estrutura entre grandes penedos graníticos consistente nunha cúpula que pechaba un oco reenchido por un depósito no que unha terra escura e pouco compacta se mesturaba cunha importante acumulación de cunchas, ósos e cerámicas. Unha presenza que, xa nos anos 90 do século pasado e por mor da forte erosión despois dos incendios que daquela volveron afectar ao monte, se puxo outra volta de manifesto coa aparición de abundante cerámica, pero nun espazo aberto e xa na parte baixa do monte, no tránsito entre a ladeira leste e a sur. Finalmente, os traballos de escavación na primeira década deste século aumentaron os *locus* polos que se espallan as evidencias desa presenza, que alcanza agora a croa do monte e de xeito máis esporádico a ladeira norte. Todas estas evidencias son o resultado dunha ocupación ou ocupacións que dende o primeiro momento, e atendendo á caracterización da cerámica, apuntaba claramente a fins da Idade do Bronce. Dado que en gran medida segue a estar inédita, dedicaremos unhas páxinas a definir con máis detalle ese primeiro momento do Facho, sobre todo porque, como veremos, semella que empeza

tamén a sinalar un posible carácter sacro ou sacralizado dese monte.

A ladeira leste: unha arquitectura natural

O primeiro encontro co Bronce Final foi, como xa adiantabamos, na ladeira leste, con esa estraña estrutura de cachotería granítica que aparecía cubrindo un espazo irregular, de conformación máis ou menos rectangular, entre penedos graníticos de gran tamaño, nunha forte e escarpada pendente (fig. 6a). Máis estraño aínda foi comprobar que ese espazo estaba oco e a estrutura descansaba sobre un muro groso que pechaba polo leste o que agora aparecía como un gran burato. De feito, unha vez baleirado do recheo interior de terra mesturada con restos óseos, cunchas e cerámicas, a estrutura convertíase nunha cuberta abovedada, conseguida pola disposición en cuña das pedras coas que se construíra. O interior estaba delimitado polo lado posterior por unha parede monolítica e plana que non era máis ca o lado dun gran penedo preexistente no que se apoiaba a estrutura. Os lados menores eran outros penedos graníticos, pero agora de menor tamaño e forma máis irregular, e contra dos que se encaixaba. No lado maior frontal á penedía acompañábaa un muro que axudaba a soster a estrutura por esa parte, estrutura que agora xa podemos definir como un teito abovedado (fig. 6b-c).

Entre as terras e os restos orgánicos que se acumulaban no interior do burato abovedado, aparecía un conxunto de fragmentos cerámicos, en xeral non moi grandes, pero si o suficiente para reconstruír as formas dunha cerámica feita a man de aspecto basto, de arxilas pouco depuradas e dunha cocción irregular, pero cunhas superficies nas que predominan os acabados alisados simples a carón dunha tamén abundante presenza do espatulado e mesmo, nalgún caso illado, do peiteado. As formas móvense basicamente entre as olas globulares de ventre alto, colos curtos e bordos rectos exvasados; os vasos subcilíndricos de bordo recto vertical ou levemente exvasado e os recipientes altos de perfís sinuosos; sen esquecer os que son abertos e baixos, tipo escudela, tamén de perfil ondulado, pero coas curvas pouco marcadas, mentres que os fondos son sempre planos (fig. 6d). Unha relativa variedade en que, porén, predominan as formas lisas. Con respecto ás decoradas, cómpre destacar as incisións que forman motivos xeométricos a base de combinacións de liñas rectas con outras de diferente disposición: verticais, oblicuas ou horizontais.

Esa acumulación de restos lembra nos contidos e disposición os vertedoiros típicos dos asentamentos da Idade do Ferro, dos que temos exemplo no propio Facho. Con todo, o aproveitamento, pero tamén a preparación do espazo, e máis aínda a cubrición deste por unha especie de abovedamento basto, afasta esa acumulación do concepto de vertedoiro, só definido polo espazo e as propias acumulacións dos detritos nel amoreados. Neste caso estariamos diante de depósitos intencionais nun espazo organizado e construído para acollelos, o que lles concede a eses depósitos unha maior significación e nos achega máis ao ámbito do ritual. Isto leva a identificar a estrutura no seu conxunto como unha especie de *bothros*, descoñecido no noroeste e sen paralelos claros tampouco máis alá da súa xeografía.

A croa: unha arquitectura insinuada

O cume do monte ofrece na actualidade unha superficie aplanada, con abundantes pero, polo xeral, pouco elevados

afloramentos graníticos, onde se asenta o edificio de vixilancia militar costeira do século XVIII. Esta morfoloxía non é, con todo, a orixinal, senón o resultado dunha forte intervención antrópica nese espazo durante algúns dos distintos episodios que se sucederon no monte, como o acabado de citar, e tamén aqueles que corresponden á Idade do Ferro. En orixe, trataríase, como no resto do monte, dunha acumulación de penedía granítica entre a que aparecían pequenos espazos abertos, que serán ampliados e adecuados para permitir a instalación e funcionamento de estruturas artificiais.

Así, no interior desa plataforma e no seu sector nordeste —o único escavado—, debaixo dunha potente capa de terras produto en boa medida de recheos e arqueoloxicamente estériles aparece un estrato onde, rodeado de concentracións intencionais e focalizadas de fragmentos cerámicos, se encontran as pegadas do que foi unha estrutura construtivamente moi pouco elaborada e formalmente moi simple: un cadrado debuxado apenas por pedras bastamente aliñadas. Son, como queda dito, restos dunha estrutura simple, pero que se enmarcan nunha conformación complexa do espazo onde se asenta, que ocuparía una parte importante do cume e onde atopamos un acceso en forma de angosto camiño delimitado por dous muros: o primeiro continúa o gran muro que pecha a croa cara ao leste para terminar preto dun dos ángulos da estrutura, mentres que o segundo se proxecta cara ao interior da croa, delimitando o seu bordo sueste, onde un terceiro muro de parecida disposición, pero máis groso e coa cota lixeiramente máis baixa, xerará un novo espazo, previo ao inicio da ladeira, aparentemente baldeiro de calquera estrutura ou resto.

No que atinxe aos restos de cultura material asociados a esas arquitecturas, aparecen en forma de conxuntos cerámicos compostos por fragmentos, na súa maioría, se non exclusivamente, correspondentes a un mesmo recipiente (fig. 7B). Nun dos casos trátase dunha ola de corpo globular, fondo plano e bordo exvasado, con breve colo cóncavo e labio plano, que presenta, ademais, unha pequena asa cara á metade da barriga. No outro, un recipiente alto, de corpo subcilíndrico, tamén fondo plano, bordo recto, levemente invasado e labio de novo plano. Pode ser que houbese un terceiro recipiente, tamén tipo ola, pero menos globular e máis alto, e sen asa, polo menos conservada. Estes recipientes, tanto polas formas como pola elaboración, responden aos mesmos criterios dos aparecidos na estrutura entre grandes penedos da ladeira leste.

En definitiva, atopámonos de novo con estruturas de fábricas e definición sinxelas que confrontan unha difícil orografía e crean unha arquitectura complexa que dialoga cos elementos que constitúen ese espazo natural. Estas estruturas acollen un rexistro arqueolóxico que non semella expresar un uso doméstico do espazo, dado que os restos no aparecen heteroxéneos e espallados, senón homoxéneos e concentrados en puntos moi determinados: estamos diante da deposición intencional de tres recipientes cerámicos, fragmentados ou fragmentándoos, como parte dunha acción realizada sobre uns puntos concretos dese espazo segundo uns padróns predeterminados. A relación coa posible estrutura é de proximidade, aínda que non exenta de matices, e parece definir un contexto en que posición, estratigrafía, estruturas e cerámicas apuntan a un significado non doméstico, senón ritual,

o que supón a reiteración dun carácter que xa atopabamos nos *bothroi* da ladeira leste, cos que se vencella, tamén, a propia caracterización dos recipientes cerámicos, algo que confirma a sincronía de ambas as localizacións.

A ladeira norte

Fóra deses espazos, a ocupación do Bronce Final maniféstase tamén ao longo da ladeira norte. Agora de xeito disperso e, polo xeral, descontextualizado, volvemos atopar esas características cerámicas, ben debaixo dos estratos da Idade do Ferro, ben neses mesmos niveis, pero derivados das alteracións posdeposicionais dos anteriores. No primeiro caso é particularmente relevante a súa presenza nun nivel baixo a estrutura XXXII do castro, posto que aparecen de novo asociadas a pequenas acumulacións de cunchas dos mesmos moluscos que atopabamos nos *bothroi,* mostra duns niveis antigos que existen dispersos e peor conservados ao longo da área escavada e que presentan sempre unha acumulación de restos orgánicos e, en menor medida, fragmentos cerámicos. Trátase de estratos residuais en pequenos espazos abertos entre a penedía granítica sobre a que se asentará o castro da Idade do Ferro. Outras expresións desa primeira ocupación do monte son algúns exemplos de metalurxia vinculable a esa mesma etapa, aínda que aparecen, ben separados, ben reaproveitados, pero xa en contextos da Idade do Ferro.

Deses exemplos contamos, en primeiro lugar, cunha valva de molde para machados de encabamento tubular de pequeno tamaño, forma trapezoidal, carentes de asa, cun estreito bocel e os lados maiores lisos, salvo un tenue resalte lonxitudinal en cada un dos seus extremos (fig. 7B, á esquerda). Todos estes trazos definen un pequeno cicel ou escoupro para o que non existe un paralelo exacto no ámbito do noroeste. Porén, os que máis se aproximan resultan tamén veciños no xeográfico —entre 3 e 4 km en liña recta ao formar parte do moi coñecido depósito de bronces de Covapodre, na aldea de Liméns e dentro aínda da mesma parroquia do Hío (Obermeier 1920; Monteagudo 1977; Ruiz-Gálvez 1979; Brandherm 2009; Suárez - Carballo 2001). Outro posible exemplo é o fragmento dunha das valvas doutro molde para puñal con encabado mediante espeto groso e estriado que remataba nunhas gardas curvas robustas de remates tamén curvos e caras planas ás que segue unha folla delgada e cun resalte no centro, pouco marcado e plano, que fai as veces de nervadura (fig. 7B, á dereita). A diferenza do caso anterior, trátase dunha tipoloxía carente, polo momento, de paralelos que poidan axudar a datala e contextualizala culturalmente, aínda que podería incluírse dentro dun marco formativo para os puñais de antenas galaicos, polo tanto na transición entre a Idade do Bronce e a Idade do Ferro (Ruiz-Gálvez 1978), malia que como expresión dun chanzo ata agora descoñecido.

Outro xeito de entender o monte: a ladeira sur

Na parte máis baixa da ladeira sueste do monte, nun espazo onde os penedos graníticos se distancian máis, nunha ladeira de pendentes agora tamén máis suaves, foi recollida en superficie unha cantidade relativamente abundante de fragmentos cerámicos cuxas características se achegan ás dos que estamos tratando. Estamos agora nunha disposición xa a pé de monte que semella apuntar máis cara ás terras baixas inmediatas e que deixa os arranques das

ladeiras ás súas costas, cun carácter ademais marcadamente aberto, polo que dificilmente podería ser un espazo fortificado, aínda que non teñamos datos acerca de cal era a súa disposición sobre un terreo tamén marcadamente irregular, pois conviven as pendentes, hoxe en parte socalcadas, con leves elevacións marcadas sobre todo pola penedía.

A ocupación desta parte caracterízase, en liñas xerais, por cerámicas lisas de aspecto pouco coidado, con acabados en que predomina o simple alisado das superficies ou, o que é máis destacable, o seu cepillado, tanto no exterior coma no interior dos recipientes, mentres que o espatulado desaparece. As superficies son tamén máis regulares, cunhas paredes máis delgadas e compactas ca nos casos anteriores, e dentro dunha olaría, á fin, tamén máis homoxénea na técnica e diversa en formas e tamaños. En definitiva, a ocupación a pé de monte apunta, segundo as evidencias dispoñibles, cara a un momento algo máis tardío ca as anteriores, coa que quizais cabería relacionar o molde para puñais. Apunta xa á transición cara á Idade do Ferro, malia o paradoxo de que é a que máis se afasta da idea dunha ocupación en altura fortificada, que se supón que é a que caracterizaría esa etapa.

Un santuario do Bronce Atlántico?

A caracterización da ocupación do Facho no Bronce Final materialízase nun uso amplo e disperso, centrado só naquelas partes que posibilitaban o aproveitamento dos espazos nas súas condicións naturais, sen necesidade dunha alteración significativa destas. O cume, as ladeiras norte e leste e unha proxección desta cara ao sur acollen unha serie de núcleos de actividade humana que se adaptarán ás diversas condicións da topografía: aplanamento no cume, aproveitamento dos grandes penedos na ladeira leste ou dos espazos entre estes na ladeira norte e a ocupación dun pé de monte con pendentes menos acusadas e en relación cunhas terras baixas que discorren cara á liña de costa.

Esta ocupación insinúa, a través dos cambios na olaría e nas producións metálicas, unha certa evolución no tempo, dende unha tradición local que se remonta aos inicios do Bronce Final a outra que apunta xa aos inicios da Idade do Ferro. A primeira segue a estar en relación con asentamentos abertos a media ladeira dos vales, caracterizados pola presenza de fosas, coma o do Casal (Moaña), ou tamén con depósitos metálicos coma o de Covapodre, a escasa distancia do Facho (Suárez Otero 2002a; 2002b). Estes dous exemplos deben ser situados na Idade de Bronce Final II, que mesmo se coñece na bibliografía como *Horizonte Hío*. (Brandherm 2007; Burguess - O'Connor 2008; Milcent 2009), cunhas datacións que varían segundo os autores, pero que se poden situar cara ao transito entre o II e o I milenio a.C., coa posibilidade de que a do Facho alcance os comezos do Bronce Final III, polo tanto que chegue ata o século IX a.C. A segunda ocupación do Facho semella achegarse a unha etapa menos definida entre o Bronce Final III e a Idade do Ferro I, que debe situarse entre os séculos VIII e VI a.C. e que conta con paralelos nas ocupacións antigas de montes que se converteron en castros durante a Idade do Ferro, como o exemplo próximo xeograficamente de monte Liboreiro (Aldán), aínda en parte no Concello de Cangas, e o máis coñecido caso do Torroso, xa no de Mos, cara ao interior, pero aínda en relación co fondo da ría de Vigo (Peña 1992).

A diversidade na relación co monte como espazo, así como nas características, evidencia, ademais dunha probable diferenciación temporal, unha posible diferenciación funcional. Para o cume e os espazos abovedados, que interpretabamos como posibles *bothroi*, a funcionalidade só é entendible dentro do marco do ritual ou do cultual, mentres que para as evidencias dispersas pola ladeira norte non podemos asegurar esa interpretación, dado que son escasas e ambiguas. Por último, para a ocupación a pé de monte, cómpre recoñecer máis ben un carácter habitacional, aínda que a falta dunha escavación impide confirmalo. Neste marco, e a pesar do sempre problemático da súa adscrición cronolóxica, poderían integrarse, en parte polo menos, os petróglifos prehistóricos, en especial os feitos sobre soportes mobles, pois esa característica outórgalles unha posible función activa no desenvolvemento de posibles ritos.

Temos que engadir a esas manifestacións a posible inclusión doutro elemento, unha gran pedra labrada de forma rectangular que presenta un gran rebaixe cóncavo nunha das súas caras, identificado como posible *lacus* (Schattner et alii 2004 e 2005). Aparece no recinto superior, medio destruído e con mostras de que foi removido da súa posición orixinal. O feito de que a súa posición case vertical, aínda que algo inclinada, se contrapoña á horizontalidade do rebaixe e, máis aínda, o feito de estar integrado na construción dun socalco para soster a terra onde se asentan as estruturas I e III do castro, implica que é anterior a esas estruturas e, polo tanto, cando menos á última fase de existencia do castro, sen que se poida descartar que ese *lacus* sexa previo, igualmente, á propia existencia daquel, o que o levaría ao momento que estamos a tratar e engadiría un elemento máis á posible función ritual/cultual do Facho nos fins da Idade do Bronce.

En consecuencia, asistimos a unha primeira concepción do Facho como posible *mons sacer* nun momento de desenvolvemento da fenomenoloxía afecta á cultura do Bronce Atlántico, ao redor do derradeiro terzo do II milenio e o primeiro do I milenio a.C. Sería, pois, coetáneo e próximo a unha das máis coñecidas expresións desa fenomenoloxía, o depósito de bronces de Covapodre, Liméns (O Hío), co que mesmo podería ter unha relación directa ao tempo que complementaria nunha interpretación social e ideolóxica do territorio, dada a súa posición xusto nos dous extremos da mesma entidade xeográfica: a subpenínsula do Hío (Suárez Otero 2002b).

5. O Facho I. A construción dun castro da Idade do Ferro

Unha redefinición do monte

Haberá que esperar ao redor de cinco séculos para asistir a unha nova ocupación humana do monte. Este período de aparente abandono aparece reflectido esporadicamente nunha estratigrafía moi alterada polo carácter moito máis agresivo desta nova etapa na presenza dun nivel de terras escuras e estériles sobre a que se vai implantar o novo asentamento. Con el si asistimos a unha estruturación dunha parte importante do monte, especialmente centrada na ladeira norte, con proxeccións cara ao oeste e ao leste, nun marco arquitectónico que non vai simplemente aproveitar os espazos, senón que os vai crear, nun complexo diálogo entre o substrato pétreo dominante e a arquitectura tamén de base pétrea e granítica

que se vai sobreimpor. O resultado vai ser o cambio radical da topografía e do aspecto externo da parte do monte que se ocupa, fronte ao mantemento da situación prístina naqueloutra que se evita, fundamentalmente a ladeira sur, por razóns orográficas —pendentes moi acusadas— e climáticas —forte exposición ás borrascas atlánticas. Este cambio levará á organización dos espazos mediante a creación de socalcos na ladeira en función, xa non só das súas características intrínsecas, senón tamén dos seus usos e significados (fig. 8a). Así, o monte non aparece xa como un *unicum*, senón como unha sucesión de ámbitos diferenciados nos que se substanciará o castro como entidade física, pero tamén funcional e conceptual (fig. 8b).

O primeiro deses ámbitos é a croa (fig. 9, I), que agora se converte nunha superficie cha, de configuración tendente a triangular, e ben definida polas acusadas pendentes e a penedía granítica cara ao oeste e o sur. Pero tamén por fortes muros de socalco, os que cara ao oeste conformarán a base dun dos lenzos de muralla que rodeará todo o asentamento, mentres que cara ao norte e o leste son expresión deses socalcos que permiten o aterrazamento dos novos espazos. Inmediata á croa, aínda dentro da parte alta do monte e en relación cun segundo cume, na cota algo máis baixa atopamos outro espazo que podemos chamar recinto superior (fig. 9, II), unha superficie de aplanamento de carácter artificial, que rodea a croa cara ao norte e o leste, da que a separan os fortes muros de socalco, e na que conviven espazos chans, cara ao norte e leste, con outros de pendente suave cara ao sur. De novo a delimitación basearase na penedía granítica e en muros de socalco, algúns, tamén de novo, base da muralla do castro.

Saíndo da parte alta do monte e avanzando monte abaixo cara ao norte e leste atopamos un amplo espazo a media ladeira, o que se coñece como A Banda do Namorado, onde se vai dispoñer a meirande parte do asentamento da Idade do Ferro. Neste espazo conviven pendentes moi acusadas con pendentes atenuadas e mesmo recháns. Está delimitado cara ao recinto superior por unha acusada inflexión no que son os arranques da propia ladeira e cara ás abas do monte por outra inflexión acusada da ladeira, remarcada pola penedía, e sobre a que se sitúa o lenzo interior do sistema defensivo do castro. Trátase, pois, do recinto interior do castro, que se presenta á súa vez dividido interiormente en dúas partes diferenciadas (fig. 9, III). A máis elevada, inmediata ao recinto superior, define unha estreita franxa de aplanamento que rodea de leste a oeste, e cunha proxección cara ao norte, a parte alta do monte. Este sector interior alto está separado do resto do recinto interior por unha marcada caída en pendente, pero tamén pola arquitectura que acolle, pois esta salva a caída do terreo sustentándose en potentes baseamentos que van funcionar tamén como muros de contención. Trátase, pois, da construción antrópica dun espazo sobre unha topografía especialmente complexa. Debaixo desas arquitecturas atópase o outro sector, que constitúe a meirande parte da superficie do recinto interior e que presenta as características que lle atribuïamos a este: terreo de pendentes de gradientes variadas, entre afloramentos graníticos dispersos, que cara abaixo tende a achaiarse contra dun remate en forma de novo de caída moi acusada e grandes outeiros graníticos, coma o que leva o nome do Outeiro do Namorado, por onde se disporá o lenzo da muralla que rodea todo o castro.

Un último espazo é aquel que nos leva ás abas do monte e onde se vai dispor o sistema defensivo, aínda que este semella desenvolverse de xeito máis marcado na segunda etapa do castro. Este recinto exterior, aínda que en continuidade co anterior cara ao leste e o norte, vai ter, con todo, unha máis significativa proxección pola ladeira oeste, coñecida como a Banda da Figureiriña, que morre nos cantís da Costa da Vela; é dicir, cara ao océano (fig. 9, IV). É hoxe un espazo entre murallas (fig. 9M). Na parte superior está delimitado pola muralla de peche do recinto interior e, por baixo, por una segunda muralla; cara ao norte, por un terraplén que remata nun curto pero profundo foso. Descoñecemos con certeza a data de construción deste sistema defensivo, aínda que os datos apuntan a que está vencellado máis ao segundo momento de existencia do castro ca a este a que nos estamos a referir.

Finalmente, atopamos aínda outro espazo que terá unha definición específica, agora extramuros e nunha parte da ladeira oeste: aquel que se usou como vertedoiro do asentamento (Vázquez 1976, Rodríguez 1993; Rodríguez - Fernández 1996). Como adoita acontecer nos castros costeiros, está composto fundamentalmente por restos de cunchas, de aí que poidamos denominar este espazo como cuncheiro. Abrangue unha superficie no centro da parte alta desa ladeira cara ao oeste, cunha disposición irregular e baseada na natural dun terreo de forte pendente e importantes afloramentos graníticos. As intervencións realizadas nel permítennos relacionalo coas dúas fases de ocupación do castro. Dentro deste espazos extramuros, ou cando menos fóra do castro, temos aínda que mencionar a posible existencia doutro cuncheiro nunha parte oposta do monte, cara ao centro da ladeira leste e nun lugar que vai estar caracterizado pola acumulación de grandes penedos sobre unha pendente moi acusada. Con todo, a coincidencia coa disposición dos *bothroi* da Idade do Bronce e a falta de datos ao respecto —só se constata a presenza de pequenas acumulacións de cunchas entre os penedos— fai que este cuncheiro teña que quedar relegado á condición de posibilidade que deberá ser contrastada en futuras intervencións no sitio.

Espazos e arquitecturas

Resulta problemático definir esta primeira fase dende una perspectiva global, dado que apenas se incidiu nos restos que lle corresponderían. Restos que, ademais, están moi alterados pola sobreimposición posterior das arquitecturas que a van substituír. Con todo, a maior dificultade que temos á hora de alcanzar unha perspectiva global desta ocupación é a súa aparente disociación co aparato defensivo do castro. Unha disociación que está reflectida na amortización dunha estrutura desta fase (estrutura XXXIII) polo lenzo de muralla que pecha o recinto interior. Trátase de só un muro dentro do complexo sistema defensivo do Facho, como tamén é só unha estrutura dentro dun amplo conxunto de edificios. Pero, en calquera caso, impídenos de momento establecer unha relación entre a fase I e a muralla e, dese xeito, poder usar esta como unha referencia da disposición e da amplitude desta primeira fase durante a Idade do Ferro.

A pesar desa limitación de partida, os restos exhumados permítennos achegarnos a algunhas das características que como asentamento tiña nesta fase I. En primeiro termo, os datos dispoñibles permiten

certificar que a súa disposición sobre o monte era a que describiamos no apartado anterior e que tiña unhas dimensión semellantes ás da etapa final do castro. Ocupaba o recinto superior e espallábase pola ladeira norte, pero non podemos asegurar que alcanzase as ladeiras leste ou oeste, agás polo que se refire á presenza do cuncheiro nesta última. O que si é seguro é que a croa, aínda que integrada no castro e conformada xa en parte na primeira ocupación da Idade do Bronce, aparenta estar agora baleira, e o antigo camiño de acceso a esta aparece en parte reenchido por acumulacións intencionais de sementes. Unha delimitación de conxunto na que cabería supor tamén a existencia de defensas que, porén, non están constatadas (e as que hoxe se ven, cando menos na parte investigada, parece que foron engadidas con posterioridade).

Na organización dese amplo espazo ocupado, e a pesar dunha arquitectura en pedra bastante desenvolvida e da construción do espazo, aínda pesa bastante a conformación orixinal do monte. Un claro exemplo atopámolo nas construcións do recinto superior. Aquí, unha serie de edificios que serían amortizados na seguinte fase —estruturas X e XI— dispóñense contra o borde da croa, ocupando un lugar estreito e apenas achaiado, mentres que nunha etapa posterior se amplía o espazo avanzándoo cara á ladeira mediante a construción dun socalco artificial (fig. 11a). Doutra banda, a estrutura II, que será reaproveitada nesa fase posterior, disponse na parte alta da ladeira, no sector superior do recinto interior, salvando o acusado desnivel cunhas cimentacións fortes e altas e non co achaiamento previo do espazo, o que implica un urbanismo menos invasivo e máis condicionado polo terreo (fig. 11b). O mesmo acontece nas edificacións desta etapa no sector baixo do recinto interior, por exemplo na estrutura XXXII, tamén fronte a unha caída moi acusada do terreo e cunha solución individualizada a base dun groso e alto muro de cimentación (Suárez - Rodríguez - Castro 2021-2022). Esa diferenciación entre os urbanismos das dúas fases, na súa relación coa topografía orixinal do monte, maniféstase especialmente tamén na estrutura da primeira fase e cunha amortización que supuxo non a eliminación, senón o enterramento de boa parte das súas paredes, que se conservan cun alzado de ata máis dun metro de altura baixo as construcións que a substituirán (fig. 11c).

A organización do espazo farase cunha arquitectura pétrea xa desenvolvida e con formas variadas e fábricas tamén diversas. Así, no recinto superior atopamos unha serie de estruturas, amortizadas na seguinte fase, con muros de cachotería heteroxénea en tamaño e disposición, pero concertados e careados para construcións de tamaños relativamente grandes: a estrutura nº XI, de forma rectangular pero cos lados menores curvos, ten ca. 7 m de lonxitude por ca. 3 m de anchura máxima, mentres que as circulares —como as nº X, XII e XXII— presentan uns diámetros de ca. 4-5 m. No recinto interior contamos con algúns edificios que poden remitirse a esta fase, aínda que fosen reaproveitados na seguinte. De novo vemos a forma circular con dimensións que exceden os estándares castrexos —como acontece nas estruturas nº II, XV ou XXXII, situadas na ladeira alta, media e baixa, respectivamente, e con diámetros entre os 5 e os 7 m— a carón doutros máis acordes á arquitectura castrexa —como os 3-4 m da estrutura XXXI—, pero tamén as formas ovoides ou rectangulares de lados menores curvos, aínda que nestes casos con dimensións tamén destacables

ao redor de 6 m de lonxitude. As fábricas resultan máis variadas ca na parte alta, pois semellan adaptarse ás necesidades dunha arquitectura que ten que soportar grandes desniveis no seu asento. Porén, xunto á cachotería irregular, atopamos agora, ás veces no mesmo edificio, disposicións máis regulares a base de pedras máis traballadas e tamén máis homoxéneas nas súas dimensións.

Arquitectura e contextos

Os edificios presentan no interior chans de barro pisado dos que arrincan revocaduras dese mesmo material no interior das paredes. Nalgún caso deberon de contar con fogar, aínda que isto non debeu de ser moi frecuente, dado que en ningún dos edificios amortizados aparecen restos dese tipo de microestrutura. Tampouco no II, que vai ser reempregado, pero que conserva un potente estrato de ca. 50 cm entre os dous niveis de ocupación. Esta carencia xeral contrasta, porén, coa existencia doutro tipo de microestruturas que compoñen ás veces interiores complexos, como é o caso da estrutura XXXII, especialmente. Nesta, aínda que conserva só a metade da composición orixinal, xustapóñense fosas, canles e furados de poste ao redor dunha plataforma rectangular, nunha arremuiñada composición que semella definir, ademais, unha fragmentación funcional do espazo interior. Tamén na estrutura XI atopamos o pavimento interior roto pola existencia dunha gran fosa de forma alongada (fig. 12a), e na X (fig. 10c) aparece outra menos definida que vai ser caracterizada máis polo seu contido ca pola forma. En calquera caso, tanto esta coma a anterior mostran interiores complexos e estruturados por esas microestruturas, pero tamén polos contextos específicos que estas definen.

Eses contextos remítennos a outra expresión que, sen ser arquitectónica, ni tan sequera soportar a consideración de estrutural, si define uns espazos susceptibles de ser entendidos como intencionais e, polo tanto, relacionados coa configuración do edificio onde atinxe a súa funcionalidade. Estámonos a referir ás acumulacións de materiais que aparecen non só na mencionada fosa da estrutura X, senón noutras partes da edificación e, tamén, entre esta e o muro que a separa do cume. Trátase principalmente de fragmentos variados de cacharros tamén diversos e feitos nunha olería de tradición local, aos que se engaden acumulacións significativas de artefactos metálicos en ferro, entre os que se distingue algún coitelo "afalcatado" e posibles partes de lanzas ou xavelinas. Con todo, estas concentracións non aparecen na inmediata estrutura XI, onde a fosa que ocupa boa parte do interior resultou significativamente estéril, nin na meirande parte dos outros edificios desta primeira fase de existencia do castro. Agás nunha, a XXXII, onde. formando parte das microestruturas que definían o seu complexo interior, ou a carón delas, volvemos atopar agrupacións de materiais de novo predominantemente cerámicos. Neste caso encontramos, ademais, unha clara deposición intencional de obxectos, agora metálicos, dun puñal e un coitelo de ferro no acubillo dunha pequena fosa diante daquela plataforma ao redor da que semellan estruturarse todas as microestruturas do interior do edificio.

Obxectos e tempos

O rexistro recollido é aínda restrinxido, pois é resultado dunhas escavacións que, lembremos, ían dirixidas en primeiro lugar ao coñecemento do santuario romano.

Despois estendéronse ao castro, pero centrándose na derradeira etapa da súa existencia, polo que se desenvolveron nunha ampla superficie, pero evitaron afondar no anterior. Foron os propios procesos erosivos que afectaron ao castro, nas máis das veces derivados dunhas pendentes moi acusadas, pero tamén da continuada acción antrópica a que estivo somentido, os que puxeron ao descuberto os niveis inferiores e fixeron inevitable incidir neles. Trátase dun rexistro dominado pola compoñente cerámica, aínda que están presentes tamén os obxectos líticos e en menor medida os metálicos, estes, principalmente, en ferro.

No que se refire á olaría, domina a local, propia do ámbito castrexo das Rías Baixas, cunhas formas que inclúen os grandes contedores, as olas de distintos tamaños, as xerras e, xa en menor medida, cazolas, vasos, así como tamén fontes e cuncas. A olaría é coidada e presenta moitas veces unha rica decoración a base de cordóns, incisións, o estampillado e tamén o pseudobrunido. Na tipoloxía pódense distinguir as grandes vasillas de contención tipo Cíes, as xerras tipo Toralla, as fontes de asas interiores e, en menor medida, as oliñas de costelas, as cazolas ou versións antigas de olas tipo Vigo, ao que hai que engadir tamén algunhas formas especiais como as olas de asas crateriformes e outras que tamén semellan copiar formas de orixe mediterránea, como as da cerámica campaniense A ou B. Esta compoñente cerámica ten os seus máis claros referentes noutros asentamentos das Rías Baixas, como o próximo de Montealegre ou, aínda dentro da mesma ría, o de Vigo (González - Rodríguez 2006; González Ruibal et alii 2007), e máis lonxe o Castro Grande do Neixón, na ría de Arousa (Ayán et alii 2005), ou o de Baroña, na de Muros e Noia (Calo - Soeiro 1986). Sempre dentro de contextos xa avanzados da II Idade do Ferro e que se tenden a datar entre os séculos II e I a.C.

A compoñente foránea vai estar representada por algunha desas cerámicas imitadas, como un fragmento de copa de cerámica campaniense A, no tipo Lamboglia 28 ou Morel 28ab, 2434-35, forma de ampla cronoloxía, entre fins do século III e principios do I a.C., á que hai que engadir algún fragmento de cerámica común iberopúnica. Todos estes son elementos presentes no horizonte da cultura castrexa que acabamos de definir, así como constatados neses mesmos asentamentos costeiros. Con todo, e como adoita suceder neste tipo de asentamento, van ser os grandes contedores, as ánforas, a compoñente fundamental das importacións. De novo destacan certas presenzas de orixe itálica como as de tipo greco-itálico ou a Dressel I A, a situar de novo no século II a.C., ás que se suman a Dressel IB, pero tamén tipos de fabricación peninsular como a Lombo do Canho 67 ou mesmo, quizais, xa algún exemplo antigo da Haltern 70, o que nos leva ata mediados do século I a.C. e define en conxunto un marco cronolóxico entre mediados do século II e mediados do I a.C. Un exiguo rexistro, baseado en producións tardorrepublicanas, ben itálicas, ben peninsulares, que de novo nos remite a ese contexto castrexo costeiro, redundando nos mesmos enclaves e na mesma cronoloxía.

Nos metais destaca a abundancia do ferro —expresado tanto en útiles coma en posibles armas, ás que nos referimos ao falar das acumulacións de materiais en relación á estrutura X— fronte á escaseza do bronce, apenas representado por algún fragmento de obxectos sen identificar. Destaca, porén, a presenza do ouro en forma dun anel que apareceu no estrato de amortización das estruturas X e XI. Trátase dunha peza

composta por un aro cilíndrico e un placa rectangular, o primeiro decorado con dúas liñas nos bordos e outra no centro, mentres que a segunda presenta unha versión simplificada do motivo da árbore da vida (fig. 10b). As características tanto formais como decorativas, a pesar de non contar con paralelos claros, lévannos ao mundo semítico do sur peninsular, que podería explicar tamén a relativa baixa calidade do ouro, estraña no contexto galaico. Sería así parte do material derivado da relación co ámbito do estreito de que falan as ánforas e a través do cal chegaron os produtos itálicos.

Finalmente, no que á pedra se refire, destaca a presenza dos muíños circulares, ás veces reempregados nas paredes dos edificios da seguinte fase, ao lado dos máis abundantes muíños planos, de variado tamaño e función. De menores dimensións, abundan os útiles sobre cuarcitas: ás veces o aproveitamento de simples cantos rodados naturais, algunha peza lascada e pouco máis.

O Facho I. Cronoloxía e funcionalidade

En resumo, a primeira existencia do Facho como castro defínese por unha implantación sobre a parte alta do monte que se espalla pola ladeira norte, ao que se engade un depósito de lixo na ladeira oeste. A implantación substánciase nunha arquitectura pétrea bastante desenvolvida que vai mudar significativamente a topografía do monte, aínda que esta siga a xogar un papel determinante. Non podemos definir con claridade o sistema defensivo, pero si cabe apuntar a que xa existía muralla, cando menos nalgúns dos bordos dun espazo ocupado que vai albergar un denso casarío que se colga en pendentes polo xeral moi acusadas. Esta ocupación esténdese dende un momento por determinar do século II a.C —con certeza na súa segunda metade, quizais xa nos principios da centuria— ata ca. mediados do século I a.C. Presenta as características materiais propias da cultura galaica atlántica e en particular da que se desenvolve no ámbito das Rías Baixas, cunha significativa relación co sur da Península Ibérica.

Trátase dunha expresión da que vén sendo entendida, para os máis dos investigadores, como fase III ou media da cultura castrexa, que se tende a situar entre mediados/finais do século II a.C. e o cambio de era para uns ou xa avanzado o século I d.C. para outros (sobre a problemática na periodización da cultura castrexa, cf. Calo 1993a). No caso do Facho estariamos diante dunha primeira etapa que tería que retrotraerse a cando menos o ultimo terzo do século II a.C. —ca. 130-140 a.C., nos comezos— para rematar ao redor do terceiro terzo do século I a.C. —ca. 60-40. Cómpre sinalar, ao mesmo tempo, que esa fase en que se insire o Facho, equivalente á fase media das periodizacións ao uso, ten que ser mesmo anterior, dado que aquí aparece xa cunha arquitectura pétrea ben definida e desenvolta.

Un problema específico do Facho é o relativo á súa funcionalidade, pois ademais desas coincidencias co seu contexto cultural e dunhas características que o identifican como asentamento fortificado, ofrece unha serie de peculiaridades que fan dubidar que o habitacional fose o seu cometido principal. Os depósitos de materiais do recinto superior, aos que quizais se puidesen engadir os existentes no acceso á croa, sumados á especificidade, ao tempo que singularidade, das súas arquitecturas, pero sobre todo á complexidade dos interiores dalgún dos poucos edificios coñecidos —que ten a súa máxima expresión na estrutura XXXII

(vid. infra fig. 19), que se pode interpretar como unha arquitectura de carácter relixioso dedicada á realización de ritos sacrificiais— lévannos a propor que no Facho xa nesta fase as actividades de carácter ritual e nun marco mesmo cultual tiveron un especial peso. Esta funcionalidade non é necesariamente contraditoria coa habitacional, expresada nos abundantes obxectos de carácter doméstico que seguen a dominar o rexistro no seu conxunto.

O final do Facho I e a crise do século I a.C.

Outra cuestión é a referida ao seu final e á transición ao Facho II. Segundo os datos expostos, por volta de mediados do século I a.C o castro sufriu unha importante remodelación que, ao cabo, foi a que creou a imaxe actual do monte. A relevancia, mesmo radicalidade, dese cambio está expresada na construción dun sistema defensivo complexo, na ampliación da área ocupada no monte ás ladeiras leste e oeste e nos cambios na organización do espazo e nas arquitecturas da etapa anterior. Todo indica que non se tratou dos arranxos propios dunha arquitectura en uso ou de intervencións restrinxidas a espazos específicos, senón que semella existir un certo grao de ruptura entre ambas as dúas fases.

Esa ruptura está claramente expresada na amortización dalgunhas das arquitecturas anteriores, que, como as do recinto superior, foron arrasadas ata os cimentos e substituídas por outras, agora xa sobre un espazo ao mesmo tempo agrandado e sostido por un socalco artificial (fig. 11a). A terraza así obtida permite que a disposición dos novos edificios, agora aliñados, teña unha meirande regularidade e visibilidade ca os anteriores, liberada das constricións que impoñía o terreo nas súas condicións naturais. Outros exemplos de cambio radical, xa citados ao tratar o final da fase anterior, son a amortización da estrutura XXXIII pola muralla ou as transformacións e o levantamento do terro no grupo de estruturas no bordo norte do recinto interior (fig. 11c). Ou, pola contra, o acusado grao de alteración dalgunhas das vellas estruturas en distintos puntos do castro. Mesmo cando se reaproveitan os edificios, estes sofren cambios significativos, ás veces na construción, —como reflicten os muros da estrutura XXXII—, outras no alzado —como na II, onde o piso se eleva ata medio metro—, ou mesmo na planta —como na estrutura XV, que pasa de trapezoidal a circular. E non se poden esquecer, finalmente, os restos de estruturas da fase anterior, das que apenas quedan fragmentos de muros dispersos, ás veces reaproveitados no reacondicionamento dos espazos da nova fase.

En definitiva, hai un proceso de ruptura que está asociado a unha ampliación substancial do espazo ocupado polo castro, así como a cambios tamén na cultura material, aínda que nesta prevalece a continuidade. Este proceso necesita causas que o motiven e tempo para a súa execución. O tempo debeu de ser o suficiente para afrontar unhas obras da envergadura que acabamos de describir: eliminación e substitución de arquitecturas, acondicionamento dos espazos, construción das murallas. Atendendo aos datos, semella situarse no segundo terzo do século I a.C. Máis difícil é precisar as datas internas dese proceso, pero o grao de destrución da primeira fase e a entidade e planificación que vai amosar a reconstrución, permiten propor algunhas hipóteses neste senso. Primeiro, a entidade desa destrución maniféstase sobre todo no recinto superior, onde semellan acompañala algunhas evidencias de

incendio, coma no caso da estrutura XXII, amortizada e cuberta cun nivel de cinzas. Mesmo as construcións reaproveitadas semella que o foron a partir de fortes alteracións previas. Se asociásemos con esta fase o *lacus* removido e parcialmente destruído, isto incidiría nunha destrución abrupta e intencional do Facho I.

En consecuencia, hai indicios para pensar nun posible final abrupto para o Facho I e a cronoloxía, ademais da posición do castro, suxiren un feito histórico concreto: a expedición de César a Brigantium no ano 61 a.C. O propio decurso desta campaña feita por terra e apoiada por mar, coa flota dos Balbo, situaría o Facho no medio do desenvolvemento desa incursión militar, da que, por outra parte, as noticias son escasas e que foi pouco tida en conta pola bibliografía referida á conquista da Gallaecia (Alonso Troncoso 1996, 63-66). Esa destrución abrupta explicaría, por outra banda, a necesidade/posibilidade de reformulación organizativa e arquitectónica do castro a partir dos restos do anterior. A reconstrución, dada a súa entidade, debeu de levar un tempo, algo que se ve apoiado no feito de que, como veremos no seguinte apartado, os hábitos e o seu reflexo na cultura material sufrisen algúns cambios significativos. Así, a propia caracterización do Facho II apunta xa para o derradeiro terzo dese mesmo século, daquela preto ou xa en relación ao contexto das campañas de Augusto para a incorporación definitiva da Gallaecia ao imperio, que quizais necesitou da reorganización dunha área litoral aínda non de todo recuperada dos efectos que puideron derivar da intervención de César.

Esta fractura na existencia do castro reprodúcese dun xeito moi semellante noutros castros da área das Rías Baixas. Un paralelo claro atopámolo no caso do monte do Castro en Ribadumia, onde atopamos unha reestruturación do asentamento cara á segunda metade do século I a.C. (Rodríguez Martínez 2021-2022) Outro tanto pasa no monte de Santa Trega, onde traballos recentes amosan que o ata de agora coñecido representa unha fase semellante ao Facho II que arrinca cando menos de fins do século I despois dun proceso de remodelación de conxunto do asentamento (Rodríguez Martínez 2019). Unha ruptura semellante semella apreciarse no caso do castro de Montealegre (Domaio, Moaña), na mesma península do Morrazo, aínda que aquí o cambio non estea datado con tanta precisión coma nos outros casos e se rebaixe aos fins do século I a.C. (Aboal - Castro 2006, 133-136) mesmo cando o estudo dos materiais cerámicos apuntase reiteradamente a unha fase entre ca. 200 a.C. e o 30 a.C. (González - Rodríguez 2006, 183-184; González et alii 2007, 67-70). Cambios semellantes tamén se insinúan noutros casos, aínda que necesitarían dunha valoración que excede os obxectivos destas páxinas. Neste caso estarían as dúas fases detectadas no castro de Baroña (Calo - Soeiro 1986), ou a etapa centrada no século II a.C. na Lanzada (Rodríguez Martínez et alii 2011; Vila - Rodríguez 2015, 15-16), ou o abandono do castro do Achadizo (Boiro) cara a mediados do século I a.C. (Concheiro - Vilaseco 2011, 113-114). Non debemos esquecer que xa un investigador, C. A. Ferreira de Almeida, propuxera a incursión de César como un fito na periodización da cultura castrexa, situando aí o comezo do seu castrexo medio, entre esa data e a etapa de Augusto a partir do 28 a.C. (Ferreira de Almeida 1983), o que no Facho semella representar unha etapa de transición ou formativa que se prolonga dentro do que este mesmo autor denomina castrexo final, que perdurará ata a época flavia, a fins do séc. I d.C.

6. O Facho II.
Entre galaicos e romanos

Espazos e arquitectura

É nesta etapa cando o castro manifesta o que semella ser o seu maior esplendor. A organización arquitectónica vai xogar un papel clave nese apoxeo, pois a arquitectura ofrece unha meirande diversidade tanto na realización coma nas formas, con aparellos tamén de meirande calidade, aínda que evidencia continuidade co anterior. En todo caso, vai ser sobre todo a súa organización e como esta afectou á configuración do monte, alterándoa definitivamente, a mellor expresión do salto cualitativo do Facho II.

O primeiro elemento que define esa organización semella ser un sistema defensivo complexo que no seu desenvolvemento fragmenta, ao tempo que artella, o espazo construído (fig. 11a). As estruturas defensivas están baseadas en lenzos de cachotería concertada e careada, aínda que varían as dimensións do material empregado, de gran tamaño nas partes baixas e de menor tamaño e máis regularidade nas superiores. Falamos duns lenzos de ca. 2 m de ancho, a dúas caras e con recheo interior de pedra e barro. As murallas cumpren unha dobre función: na base actúan xeralmente como socalcos, mentres que, en alzado, o fan como murallas. Contan cun lenzo único para a croa, o recinto superior e o recinto interior que contorna o monte, agás onde a penedía granítica o impide, e amosa a súa meirande complexidade na ladeira norte, onde se materializa nunha secuencia de ata catro lenzos dispostos alternativamente e en diferentes planos. Configurando espazos abertos a diferentes cotas pero sempre encaixados entre eses muros, é reforzado cun terraplén e cun foxo cara ao norte, no punto máis feble das defensas naturais do monte. Unha intricada arquitectura defensiva que, ademais de protexer o castro rompendo a continuidade do monte co cordal onde se inscribe, xeraría unha entrada en zigzag ao interior do castro, mediante unha fórmula ben coñecida no ámbito castrexo.

A combinación das murallas cun non menos complexo sistema interior de socalcos crea os espazos nos que se organiza a arquitectura (fig. 11b). Deixando á marxe a croa —que, como na fase anterior, segue sen amosar ningunha intervención no seu interior— atopámonos con que o recinto superior sufriu unha reestruturación completa. Ampliou o seu espazo mediante unha proxección cara ás ladeiras norte e leste sustentada por un gran socalco pétreo rectilíneo, reorganizou o espazo interior e substituíu as antigas edificacións por outras de nova planta: ata seis edificios, agora de boa fábrica, con formas e dimensións semellantes entre si e de plantas circulares e relativamente regulares que se aliñan ao bordo do socalco, acompañados doutros, tamén aliñados, pero en sentido transversal e que se proxectan cara ao sur, con plantas máis grandes e xa diversas (trapezoidal de esquinas curvas, oval e circular). En consecuencia, estamos ante unha organización intencional que permitiu non só gañar espazo, senón tamén regularizalo, ao tempo que dotaba a arquitectura dunha visibilidade reforzada pola súa elevación sobre o conxunto do castro. A esa disposición regular e de elaborada arquitectura xúntase a existencia dun amplo espazo baldeiro e aberto cara ao sur, ao abrigo da croa e da penedía granítica que pechan o recinto superior cara ao leste, para rematar na liña de muralla que protexía a ladeira meridional do castro. Trátase dun espazo amplo, ao pé dos edificios, que ten como singularidade o estar pavimentado coma eles de barro pisado (fig. 12).

Con respecto ao recinto interior, temos que lembrar a súa fragmentación interna

nunha parte alta que reproduce o esquema dos edificios circulares e de arquitecturas regulares semellantes entre si do recinto superior e unha área máis ampla de media ladeira onde imos atopar construcións de variadas dimensións, pero con predominio das grandes, que alcanzan ata os 6-7 m de diámetro ou lonxitude, segundo as formas sexan circulares ou ovais, trapezoidais e rectangulares, estas de esquinas curvas. Son edificios xa non aliñados, senón adaptados á pendente en agrupacións que deixan espazos comúns, aínda que máis pequenos e con pavimentacións de terra e pedras pisadas propias de exteriores. Acompáñanos estreitos rueiros, ás veces con pavimentos de pedra (fig. 12-13).

Esta arquitectura vólvese máis complexa cara ao bordo baixo do recinto interior (fig. 13), onde atopamos grandes edificios de formas tanto circulares como ovoides ou trapezoidais de esquinas curvas en que volven aparecer nalgún caso os vestíbulos e que, sobre todo, presentan uns interiores cunha definición complexa, o que inclúe a separación física de espazos (aínda que, pola contra, volva repetirse a relativa escaseza de fogares). Trátase, en fin, de arquitecturas en que se diversifican tamén os aparellos, tanto en calidade coma en complexidade, que van dende a sinxela cachotería de pedras irregulares ata os aparellos e mesmo os helicoidais. Nelas destaca a dificultade na ocupación do espazo, dado que deben salvarse pendentes acusadas e irregulares con elaboradas estruturas de sostén e cimentación que nalgúns casos están pensadas para podios que reforzan a presenza dalgúns dos edificios máis destacados.

No que se refire ao cuarto grande ámbito en que se artellaba o castro —o recinto exterior, situado nas abas do monte, como proxección cara ao noroeste, norte e leste da área ocupada—, os datos son máis limitados, dado que non o alcanzaron os traballos arqueolóxicos ata agora realizados. Con todo, as evidencias sitúan aquí o desenvolvemento da parte máis complexa do sistema defensivo que fragmenta este ámbito tanto en superficie coma en altura. Así, cara á metade norte da ladeira oeste, e deixando ás súas costas o cuncheiro, atopamos unha secuencia de ata tres lenzos de muralla que deixan entre si estreitos espazos que, porén, foron ocupados por arquitecturas que integran na súa conformación as propias murallas. Na ladeira norte atopamos unha situación semellante aínda que máis expandida en superficie —pero tamén máis diferenciada en altura, o que a fai máis complexa na súa definición—, onde as estruturas defensivas semellan ser máis determinantes, pois desaparecen as outras arquitecturas, quizais para despexar os accesos ao castro. Pola contra, na ladeira leste dáse unha simplificación das defensas e, entre os dous únicos lenzos existentes, créase un amplo espazo onde, a pesar do acusado dos desniveis, se espallan as construcións no que semella unha ampliación do castro cara a este lado.

O urbanismo do Facho non presenta unha composición de módulos, os chamados barrios, estruturados entre longas e anchas rúas cruzadas por outras vías menores, senón que, como noutros exemplos máis próximos en canto a orografía e mesmo localización —v.gr. Baroña, Porto do Son (A Coruña), na península do Barbanza (Calo - Soeiro 1986)—, defínese a partir dunha fragmentación en grandes recintos que á súa vez están afectados por unha máis ou menos desenvolvida sectorialización. Uns e outros adáptanse ás difíciles condicións do terreo sobre o que se asentan. Será neses recintos onde tamén se reflectirá

a funcionalidade e o significado social e ideolóxico das distintas arquitecturas. Unhas arquitecturas que non renuncian de todo á regularidade na disposición, como amosan os aliñamentos das construcións, en fiadas sucesivas, pero graduadas, ou o artellamento doutras ao redor de espazos tipo patio ou praza. Existe, pois, un urbanismo de aparencia simple, pero que esconde o reto de crear e artellar arquitecturas nun espazo imposible: unha acusada pendente cuberta de grandes penedos de granito. Outro feito destacable nesa arquitectura é a presenza de trazos que parecen vencellala de xeito significativo á área sur da cultura castrexa, ao convento bracarense e, en especial, á parte correspondente ao actual norte de Portugal. É o caso da existencia de casas con vestíbulos (a IV) ou da cachotaría de pedras labradas, coas xuntas tapadas por pequenas pedras, cuxa omnipresenza e regularidade outorga certo aspecto decorativo. A especificidade estaría na abundante presenza de edificios trapezoidais e de morfoloxías atípicas, ou na preferencia polas construcións de gran tamaño, fronte ás dimensións típicas dos fins da cultura castrexa: s. I a.C.- s. I d.C.

Obxectos e tempos

No apartado das olerías de fabricación foránea predominan as ánforas, nun moi amplo pero pouco diverso conxunto que, como é xa común para este tipo de asentamentos, está dominado por unha ánfora vinaria de produción bética de entre mediados do século I a.C. a comezos do II d.C. coñecida como Haltern 70. É esta unha circunstancia que iguala o Facho coa meirande parte dos castros costeiros na súa etapa final (Naveiro 1991; Morais - Carreras 2004). Dentro dese tipo, e a pesar do fragmentado da mostra, podemos distinguir os modelos que se corresponden coas etapas antiga e media na súa produción, cunha cronoloxía de finais do século I a.C. a mediados do seguinte, pero cun marcado predominio da fase de Augusto (28 a.C.-14 d.C.). Máis escasas resultan as de época tardía, xa no período entre Claudio e Nerón (ca. 41-68 d.C.), e son inexistentes as formas de época Flavia, xa de fins do século I d.C. Aínda para a primeira metade do século I a.C. constátase algunha mostra de ánforas itálicas (tipo Dressel 1B ou 1C), ou béticas (tipo ovoide). Doutra banda, tamén apunta para os momentos finais do castro, e abunda no dito para as Haltern 70, a presenza dalgunhas ánforas do tipo Dressel 7/14, cunha cronoloxía que parte do derradeiro cuarto do século I a.C. e alcanza os inicios do II d.C.

Os fragmentos de cerámicas comúns romanas, algunhas mesmo de tradición iberorromana, así como algúns fragmentos de vasos de paredes finas, sitúannos nun marco de importacións ao redor do cambio de era. Pola contra, a presenza máis marcada de vaixela tamén de tradición romana, pero elaborada xa no ámbito rexional romanizado —como é o caso das cerámicas pintadas bracarenses ou doutras carentes de decoración e destinadas a uso doméstico, pero coa mesma orixe—, lévannos á segunda metade do século I d.C. (fig. 15), cando chegarían tamén as moi escasas mostras de vaixela en *terra sigillata* hispánica, apenas algún pequeno fragmento que, xunto coa ausencia total das producións de paredes finas de Melgar de Tera, na actual provincia de Zamora, sitúan cara a fins do século I o abandono do castro.

A cerámica máis frecuente, como cabería esperar, é a que responde ás producións locais, realizadas na tradición da cerámica castrexa da área sudoccidental galaica na súa fase final. Grandes vasillas de contención,

xeralmente de bordos arestados; olas de diferentes tamaños; xerras e cuncos son as formas mais comúns. Destaca a presenza de grandes fontes de asas interiores, a carón doutras vasillas de formas abertas, como os cuncos ou algunhas escudelas. Non falta tampouco a peza característica desa fase, a relativamente abundante ola tipo Vigo, coa súa peculiar e ás veces barroca decoración. Tal decoración convértea nunha excepción nunha, por outra parte, cerámica predominantemente lisa que, cando decorada, bota man das fórmulas plásticas ou dos motivos xeométricos incisos, pero tamén do pseudobrunido, mentres que é significativamente máis escaso o estampillado. En todo caso, a olaría local do Facho non esgota o rexistro cerámico de tradición prerromana, pois nel cóntanse igualmente vasillas procedentes doutras rexións da olaría galaica, como expresan algunhas decoracións plásticas propias da rexión norte, ou algunhas oliñas de colo acanalado propias do Baixo Miño, sen esquecer formas que alcanzan mesmo o norte de Portugal, o que incide na vinculación co ámbito bracarense. Aínda dentro do apartado cerámico, pero noutro ámbito funcional, cómpre sinalar a abundancia de fusaiolas e a máis singular de fichas, ambas as dúas formas presentes tamén en pedra.

No apartado dos metais, e no que ao emprego do bronce se refire, destacan as fíbulas, entre as que predominan as dos tipos *aucissa* e anular de aro aberto (fig. 14c), ambos de filiación e cronoloxía altoimperial romana. Estas aparecen acompañadas por outras de tradición autóctona, como as tipo trasmontano que, aínda cunha orixe algo anterior, se encadran ben neste marco cronolóxico ao redor do cambio de era. En bronce é así mesmo salientable unha pulseira de cadea con colgantes fusiformes ou outra circular maciza que, en realidade, puido ser a alma dun torque en ouro ou prata. Outras expresións en bronce son os apliques decorados, os aneis ou simples aros, algún fragmento de agulla e moitos restos informes sen identificación. Cómpre tamén mencionar a relativa abundancia dos obxectos de uso cotián realizados en ferro, como coitelos de formas variadas, algún podón, algúns pequenos martelos, ademais de cravos, argolas e outros sen identificar (fig. 14d).

Nun contexto aínda referido ao metal, pero nun ámbito de características específicas como é o da moeda, temos que sinalar a aparición de varios exemplos das emisións lucenses dos bronces de Augusto chamados da *caetra*: un dupondio e unha metade intencional dun as (fig. 14b). Aínda en bronce, temos unha máis dese mesmo tipo, pero ilexible, e outra peza de módulo pequeno (cadrante?) sen identificar. Finalmente, en prata debemos engadir un denario tamén de Augusto, da emisión dos xemelgos, acuñada en Lugdunum (fig. 14a). Todas estas pezas inciden na existencia do castro xa en época de Augusto, *ergo* entre fins do século I a.C. e os primordios do I d.C., cunha posible perduración cara á metade desta última centuria.

Constátase tamén a presenza de vidros, aínda que escasos e con problemas de identificación. Máis abundante e definida é a pasta vítrea, que aparece a miúdo nas relativamente frecuentes contas de colar, entre as que destacan as de forma segmentada e cubertas con po de ouro (fig. 14e), as *golden-in-glass beads*, non estrañas nos castros galegos e cunha cronoloxía que o de Elviña sitúa xa no século I a.C., con proxección ao 1º cuartel do I d.C. (Bello - Arenaz 2015: 386 e 389). Ao seu carón hai outras en distintas formas e cores que soportan unha cronoloxía parella,

malia que podería perdurar no século I d.C. Pola contra, están ausentes as oculadas. As materias e as tipoloxías encádranse ben nun período entre fins do século I a.C. e finais do I d.C. Igualmente en pasta vítrea aparece algunha pulseira.

Todos eses materiais inciden nunha última ocupación do castro do Facho centrada entre o derradeiro terzo do século I a.C. e mediados do século I d.C., o que nos leva da fase media, no final da que se inscribía o Facho I, á fase final da cultura castrexa. Este horizonte resulta parello ao detectado noutros castros do litoral atlántico, coma o de Santa Trega, no que semella tamén rexistrarse un abandono antes da época flavia (Peña Santos 1992, Rodríguez Martínez 2018). O mesmo para Montealegre na península do Morrazo (Aboal - Castro 2006). Pero tamén monte do Castro (Ribadumia) na do Salnés (Rodríguez Martínez 2021-22), ou Baroña na do Barbanza (Calo - Soeiro 1986). O matiz que ofrece o Facho é que hai motivos para pensar que puido comezar algo antes, produto dun proceso de reconstrución que podemos situar a partir de mediados do século I a.C.

Esta matización explicaría as diferencias na cultura material, en especial na olaría, entre dúas etapas, as chamadas media e final da cultura castrexa, ao darlle tempo ao cambio e á súa asimilación. Tamén estaría xustificada pola idea dominante na historiografía da integración desa área da Gallaecia no orbe romano xa antes da chegada de Augusto. O problema principal para caracterizar esas orixes da fase final no segundo terzo do século I a.C. deriva da ambigüidade que presentan os referentes usados na periodización arqueolóxica: unha olaría local que segue a expresar unha forte continuidade coa etapa anterior, así como unhas importacións de temporalidade demasiado ampla como para axudar a precisar datas, caso das producións itálicas do século I a.C., tanto de transporte —ánforas Dressel 1B e C— como de luxo - cerámica campaniense B. Mentres que as producións peninsulares están nun confuso período de formación, especialmente as ánforas co desenvolvemento das primeiras producións béticas: ánforas de tipo ovoide e Haltern 70, que arrincan dun momento impreciso no segundo terzo do século I a.C.

Queda tamén, finalmente, a dúbida de se o final do castro do Facho non debería atrasarse máis alá da fin do século I d.C. debido á presenza xa, aínda que moi tímida, da *terra sigillata* e ao feito de que as cerámicas de oleiros bracarenses respondan ás producións de fabricación en caolín, e exclusivamente ás pintadas, centradas entre mediados do séc. I a comezos do II (Delgado - Morais 2009, 37-39). Ese *terminus ante quem* constatámolo tamén na comparanza co non moi afastado castro de Vigo. Por unha banda, atopamos que as coincidencias en estruturas e materiais son claras, o que incide nesa proximidade; por outra, a ergoloxía do Facho denota tamén claramente a falta daqueles elementos que fan desoutro castro un expoñente da continuidade de uso ata ben avanzado o século II d.C. (Hidalgo - Viñas 1992-1993 e 1994-95). Unha perduración que ten que ver co desenvolvemento de establecementos xa galaicorromanos en relación directa co mar, o que implicou a posibilidade de integrarse nun hábitat que se asocia agora cunha nova realidade socioeconómica e política, presente tamén na beiramar inmediata ao Facho, a enseada de Barra, que terá o seu maior pulo a partir xa do século III d.C.

Contextos e imaxe

A cultura material non se expresa exclusivamente a través das formas, senón que ten outra faciana fundamental na súa

contextualización. Se as primeiras nos falaban principalmente dos tempos, esta incide máis nas funcións. E no Facho esa contextualización resulta moi marcada, ao tempo que expresiva. Deste xeito, as ánforas, espalladas por toda a área escavada, amosan, porén, unha marcada concentración dentro ou na contorna dalgúns edificios. É o caso da estrutura XIII, no recinto interior, ou da praza que se abre entre esa e as IX, XV e XVI. Isto confírelle á primeira estrutura o carácter de almacén, mentres que a segunda está asociada a estruturas con fogares. Outro tanto acontece entre as estruturas I e II, no recinto superior, no exterior, mais de novo asociadas a unha grande estrutura con fogar. O mesmo sucede coas fichas que se concentran dentro e fóra da estrutura XVII, ou coa acumulación de fusaiolas, máis de media centena, na XLIV.

Estas concentracións son significativas respecto da funcionalidade dos edificios afectados, pero non tanto na posible fragmentación funcional do propio castro. Algo que si atopamos na distribución dos materiais de aparente mellor calidade que predominan no recinto superior e na inmediata parte alta do recinto interior, asociada a unha arquitectura tamén de mellores fábricas, ao tempo que regular e organizada, nunha posición dominante con respecto do conxunto do castro e inmediata a unha croa pechada e aparentemente baleira. Esta arquitectura tamén vai acoller uns interiores caracterizados pola presenza de microestruturas, en especial unhas repisas cuadrangulares que se presentan soas e dispostas contra a parede e que se repiten en tres edificios sucesivos, que teñen noutro unha réplica en forma de caixa tamén cadrada, como na estrutura XXVI e na VII, aquí asociada a fosas e unha pedra fincada (betilo). Estas microestruturas alcanzan tamén o exterior dos edificios e ás veces están acompañadas de restos materiais que apuntan a accións realizadas en relación a elas, como as cuncas con asa cunha idéntica morfoloxía que aparecen rotas a carón de cadanseu fogar.

Todos estes trazos que apuntan principalmente ao funcional non esgotan a especificidade da parte alta do castro, senón que temos que engadir un elemento que incide de novo na arquitectura, pero agora no seu exterior e, polo tanto, na súa imaxe, *ergo* significación: a presenza da decoración arquitectónica. Así é como veñen sendo coñecidos na bibliografía sobre a arte castrexa as dúas expresións que imos a atopar no Facho: varios couzóns (fig. 16a), un deles decorado, e catro amarradoiras, dúas delas tamén decoradas (fig. 16b). Relevante é que, mentres que os primeiros apareceron soltos nos derrubamentos desa parte do castro, as segundas ofrecen unha contextualización precisa en dous dos edificios e probable noutros dous (Suárez Otero 2015).

Unha das amarradoiras, decorada con acanaladuras lonxitudinais e con abundantes paralelos nese tipo de representación, formaba parte do edificio con vestíbulo (estrutura IV) do recinto superior. A segunda, lisa, aparece caída da parte superior doutro edificio con vestíbulo no interior (estrutura XX), agora no sector alto do recinto interior, onde se asocia, igualmente, á presenza dun cipo decorado na entrada do vestíbulo e a unha das mencionadas plataformas no interior, neste caso cunha representación serpentiforme incisa (Suárez Otero 2015). Polo que respecta ás outras dúas amarradoiras, ambas igualmente vencelladas a edificios do sector superior do recinto interior, unha destaca pola súa identificación como prótomo de xabaril, expresada na presenza de crista e no debuxo dos ollos, ademais de insinuada na propia

configuración da peza (Suárez Otero 2015; 2019; Lestón-Suárez 2023); a outra, máis simple e lisa, ten unha conformación curva e non en ángulo que a afasta funcionalmente das amarradoiras, aínda que presenta, como acontece nalgúns exemplos desa forma, as superficies afacetadas que evidencian unha intención decorativa ou mesmo figurativa.

Cando nos adentramos no recinto interior e imos baixando de cota na ladeira, o panorama cambia substancialmente. Nunha arquitectura heteroxénea tanto nas formas coma na realización, e na que predominan os edificios de boas dimensións, desaparecen os materiais de especial calidade. Isto é claro no caso da cerámica, que agora vai ser de tradición predominantemente prerromana (agás as famosas ánforas, tamén agora menos abundantes). A pesar desas condicións, non faltan os episodios de singularidade tanto arquitectónica coma contextual. Así, nun conxunto de estruturas no bordo inferior desa área e preto do acceso ao seu interior, atopamos un conxunto de edificios non exentos de singularidade. Deste xeito, na estrutura XXXII volvemos atopar unha plataforma, aquí monolítica, que semella substituír outra da etapa anterior, o que é mostra dunha continuidade non só estrutural, senón tamén funcional, no edificio (Suárez - Rodríguez - Castro 2021-2022). Na estrutura XLIV, de boas dimensións, con vestíbulo e división interna en dous espazos, volve aparecer unha pedra fincada, así coma unha significativa acumulación de materiais, incluída algunha ánfora, entre os que destaca o xa citado depósito de fusaiolas.

Un castro-santuario

A descrición antes feita dun castro do que coñecemos o nome, *Beróbriga*, polo epíteto da deidade do santuario tardorromano —*deus Lar Berobreus/Berobriecus*— sitúanos nunha construción ben planificada, en que os distintos tipos de arquitecturas se artellan en función duns espazos tamén diferenciados e, á vez, estruturados en relación ao monte. O primeiro, o recinto exterior, ocupado en boa parte polo sistema defensivo, está aínda por estudar. O segundo, o recinto interior, caracterízase por unhas arquitecturas de morfoloxías diversas e grandes dimensións, con amplos interiores que nalgúns casos acollen complexas estruturacións. O terceiro espazo vai estar conformado sobre a parte alta do monte e fragmentado á súa vez en tres ámbitos sucesivos. O primeiro, na parte alta da ladeira (recinto interior, sector alto), presenta unha arquitectura bastante homoxénea en planta e dimensións, pero complexa no interior, co predominio das arquitecturas que teñen ao interior unha pequena plataforma pétrea de forma rectangular contra a parede (fig. 17). É aquí onde aparecen as expresións escultóricas, sempre vencelladas ás arquitecturas: amarradoiros, cipos ou betilos. No segundo ámbito do recinto superior a arquitectura —homoxénea, de boa calidade e tamaños convencionais— vai estar complementada con grandes espazos baldeiros —que, como as construcións, serán reaproveitados dous séculos despois polo santuario romano do s. III-VI d.C. O terceiro ámbito, a croa, ben definido na súa contorna e accesos, está totalmente baldeiro no seu interior.

A acumulación de singularidades e desviacións no rexistro en relación ás pautas que serían normais para un castro do cambio de era —séculos I a.C-I d.C.— lévanos a procurar unha interpretación necesariamente tamén diferenciada para O Facho. A presenza de trazos de actividades rituais —caso do "altar" en que o puñal e o coitelo remiten a ritos de sacrificio— ou

as reiteradas plataformas-altares —unha delas integrada nun edificio onde aparece repetidamente a representación da serpe—, os depósitos votivos, a presenza dos betilos, sen esquecer o polimorfismo arquitectónico e a complexidade dos interiores, lévannos a pensar na función ritual como a primordial en todo o castro, *ergo* a razón de ser deste, o que explicaría, por outra parte, a elección dun lugar tan pouco habitable. Esta ritualidade estrutúrase de xeito ascensional, dado que as súas expresións se identifican, ao tempo que a calidade da arquitectura, nesa dirección, nunha dicotomía entre o profano e o sacro que se expresa de xeito ascensional de menos a máis.

Así, combinando espazos, estruturas e cultura material, podemos diferenciar funcional e ritualmente as distintas partes do monte. Dun ámbito aínda por coñecer, o recinto exterior, pasamos a outro onde predominan as grandes arquitecturas dominadas polo grande edificio rectangular sobre plataforma (estrutura XXXIV), de interiores fragmentados e con microestruturas variadas: fogares, plataformas, fosas, pedras fincadas... Todos estes trazos apuntan a celebracións de tipo colectivo e sinalan o carácter social, quizais mesmo político, dos rituais (fig. 19). O terceiro ámbito está definido polo sector alto do mesmo recinto interior, onde os edificios son de menor tamaño e máis homoxéneos e onde predominan as plantas circulares. Aquí intensifícanse a presenza e o papel das microestruturas interiores, así como a calidade na cultura material, pero sobre todo aparece a decoración arquitectónica, cunhas manifestacións en que predominan as representacións zoomorfas. Estas preséntanse individualizadas segundo o animal representado e tamén segundo o edificio co que se relaciona cada unha delas. Destaca o caso do edificio XXVI, no que a serpe aparece tanto como prótomo no exterior, como gravada na superficie da plataforma do interior e probablemente tamén no cipo que está nun espazo intermedio nesa dicotomía interior-exterior, no vestíbulo á entrada do edificio (fig. 18). Este espazo semella sinalar unha funcionalidade máis estritamente ritual, se non xa cultual, tamén de carácter máis exclusivo, se non pechado, que prefigura o paso ao cuarto ámbito: o recinto superior.

Este ámbito destaca por unha mellor calidade construtiva, cunhas variacións que serán as únicas nunha arquitectura en que volvemos atopar o predominio das plantas circulares e os tamaños convencionais. As microestruturas resultan máis escasas e as representacións plásticas redúcense a un prótomo, que cabe interpretar iconograficamente como de carneiro, en relación coa estrutura IV, tamén con vestíbulo e que ocupa o espazo central e máis destacado dos edificios deste ámbito, onde destaca principalmente a contraposición entre espazo construído-espazo libre ao redor dunhas terrazas abertas, en gran parte con chan de barro pisado, e que se dispoñen á sombra das arquitecturas pero cara ao lado oposto e agochadas do castro. Este ámbito, dominado polo edificio IV, aparece como o máis destacado. Nel a interpretación funcional diversifícase, pois inclúe espazos pechados con papeis diferenciados fronte a outros abertos, estruturalmente ben definidos, pero agochados respecto do exterior. Todo apunta a cultos/ritos moi específicos, que poden soportar certo carácter colectivo, pero tamén restrinxidos en canto á súa exposición. Finalmente, o quinto ámbito é a croa, cunha estruturación ben definida: peche e accesos acollen un aparente baldeiro, expresión quizais da sublimación do sacro e de acceso moi restrinxido.

En definitiva, O Facho amósase non como un castro-poboado, senón como un castro-santuario, determinado polas súas funcións relixiosas, pero tamén apto para ritualizar as políticas ou as económicas, o que relega as habitacionais a un papel secundario. A confusión xorde da construción dos espazos e arquitecturas coas mesmas características técnicas e formais nos dous tipos de castros, pois formalmente ambos os dous son castros. A diferenza está no funcional e conceptual, só visible na disposición e composición de espazos e estruturas, nun xogo de contraposicións dialécticas en función da posición, da accesibilidade ou da visibilidade. A complexidade do castro-santuario do Facho fai pensar que estamos diante dun santuario cando menos de carácter tribal, se non supratribal, dada a súa posición na fronteira entre *cileni* e *grovii* e a presenza de materiais de distintas zonas da cultura castrexa. Neste lugar renderíaselles culto ás deidades do panteón galaico, tal e como mostran os edificios circulares da parte alta do castro, con plataformas-altares e individualizados por prótomos de animais. Tamén acollería outro tipo de rituais de carácter máis social ou incluso político, en todo caso máis colectivo e aberto, nos grandes edificios nas partes media e baixa do castro, nalgún caso preto da entrada, onde as divisións interiores, os depósitos de materiais e as microestruturas mostran un uso fundamentalmente non doméstico.

7. O SANTUARIO GALAICORROMANO

O PUNTO DE PARTIDA: UN CASTRO ABANDONADO

Un dos equívocos á hora de estudar o santuario e o culto que revelan as ducias de altares romanos que dende os anos sesenta se veñen dando a coñecer é o da súa relación co castro. O feito de que sexa nel onde aparecen eses altares, sumado a que a deidade a quen estaban dedicados, a pesar de presentar unha fórmula romana, tivese unha compoñente prerromana —*Berobriecus/Berobreus* (cf. Búa 2005 e 2018[3])— fixo pensar na existencia dunha continuidade entre ambas as realidades históricas: o castro e o santuario. E iso a pesar de que este último, polas características dos propios altares, que o sitúan nun momento avanzado do período romano, se afasta temporalmente do que foi un asentamento fortificado de orixe prerromana. En consecuencia, sempre se entendeu que existía unha estreita relación, cando non coincidencia parcial, entre o santuario e o castro.

Os traballos arqueolóxicos permitiron clarificar esa confusa situación ao amosar unha clara diferenciación física e temporal entre o que se entendía como lugar habitado de tradición prerromana e o lugar de culto romano. A estratigrafía no espazo en que se dispuñan os altares sinala que estes estaban colocados sobre o nivel de abandono do castro —caracterizado polos derrubamentos e restos materiais derivados dese abandono—, precedidos das estruturas e restos do último momento de existencia dese castro e estes, á súa vez, da destrución da primeira ocupación castrexa do monte. Existiu polo tanto unha descontinuidade, expresada nu *hiatus* temporal, entre o castro e o santuario; unha descontinuidade que implicou unha necesaria solución de continuidade entre ambos. E a mellor expresión desa solución de continuidade está na reutilización que en tempos do santuario se fixo das vellas construcións castrexas que rodean o espazo que acollía os altares. Aqueles edificios que se situaban aliñados no bordo do recinto superior como expresión da nova arquitectura do Facho II presentan nos depósitos que os amortizaron

3. Ademais, Búa neste mesmo volume

unha vez abandonados a presenza intrusiva de estruturas e restos que corresponden ao santuario, o que indica que estes se fixeron sobre edificios arruinados e abandonados tempo atrás. E se os primeiros acollían restos materiais propios de fins do século I a.C e I d.C., os segundos corresponden, como confirman as moedas, a un momento que comeza na segunda metade do século III d.C.. Outro elemento que insiste nesa ruptura entre castro e santuario é a propia definición espacial de ambos os dous, que manifesta unha relación diferenciada co monte como *locus* que os acolleu. Así, mentres o castro ocupa dende o cume ata as abas das ladeiras leste, norte e parte da oeste, o santuario fai uso exclusivamente do cume e do recinto superior.

Fronte a esa descontinuidade física e temporal, atopamos aquilo que propiciou o equívoco da relación entre o castro e o santuario. Referímonos á posible interpretación do nome da deidade a quen se lle renderá culto no mesmo monte pero xa en época tardorromana e que é motivo desta obra: o *deus Lar Berobreus*. Entendendo o *Berobreus* coma un cualificativo de base toponímica, nunha versión tardía dun *Berobriecus* que tamén aparece nalgún dos altares do santuario romano, interpretámolo como deus de *Berobriga*, que sería o nome herdado do monte e que, atendendo ao sufixo —*briga*, faría referencia ao castro[4]. Este nome, a partir do século XVIII, foi substituído polo actual do Facho, en relación á función que nese momento tiña o monte, e que substituíu á súa vez o inmediatamente anterior, que só temos rexistrado como castro de Punxeiro. Porén, non lonxe do monte, na mesma chaira de Punxeiro, atopamos por referencia catastral o microtopónimo O Guardia de Brobra. O segundo termo deste microtopónimo é un máis que probable derivado de *Berobriga*, mentres que o primeiro cabe contextualizalo hipoteticamente nas tarefas de vixía que se levaban a cabo no monte, posiblemente antes mesmo da construción da garita e tamén da existencia do Facho.

Os altares, unha aproximación arqueolóxica

Comezamos a noso achegamento por aqueles elementos que foron tamén o punto de partida do seu coñecemento e posterior estudo: as aras. Tamén son eses monumentos os que constitúen, especialmente nos seus contidos epigráficos, o motivo fundamental deste libro. Pero, ademais de como corpus, aquí serán tratados como contedores desas epígrafes e da súa interpretación filolóxica. Agora imos incidir nos seus aspectos estritamente arqueolóxicos, aqueles que se basean na súa contextualización dentro do monte e na posible relación entre este e a caracterización formal dos altares.

Antes faise necesario facer unha matización en canto ao número total de pezas coñecidas ata o ano 2023. Cómpre empezar coas trece pezas recuperadas nos anos 60 do século pasado e depositadas no Museo Municipal de Vigo, unha delas atopada nas inmediacións, pero fóra do Facho, pero ás que hai que engadir noticias doutras dúas, xa daquela desaparecidas (Bouza - Álvarez - Massó 1975). A esas quince pezas, sumáronse nos anos 76 e 77 desa mesma centuria as dezaoito que están no museo de Pontevedra (Baños 1994), ás que se engaden dúas desaparecidas no mesmo monte (cf. catálogo, nº 55), así como un fragmento que non chegara a ir

4. Búa, neste volume.

para o museo de Pontevedra (cf. catálogo Koch 2019, nº 60) e outro recuperado por Francisco Fariña que si foi depositado no mesmo museo (cfr. catálogo, nº 5). Finalmente, habería que sumar algún outro posible fragmento de pé ou corpo, pero sen máis indicacións que a propia aparencia, o que os fai inseguros. Son un total de 37 pezas, ou mellor dito 36, pois dous dos fragmentos corresponden ao mesmo monumento. A elas hai que sumar as 122 rexistradas nas escavacións efectuadas entre o 2003 e o 2008. En realidade, esta última cantidade tamén hai que reducila, pois algúns dos fragmentos formaban parte do mesmo altar e algún outro é dubidoso. Chegamos así ás 93-91 —pois dous fragmentos eran en orixe unha única peza, e outro está repetido— recollidas no corpus de M. Koch (Koch 2019). A estas aínda habería que engadirlles catro pés de ara que conservan só a base ou o fincón, algúns atopados mesmo despois do 2008. A cifra total de altares —ben enteiros, ben fragmentados, pero individualizados— de que dispomos alcanza ao redor de 132 pezas, e todos eles proveñen, fose en prospección, fose en escavación, do monte do Facho, sen lugar a dúbida[5], incluíndo algún que foi trasladado en tempos recentes, como o desaparecido por ser reempregado na construción dunha corte na aldea de Donón (Bouza - Álvarez - Massó 1975).

Os contextos coñecidos nas prospeccións antigas eran fundamentalmente dous. Un, o máis común nun primeiro momento, eran os muros que pechan un amplo espazo na parte baixa da ladeira sueste do monte. Este espazo agora inculto estaba dedicado a un aproveitamento agrícola comunal polo sistema de tala e roza e alí, cara á parte central do muro que o separa da ladeira do monte, apareceron reaproveitados gran cantidade de fragmentos de aras. O outro contexto, significativo especialmente na prospección do ano 1977, situábase na zona alta do monte, no que vimos denominando recinto superior. Esporadicamente e reempregados en construcións —como sucede na propia garita que coroa o monte— aparecían algúns fragmentos na aldea de Donón e, finalmente, unha peza enteira e anepigráfica estaba como marco nunha propiedade no areeiro que se espalla aos pés desa aldea. Os traballos arqueolóxicos tomaron como referencia os achados na parte alta do monte e nos anos 2003 e 2004 ofreceron aínda un maior número de pezas, ao tempo que confirmaron a súa contextualización orixinal nesa área. A continuidade dos traballos polo castro viría certificar que esa contextualización é a única, ademais de constatar que os restos de altares apenas se expandían pola ladeira norte, ao contrario do que pasaba na parte baixa da sueste.

Neses contextos espállase aquela gran cantidade de altares, cantidade que implica neste caso tamén unha gran variedade formal, o que fai complexa a súa clasificación. Isto levou a que, despois dun primeiro achegamento por parte de G. Gamer (1989), xa se presentasen tres lecturas tipolóxicas diferentes (Fariña - Suárez 2000; Koch 2019, 72-74 e 96-98; Schattner - Suárez 2020). A primeira aposta pola diferenciación de catro grandes tipos, outra elévaos a oito e unha terceira redúceos a tres. Coidamos, porén, que as tres clasificacións responden ao grao de tipificación que se queira aplicar: un que atenda aos matices e que, polo tanto, resulta máis específico, ou aquel que queda

5. As dúbidas expresadas por M. Koch respecto das dúas epígrafes con mención do dedicante (Koch 2019, 58-59, nº 102 e 103) non existen en realidade, pois as aras foron atopadas na parte alta do monte, nos derrubamentos xusto enriba de onde se realizou a primeira intervención do 2003, na prospección realizada no ano 1977 por nós mesmos xunto con José Suárez Mariño.

nos atributos principais e que resulta máis xenérico. Unha tipificación debe ter en conta, no só a variedade formal, senón tamén as covariedades de técnica e materia prima. Isto fai o cadro aínda máis complexo no detalle, pero tamén ofrece a posibilidade dunha lectura máis ampla, dado que esas variables, a diferenza do formal, resultan moi reducidas en posibilidades, pois todos os monumentos están realizados mediante labra e tamén todos están realizados en granito.

Se atendemos a esas dúas variables, aparecen dous grupos claramente diferenciados: un realizado en granitos de calidades alta ou media (fig. 21) e outro en granitos de calidade media, baixa ou moi baixa (fig. 22). Na técnica tamén se aprecia unha mellor, e en todo caso homoxénea, calidade na labra e definición formal no primeiro grupo, mentres que no segundo a labra é de calidade máis diversa, pero case sempre inferior á do anterior, pois faltan exemplos de moi boa calidade e abundan, pola contra, os de execución moi simple e mesmo os que aproveitan a forma orixinal da propia materia prima na construción do monumento. Esta variedade reitérase no formal: no primeiro grupo a variación é relativamente importante, pero se afondamos no detalle responde a uns patróns que reducen esa diversidade a apenas catro subgrupos, en función dun corpo prismático de sección rectangular ou cadrada, uns remates que poden ser triangulares, rectangulares ou cadrados, e da maior ou menor aplicación de decoración (Fariña - Suárez 2002). Son as aras que máis recordan os modelos tipicamente romanos, as que conservan os *pulvini* e o *focus* na cabeza, e teñen na súa execución e morfoloxía claros referentes en monumentos da contorna nunhas expresións plásticas que nos sitúan nos séculos II a IV d.C.

No segundo grupo atopamos unha meirande diversidade formal. Rompen os patróns para chegar a pezas dunha maior individualidade: segue a existir variedade nas cabeceiras, pero agora estas tenden a ter unha menor presenza no conxunto do altar, así como a desaparecer ou reducirse tanto os *pulvini* como os *foci*, polo que desaparece a funcionalidade destes últimos. Os corpos adoitan ser irregulares e cun labrado basto da cara posterior, cando non de toda a peza. As decoracións tamén se reducen: diminúe o espazo decorado, defórmanse os motivos do primeiro conxunto ou engádense outros novos, pero particularizados segundo o altar, como é o caso das pezas con cruces, o que incide na acentuación da diversidade formal deste grupo. E se no primeiro os referentes nas expresións semellantes de época galaicorromana tardía eran claros, neste segundo, e a pesar da súa amplitude formal, non hai unha clara adscrición a unha fase determinada da plástica galaicorromana e os seus posibles paralelos, sempre máis con carácter individualizado ca de conxunto, levan a expresións da etapa posterior á caída do poder romano na Gallaecia, ca. séculos V-VI d.C. Esta é a etapa á que, por outra banda, tamén semella apuntar a caracterización do *ductus* nas epígrafes deste grupo[6]. Cómpre rematar esta clasificación dos altares sinalando que o corte entre ambos os dous grupos non é necesariamente abrupto, posto que existen pezas do segundo grupo que, pola súa talla e algunhas trazas, aínda lembran as características do primeiro.

Hai, pois, dous grandes grupos de altares que se van diferenciar tamén na súa contextualización. O primeiro, que aparece sempre fragmentado, é o único representado no conxunto recollido nas abas do monte,

6. Cf. J. C. Búa, neste volume.

mentres que convive co segundo no alto do monte, aínda que en forma de fragmentos que se utilizaron para artellar e sustentar o asento de pezas do outro grupo, ou nalgún caso como peza enteira, pero con trazas de ser reaproveitada despois do seu uso orixinal. Fronte a esas condicións, o segundo grupo, mesmo aquelas pezas que semellan ter trazos do primeiro, aparece só na parte alta do monte e volve facelo principalmente en forma fragmentaria, pero agora xa non como pezas reempregadas, senón dentro dos derrubamentos que se formaron a partir do abandono do santuario, así como tamén, e é o máis relevante, como pezas completas que, ademais, aparecen na localización en que serían colocadas no seu tempo. En consecuencia eses dous grandes grupos de altares que, dentro dun máis complexo abano tipolóxico aparecen como ben definidos, tanto tecno-formalmente coma contextualmente, apuntan a dous momentos tamén diferenciados no desenvolvemento do santuario do Facho.

A unha primeira etapa, caracterizada polos altares do tamén primeiro dos grupos, sucedeulle outra que implicou a eliminación dos anteriores. Así, os altares do primeiro grupo, ben foron destruídos para seren reaproveitados como material na colocación dos que os ían suceder, ben foron mesmo expulsados do propio santuario, para acabar nas abas do monte. Na primeira etapa os altares aínda están suxeitos a uns padróns de tradición romana e están en relación coa plástica que se desenvolve na contorna ao longo dos séculos III e IV d.C. No entanto, na segunda etapa os altares líbranse das ataduras da tradición romana, tanto formal coma conceptualmente, ao tempo que perden en calidade, ou, quizais mellor, en preocupación pola calidade, e maniféstanse diversos, buscando a singularidade, a pesar, paradoxalmente, da maior simplicidade que presentan. Este segundo é o grupo que está presente cando se produce o abandono definitivo do santuario, pero tamén aquel que o leva máis alá da desaparición do poder romano na Gallaecia a principios do século V ata chegar posiblemente a un momento avanzado do século VI, como apunta tamén o ducto de moitas das aras deste grupo, afín a epigrafías xa moi tardías e de contextos ás veces xa cristiáns, como apunta J.C. Búa neste mesmo volume.

Ese corte na evolución do santuario hai que relacionalo, pola súa cronoloxía —tránsito entre os séculos IV e V d.C.— coa chegada das vagas xermánicas e a desconexión política co imperio, que teñen clara presenza arqueolóxica na zona en forma de colar de contas de ámbar na necrópole de Vigo (Casal - Paz 1König 1981; López Quiroga 2004) ou anel de ouro de Bueu (König 1981; López Quiroga 2004). Así, esa crise interna que se produce na primeira metade do século V puido ser o momento e mesmo a causa dese cambio no santuario que a diferenciación entre os monumentos semella suxerir. E non se pode esquecer tampouco a posible incidencia das presións por parte do poder imperial para a imposición do cristianismo xa dende Constantino I, pero en especial despois do Edicto de Tesalónica (380) de Teodosio I. É verdade que esta posibilidade nos enfronta á dificultade de explicar como se implementaron e desenvolveron esas presións nun territorio tan afastado de Roma, pero hai que lembrar outros dous factores que axudarían a canalizar esas presións: a proximidade da nova capital provincial, agora Bracara Augusta, así como a presenza do cristianismo na zona dende polo menos o século III d.C. (Díaz y Díaz 1978). O paradoxo é que o cambio de formas nos altares implicaría, porén, a continuidade, e mesmo a fortaleza, dun

culto pagán máis alá da implantación do cristianismo como relixión oficial. Tanto como para reinterpretar dun xeito novo e marcadamente idiosincrático —o que algúns autores interpretan como neoindixenismo (cf. Koch 2019)— o altar romano tradicional, agora progresivamente desfigurado no formal e amortizado no funcional.

O santuario: a área sacra

O santuario non é só o conxunto das aras, por máis que estas fosen singularmente abundantes xa dende os primeiros descubrimentos, senón o espazo que estas ocupaban e aqueloutros da súa contorna que participaban das actividades en relación a elas. Así, nunha área circunscrita ao recinto superior e que aparece cara ao centro dela, na pendente cara ao leste do cume que queda ás súas costas, amoreábanse a meirande parte dos altares (Schattner - Suárez - Koch 2004, 2005 e 2006; Schattner - Suárez 2020). Trátase dunha especie de área sacra caracterizada pola atenuación dunha pendente que xa fora aterrazada dende a primeira fase do castro —aquí sitúanse as estruturas X e XI, representativas desa etapa (vid. supra fig. 10a e 12)—, e sinaladamente orientada cara ao leste, onde se colocaron os altares, parte dos cales apareceron caídos *in situ* (algún mesmo estaba fincado aínda na súa posición orixinal, fig. 23 a-b). Este espazo está delimitado cara ao oeste polo antigo e forte muro que pecha por ese lado o cume, cara ao norte e o leste polos muros das antigas construcións castrexas e cara ao sur pola penedía granítica que sostén o cume, o que deixa uns estreitos accesos que se dispuñan do seguinte xeito: un cara ao norte, entre o cume e os edificios aliñados do castro; outro cara ao cume, que parece reaproveitar o vello camiño entre muros primitivo, aínda que estaba xa en parte amortizado, e un terceiro cara ao leste. Este último sería o acceso principal, que estaba definido por tres grandes pedras en parte labradas, aínda que de formas irregulares, que se dispuñan sucesivamente en dirección ao cume, pero inmediatamente antes do espazo das aras e marcando un camiño que se proxecta cara á ladeira norte do monte, aproveitando un antigo rueiro do castro.

Os altares aparecían chantados nos depósitos de abandono do castro (fig. 24), nalgún caso ata os da súa última etapa, polo que deixaron a pegada no chan dos seus fincóns en forma de buratos de formas irregulares pero cara ao fondo sempre tendentes a cónicos, ás veces contornados de pedras pequenas e medianas que axudarían ao sostemento do monumento (fig. 25 a-b), unha contextualización á que se denominou *ubicaciones* (Schattner - Suárez 2020). Hai que salientar, con todo, que esas pedras non sempre funcionaron coma calzos, senón que as de maior tamaño circundan as bases dos altares, polo que remarcan visualmente tamén a súa posición. Esta circunstancia ás veces vai máis aló do altar en si, afastándose del para converterse nunha especie de pequenos recintos que delimitan, precisándoo, o espazo que ocupa o altar individualmente, ou ás veces o que puideron ocupar varios agrupados (fig. 25c) (Schattner - Suárez 2020).

En moitos casos, os recintos reempregan fragmentos de altares anteriores, (fig. 25d) amortizados, no que cabe entender, en principio, como unha inevitable solución ás limitacións de espazo fronte á intensidade do culto. Estas limitacións fixeron que nalgunha ocasión as *ubicaciones* se situasen en ou entre penedos. Ademais, achegan unha explicación á singular forma, estreita e alta, dos propios altares, nunha configuración xa

salientada por G. Gamer como característica da Gallaecia subdoccidental (Gamer 1989, 110-11 e 161-162), así como á perduración nun período de tempo suficiente para que esa substitución de altares fose cultual, social e xuridicamente posible. O resultado final das características que vimos describindo outórgalle á área sacra unha imaxe dun espazo restrinxido, ao tempo que ben definido, onde se amoreaban os altares, competindo en formas, e sobre todo alturas, pero sobre un elaborado artellamento da disposición de cada monumento dentro do conxunto.

Santuario: as outras compoñentes

Ás costas da área sacra atopábase o cume, que de novo aparece baldeiro, sen manifestar calquera incidencia ou proxección do santuario, cando menos na área escavada ou entre os restos atopados en prospeccións antigas que afectaron a ese espazo. Na intervención do 2006 e no corte estratigráfico resultante constátase un salto dende a ocupación do Bronce Final, na parte máis baixa, ata as intervencións en relación á garita no século XVIII. O vello camiño de acceso entre muros semella subsistir —aínda que descoñecemos ata que punto a súa alzada orixinal estaba amortizada— e tamén os muros que circundaban todo o cume e que seguen a funcionar coma socalcos. En canto ao interior da área delimitada por eses muros, onde segue a predominar a penedía, non temos máis referencias ca os cimentos dun pequeno edificio a carón da garita, que podería ser do mesmo tempo ca ese edificio, e un fragmento de ara illado na pendente cara ao sueste, pero que non debe levar a equívoco, pois puido ser levado con motivo do reaproveitamento dalgún monumento ou fragmento nas estruturas do século XVIII, o que se constata na presenza dalgún altar nas propias paredes da garita. En definitiva, non podemos desbotar que ese cume, aparentemente baldeiro, formase parte do conxunto do santuario. Mesmo podemos dicir que debería ser así, como espazo máis destacado do monte. Por outra banda, ese carácter espido tamén o tiña durante a existencia do castro, polo que cabería entender o baldeiro como intencional e parte da súa caracterización e función dentro do propio santuario.

O que si formaba parte activa do santuario é o espazo que pecha a área sacra cara ao norte e o leste, ocupado por aquela serie de edificios castrexos aliñados sobre o muro de sostén e peche do recinto superior cara a ese lado, así como tamén aqueloutros edificios dispostos transversalmente con respecto aos anteriores e cara ao centro da plataforma —o que lle outorga unha disposición en L ao conxunto— que pechan polo leste-sueste a área sacra. A proxección cara a este espazo das actividades relacionadas co santuario vaise materializar na reutilización deses edificios como contedores dos materiais que formaban parte dos ritos que se desenvolvían na área sacra e tamén dunha parte deses mesmos ritos. As evidencias desa condición sacra ou anexa ao sacro destas construcións do vello castro atopámolas nos rexistros daquelas en que o grao de conservación, en forma de potencialidade estratigráfica, o permite. É o caso especialmente da estrutura IV (fig. 26a), aproximadamente no centro do aliñamento e inmediata á parte principal da área sacra, onde atopamos unha intervención que rompe cos depósitos de abandono da construción castrexa e mesmo tamén co que fora o seu último chan de uso: unha fosa contra o segmento occidental do muro, de forma alongada e tendente a elíptica, contornada nos seus bordos por un simple aliñamento de pedras (fig. 26b). Outra marcada intervención sobre os depósitos e

a derradeira ocupación castrexa volvémola atopar na estrutura XXVI (fig. 26 b-c), aínda que aquí menos definida en superficie. E é posible que tamén un aliñamento de pedras en paralelo a un dos muros da estrutura III, pero por riba do abandono castrexo, amose unha intrusión no edificio antigo.

Máis clarificadora resulta a cultura material relacionada con esas intrusións e que afecta tamén a outras estruturas, como a I e a VI. Queda á marxe a V, pero debido a un alto grao de destrución que eliminou aí a case totalidade do rexistro arqueolóxico. A maior claridade non deriva só da caracterización dos materiais, senón tamén da súa distribución. Así as cerámicas, vidros e moedas, ademais de permitirnos situar cronoloxicamente o santuario, van estar distribuídos diferencialmente segundo os edificios que están a ser reutilizados. Deste xeito, na estrutura IV predominan as moedas, practicamente ausentes en todas as outras construcións, mentres na estrutura VI atopamos a maior concentración de vidros e na XXVI predominaran as cerámicas. Todo indica que cada un destes edificios tiña unha función específica respecto dos ritos que se celebraban no santuario, ben activa, como arquitecturas que os acollían, ben pasiva, ao ofrecer espazos para a almacenaxe dos elementos que se usaban neses ritos. Estes elementos aparecen coas mesmas características, tanto formais coma funcionais, ao redor dos altares e ao longo de toda a área sacra.

Ofrendas e ritos

Os altares non son alleos a toda esa compoñente material, senón que esta aparece moitas veces en relación ás *ubicaciones* ou localizacións en que se asentaban, ao redor das que se amoreaban fragmentos de vidro, cerámicas, pedras soltas e fragmentos illados de ánforas. No caso das pedras e os fragmentos de ánfora estamos diante de elementos que servirían de calzos para reforzar o encaixe no chan do pé do altar, aquí en forma de fincón para ser cravado no solo (Schattner - Suárez 2020). Diferente é, pola contra, a explicación para o caso dos fragmentos de vidro, cerámica e algúns restos metálicos, incluídas moedas, que só son entendibles no marco dos rituais relacionados coa colocación dos propios altares —especialmente cando aparecen no mesmo burato en que estaba chantada a ara— ou daqueloutros que puideron realizarse despois ao redor deles, aínda que esta segunda posibilidade estaba moi condicionada pola falta de espazo entre os monumentos.

O vidro (fig. 27a) está representado por unha vasilla dominada polos vasos acampanados e os cuncos, sempre de pequeno tamaño, que aparecen moi fragmentados. Os restos de varios deles rodean ás veces un mesmo altar, mentres que outros aparecen dispersos na súa contorna e espállanse por toda a área sacra, algo no que incidiron tamén as remocións que esta sufriu cando foi abandonada. Os mesmos vidros ímolos atopar nas estruturas anexas á área sacra. Están presentes en todas elas, pero moi especialmente na VI, e amosan os mesmos tipos de vasillas que apuntan ao sur da Gallaecia, á área bracarense (Díaz da Cruz 2009), con clara presenza, ademais, das producións locais centradas nos talleres do asentamento tardorromano baixo a actual cidade de Vigo (Díaz da Cruz 2009, I, 244-249; Barciela - Rey 2016b). Estas formas e producións, dentro do seu espallamento pola Gallaecia, lévannos a ambientes da romanidade tardía e mesmo da posromanidade, ca. séculos IV a VI d.C. (Xusto Rodríguez 2001). Máis difícil é

definir a súa posible función no marco do santuario, quizais ligada a prácticas de libación nos rituais e mesmo de rotura despois da celebración, o que explicaría a súa marcada fragmentación e a non preocupación pola súa eliminación. Non se pode descartar tampouco que en ocasións substituísen, na presenza dun lume aceso, os cada vez máis reducidos *foci* das cabezas dos altares, que no primeiro grupo son grandes e ben definidos, mentres que no segundo acaban por desaparecer ou reducirse apenas a un mínimo burato no extremo das cabezas das aras.

Máis diversas, tanto formal coma funcionalmente, son as cerámicas. Nelas podemos diferenciar tres grupos, que apuntan a unha plurifuncionalidade na súa relación co santuario. O primeiro deses grupos está conformado por uns pequenos vasos de paredes moi finas e de corpos cilíndricos, semiesféricos ou acampanados. A súa semellanza formal, así como que volvan aparecer principalmente en relación aos altares, fai pensar neles coma posibles *alter ego* dos vidros. De aí que a interpretación da súa funcionalidade poida ser a mesma que para aqueles, e tamén a súa orixe, probablemente local, aínda que nalgún caso relacionada con talleres ao redor de Bracara Augusta.

Un segundo grupo estaría constituído por unha vaixela a base de cerámicas comúns de tradición romana, diversas tanto en formas como en tamaños, e que responden a producións tamén diversas. Unhas son as coñecidas cerámicas de engobe vermello representadas por algunha fonte e xerra de tamaño medio e que apuntan a talleres ao redor de Lucus Augusti. Outras, porén, volven mirar cara ao sur, como algunhas cerámicas pintadas ou comúns lisas de acabados coidados, todas de mediano tamaño e de formas complexas tipo xerra (fig. 27b). Tamén nese ámbito, ou en talleres locais, temos que situar as menos comúns imitacións da *terra sigillata* tardía, expresadas nunha gran cunca que imita o coñecido tipo Draggendorf 37 liso dentro desas cerámicas (fig. 27c). E, finalmente, nese amplo abano oleiro, constátase, aínda que de xeito excepcional, algunha vasilla decorada mediante estampillado que apunta xa claramente a momentos da posromanidade. Trátase, pois, dun grupo diverso de vasillas que manifestan tamén unha contextualización ampla e variada, pois afectan tanto á área sacra como ás construcións da súa contorna. A súa funcionalidade resulta complexa de definir, pois as posibilidades son varias, dende a participación nos rituais —por exemplo para a contención dos materiais que se usan neles— ata o consumo de alimentos por parte de quen os realizaba —algo que lembraba, esaxerando, Gregorio de Tours na súa *Vita patrum* para os santuarios galos coevos[7]: "comían e bebían ata trousar"—, consumo que mesmo podería estar en relación coas prácticas de curación, sen esquecer tampouco a posibilidade de que en ocasións fosen ofrendas en si mesmas.

O terceiro grupo xira ao redor das cerámicas de especial calidade, neste caso representadas pola *terra sigillata* hispánica nas súas versións tardías (fig. 27d). Agora volvemos a un conxunto relativamente reducido pero homoxéneo, algo que se vai manifestar tamén na súa contextualización, concentrada fundamentalmente na estrutura XXVI e, máis esporadicamente, na IV e na contorna entre ambas as dúas. Lamentablemente o rexistro é moi fragmentario e, amais diso, o estado de conservación dos restos resulta bastante deficiente, polo que se volve difícil

7. Greogorio de Tours, *Vita Patrum*, VI,2, cit Rouselle 1990, 73 e nota V,32.

caracterizar unhas cerámicas de verniz vermello (ou mesmo ocre en ocasións), pero de mala calidade, co que poderiamos estar de novo máis ante imitacións ca ante *terra sigillata* propiamente dita, cando menos nalgúns dos exemplos conservados. En calquera caso, os restos apuntan xa aos séculos V e VI d.C. e evidencian a presenza dunhas vasillas de especial calidade vinculadas ao consumo de alimentos, aquí inseridas en prácticas rituais que irían dende as libacións de líquidos á comensalidade ritual, agora enmarcadas nos edificios e non no espazo aberto da área sacra.

Cómpre sinalar, abundando na ritualidade, que nesa mesma estrutura XXVI apareceu un espeto de ferro, de ca. 45 cm de lonxitude, cun dos seus extremos rematado nunha especie de dobre gancho, unha protuberancia no centro e un curto espigo lateral no outro extremo que acaba apuntado. Sen que se coñezan paralelos, as características apuntan a un posible uso na preparación ou consumo de carne. O espeto, por outra parte, non é o único instrumento asociado ao santuario, como amosan unas tesoiras tamén en ferro que de novo apuntan á diversidade dunha ritualidade que iría máis alá dos altares (fig. 27f). Isto tamén podería relacionarse coa posible proxección do santuario logo da caída do poder romano, non tanto pola súa forma como pola súa conceptualización simbólica, expresada no ámbito cultural xermánico nunha frecuente presenza en enxovais funerarios ou na súa miniaturización.

Hai outros elementos que aparecen en distintas partes do santuario que apuntan cara a outro tipo de rituais, e máis no ámbito das ofrendas. É o caso dunhas pequenas chatolas de ferro, que poderían identificarse como o *clavi caligarii* (fig. 27e) que reforzaban as solas das *caligae* militares (Rodríguez Morales et alii 2012). Estas tampouco están ausentes dos contextos domésticos, onde parecen estar especialmente constatadas en época baixoimperial, como sinalou M.Volken, con referencias ata fins do século III d.C. (Volken 2011), ou nun achado na provincia de Teruel, onde semellan asociarse a moedas de fins do século IV d.C. e principios do V d.C. (Martínez Chico 2017). Este é un marco temporal afín ao do Facho, onde estas pezas aparecen espalladas pola área sacra, entre as aras e, polo tanto, en relación cos rituais asociados a estas. Cabería entendelas como representación do oferente que incidirían, como acontece nos centros cultuais de peregrinación, na viaxe necesaria para chegar a un santuario único no cultual e afastado no xeográfico.

Da existencia de posibles ofrendas de carácter persoal fálannos tamén os fragmentos de pulseiras en pasta vítrea que, como no caso dos vidros, apuntan a obradoiros bracarenses (Díaz da Cruz 2009, II, 269-270). Aparecen en vidro negro, tanto en versións lisas como de cuarteirón, e son tamén moi comúns nos outros enclaves tardorromanos da zona (Barciela - Rey 2016 a). Mesmo se atoparon na vila romana de Pipín (O Hío, Cangas), a escasa distancia do propio monte do Facho. Máis difíciles de identificar resultan as posibles doas de colar desta época, dada a imprecisión en moitas ocasións da estratigrafía, a pesar da abundancia das que corresponden ao castro.

As moedas. Tempos e vivencias do santuario

As moedas, na súa polisemia, necesitan dun tratamento específico. Posibles ofrendas rituais, pagamentos por servizos ou simples donativos, ofrecen ao mesmo tempo a posibilidade de situar temporalmente o santuario. Son unha compoñente

omnipresente nos santuarios en época tardorromana, en especial nos de carácter salutífero (Rousselle 1990, 36-40 e 72-73) e máis aínda nun caso de peregrinación, como semella ser o Facho, no que terían o carácter de ofrenda *pro redito*, aínda que esta non apareza expresada nunha epigrafía de contidos bastante limitados, por outra parte. Estas moedas, lamentablemente, só chegaron a nós nas súas expresións máis cativas, case sempre en bronce —pois as de prata e ouro escasamente pasaron ao rexistro arqueolóxico— e mesmo aquelas aparecen polo xeral en moi mal estado de conservación, o que fai difícil a súa lectura.

En parte dispersas pola área sacra, en parte concentradas na estrutura IV, contamos con algo máis de trinta moedas: un pequeno, pero significativo, grupo de antoninianos de fins do século III d.C. (fig. 28a) asociado a un continxente maior de cuñaxes constantinianas xa do IV d.C e, finalmente, algúns pequenos bronces de fins desa mesma centuria. Isto certificaría a existencia do santuario dende fins do século III ata fins do IV, cunha especial intensidade na época constantiniana, especialmente con moeda, ademais da de Constantino I (306-337 d.C.) (fig. 28 b-c), dos seus sucesores Constante (337-350) e Constancio II (337-361) (vgr. *centennonial* conmemorativo da morte de Constantino, acuñado en Antioquía por Constancio II) (fig.28 c-f e 28 g). Isto non exclúe necesariamente a continuidade de uso das pezas xa nun marco temporal en que a moeda escasea, ademais de sufrir cambios importantes despois da caída do poder romano, algo que na Gallaecia sucederá xa a principios do século V d.C. Este cadro numismático, ao fin, responde ás pautas constatadas para o conxunto da Gallaecia nesa etapa histórica (Fariña Busto 1973/1974, 126-127).

Un dato relevante que confirma a localización estratigráfica das moedas refírese aos inicios do santuario. A contextualización de antoninianos de Claudio Gótico (269-270 d.C.), sempre en relación á disposición das superficies sobre as que se ían colocar as aras, fai que funcionen como data *post quem* para a fundación do santuario. Outra cuestión é determinar a data exacta desa fundación, pois sabemos que este tipo de moeda perdura en uso ata fins do século III. Con todo, dado que se trata sempre de moedas oficiais, e non copias provinciais, e dado o seu relativo bo estado de conservación, semella que o santuario comezou a funcionar nunhas datas non moi afastadas das da cuñaxe desas moedas. A isto hai que engadir a presenza, xa no nivel de uso do santuario, doutro antoniniano, pero agora do seu predecesor Galieno (253-268 d.C.), que, ademais, se localizou na Estrutura IV, o que implica a reutilización das construcións castrexas xa dende os inicios do santuario. Pola contra, as seguintes moedas lévannos xa aos primordios do século IV d.C., con pezas de Maximiano (286-305), Constancio Cloro (305-306) e as emisións temperás, ao redor do 306-310 d.C., de Constantino I (306-337 d.C.), polo que queda un aparente baldeiro para os anos finais do século III.

Un dos achados numismáticos sen dúbida máis sorprendente foi o dun amplo conxunto de ca. 80 moedas que contén pezas semellantes ás que aparecen no santuario, pero máis diversas e mellor conservadas. Aínda dentro do mesmo monte, pero ladeira abaixo e cara ao nordeste, na contorna da estrutura XXXIV, foron aparecendo estas moedas dispersas, espalladas pola pendente, pero nunha área moi pequena ao redor do ángulo norte desa construción rectangular.

En canto aos contidos, o conxunto recolle diversos tipos de moedas de bronce que circularon no Imperio Romano a fins do século III d.C. e durante boa parte, se non todo, o IV d.C. Porén, contiña algúns exemplares de moedas más antigas como un sestercio de Traxano (fig. 29a) e un as ou dupondio de Faustina II (161-175 d.C.), así como, do século III d.C., un sestercio de Alexandre Severo (222-235 d.C.) e un as de Gordiano III (238-244 d.C.) (fig. 29b) de más difícil identificación. As dúas primeiras son moedas residuais, pero no tanto as segundas, como evidencia, ademais, o seu mellor estado de conservación dentro dun conxunto dominado polas mesmas moedas que atopabamos no santuario e cunha composición tamén similar: importante presenza de antoninianos de fins do século III d.C., de novo principalmente de Galieno e de Claudio Gótico (fig. 29c arriba), mentres que o groso das moedas volve proceder da época constantiniana, cun especial peso das cuñaxes do propio Constantino I (fig. 29c abaixo), e, finalmente, tamén algunhas posibles moedas do último terzo do mesmo século IV d.C.

Como hipótese interpretativa deste conxunto, polas súas características e por estar con probabilidade contido orixinalmente nunha vasilla cerámica da que aínda hai restos, cabería entendelo como un "tesouriño" derivado da recollida de moeda do santuario co fin de agochala nun momento de especial perigo para este, pero non moi lonxe del, quizais coa pretensión de reintegralo ao seu lugar unha vez superado o motivo que levara a escondelo. As propias moedas sitúan este momento cara a fins do século IV ou comezos do V d.C. Porén, estas moedas non só apuntan a un episodio traumático —aínda que sabemos por outros datos que non terminal— dentro do existir do santuario, senón que ofrecen, ademais, a posibilidade de achegarnos ao problema dos seus comezos. Referímonos ao grupo de moedas altoimperiais incluídas no conxunto, que manifestan, polo seu diferenciado estado de conservación, que foron recollidas en datas próximas á cuñaxe da última e mellor conservada, o as de Gordiano III, e polo tanto cara a mediados do século III d.C., non moito antes das pezas máis antigas do propio santuario, os antoninianos de Galieno e de Claudio Gótico. Isto apoia, así, un arrinque do culto ao *deus Lar Berobreus* non moito máis aló dos inicios do terceiro terzo desa mesma centuria: ca. 269-279 d.C.

8. O final dun santuario pagán

Máis alá do santuario: arqueoloxía dun presente histórico

O primeiro paso á realidade histórica en que se constrúe e se desenvolve o santuario do Facho lévanos a definir a entidade territorial onde se insería. Por volta de fins do século III d.C. non estamos xa no ronsel dos *cileni* ou dos *elleni*, senón posiblemente asistindo á creación, cando non xa consolidación, dunha nova concepción territorial, xa de carácter non galaico, senón galaicorromano, como expresa o seu propio nome latino: *Morracium*. Ese é o nome co que aparece algún tempo despois no *Parrochiale suevorum* como unha das parroquias da sé episcopal de Iria (David 1947), entidade que transcendería os tempos antigos para converterse en arciprestado da Sé Compostelá na Idade Media, xa como *Morraço* (López Alsina 1988). Malia que a referencia do parroquial semelle xa tardía —non tanto para un santuario que sabemos que tivo unha longa pervivencia, pero si para o contexto da súa creación—, o feito

de optar por esa denominación latina fronte ás de orixe prerromana apunta a que ese territorio e ese nome xa existían en tempos anteriores ao propio *Parrochiale*.

Doutra banda, se o santuario do Facho comeza entre mediados e fins do século III d.C., tivo que incidir nel necesariamente outro cambio de carácter territorial e administrativo máis amplo que afectou a todo o conxunto da Gallaecia: o paso desta rexión á condición de provincia do Imperio coa capitalidade en Bracara Augusta. Un santuario da entidade do Facho, inda que se lle supuxese unha fundación de orixe privada, non podería ser alleo á administración da nova provincia, máis aínda coa estreita relación que, segundo o rexistro arqueolóxico, semella manter coa propia capital e a súa contorna, a pesar de que supostamente estea xa administrativamente dentro do Conventus Lucensis.

Se pasamos ao estudo do *Morracium* como marco concreto para o desenvolvemento do santuario, temos que adiantar que os nosos coñecementos sobre a época galaicorromana tardía nesta área son aínda moi limitados. Malia esa limitación temos suficientes datos para reconstruír, aínda que sexa aproximadamente, o contexto material, ao tempo que socioeconómico, en que se desenvolveu o culto ao *deus Lar Berobreus* (fig. 30a). Comenzando pola súa contorna inmediata, atopámonos, cara ao sur e a ría de Vigo, cun *vicus* aos pés do santuario, nun pequeno val ocupado por unha pendente suave e alombada onde topónimos como A Vila (Bouza - Álvarez - Massó 1974), pero sobre todo a presenza de *tégulas*, cerámicas e algunha moeda datable cara aos séculos IV e V d.C., avalan a existencia dunha relativamente ampla e espallada ocupación humana, en conexión directa coa liña de costa, a través dunha praia, na ría de Vigo e formando parte dunha enseada que levará o seu mesmo nome: a praia e enseada de Barra. Este é un nome derivado do que recibiría a aldea que na plena e baixa Idade Media, ca. século XII-XV, volveu recuperar e ocupar o espazo do antigo *vicus* romano (Pino Pérez 2023). Un espazo hoxe cuberto por un espeso manto de area, produto de dous episodios de avance dunar: un que tivo lugar cara ao século VII d.C., que enterraría o *vicus*, en paralalo co que estaba a acontecer noutros enclaves coetáneos do sur da mesma ría de Vigo; o outro máis recente, xa de fins do século XV d.C. a mediados do XVI d.C., que, ao cabo, remataría cubrindo tamén a aldea medieval (Pino Pérez 2023).

Ao outro extremo desa mesma enseada, pechándoa polo leste, atopamos unha pequena elevación que se interna no mar e que alberga, ademais de gravados rupestres, una ocupación castrexa tardía e aos seus pés, na praia de Nerga, os restos duns tanques de salga, mostra dunha cultura material dos séculos III e IV d.C. (Filgueira - García 1959; Gorgoso - Acuña 2016). Algo máis afastadas, pero na mesma praia, existen unhas salinas aínda por datar que poderían ser sincrónicas e copartícipes dese complexo dedicado á salgadura. O conxunto semella definir unha ampla, aínda que dispersa, ocupación humana dunha área costeira sustentada polas actividades vinculadas á explotación dos recursos mariños, non xa cunha perspectiva de subsistencia, senón con marcado carácter industrial, o que implicaría un amplo e estable contacto co exterior nun raio aínda por definir.

Do outro lado do Facho, non moi lonxe, apenas ca. 2-3 km, pero agora cara ao norte e á beira da ría de Aldán, na actual aldea de Vilanova, sempre na parroquia de Santo André do Hío, atopámonos un topónimo, Castrelín, situado a media ladeira, nunha

orografía irregular e en costa, sen que se evidencien restos de estruturas defensivas (Filgueira - García 1959). Non se coñecen restos materiais asociados, pero si algunha das lendas típicas en relación aos enclaves tipo castro. Ademais, nas súas proximidades, nun predio coñecido como Godesende, apareceu un fragmento de estela funeraria que conserva a parte superior onde se ve unha representación antropomorfa e os comezos do campo epigráfico, este coa fórmula funeraria típica: *Di(is/bus) Manib(us)*... (fig. 30b)[8]. É idéntica na representación e próxima na execución á estela de Araño en Rianxo, na ría de Arousa (Baños 1994), e moi semellante, tanto na representación coma na execución, a outra máis próxima, na mesma península do Morrazo, a de Sabarigo (Fariña - García 1977-1978), na parroquia de Cela (Bueu). Isto sitúaa nun taller que se movería nas Rías Baixas —con resonancias do que existiu na contorna da ría de Vigo, aínda que de inferior calidade da labra— o que nos coloca nun momento tardío da plástica galaicorromana, ao redor dos séculos III - IV d.C.

Volvendo ao núcleo ao redor de Castrelín, temos que polo en relación coa moi próxima *villa* romana de "Pipín", á beira do mar e sobre unha pequena praia que leva ese nome, xa na aldea de Pinténs (O Hío) (fig. 30c). Agora estamos diante dunha arquitectura de boa fábrica e significativas dimensións da que só coñecemos o *hypocaustum*. En todo caso, non caben dúbidas respecto da súa especial condición sociopolítica, como tampouco dunha cronoloxía entre os séculos III e V d.C. cun final posiblemente abrupto (Fariña et alii 1975). En relación directa con esa *villa*, por proximidade e complementariedade funcional, e tamén cunha especial condición socioeconómica, temos os tanques de salga existentes na inmediata praia de Pinténs, cara ao leste. Ambos os núcleos conforman un conxunto residencial e industrial caracterizado segundo as particularidades das *villae* costeiras da Gallaecia tardorromana (cf. o caso de Noville, Pérez Losada 2000), que amosan unha clara vinculación a unha intensa e planificada explotación do mar. Esta realidade redunda e complementa a da outra banda da subpenínsula do Hío, a que se situaba aos pés do Facho e dentro xa da ría de Vigo, na que reincidían esas ocupacións a media-baixa ladeira e os establecementos de carácter industrial a pé de praia, en sincronía co xurdimento e desenvolvemento do santuario do Facho.

Se queremos obter unha visión parecida, pero no contexto do Morrazo, atopámonos con que a riqueza de datos dispoñibles resulta proporcionalmente moito menor para un territorio que é moito maior. Só temos pinceladas dispersas que, con todo, semellan reproducir unha situación similar, pero a maior escala. Falamos de núcleos humanos situados máis ao interior, de tamaño variable, aos que cabe atribuír un carácter máis marcadamente agrícola. Deles falan topónimos do tipo Castrelín, Castrillón, Castrelo e similares. Localízanse sobre lombas a media ladeira e dominando pequenos vales, e a eles, coma no Castrelín de Vilanova, poden asociarse necrópoles —como a de Sabarigo (Fariña - García 1977-78; Baños 1994) en relación ao Castrelo en Santa María de Cela (Bueu)— ou mesmo santuarios —caso do Castrillón de Meiro, en San Martiño de Bueu (Bueu), do que aínda non hai estudos publicados—, ao que se poden engadir construcións destinadas a outro tipo de actividades, como o forno cerámico do Redolliño

8. Inserida nun muro, foi recuperada por José Suárez Mariño a principios do presente século e incorporouse ao depósito das aras do Facho.

en relación posible co Castrillón de San Salvador de Coiro (Cangas) (Aboal et alii 2001). Son compoñentes típicas no hábitat galaicorromano que comeza xa no século II d.C. e se asocia a outras tamén referidas, como as *villae,* ou á reutilización dos vellos castros da etapa prerromana (Arias Vilas 1996). Non obstante, ese poboamento afastado da costa é complementario daqueloutro que, como na contorna do Facho, se situaba á beira do mar e se relacionaba coas industrias baseadas na súa explotación. O exemplo máis relevante é o do asentamento baixo a actual vila de Bueu, unido de novo a un complexo de salgadura e que contaba, ademais, cun centro dedicado á produción local de ánforas para distribución das salgaduras producidas na zona (Díaz 1984; Fernández 2016).

Se atravesamos a ría de Vigo, a situación exposta non só se confirma, senón que acada aínda unha maior entidade, dado que nesoutra banda da ría as escavacións, recentes ou en curso, dan unha visión máis ampla ao tempo que detallada desa forte ocupación da área costeira que está funcionalmente dedicada ao mar. Así o amosan os establecementos de salga que aparecen baixo a actual cidade de Vigo ou na súa contorna, caso do da praia do Fiunchal, en Alcabre (Rodríguez - Díaz 1973, 62; Hidalgo 1990-91, 195-197; Castro Carrera 1992-93, passim); ou as *villae* como a de Toralla (Hidalgo 1990-91; Pérez - Fernández - Vieito 2008 a), de novo na beiramar, e outras menos coñecidas. Mais será, sobre todo, o amplo conxunto de restos romanos baixo o propio Vigo, en evidente conexión coa antiga liña de costa, o máis claro expoñente do intenso poboamento e auxe socioeconómico da ría de Vigo nos momentos da romanidade serodia (Pérez Losada 2002; Fernández 2016). Un auxe que vai estar tamén expresado polo xurdimento de industrias que atenden necesidades do consumo local máis aló da subsistencia, como a produción de vidro ou a olería. Esta riqueza, por outra parte, posibilitou o consumo de bens de luxo, como evidencian as importacións de cerámicas orientais no marco señorial da vila de Toralla (Pérez - Fernández - Vieito 2008 b). Tales importacións remítennos de novo á compoñente marítima desa riqueza, pois será na circulación de produtos por mar entre o Mediterráneo e as provincias atlánticas do Imperio, e no seu necesario paso pola costa da ría de Vigo, onde atopamos a canle pola que chegaron eses bens. Unha realidade que vai ter a súa expresión social e estética no grupo de monumentos funerarios atopados no contexto dese núcleo poboacional e industrial (Julia 1971; Rodríguez Lage 1976; Baños 1994), produto duns talleres que van influír no desenvolvemento dos altares do Facho, especialmente na súa primeira etapa.

En definitiva, estamos ante unha ocupación humana en que a explotación do mar parece ser a base principal da economía, ademais dun factor de desenvolvemento importante, ao que se sumaría o papel que xoga no comercio marítimo. Trátase dun poboamento estable e ben artellado tanto económica —núcleos mariñeiros e núcleos agrícolas— coma socialmente —grandes poboados portuarios e/ou industriais, pequenas aldeas agrícolas e *villae* señoriais cunha riqueza que de novo semella mirar fundamentalmente cara ao mar. Riqueza, consumo, movemento a un lado e outro dentro dunha ría ao redor da que se desenvolvía un importante tráfico marítimo que ía máis aló dela mesma e da propia Gallaecia, pois por diante situábase a ruta

oceánica que comunicaba o Mediterráneo coa área atlántica do Imperio, pola que circulaban as mercadorías, en moitas ocasións de bens de luxo, dos que dan fe aqueles que quedaron na propia ría de Vigo: as cerámicas, vidros e outros obxectos de procedencia norteafricana ou oriental.

Este movemento de xentes e mercadorías tivo que ser canle tamén da expansión de epidemias, inevitables nas zonas costeiras, como as que afectaron a ese mesmo contexto en tempos posteriores, especialmente a fins do século XVI. Salientamos ese fenómeno, pois podería ser unha explicación do xurdimento aparentemente repentino e explosivo na segunda metade do século III d.C. dun santuario en que a procura da saúde semella ser a principal finalidade do culto. Lembremos que entre os anos 249 e 269 d.C. todo o imperio se viu afectado pola coñecida como *peste cipriana* (Harper 2015 e 2016; Huebner 2021). Da virulencia e capacidade destrutiva dese andazo, que tamén circulou por mar e afectou aos principais portos do imperio, deu fe o propio Orosio: *ao tempo que se estendeu unha peste de enfermidades terribles; case que non houbo provincia romana, nin cidade, nin casa que non fose castigada por aquela peste xeral e que non fose deixada baldeira* (Paulo Orosio, *Historiarum adversus paganos*, VII, 21, in Torres 1985, 638-639). A peste resulta un potencial motivo para fenómenos relixiosos coma o do Facho. Na procura de auxilio diante da impotencia fronte a unha circunstancia inesperada, súbita e letal como unha epidemia, vólvense recuperar, de xeito tamén inesperado e repentino, vellos espazos sagrados e reinterprétanse cultos quizais xa esquecidos, pois pasaran xa preto de douscentos anos do abandono da vella *Berobriga* e as súas posibles funcións cultuais.

O Morracium: a construción dunha xeografía sacralizada

A contorna do Facho non só nos ofrece información sobre a situación socio-económica en que se insería, senón que nos permite tamén achegarnos ao contexto relixioso do propio santuario (fig. 30a). En primeiro termo atopamos o que semella ser unha proxección da sacralización de antigos castros que atopamos en dous exemplos próximos tanto no xeográfico coma na caracterización, pois ambos son enclaves fortificados da Idade do Ferro de bo tamaño situados en montes cunha posición individualizada e destacada na paisaxe. Un, o monte Liboreiro, sitúase ao norte, nos límites entre os concellos de Cangas e Bueu, pero cunha ladeira que mira á ría de Aldán. No cume, e entre os restos dunha fortificación altomedieval, aparecen ata tres monumentos votivos dos que só un conserva epígrafe e no que aparece un teónimo que foi identificado, ben como *Verore* (Filgueira - D'Ors, 1955), ben como *Aerno* (Baños, 1994, 92-93), e aos que acompañaban, entre restos de diversas épocas, moedas de época baixoimperial semellantes ás que aparecen no Facho (Filgueira - García Alen 1953). Os mesmos altares teñen características que os vencellan a un subtipo moi específico dentro do Facho: forma tipicamente romana, pero moi simples e particularmente pequenos.

O outro, o monte do Castelo (Darbo, Cangas) está no extremo sur do cordal montañoso cuxo extremo norte era o monte Liboreiro e, por tanto, mira cara á ría de Vigo. De novo no cume, e tamén entre os restos do castelo que o ocupou durante a Idade Media, aparecen restos doutros tres monumentos, aínda que outra volta só un conserva epigrafía, pero limitada á súa primeira liña,

cunha referencia incompleta ao teónimo: C.BE (...) (González Fernández 1987-88, passim; Baños 1994, 95)[9]. A morfoloxía volve coincidir coa dalgunhas das aras presentes no Facho, pero faino, coma no caso anterior, en formas próximas aos modelos máis propiamente romanos, só que agora en pezas de maiores dimensións e xa de trazos tamén máis provinciais, ao optar polas pezas de cabeza grande de forma prismática estriada, nun estilo común no contexto da ría de Vigo, como proban as aras funerarias de *Flaccinia* (Baños 1994, 105) ou a de *Valeria Alla* (Redentor 2017, II, 229-230), ambas da necrópole romana de Vigo.

Non é en si mesma estraña a relación entre altares romanos e castros (cf. Arias Vilas 1991), pero si semella relevante a presenza de dous exemplos tan próximos ao Facho cunha relación non só de proximidade, senón tamén de complementariedade en relación á xeografía en que se inscriben: nunha barreira montañosa que pecha polo extremo oposto ao Facho a subpenínsula en que se inscribe este, erguéndose sobre unha falla que, tamén con disposición norte-sur, separa esa área do resto da península do Morrazo, ao tempo que domina os dous únicos camiños de acceso por terra ao Santuario. A diferenza entre estes santuarios menores e o do Facho estriba na menor densidade de monumentos, ao tempo que na homoxeneidade que presentan nestes casos e que fai que coincidan só con algunhas das pezas do Facho, aquelas que poden corresponder aos inicios deste santuario a fins do século III e que responden a talleres que probablemente estaban en funcionamento xa dende algo antes: ca. s. II.

E non serán só os castros os receptores de altares, senón que estes van acadar tamén enclaves abertos nas terras baixas, ben costeiros ben a media ladeira, como exemplifica o coñecido conxunto de Lourizán (Pontevedra) (fig. 31), no outro extremo da península do Morrazo, dedicado a *Vestio Alonieco* (Filgueira - D'Ors, 1955, 27; Baños, 1994, 253-256, nº107-108) (fig. 31a), situado non moi lonxe do paso da vía XIX, como amosan os miliarios da parroquia lindeira de Salcedo (Abascal 2020, 50-51; 59-61; 74-75). Outro exemplo atopámolo máis preto do Facho, a máis altitude, na ladeira da parte alta do val que acolle no seu encontro coa costa o enclave romano de Bueu. Concretamente na aldea de Meiro (San Martiño de Bueu) (inédito), máis preto da base do monte Liboreiro, así como inmediato a un outeiro co topónimo Castrillón. Descoñecemos a deidade a que estaba dedicado, dado que só contamos con tres altares e dun deles só se conserva a cabeza, outro está enteiro pero coa epígrafe ilexible (fig. 31b1) e dun terceiro só temos o remate, onde se le...*[p]ro sva salu[te]* (fig. 31b2)[10]. Quizais tamén poida inserirse neste contexto de santuarios de ladeira a aparentemente illada ara a Xúpiter de Figueirido (Vilaboa) (Abascal - Picallo - Costa 2017, passim), de novo non moi lonxe do paso da vía XIX e dunha concentración de miliarios de fins do século III e inicios do IV d.C. (Abascal 2020, 63-65; 67; 70-71). En todo caso, esta dedicación coñecida apunta máis a un espazo de culto relacionado directamente coa vía nun punto crítico do seu decurso —o relativamente próximo cruzamento do río Verdugo— e plural nas súas dedicacións, coma o que existía en San Xián de Requeixo (Pontecesures) no tránsito do río Ulla (Baños 1994, 231-243; Suárez Otero 2003).

9. Os outros dous corresponden a fragmentos de cadansúa cabeza de ara descubertas por José Suárez Mariño e hoxe no depósito dos materiais do Facho de Donón, no Auditorio Municipal de Cangas.

10. Aínda inédito, foi descuberto por José Suárez Mariño na década dos noventa do século pasado.

A característica destes pequenos santuarios vai ser estar a carón de camiños que, no caso de Lourizán e Figueirido, coinciden cos de acceso á península do Morrazo dende a vía XIX, o primeiro polo norte e o segundo polo sur. Deles partirían as vías que levarían por ambas as bandas, e como amosa a posterior rede viaria medieval, ata o outro extremo da península do Morrazo, alí onde se sitúa O Facho (Ferreira Priegue 1988). Á beira do camiño norte encontrarase o santuario de Meiro (Bueu), despois de pasar pola necrópole que representa a estela funeraria de Cela e antes de chegar ao acceso que, xusto por baixo do monte Liboreiro e a través do val do río Orxas (Aldán), vai levar cara ao Facho. A imaxe obtida mostra unha xeografía sacra artellada ao redor dos camiños —en puntos de transición de espazos, cando non territorios—, ben ás beiras deles, ben nos altos que os dominan. Este desenvolvemento da sacralidade fai tamén que estes santuarios estean relacionados entre si, ao tempo que co do Facho. Unha relación neste caso acentuada pola entidade do propio santuario do Facho, moito maior ca os restantes, e porque eses camiños serían os necesariamente utilizados para acceder a el por terra. Neles sinalaríanse puntos críticos, con carácter liminar, como a entrada na península do Morrazo dende a vía XIX ou o tránsito a ese extremo occidental diferenciado onde se sitúa o santuario do Facho. Trátase dunha fenomenoloxía especialmente relevante dado o carácter de santuario de peregrinación que se lle pode atribuír a este último, o que mesmo pode convertelo no elemento vertebrador desa xeografía sacra: non é estraño que un santuario de peregrinación proxecte a súa sacralidade aos camiños que conducen a el.

Sincretismo e conversión

O problema do cando e o porqué se abandona o santuario está implícito no como dese final reflectido no rexistro arqueolóxico. O primeiro que chama a atención é a dicotomía xa expresada en páxinas anteriores entre uns altares moi fragmentados fronte a outros que aparecen enteiros aínda que deitados, pero no lugar que ocupaban orixinalmente. Dado que estes últimos responden á derradeira etapa da existencia do lugar de culto, amosan que este foi simplemente abandonado, pero non destruído. Deste xeito, o diferente trato recibido polos altares segundo as súas características intrínsecas se acheguen ou afasten dos modelos máis convencionalmente romanos pode ser relegado a un episodio máis dentro da existencia do santuario. Os ditos modelos convencionalmente romanos eran evidentes nas aras máis antigas do santuario. Co tempo, os altares fóronse transformando e derivaron cara a monumentos que, pola súa forma tendente a tronco-piramidal, se poden cualificar de cipos e que teñen nesa morfoloxía claros paralelos en monumentos tanto votivos coma funerarios do noroeste na plástica galaicorromana dos séculos inmediatos á caída do poder imperial. Esta nova forma supón a eliminación definitiva dos elementos que respondían á función ritual primixenia do altar, especialmente do *focus*. Tamén desaparece a estrutura das cabezas con remate tendente a plano, delimitado polos *pulvini* laterias, e nalgunha das pezas mesmo con frontón trapezoidal sobreelevando uns *foci* que, en moitos casos, aparecían tamén remarcados. En definitiva, hai un proceso de "deconstrución" formal do altar clásico e de creación dun novo tipo de monumento xa acorde a unha función

con novos contidos. Deconstrución que terá a súa expresión máis radical nas aras que son apenas pedras aproveitadas, polo xeral de mala calidade e case sen labra, ás que con só uns simples trazos lles deron un carácter de altar, agora case reducido a *esqueuomorfo*. O exemplo estremo é o da ara nº 56 do catálogo (Koch 2019, 33-34, nº 41), que apareceu aínda chantada *in situ*, pero xa como fragmento dun altar antigo amortizado que se reemprega dándolle a volta e gravando uns trazos de difícil interpretación —mesmo podería tratarse de pseudoescritura. Estas características converten esta peza en representante dun episodio final en que o altar queda reducido a simple pedra e ao feito de chantala nun espazo que conserva a condición de sacro. Dentro desa evolución dos altares hai dous que sinalan as transformacións profundas do culto e dos ritos que están detrás deses acusados cambios no formal.

Un destaca non só pola súa morfoloxía, senón máis aínda pola decoración que presenta (fig. 32a). É unha peza anepigráfica (Koch 2019, nº 49) que se conservaba enteira e deitada e, como as outras pezas que aparecían deitadas, dentro da área do santuario dedicada á colocación dos altares e, polo tanto, próxima á súa localización orixinal. Trátase dun altar de conformación fusiforme con cabeza alta e moi decorada, campo epigráfico tamén decorado carente de inscrición e fincón como simple proxección do corpo da peza. Forma e decoración responden a ese grupo de derivación do altar romano, aínda que neste exemplo asistimos a unha reinterpretación dos *rolli*, que abandonan a súa posición orixinal na construción da cabeza do altar para multiplicarse, aínda que reducidos á súa visión frontal, e conformar eles mesmos formal e volumetricamente esa cabeza, nunha disposición aliñada e decrecente de abaixo arriba que a fai rematar con forma apuntada. O resultado ten un aspecto peculiar, mesmo dentro das aras do Facho, e sinaladamente barroco, en base a unha plasticidade acentuada pola presenza na parte baixa desa cabeza de dous rectángulos ocos rodeados por unha proxección dos *pulvini,* agora bastante desfigurados polas limitacións dun espazo moi reducido e mais do deterioro por erosión. O máis destacable desta peza vai ser, con todo, a substitución no campo epigráfico da inscrición por unha representación cruciforme en forma de dúas liñas simples que se cruzan no centro e rematan cada unha delas en dous pequenos círculos, ademais de catro puntos dispostos nas axilas da cruz.

A outra peza de maior tamaño e da que só se conserva a parte superior (fig. 32b), é tamén dun granito de relativa boa calidade e apareceu dentro dos derrubamentos que cubrían a área sacra (Koch 2019, 37-38, nº 50). De corpo prismático e labra irregular, presenta un remate piramidal de lados lisos, a excepción do frontal, que ostenta un motivo triangular rebaixado e delimitado por unha moldura resaltada en volume sobre o remate tamén triangular da peza. Debaixo dese motivo, e ocupando o espazo onde debería comezar o campo epigráfico, aparece un motivo de novo cruciforme, pero agora obtido por relevo plano e que contén no centro un círculo. Completa o motivo pola súa parte superior outro de máis difícil interpretación consistente en dous rectángulos xustapostos e unidos pola súa base á cruz, que nos seus cuadrantes superiores ten outros motivos rectangulares, un a cada lado e abertos cara aos bordos do altar.

A importancia destas pezas estriba en que amosan un cambio substancial no significado e caracterización do santuario, ao substituír a epígrafe —coa referencia á

deidade galaicorromana— por un motivo claramente cruciforme e alleo a aqueles que acompañaban en moitos outros exemplos a inscrición. Isto mostra un cambio de culto e apunta a una cristianización do enclave. Agora ben, faino mantendo formas/ritos do culto pagán, expresados na continuidade da propia ara, xa non funcionalmente como altar, senón como exvoto —algo que, por outra parte, xa viña acontecendo en boa parte das dedicadas á deidade precristiá e que incidía na evolución formal que apartara eses monumentos do modelo romano. Sen eses elementos, agora o motivo central pasa a ser unha cruz obtida por simple incisión, aínda que non exenta de complexidade iconográfica, no centro da cara frontal da peza. Ambas as representacións da cruz que comentamos nos parágrafos anteriores remiten a fórmulas orientais que podemos atopar en exemplos en metal, pero tamén en pedra, aínda que en contextos xa claramente cristiáns (Suárez Otero 2004 e 2017; Koch 2010 e 2019, 91-93 e 113-114; Schattner - Suárez 2020). Das cruces con decoración de círculos nos extremos dos brazos, ás veces convertidos nun remate trilobulado deles, temos un exemplo próximo ao Facho que nos remite de novo ao enclave situado baixo o actual Vigo e que presenta brazos ensanchados, aínda que sen os remates lobulados, pero cun engaste circular nos seus estremos. As características desa peza vencéllana a producións de época visigótica datables xa no século VII d.C. pero responden a unha tradición que é anterior (Perea Cavada 2016). Outro paralelo, xa en pedra, atopámolo nun dos laterais da tampa de estola de Seira (Padrón), malia que aquí a representación tende a simplificarse, xa que se substitúen os círculos por puntos, nun contexto iconográfico mais complexo e carente de interpretación (Suárez Otero 2004 a; idem 2017). O marco formal e conceptual para o cruciforme da ara do Facho lévanos, pois, a momentos claramente posromanos e posiblemente situados xa cara ao século VI d.C., quizais mesmo avanzada a centuria.

No segundo exemplo, a propia forma vólvenos remitir a modelos serodios e xa cristiáns como a estela-pilar de Santa María de Tarañes (Maya - Álvarez 2001; Suárez Otero 2017), o que incide nesa transformación cara a morfoloxías tipo cipo xa constatada no Facho dentro das aras do segundo grupo. A decoración pseudoepigráfica ou de epigrafía críptica relaciónaa tamén coa lauda de Seira e, polo tanto, coas laudas de dobre estola, o que permite situala nos fins do século V d.C. se non xa do VI d.C. No que ao motivo cruciforme se refire, os referentes a ter en conta serán as cruces con medallón central que volven recordar a cruz do Areal, que non conserva o centro, pero si os engastes circulares nos brazos, que puideron estar acompañados por outro no centro, probablemente máis grande. Existe aínda unha posible lectura iconográfica mais complexa da representación presente na ara do Facho se atendemos aos motivos rectangulares que a acompañan, pois entendido coma un todo, o resultado seméllase bastante a un broche de cinto de tipo cruciforme, onde os rectángulos superiores representarían a fibela, mentres que os laterais desvirtuarían a cruz como obxecto individualizado para inserila nun marco iconográfico necesitado dunha superficie que ben podería corresponder á placa de cinto. Os paralelos máis claros para esta interpretación estarían nos broches cruciformes de orixe bizantina datados nos finais do século VI e comezos do VII d.C. (Schulze 2002, 193-200), que, ademais, van ter unhas réplicas hispánicas que se desenvolverán ao longo desta última centuria (Gutiérrez - Hierro 2013). No tipo cruciforme de placa ríxida (Idem 112-115 e fig. 3) atopamos a mellor referencia iconográfica dentro desas producións hispánicas nos

exemplos de Cártama e Carteia (fig. 32). As datas e relacións aquí suxeridas non resultan estrañas, dado que ambas as dúas se atopan reflectidas no enclave situado baixo o actual Vigo, onde seguen a estar presentes as producións de orixe oriental (Fernández 2013, 179-197) nas que destaca unha *ampulla* bizantina, nun tipo estreitamente vencellado ás peregrinacións a Terra Santa (Suárez Otero 2004 a).

Esta interpretación non resulta tan rara, pois de novo nunha tampa de dobre estola, agora con representación antropomorfa, a de Cruces, tamén en Padrón (Suárez Otero, 2004), e no marco dunha iconografía moi esquemática, decidiuse engadir, e mesmo remarcar, a presenza do broche dun cinto á altura da que sería a súa posición na realidade, o que se encarga de sinalar a representación tamén esaxerada das mans dun defunto inhumado en posición estendida. Esta composición sinala a importancia do cinto para caracterizar a condición social e quizais mesmo política da persoa enterrada baixo a tampa. Os cintos como herdeiros dos *cingula militiae* romanos alcanzaron nos tempos da transición entre a Antigüidade e a Idade Media tamén a cargos de carácter non militar. Resultaron, polo tanto, fundamentais como expresión dunha condición social determinada. Unha condición que non só se mantería ata tempos da plena Alta Idade Media, senón que mesmo se volve enfatizar neses séculos, entre o VIII e o IX, no ámbito político-administrativo carolinxio (Dumézil 2017: 284-286). A razón pola que se trasladaron a un altar do Facho resúltanos aínda descoñecida, pero o feito de ocupar o campo que antes ocupaba a epigrafía semella apuntar a que non se trata só da cruz como símbolo do novo culto, senón dun cinto como signo do status ou condición de quen puxo o altar, ou de quen levaba a cabo os ritos que se celebraban ao redor del.

En definitiva, as dúas pezas cristiás dentro do conxunto do Facho permiten inferir a perduración do santuario en tempos moi posteriores aos seus inicios e introdúcennos no complexo proceso de cristianización do noroeste. En termos cronolóxicos esas pezas semellan moverse entre a segunda metade do século VI d.C. e a primeira do VII d.C. Isto non debe resultar estraño se lembramos o escrito por Valerio do Bierzo na segunda desas centurias contra os santuarios de ascendencia pagá nos altos dos montes: *Cumque in exelsi montis cacumine stulta populi sacrilega caecitatis dementia profana daemonum delubra impie atque insipienter pagano ritu excoleret* (*Replicatio Sermonum a Prima Conversione*, 1) (en Díaz y Díaz 2006, 280 e ss.). Ao mesmo tempo, esas dúas pezas, a pesar de que presentan indicios dunha deconstrución da ara pagá, e ao modificar a súa semántica mediante novos signos, non representan, nin pola súa forma, nin pola súa localización, ningunha ruptura coa evolución xa implícita no desenvolvemento previo do santuario. Estas dúas pezas expresan, en fin, unha aparente continuidade de culto e ritos, pero ao mesmo tempo unhas crenzas con referentes novos, expresados a través dunha simboloxía que non substitúe, senón que se insire, na materialidade cultual preexistente. Asistimos, non á implantación de formas cristiás, senón á cristianización das formas pagás. Unha realidade, en fin, ambigua e confusa, pero reveladora dun fenómeno de sincretismo entre a relixión cristiá e o substrato pagán, singular e rico nas súas expresións plásticas. Unha fenomenoloxía que, ademais, subxace e axuda a entender mellor algunhas das preocupacións e contrariedades que manifestaba a fins do século VI Martiño de Braga no *De correctione rusticorum* (López Pereira 1996, 55-67 e 91-85).

O Facho despois do Facho: *o nacemento dun culto cristián*

Nese proceso de transformación do santuario nun centro de culto cristián, aínda que mantendo formas e ritos pagáns, e o posterior abandono por volta xa de finais do século VI ou comezos do VII, xorde a pregunta de que pasou con ese culto cristián que lle deu nova vida ao santuario. O feito de que sexa xa un culto cristián, e polo tanto dentro do marco ideolóxico que se está a impor, unido ao propio peso histórico dun santuario que tiña xa trescentos anos de existencia, leva a hipotetizar unha posible continuidade dese mesmo culto máis alá do propio santuario, ao que os ideólogos da nova relixión tanto atacaban polas súa localización de reminiscencias pagás. O fito que marcou o declive definitivo do santuario puido estar en relación ao feito da conversión de Teodomiro e do reino Suevo ao catolicismo, en paralelo á influencia de Martiño de Dumio, nun proceso de implantación dun cristianismo xa estritamente "católico", fronte do que se consideraba herexía e das posibles herdanzas pagás.

Lamentablemente, a información sobre os séculos seguintes ao abandono do santuario é aínda moi escasa. Con respecto ao proceso de cristianización, constatamos a presenza de testemuñas de cultos cristiáns antigos, especialmente aos mártires, en relación a aqueles enclaves tardorromanos sincrónicos do santuario do Facho. Así, a carón da vila de Pipín atopamos o topónimo San Xulián. O mesmo pasa no outro lado da ría, onde uns restos romanos aínda por definir volven aparecer asociados ao mesmo santo-mártir. Destaca, con todo, o caso de Santo André, apóstolo e mártir, por aparecer na microtoponimia nunha versión xa derivada como Santarandel nas proximidades de restos romanos, incluídas unhas tumbas para as que temos unha data absoluta xa do século V. Pero tamén por ser esa a advocación escollida na creación da parroquia medieval, Santo André do Hío, ademais de construírse a súa igrexa, hoxe románica, pero con restos anteriores, sobre outro deses asentamentos tardorromanos a media ladeira, cuns restos que tamén apuntan, cando menos, ao século V d.C. O vencello entre o nome do santo e o da parroquia deu lugar tamén a unha interpretación relativa ao segundo, O Ío (o H é antietimolóxico), que o emparella coa Fonte do Ídolo en Braga, á que os testemuños documentais se refiren como Fonte do Ido e Fonte do Ío, en referencia ao seu carácter de santuario, con epígrafes e relevos, que tiña esa fonte en época romana[11]. Así, o Santo André do Hío derivaría da relación desa advocación cunha advocación pagá que temos que entender que substituía. E se había algún culto pagán no seu territorio, ese debería ser, atendendo á súa entidade, o vencellado co santuario do Facho.

Doutra banda, no caso de Santo André non só concorren a arqueoloxía e a microtoponimia, senón que tamén as características de ambos os dous cultos, o pagán e o cristián, semellan coincidir. Constátase a existencia dunha conciencia fortemente arraigada na parroquia da que Santo André do Hío é patrón que parece vencellalo de xeito ineludible a ese territorio. A tradición refire un intento de cambio de advocación coa parroquia veciña e a negativa do santo a cruzar a fronteira entre ambas: *O San Andrés do Hio quixérono levar para Aldán, e non lle quiso pasar da Ponte de San Cibrán*. Unha topicidade que está implícita no epíteto Lar que acompaña o nome da deidade a que se lle rendía culto no Facho, amais do feito que ser un santuario de peregrinación, pois

11 Debémoslle esta aproximación toponímica a César Varela, que a publicou no seu día no Faro de Vigo.

é só nel onde pode realizarse ese culto. A segunda posible coincidencia está no carácter de *curador* de Santo André do Hio, ao redor do cal se mantivo ata os anos vinte do século pasado un forte e complexo culto que ía máis aló dos límites da parroquia e que incluía a exposición dos enfermos en cadaleitos, como aínda acontece no sur da provincia de Pontevedra en Santa Marta de Ribarteme (As Neves). E, coma nese caso, tratábase de fieis que solicitaban a intercesión do santo para evitar a morte propia ou de alguén próximo, ofrecéndose en cadaleitos ou amortallados. Esa parece ser tamén unha das principais razóns do culto ao d*eus Lar Berobreus*, ao que os altares que se lle dedican, e malia o seu carácter extremadamente simple e curto, adoitan incluír a expresión *pro salute*, mesmo expresando un deses ofrecementos por un enfermo imposibilitado de acudir en persoa, como *Reburina*, (cf. Corpus, nºº 2), que dedica o altar *pro súa filia*. Non podemos desbotar outra posible coincidencia entre ambos os cultos en canto da curación e, en particular, nesa fórmula que emprega os elementos vencellados coa transición cara a esa morte que se quere evitar. Aqueles que remiten ao proceso do enterramento do cadáver, pois lémbranos o carácter formalmente ambiguo de moitos altares do Facho que parecen confundirse, especialmente pola súa decoración, coas estelas funerarias coevas. Un dos motivos máis comúns nos altares de calquera dos grupos formais que se queiran diferenciar son os espazos rectangulares rebaixados, ás veces con remate en arco, que aparecen nas estelas funerarias e están sinaladamente presentes nas da contorna do Facho, e que veñen sendo interpretados iconograficamente como unha representación das *Portas do Hades* da relixión romana.

Para rematar esta incursión na posible proxección histórica do santuario do Facho, e en particular a partir do culto local ao apóstolo André, temos que referir outra rechamante coincidencia. Neste caso temos que saír da parroquia do Hío e dirixirnos a aquela posible proxección do culto do Facho na península do Morrazo, onde faciamos fincapé na existencia de dous santuarios dispostos no tránsito entre a vía XIX, a vía principal de comunicación co resto da Gallaecia, e os camiños que, en cada unha das bandas da península, conducían ao interior desta, pero tamén ao seu remate occidental, no que se situaba o Facho. Eran os santuarios de *Vestio Alonieco* na parroquia de Lourizán e o posible lugar de culto existente na de Figueirido. Pois ben, esas dúas parroquias volven ter como patrón o apóstolo André: Santo André de Lourizán e Santo André de Figueirido. Este é un culto relativamente estendido en Galicia —baste lembrar a sona do de Teixido, no norte de Galicia, nunha localización, doutra banda, bastante parecida á do Facho—, pero non deixa de ser relevante a coincidencia de que os tres casos coñecidos para a península do Morrazo estean vencellados a antigos lugares de culto de época romana, e que os tres poidan estar artellados ao redor de puntos críticos no desenvolvemento dos posibles camiños de peregrinación ao Facho.

Bibliografía

Abascal, J. M.

- 2020 "Altar dedicado a Júpiter en Santo André de Figueirido (Conventus Lucensis, Hispania Citerior)", *Anuario Brigantino* 43, 47-86.

Abascal, J. M. - Picallo, H. - Costa, A.

- 2017 "Altar dedicado a Júpiter en Santo André de Figueirido (Conventus Lucensis, Hispania Citerior)", *Ficheiro Epigráfico* 151(607-608). 2018, nº 608.

Aboal, R. - Castro, V.

- 2006 "Avance dos resultados da escavación arqueolóxica (2003-2004)", en Aboal, R. - Castro, V. (eds.), *O Castro de Montealegre. Moaña, Pontevedra*, 7-142.

Aboal, R. - Castro, V. - R. Rodríguez

- 2001 "El horno romano de O Redolliño (Cangas, Pontevedra)", *Cuadernos de estúdios Gallegos* LV, nº 128, 2001, 93-108.

Aboal, R. - Castro, V. - González, A. - Martínez, R. M.ª

- 2006 "Outros obxectos", en R. Aboal - V. Castro, *O Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra)*, 261-274.

Alcorta Irastorza, E.

- 2001 *LVCVS AVGVSTI II. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Alcorta, E. J. - Bartolomé, R. - Folgueira A.

- 2015 "Producciones cerámicas engobadas lucenses y su distribución", en A. Martínez Salcedo, M. Esteban Delgado, E. Alcorta Irastorza (eds.), *Cerámicas de época romana en el norte de Hispania y Aquitania: Producción, comercio y consumo entre el Duero y el Garona*, EX OFFICINA HISPANA 2, vol. I, 77-96.

Alfayé Villa, S.

- 2010 "Hacia el lugar de los dioses. Aproximación a la peregrinación religiosa en la Hispania indoeuropea", en F. Marco - F. Pina - J. Remesal *Viajeros, peregrinos y aventureros en el mundo antiguo* (Zaragoza 2010) 177-218.

Alonso Troncoso, V.

- 1996 "Las primeras etapas de la conquista romana de Gallaecia", *Militaria. Revista de cultura militar* 8, 53-66.

Alvárez Limeses, G.

- 1929 "Pontevedra", en E. Carreras Candi ed., *Geografía del reino de Galicia*. Barcelona.

Arias Vilas, F.

- 1996 "Xacementos arqueoloxicos e achados epigráficos en Galicia", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXX, 104, 23-33.
- 1996 "Poblamiento rural: la fase tardía de la cultura castreña" en C. Fernández Ochoa (coord.), *Los Finisterres atlánticos en la Antigüedad. Época prerromana y romana.* Madrid, 181-188.

Ayán, X. - González Ruibal, A. - Gónzalez Pérez, L. - Arizaga Castro, A. R.

- 2005 "Avance dos resultados da excavación no Castro Grande do Neixón. Campaña do 2004", en X. Ayán Vila (coord.), *Os Castros do Neixón. Boiro, A Coruña.* Noia. 163-230.

Baños Rodríguez, G.

- 1994 *Corpus de Inscripcións romanas de Galicia, II. Provincia de Pontevedra.* Santiago 1994).

Barciela, P. - Rey, E.

- 2016a "Vidro negro", en A. Fernández - P. Barciela (coord.). *Emporium. Mil anos de comercio em Vigo.*Vigo, 89-91.
- 2016b "Obradoiros de vidro em Vigo", em A. Fernández - P. Barciela (coord.). *Emporium. Mil anos de comercio em Vigo.*Vigo, 96-97.

Bello Diéguez, J. Mª - Martínez Arenaz, A.

- 2015 "Las cuentas de vidrio doradas del Castro de Elviña (A Coruña)". *Férvedes* 8, 381 - 390.

Berni Millet, P.
- 2011 "Tipología de la *Haltern 70 bética*", en C. Carreras - E. González (coord.), *Ánforas romanas de Lugo*, Traballos de Arqueoloxía 3 (Lugo: Concello de Lugo), 80-107.

Bouza, F. - Álvarez, J. Mª - Massó, E.
- 1971 "Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío, Cangas)". *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI, 78, 1971.

Brandherm, D.
- 2007 *Las espadas del Bronce Final en la Península Ibérica y Baleares*, Prähistorische Bronzefunde IV, 16. Stuttgart.

Búa Carballo, J. C.
- 2008 "Berobreo. Notas dun linguista", en P. Barciela et alii, *Para o Deus Berobreo. Aras do santuário de Donón no Museo Municipal de Vigo (Vigo: Museo Municipal "Quiñones de León")*, 75-78.
- 2008 *Toponimia prelatina de Galicia*, Verba, Anexo 78. Universidade de Santiago de Compostela.

Burgess, C. - O'Connor, B
- 2008 "Iberia, the Atlantic Bronze Age and the Mediterranean, S.", en Celestino, N. Rafel, X.-L. Armada (eds.), *Contacto cultural entre el Mediterráneo y el Atlántico (siglos XII-VIII ane). La precolonización a debate.* Madrid: CSIC. Serie Arqueológica 11, 41-58.

Calo Lourido
- 1993a *A cultura castrexa*. Vigo
- 1993b *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa.* A Coruña

Calo, F. - Sierra, X. C.
- 1983 "As orixenes do castrexo no Bronce Final", in G. Pereira (ed.), *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago de Compostela, 19-86.

Calo, F. - Soeiro, T.
- 1986 *Castro de Baroña. Campañas 1980/1984*, Arqueoloxía/Memorias 6, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Casal García R. - Paz Lobeiras R.
- 1997 "Un collar de ámbar suévico en Vigo", *Gallaecia* 16, 315-322

Castro Carrera, J. C.
- 1992-93 "Intervención arqueolóxica no xacemento romano de O Fiunchal (Alcabre, Vigo)". *Castrelos* 5-6, 71-86.

Costa, A. - Fariña, F. - García Alén, A. - Peña Santos, A. de la, - Suárez Mariño, J.
- 1976 "Nuevos grabados rupestres en la península del Morrazo, Pontevedra". *Gallaecia* 2, 125-134.

David, P.
- 1947 *Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIILe siécle.* Lisboa-Paris.

Delgado, M. - Morais, R.
- 2009 *Guia das cerâmicas de produção local de Bracara Augusta.* Porto: CITCEM.

Díaz y Díaz, M. C.
- 1976 "La cristianización de Galicia", en F, Acuña et alii, *La romanización de Galicia*, Cuadernos de Sargadelos 16. Sada, Edicións do Castro, 105-120.

Díaz y Díaz, M. C.
- 2006 *Valerio del Bierzo. Su persona, su obra.* León: Centro de Estudios San Isidoro.

Díaz Álvarez, P.
- 1973 *Noticias de prehistoria en torno a Vigo y su ría.* Vigo.
- 1984a *Ánforas romanas en el eje atlántico galaico-lusitano.* Vigo.

Díaz da Cruz, M.R.M
- 2009 *O Vidro Romano no Noroeste Peninsular. Um olhar a partir de Bracara Augusta*. Tese de Doutoramento. Universidade do Minho. Braga, 3 vols.

Dumézil, B.
- 2017 *Servir al estado bárbaro: Del funcionariado antiguo a la nobleza medieval (siglos IV-IX).* Granada: Universidad de Granada.

Fariña Busto, F.
• 1973/74 "Algunos aspectos de la circulación monetaria en la Gallaecia durante el s. IV de J.C.", en *Actas del I Congreso Nacional de Numismática (Zaragoza 1972), Numisma* XXIII/XXIV, nº 120-131, 1973/74, 105-128.

Fariña Busto, F. - García Alén, A.
• 1977-78 "La estela funeraria romana de Sabarigo (Sta. María de Cela, Pontevedra)", en *Gallaecia* 3-4, 1977-1978, 317-326.

Fariña Busto, F. - Suárez Otero, J.
• 2002 "El santuario galaico-romano de Donón", en *Boletín Auriense* XXXII, 25-52.

Fariña, F. - Peña A. de la, - Sierra, J. C.
• 1975 "Restos de una villa romana en Hío", *El Museo de Pontevedra* 29, 177-186.

Fernández Fernández, A.
• 2014 *O comercio tardoantiguo no noroeste peninsular.* Noia: Toxosoutos.
• 2016 "25 anos de arqueoloxía de urxencia. O descubrimento do Vigo romano", en A. Fernández - P. Barciela, *Emporivum. 1000 anos de comercio en Vigo.* Vigo, Concello de Vigo, 15-28.
• 2016 "La producción y comercialización de ánforas tardoantiguas del alfar de San Martiño de Bueu (Galicia, España)", en N. Cucuzza, B. M. Giannasttasio e S. Pallecchi (eds.), *Archeologia delle produzioni ceramiche nel mondo antico. Spazi, prodotti, strumenti, tecniche*, Quaderni di Archeologia I (Genova), 175 - 190.

Ferreira de Almeida, C. A.
• 1983 "Cultura castreja: evolução e problemática". *Arqueologia* 8, 70-74.

Ferreira Priegue, E.
• 1988 *Los caminos medievales*, Anexos do Boletín Auriense, 9 (Ourense: Grupo "Marcelo Macías").

Filgueira Valverde, J. F. - García Alén, A.
• 1953 "Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra", *El Museo de Pontevedra* VIII, 31-210.
• 1959 "Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra", *El Museo de Pontevedra* XIII, 19-100.

Gamer, G.
• 1989 *Formen römischer Altäre auf der Hispanischen Halbinsel*, Madrider Beiträge 12. Mainz.

García Alén, A. - Peña Santos. A. de la
• 1980 *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra.* A Coruña, Fundación "Pedro Barrié de la Maza".

García Vargas, J. - Gónzalez Cesteros, H. - Almeida, R. R. de
• 2019 "Ovoid amphorae as the first Roman provincial repertoire in Hispania Ulterior (the Guadalquivir valley)", en E. García Vargas - R. R. de Almeida- H. González Cesteros - A. M. Sáez, *The Ovoid Amphorae in the Central and Western Mediterranean. Between the last two centuries of the Republic and the early days of the Roman Empire.* Oxford: Archaeopress, 62-111

González Fernández, M.
• 1987-88 "Un ara inédita de O Castelo de Darbo (Cangas - Pontevedra)". *Pontevedra Arqueológica* III, 1987-88.

González Ruibal, A.
• 2006-07 *Galaicos. Poder y Comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.).* vols. I y II. *Brigantium* 19. A Coruña: Museo Municipal "Castelo de San Antón".

González Ruibal, A. - Rodríguez Martínez, R. M.ª
• 2006 "Cultura Material", en R. Aboal - V. Castro (ed.). *O Castro de Montealegre. Moaña, Pontevedra.* Noia,145-188.

González Ruibal, A. - Rodríguez Martínez, R. - Aboal Fernández, R. - Castro Hierro, V.
• 2007 "Comercio mediterráneo en el Castro de Montealegre (Pontevedra, Galicia). Siglo II a. C. - inicios del siglo I d. C.", *Archivo Español de Arqueología* 80, 43-74.

Gorgoso, L. - Acuña, A.
- 2016 "A Igrexiña frente ó mar. Unha salgadura romana em Nerga (Cangas Pontevedra)", en *Gallaecia* 35, 2016, 71-98.

Gutierrez Cuenca, E. - Hierro Garate, J. A.
- 2013 "Broches cruciformes de los siglos VII y VIII en la Península Ibérica: caracterización tipocronológica", en *Pyrenae* 44, 2, 109-136.

Harper, K.
- 2015 "Pandemics and passages to Late Antiquity: Rethinking the plague of c. 249-70 described by Cyprian.", en„*Journal of Roman Archaeology* 28, 223-60.
- 2016 "Another eyewitness to the plague described by Cyprian, with notes on the 'Persecution of Decius'.", en *Journal of Roman Archaeology* 29, 473-76.

Hidalgo Cuñarro, J M.
- 1985 *Castro de Vigo. Campaña 1983*, Arqueoloxía/Memorias 1. Santiago de Compsotela: Xunta de Galicia.
- 1987 "El castro de Vigo y sus niveles de ocupación", *Lucerna* (2ª ser.). vol. II, 119-134.
- 1990-1991 "Últimas excavaciones arqueológicas de urgencia en Vigo: castros y yacimientos romanos", *Castrelos* 3-4, 191-215.

Hidalgo Cuñarro J. M. - Viñas Cué, R.
- 1992-1993 "Nuevas Cerámicas romanas de importación del Castro de Vigo (Campaña de 1987)", *Castrelos* 5-6, p. 41-70.
- 1994-1995 "Cerámicas indígenas y romanas finas del Castro de Vigo (Campaña de 1988)", *Castrelos* 7-8, 97-116.
- 1998 "El Vigo romano y su problemática", en A. Rodríguez Colmenero cord., *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste hispánico*, vol. II. Lugo, 807-838.

Huebner, S. R.
- 2021 "The "Plague of Cyprian": A revised view of the origin and spread of a 3rd-c. CE pandemic », *Journal of Roman Archaeology* 34, 151-174.

Julia, D.
- 1971 *Étude épigraphique et iconographique des stèles funéraires de Vigo.* Heidelberg.

Koch. M.
- 2005 "El santuario dedicado a Berobreo en el Monte do Facho (Cangas, Galicia)", *Acta Paleohispanica IX: Actas del 9. Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas,* Barcelona, 20-24 de octubre de 2004. Zaragoza, 823-835.
- 2010 "Postoloboso, Cabeço das Fraguas, Monte do Facho: três ejemplos de la romanización en la parte indoeuropea de la Hispania Antigua", en Th. Schattner - Mª. J. C. Santos, *Porcom, Oliam, Taurom. Cabeço das Fraguas, o santuário e o seu* contexto, Iberografías. Revista de Estudios Ibéricos 6. Guarda: Centro de Estudios Ibéricos, 89-108.
- 2019 *Die epigrafische Hinterlassenschaft des Heiligtums auf dem Monte do Facho (O Hio/ Cangas, Galicia)*. Madrider Beiträge, Band 38, 2 (Wiesbaden).

König, G.
- 1981 „Wandalische Grabfunde des 5. und 6. Jhs.", *Madrider Mitteilungen* XXII, 299-360.

López Alsina, F.
- 1988 *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media.* Santiago: Concello de Santiago de Compostela.

López Quiroga, J.
- 2004 "La presencia "Germánica" en Hispania en el siglo V d.c.", *Cuadernos de Prehistoria y Arqueología de la Universidad Autónoma de Madrid* 30, 2004, 213-223.

Maya González, J. L. - Álvarez Arza, R.
- 2001 "La estatua-pilar de Santa María de Tarañes (Ponga, Asturias) y su relación con la de Troitosende", *Complutum* 12, p. 137-142

Milcent, P.-Y
- 2012 *Les tempos des élites en Gaule Atlantique.* Rennes : Presses Universitaires de Rennes.

Millán González-Pardo, I.
• 1978 *Sobre las aras del santuario de Donón (Hio, Pontevedra) supuestamente dedicadas a Liber*, Publicaciones del Museo Municipal Quiñónez de León 1. Vigo.

Monteagudo
• 1977 *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel, Prähistorische Bronzefunde IX, 6,* München, C.H. Beck.

Morais, R. - Carreras, C.
• 2004 "Geografía del consum de les Haltern 70, zona atlántica", en Carreras, C. et alii, *Culip VIII i les amfores Haltern 70.* Girona: Monografías del Casc 5, 93-111.

Naveiro, J.
• 1985-86 "Marcas de ánforas em Galicia. El problema de los graffiti", *Pontevedra Arqueológica* II, 19825-86, 201-208.
• 1991 *El comercio antiguo en el noroeste peninsular.* A Coruña: Museo Municipal "Castelo de San Antón.

Obermeier, H.
• 1920 "Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia", en *Boletín Comisión Provincial de Monumentos Orense* VII, 1-21 e 25-47.

Peña Santos, A. de la
• 1982 "Excavaciones arqueológicas de urgencia en la provincia de Pontevedra durante el año 1981", en *El Museo de Pontevedra* XXXVI, 67- 82.
• 1992 "Santa Trega (Mos, Pontevedra)", *Arqueoloxía/Memorias* 11. Santiago.
• 1992 "Castro de Torroso (Mos, Pontevedra", *Arqueoloxía/Memorias* 11. Santiago.

Perea Cavada, A.
• 2016 "Cruz do fondeadeiro do Areal, Vigo", em A. Fernández - P. Barciela, *Emporium. Mil anos de comercio en Vigo.* Vigo, Concello de Vigo, 136-137.

Pérez Losada, F.
• 2000 "Xacemento de Noville: unha villa romana costeira na villa de Ferrol", *Brigantium* 12, 219-226.

Pérez Losada, F.
• 2002 Entre a aldea e a cidade. Estudio arqueohistórico dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia. *Brigantium* 13. Coruña, Museo Arqueolóxico do "Castelo de San Antón".

Pérez Losada, F. - Fernández Fernández, A. - Vieito Covela, S.
• 2008a "Toralla y las villas marítimas de la Gallaecia atlántica. Emplazamiento, arquitectura y función", en C. Fernández Ochoa - F. Gil Sendino (eds.), *Las villae tardorromanas en el occidente del Imperio: arquitectura y función*. IV Coloquio Internacional de Arqueología en Gijón, Gijón, pp. 479-504.

Pérez Losada, F. - Fernández Fernández, A. - Vieito Covela, S.
• 2008b "Cerámica fina de importación en Toralla (Vigo): abastecimiento y consumo en una villa costera atlántica tardorromana", en Fernández Ochoa, C. y Gil Sendino, F. (eds.), *Las villae tardorromanas en el occidente del Imperio: arquitectura y función*. IV Coloquio Internacional de Arqueología en Gijón, Gijón, pp. 575-585.

Pino Pérez, A.
• 2023 "Cambios en el paisaje como consecuencia de un episodio climático, en el contexto de la Pequeña Edad de Hielo (siglos XVI-XVII), en la feligresía de San Andrés de Hío (Cangas, Pontevedra)", *Cuadernos de estudios gallegos* 70, nº. 136, pp.161-181

Redentor, A.
• 2017 *A cultura epigráfica no Conventvs Bracaravgvstanvs (Pars occidentalis). Percursos pela sociedade brácara da época romana*, vol. I-II (Coimbra: Universidade de Coimbra).

Rey Castiñeiras, J.
• 1991-1992 "Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia occidental: Rias Bajas. Valoración dentro del contexto general de la cultura castreña", *Castrelos* 3-4, pp. 141-163.

Rey Castiñeiras, J. - Soto Barreiro, Mª. J.
• 2001 "El arte rupestre de Crastoeiro (Mondín de Basto-Portugal) y la problemática de los petroglifos en castros", en A. Dinis, *O povoado da Idade do Ferro de Crastoeiro (Mondín de Basto, Norte de Portugal).* Cadernos de Arqueologia, Monografías 13 (Braga). 159-200.

Rodríguez Colmenero, A.
- 1999 "Mougás y Donón: Dos santuarios rurales galaico-romanos del litoral atlántico", *El Museo de Pontevedra* LI, 1999, 381-411.

Rodríguez Colmenero, A. - Ferrer, S. - Álvarez, R. D.
- 2004 *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico (Conventos bracarense, lucense e asturicense),* Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Lage, S.
- 1974 *Las estelas funerarias de Galicia,* Ourense.

Rodríguez López, C.
- 1993 "Dos modelos de explotación del mar en la Galicia Castreña: el castro de Queiruga y el castro de Facho de Donon", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Volumen II (Vigo).

Rodríguez López, C. - Fernández Rodríguez, C.
- 1996 "Una aproximación al estudio de los yacimientos castreños del litoral galaico: dimensiones ambientales y económicas", en Ramil Rego, P.; Fernández Rodríguez, C. & Rodríguez Guitián (coord.). *Biogeografía Pleistocena-Holocena de la Península Ibérica,* Vilalba, pp. 363-375.

Rodríguez Martínez, R.
- 2018 "Reexcavando Santa Trega (A Guardia, Pontevedra). Nuevos datos y conclusiones del Barrio Mergelina", *Férvedes* 9, 107-116.
- 2021-2022 "Ritualización ou desigualdade social. O caso de Monte do Castro (Ribadumia, Pontevedra)*", Boletín Auriense* LI, 39-72.

Rodríguez Martínez, R. M. - Aboal, R.; Castro, V.; Cancela, C. - Ayán, X.
- 2011 "Una posible factoría prerromana en el Noroeste. Primeras valoraciones de la intervención en el Campo de A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra)", *Actas del 2º Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba (Lugo)*. *Férvedes* 7, Vilalba, 2011, pp. 167-173.

Rodríguez Morales, J. - Fernández, J. L. - Sánchez, J. - Benítez de Lugo, L.
- 2012 "Los *clavi caligarii* o tachuelas de cáliga. Elementos identificadores de las calzadas romanas", *Lucentum* XXXI, 2012, 147-164.

Romero Masiá, A.
- 1976 *El hábitat castreño. Asentamientos y arquitectura de los castros del N.O. peninsular*, Santiago de Compostela, C.O.A.G.
- 1987 "Obxetos metálicos no Castro de Borneiro", en F. Acuña coord., *Finis Terrae. Estudios en lembranza do profesor Alberto Balil,* Santiago de Compostela, pp. 131-196.

Rouselle, A.
- 1990 *Croire et guerir. La foi en Gaule dans l'Antiquité tardive,* Paris 1990.

Ruiz-Gálvez, Mª. L.
- 1979 "El depósito de Hio (Pontevedra) y el final de la Edad del Bronce en la fachada atlántica peninsular", *El Museo de Pontevedra* XXXIII, 129-150, passim.

Saavedra Vázquez, Mª. C.
- 2018 "O corsarismo e a piratería na Galicia dos Austrias", en VV.AA. *Cangas 1617. A defensa da vila,* Cangas, Concello de Cangas. pp. 115-145.

Sánchez García, J. A.
- 2004 *Faros. Historia y construcción de las señales luminosas de un finisterre atlántico,* A Coruña, Fundación Caixa Galicia.

Santos, Mª. J. C. - Schattner, Th.
- 2010 "O Santuário do Cabeço das Fráguas através da arqueologia", en Schattner, Th - Santos, Mª. J. C., *Porcom, Oliam, Taurom. Cabeço das Fraguas, o santuário e o seu* contexto, Iberografías. Revista de Estudios Ibéricos 6, Guarda,Centro de Estudios Ibéricos, pp. 89-108.

Santos Estévez, M. - Seoane Veiga, Y.
- 2006 "Os petróglifos do Castro de Montealegre: entre a pedra e o mar, R. Aboal e V. Castro", *O Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra),* Noia, Toxosoutos, pp. 55-76.

Schattner, Th. G. - Suárez Otero, J.
- 2020 "Altares votivos dedicados al Dios Lar Berobreus en el Monte do Facho (O Hío, Galicia). De lo formal a lo ritual", *Boletín Auriense* L, 399-442.

Schattner, Th. G. - Mariné, M. - Koch, M. - Geldmacher, N.
- 2006 "Postoloboso (Candeleda, Prov. Ávila) 2004/05. Bericht über die Kampagnen im Heiligtum des Vaelicus", en *Madrider Mitteilungen* 47, pp. 193-220.

Schattner, Th. G. - Guerra, A. - Fabião, C.
- 2009 "Die Idealköpfe des Endovellicus - eine Zwischenbilanz", en V. Gaggadis-Robin - A. Hermary - M. Reddé - C. Sintes (eds.). *Xe. Colloque International Sur l'Art Provincial Romain, Les ateliers de sculpture régionaux: techniques, styles et iconographie*, Arles et Aix-en-Provence, 21. - 23. Mai 2007, Arles, pp. 483-494.

Schattner, Th. G. - Suárez Otero, J. - Koch, M.
- 2004 "Excavaciones en el Monte Facho (O Hio/Galicia). campaña 2003", *Archivo Español de Arqueología* 77, pp. 23-72.
- 2005 "Bericht über die Ausgrabungen auf dem Monte Facho (O Hio/Galicien). Kampagne 2003", *Madrider Mitteilungen* 46, 2005, pp. 135-183.
- 2006a "Bericht über die Ausgrabungen auf dem Monte Facho (O Hio/Galicien). Kampagne 2004", *Madrider Mitteilungen* 47, 2006,
- 2006b "Monte Facho (O Hio, prov. Pontevedra) 2004. Excavaciones en el santuario de Berobreo", *Paleohispánica* 6, 2006, pp. 9-46.
- 2014 "Weihaltäre im Heiligtum des deus lar Berobreus aus dem Monte Facho (O Hio, Galicien)", en A. W. Busch - A. Schäfer (Hrsg.). *Römische Weihealtäre im Kontext*, Internationale Tagung in Köln vom 3. bis zum 5. Dezember 2009, Köln, pp. 27–35.

Schulze-Dörrlamm, M.
- 2002 *Byzantinische Gürtelschnallen und Gürtelbeschläge im Römisch- Germanischen Zentralmuseum, 1. Die Schnallen ohne Beschläg, mit Laschenbeschläg und mit festem Beschläg des 5. bis 7. Jahrhunderts*, Kataloge vor- und frühgeschichtlicher Altertümer 30, Maguncia.

Suárez Otero
- 1979 "Os Olleiros, nova estación da arte rupestre galega", *El Museo de Pontevedra* XXXIII, pp. 101-127.
- 1986 *A Idade do Bronce na Galicia: Aspectos ceramolóxicos. O Bronce Inicial*, Memoria de licenciatura inédita, Universidade de Santiago.
- 2002a "Die Bronzezeit in Galicien", *Madrider Mitteilungen* 43, 2002, pp. 1-21.
- 2002b "El puñal de Mesa de Montes. Metalurgia y cultura en el Bronce Atlántico del NO hispánico", *Gallaecia* 21, 2002, pp. 87-114.
- 2003 "Iria, Padrón, Santiago, geografía mítica y realidad arqueológica", en V. Almazán ed., *Padrón-Iria y las tradiciones jacobeas,* Santiago.
- 2004a "Ampulla bizantina", en F. Singul y J. Suárez (ed.), *Ata os confins do Mundo. Diálogos entre Santiago e o Mar,* Vigo, pp. 74 y 291.
- 2004b "Laura de Seira", en F. Singul y J. Suárez ed., *Ata os confins do Mundo. Diálogos entre Santiago e o Mar,* Vigo, pp. 86 e 295-96.
- 2005 "Os castros máis alá do «castrexo». Continuidade histórica ou recurrencia tópica?", en *O castro, um lugar para habitar*, Cadernos do Museu, Penafiel, Museu Municipal 11, pp. 281-293.
- 2011 "Descubrimiento y caracterización del Campaniforme gallego: La Península do Morrazo como paradigma", en Mª del P. Prieto y L. Salanova (eds.), *Las Comunidades Campaniformes en Galicia. Contextos con Campaniformes en el NW de la Peninsula Ibérica: Transformaciones sociales en el III y II milenios BC,* Pontevedra, pp. 266-285.
- 2014 "Punta de lanza de Dozón (Pontevedra). Armas e ritos no Bronce Atlántico", *Boletín Auriense* XLIV, 2014, pp. 315-328.
- 2015 "Monte do Facho, ¿castro ou santuario? A campaña do 2008 e a arquitectura sacra na cultura castrexa", *Portugalia.* Nova Serie, 36, Porto, pp. 5-19.
- 2017 "O Facho: Aras/Altares cristianizados- O Facho. Christianized Altars", in *Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en Gallaecia* (411-585). Catálogo, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, pp.172-173.

Suárez Otero, J. - Carballo Arceo, X.
- 2001 “Brandaríz (Vila de Cruces, Pontevedra). Unha nova punta de lanza do Bronce Final no NO hispánico”, *Boletín Auriense* XXXI, 2001, pp. 9-34.

Suárez Otero, J. - Fariña Busto, F.
- 1990 “A Lanzada. Aproximación a un yacimiento castreño atípico”, en *Madrider Mitteilungen* 31, 1990, pp. 309-338.

Suárez Otero, J. - Rodríguez Martínez, R. - Castro Lorenzo, Mª. L.
- 2021-2022 “Verbo das pegadas arqueolóxicas da ritualidade. A estrutura XXXII do castro de «O Facho»”, *Boletin Auriense* LI, pp. 73-132.


Suárez Otero, J. - Schattner, Th. G. - Koch, M.
- 2005 “Santuario galaico-romano de O Facho (Donón, O Hio, Cangas)”, en P. Barciela - J. Suárez (ed). *Para o deus Berobreo. Aras do Santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo,* Vigo, pp. 45-59.

Torres Rodríguez, C.
- 1985 *Paulo Orosio, su vida y sus obras,* Santiago, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Vázquez Varela, J. M.
- 1976 “Bases paleoetnológicas para el estudio de la pesca en la cultura castreña: Una investigación preliminar”, en *Boletín Auriense* VI, pp. 83-86.

Xusto Rodríguez, M.
- 2001 *O vidro provincial galaicorromano,* Ourense 2001.

Imaxes
O Facho, arqueoloxía dun *mons sacer*






Fig. 1. Monte do Facho. Localización xeográfica



Fig. 2 O Facho e a súa contorna (fot. AeroRec/Deputación de Pontevedra)




Fig. 3. O Facho. Topografía e áreas de ocupación. Bronce Final (**BF**); Idade do Ferro (**IF**): cuncheiro (**c**), murallas (**m**), foso (**f**); santuario galaicorromano (**S**). Idade Moderna (**IM**). Petróglifos prehistóricos (*****)





Fig. 4. A. Garita de vixilancia costeira na croa (s. XVIII).
Restos de vivendas da aldea de Punxeiro (s. XVII-XVIII) (fot. Equipo técnico. Campaña 2006)




Fig. 5. O Facho. Gravados rupestres. A. Panel con coviñas na ladeira leste. **B.** Fragmento de gravado rectilíneo na contorna da croa. **C.** Gravado entre os edificios do recinto interior. **D.** Pedra con coviñas ao pé da muralla. **E.** Combinación circular nunha pedra reempregada nun enlousado do castro (Fot. a-d. Equipo técnico. Campaña 2007; e. BIC Materiales y conservación)




Fig. 6. O Facho no Bronce Final. Oco abovedado da ladeira leste. **A**. Intervención no 1977. **B**. Intervención do 2006 (Fot. Arquivo Museo Pontevedra e Equipo técnico. Campaña 2006)




Fig. 7. O Facho no Bronce Final. A. Estrutura e cerámicas na croa.
B. Moldes dispersos entre os derrubamentos da ladeira norte (Fot. Equipo técnico. Campaña 2006 e 2008)




Fig. 8. O Facho. A croa e ladeira norte.
B. Vista xeral da área escavada (Fot. AeroRec/Diputación de Pontevedra)




Fig. 9. Plano da área escavada. I. Croa. II Plataforma superior. III Sector interior. IV. Sector exterior. M. Murallas








Fig. 10. O Facho I. Plataforma superior. Estruturas X e XI, baixo a área sacra do santuario galaicorromano. Anel de ouro orientalizante (Fot. Equipo técnico. Campaña 2005)





Fig. 11. O Facho I vs. O Facho II. A. Nivel de amortización (1) de estruturas do Facho I (2) baixo a área sacra do santuario galaicorromano (3). B. Reutilización da estrutura II como fragmento de ánfora grecoitálica ou Dresel IA (O) na amortización do Facho I. C. Substitutción dunha estrutura do Facho I pola XLVI do Facho II (Fot. Equipo técnico. Campañas 2005 e D. Piay/Deputación de Pontevedra)






Fig. 12. A croa, plataforma superior e partes alta e media do sector interior








Fig. 13. Edificios da parte baixa do sector interior e muralla (M)












Fig. 14. O Facho II. Cultura material. A. Denario de Augusto. B. Moeda da caetra. C. Fíbulas. D. Pequeno martelo de ferro. E. Conta de colar (Fot. BIC Materiales y Conservación)








Fig. 15. O Facho II. Cultura material. Cerámicas pintadas e finas bracarenses
(Fot. BIC, Materiales y Conservación; debuxo J. Fernández/Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)



Fig. 16. A. Couzón. B. Amarradoiros (Fot. John Patterson. Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)






Fig. 17. Estruturas con plataformas interiores da parte alta do sector interior, diante do muro de peche da plataforma superior




Fig. 18. Estrutura XX, con cipo cilíndrico no vestíbulo. Plataforma con serpentiforme na estrutura XX. Estrutura VII con plataforma oca e pedra fincada




Fig. 19. Estrutura XXXII, con plataforma, fosas e depósito ritual de puñal e coitelo



Fig. 20. Grandes estruturas con división interior. A. Estrutura XLIV, con pedra fincada no recinto posterior. B. Estrutura XLVI, con fogar na estancia dianteira



Fig. 21. Aras do santuario galaico-romano do Facho. Grupo 1 (ss. III-IV d.C).
(Fot. John Patterson. Instituto Arqueológico Alemán. Madrid)




Fig. 22. Aras do santuario galaicorromano do Facho. Grupo 2 (ss. V e VI d.C.)
(Fot. John Patterson. Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)





Fig. 23. Área sacra. Nivel de abandono. A aparición dos altares caídos *in situ*
(Fot. Monica Perkovic. Arquivo Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)



Fig. 24. Área sacra. Nivel de uso. Metade nororiental
(F. John Patterson. Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)




Fig. 25. Área sacra. Nivel de base. *Ubicaciones* e recintos que sostiñan e delimitaban os altares (Fot. Monica Perkovic. Arquivo Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)



A





B



Fig. 26. Reocupacións de edificios do castro polo santuario galaico-romano. A. Estrutura IV. B. Estrutura XXVI (Fot. Equipo técnico. Escavacións monte do Facho)




Fig. 27. O santuario: cultura material. A. Vidros. B. Cerámicas pintadas bracarenses. C. Fragmento de *terra sigillata* hispánica tardía. D. Imitación dunha cunca de *terra sigillata* hispánica tardía. E. *Clavi caligarii*. F. Tesoiras de ferro



Fig. 28. Moeda santuario. 1. Antoninianos 2ª metade s. III d.C. 2. Moedas de Constantino I 1ª metade s. IV d.C. Moedas da familia constantiniana, 2ª terzo s. IV d.C. (fot. BIC)




Fig. 29. Moeda do tesouriño do "Namorado". A-B. Grandes bronces altoimperiais. C. Antoniniano de Galieno (253-268 d.C.), *folles* de Maximiano (286-305 d.C.) e Constantino I (306-337 d.C.). (Fot. BIC)






Fig. 30. A. *Morracium*. O Facho (1). Santuarios: Lourizán (2); Figueirido (3); Meiro (4). Castros con aras: Monte Castelo (5); Liboreiro (6); As Sidades (7). Estelas funerarias: Sabarigo (8); Vilanova (9). Miliarios: Vilaboa-Figueirido (10); Salcedo (11); Pontevedra-Ponte do Burgo (12). B. Estela de Vilanova. C. Vila romana de Pinténs. (Fot. P. Figueiras Rey e F. Fariña)




Fig. 31. A. Aras a *Vestio Alonieco* de Lourizan (Marín). B. Aras de Meiro (Bueu).
Cara frontal e dorsal dun altar e fragmento doutro, coa parte inferior do campo epigráfico.
(Fot. Arquivo Gráfico. Museo de Pontevedra (A) e John Patterson. Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid (B)




Fig. 32. A . O final do santuario. A. Fragmento de pé de ara, reaproveitado pero chantado ao revés no bordo da área sacra. B. Ara con representación cruciforme esquemática. B. Ara con representación dun broche de cinto cruciforme. (Fot. John Patterson. Instituto Arqueolóxico Alemán. Madrid)



Capítulo 2

As aras do monte do Facho. Comentario lingüístico

Juan Carlos Búa Carballo



Índice capítulo 2

1. Prólogo 113

2. Introdución á documentación da teonimia prelatina hispano-occidental 114

3. Documentación e variantes da designación teonímica *deus Lar Berobreus* 123

4. Xacemento e localización das aras 124

5. Cronoloxía e tipoloxía das aras 126

6. Edición dos textos 127

7. Tipoloxía da escritura 132

8. O texto das aras 140

9. Ausencia do dedicante 145

10. Erros do lapicida 147

11. Abreviacións 150

12. Latín vulgar: *ara, posi, saute* 151

13. *Deus Lar Berobreus* e variantes: comentario lingüístico 156

14. Os nomes dos dedicantes 169

15. Bibliografía 172

1. Prólogo

Os textos das aras do monte do Facho son moi sinxelos e repetitivos. Diríase que non é moito o que se pode obter e comentar de tan pobre material e, con todo, resulta ser enormemente interesante pola historia tan arrevesada da súa interpretación; polo seu tipo de escritura con mestura de minúsculas cursivas tardías; pola súa lingua, en que afloran elementos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos, algúns moi sorprendentes (*saute*), da lingua latina falada local tardía, e pola súa onomástica de orixe prelatina, a designación teonímica *deus Lar Berobreus* con todas as súas variantes e mais os nomes de muller *Coemia* e *[R]ebur[i]na*. Por todo isto e outros aspectos máis que progresivamente se irán comentando nas seguintes páxinas, o corpus epigráfico deste santuario resulta ser unha verdadeira xoia lingüística do pasado da nosa lingua.

abl.	ablativo
acus.	acusativo
antrop.	antropónimo(s)
cast.	castelán
cf.	confer, confróntese
conc.	concello
dat.	dativo
dC.	despois de Cristo
dép.	departamento
dist.	distrito
epít. teon.	epíteto teonímico
fig.	figura
fregu.	freguesía
h.	hoxe
ie.	indoeuropeo
n.	número
nom.	nominativo
parr.	parroquia
pers.	persoa
pl.	plural
port.	portugués
prov.	provincia
salm.	salmantino
séc.	século
sg.	singular
teón.	teónimo(s)
top.	topónimo
xen.	xenitivo

Abreviaturas que se empregan ao longo do comentario

2. Introdución á documentación da teonimia prelatina hispano-occidental

No occidente da Península Ibérica coñécese un gran número de designacións teonímicas que en todo ou en parte presentan material lingüístico local prelatino. A totalidade desas denominacións procede de textos epigráficos de época romana[1].

"Prelatino" non equivale aquí a prerromano en sentido cronolóxico. Non se trata de designacións teonímicas que no seu conxunto xa existisen necesariamente antes da chegada dos romanos e do latín, senón que polo contrario unhas debían de existir antes e outras sen dúbida creáronse despois; unhas son herdeiras da relixión dos que vivían no noroeste peninsular antes da conquista e outras non teñen nada que ver con isto. O que teñen en común as designacións teonímicas total ou parcialmente prelatinas é algo puramente lingüístico: a presenza de polo menos un elemento que teña a súa orixe (directa ou indirecta) na lingua local, que por falarse aquí antes da latina chamamos prelatina. Pero esas linguas prelatinas seguiron falándose tras a conquista, así que cronoloxicamente son tanto de época prerromana como romana. O vasco é unha lingua prelatina que se segue falando hoxe en día.

Fronte ao que ocorre co ibérico, celtibérico e tartésico, en Galicia non temos ningunha documentación escrita prerromana, senón que toda a nosa información é posterior á conquista e introdución do alfabeto latino. Daquela, só coñecemos a nosa lingua prelatina na súa derradeira etapa e en circunstancias xa romanas, pouco antes da súa desaparición, nun contexto diglósico e cunha forte interacción (mutua) co latín.

"Designacións teonímicas" son as formas en que os deuses aparecen mencionados nas nosas fontes epigráficas. Estas denominacións poden constar dun ou varios elementos. As que aquí interesan presentan polo menos un elemento constitutivo de orixe lingüística prelatina e poden ter por tanto outro(s) latino(s).

1. En realidade, os teónimos tamén poden formar parte e documentarse, daquela, na toponimia. Así, por exemplo, o nome da cidade francesa de Lyon procede dunha forma antiga *Lugudūnum* que é un composto do teónimo **Lugu-* e do apelativo galo **dūno-* "castro, fortificación". Tendo isto en conta, é posible ou mesmo en principio probable que na toponimia de Galicia existan derivados ou compostos con antigos teónimos prelatinos. Un candidato moi inseguro sería, por exemplo, *Lubre*, que temos en Ares e Bergondo, prov. A Coruña, topónimo que se documenta na epigrafía latina como *Lubri* abl. entre os célticos supertamarcos, a situar neste caso por tanto non moi lonxe do río Tambre. O topónimo *Lūbris* ten aspecto de ser un composto en *-bri-*, que adoita identificarse coa palabra céltica **brig-* "outeiro; castro". O segmento precedente puido ser unha palabra monosilábica **Lū-*, pero isto sería un pouco raro. Entra así en consideración que **Lū-* sexa en realidade unha forma contracta, que podería vir de **Lugu-* con perda do *-g-*. De ser así, **Lu(g)u-bri(g)-* sería un equivalente semántico do galo *Lugudūnum*. O problema é naturalmente que a interpretación etimolóxica da toponimia prelatina é sempre hipotética e, xa que logo, no relativo á documentación teonímica, unha fonte de escaso valor propio e en todo caso supeditada sempre á epigráfica. O topónimo *Lūbris* non é nin pode ser proba de que en Galicia houbese un culto ao deus *Lugu-* ou aos deuses *Lugoves*. A argumentación debe ir en realidade en dirección contraria. O feito de que *Lugu-* e *Lugoves* estean documentados epigraficamente é o que nos certifica a súa existencia e nos permite ademais barallar a posibilidade de que *Lū-* teña esa orixe.
Diferente é o caso da hidronimia. Sabemos que os ríos se consideraban deuses ou, polo predominio das formacións femininas, máis habitualmente deusas (de feito *Dēva* < **deiu̯ā* "deusa" é un hidrónimo frecuente), polo que toda a hidronimia de orixe prelatina é en realidade simultaneamente unha teonimia. A hidronimia ten, con todo, unhas características e problemática moi especiais que fan recomendable o seu estudo por separado.
Outras divinizacións e teonimizacións de nomes de lugar como, por exemplo, de montes (*Larouco*, *Teleno* etc.), só son detectables se o seu culto deixa algunha pegada epigráfica.

Os "teónimos" son os nomes propios dos deuses, que en moitos casos se documentan acompañados dun ou dous adxectivos, tradicionalmente denominados "epítetos teonímicos". Con frecuencia as designacións teonímicas que constan de teónimo + epíteto(s) teonímico(s) aparecen reducidas aos epítetos con omisión do teónimo. Por este motivo, en moitos casos non sabemos de que teónimo se trata ou non podemos estar seguros de se estamos realmente ante dous epítetos con teónimo omitido ou o primeiro desa secuencia é en realidade un teónimo que só se documenta nun caso.

Exemplos:

a. *Naviae ob mertis Marcus Val(erius) vo(tum) po(suit)* (ara votiva de Lousame, prov. A Coruña; HEp online 25624).

"Marcus Valerius puxo o prometido (é dicir, esta ara votiva) a Navia merecidamente"[2]. Designación teonímica: *Naviae* dat. (teón.).

b. *Coso Oenaego G(aius) Iul(ius) Nepos ex vot(o)* (ara votiva de Coristanco, prov. A Coruña; HEp online 13921).

"Gaius Iulius Nepos (puxo esta ara) en cumprimento da súa promesa a Cosus Oenaegus". Designación teonímica: *Coso Oenaego* dat. (teón. + epít. teon.).

c. *Bande Velugo Toiraeco L(ucius) Lat[.]ius Blaes[u]s v(otum) l(ibens) a(nimo) s(olvit)* (ara votiva de Santa Maria da Feira, dist. Aveiro; HEp online 16769).

"Lucius Lat[.]ius Blaesus cumpriu a súa promesa gustosamente a *Bande*[3] *Velugo Toiraeco* (dat.)". Designación teonímica: *Bande Velugo Toiraeco* (teón. + epít. teon. 1 + epít. teon. 2).

d. *Deo domeno Cusu Nemedeco ex voto Severus posuit* e *Dom(ino) deo Nemedeco Severu[s S]aturnini f(ilius) ex voto posuit Homullus Catur[.]* (dúas aras votivas de Santo Tirso, dist. Porto; HEp online 8192 e 24152).

"Severus puxo (esta ara) en cumprimento da súa promesa ao deus señor Cusus Nemedecus", "Severus, fillo de Saturninus, puxo (esta ara) en cumprimento da súa promesa ao señor deus Nemedecus. Homullus, fillo de Catur(us/-o) (fixo)". Designación teonímica: nun caso *deo domeno Cusu Nemedeco* dat. (teón. + epít. teon.), no outro *dom(ino) deo Nemedeco* (só epít. teon.; teónimo omitido).

e. *Lari Ocaelaeco*[4] *Q(uintus) Apanicus Capito v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* (ara votiva de Sarreaus, prov. Ourense; HEp online 12749).

2. Neste tipo de textos figura habitualmente *aram* / *monumentum posuit* "puxo a ara / o monumento" ou *votum solvit* "cumpriu a promesa", ideas unificadas aquí baixo a expresión *votum posuit*. Tamén é habitual expresar que o cumprimento da promesa se fai "merecidamente" —é dicir, en pago á protección divina solicitada e recibida con plena satisfacción— mediante o ablativo *merito*. Aquí temos en cambio un xiro preposicional que debería ser *ob merita* ou *pro meritis*. A forma gravada *ob mertis* mostra unha confusión nos usos dos casos (abl. en vez de acus.) e unha variante sen *-i-* que pode deberse a verdadeira síncopa oral ou a un simple erro de gravación.

3. O teónimo *Bande* aparece en dativo singular da lingua indíxena. Trátase posiblemente dunha variante dialectal do dativo *Bandu̯e* (> *Bande*). O nominativo correspondente sería *Bandus*. Dado que a interpretación da forma e restitución do nominativo son inseguras optei aquí por manter a forma tal e como se documenta.

4. *Ocĕlum* é un topónimo ben coñecido. A forma *Ocaelaeco* presenta unha grafía hipercorrecta do *-ĕ-* mediante *-ae-*.

"Quintus Apanicus Capito cumpriu a súa promesa gustoso e merecidamente ao Lar Ocelaecus". Designación teonímica: *Lari Ocaelaeco* dat. (só epít. teon.). O teónimo omitido e substituído por *Lar* é neste caso descoñecido.

f. *Lari Circeiebaeco Proeneiaeco L(ucius) Campanius Macer v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* (ara do Pereiro de Aguiar, prov. Ourense; HEp online 6558).

"Lucius Campanius Macer cumpriu a súa promesa gustoso e merecidamente ao Lar Circeiebaecus Proeneiaecus". Designación teonímica: *Lari Circeiebaeco Proeneiaeco* dat. (só epít. teon. 1 + epít. teon. 2). O teónimo omitido, e substituído aquí tamén por *Lar,* é descoñecido.

g. *Deo Vestio Aloniego aram p(osuit) Severa [.....]* (ara votiva de Pontevedra, prov. Pontevedra; HEp online 14011).

"Severa (...) púxolle esta ara ao deus Vestius Aloniegus". Designación teonímica: *deo Vestio Aloniego* dat., probablemente só epít. teon. 1 + epít. teon. 2, pero non pode descartarse que *Vestio* dat. poida ser un teónimo que polo de agora só estea aquí documentado.

Entre as designacións teonímicas con material lingüístico prelatino teñen un interese lingüístico moi especial as que aparecen sen latinizar, é dicir, integradas directamente, sen traducir, nun texto latino, en textos que por tanto son bilingües. "Bilingüe" debe entenderse aquí no sentido de que presenta un cambio de lingua (alternancia de código, *code-switching*) no seo dun único e mesmo texto ou, dado que a epígrafe adoita constar dunha soa e breve oración, no interior dunha única e mesma oración, non no sentido de que teñamos dous textos, un nunha lingua e outro noutra. Imaxinemos un texto redactado basicamente en castelán que dixese: "Antonio López construyó esta capilla *na honra de San Breixo de Barro / San Martiño de Gargantáns / San Antoniño de Penalba / San Benitiño de Lérez* en complimiento de una promesa". A principal diferenza estaría en que aquí o equivalente ao obxecto indirecto se expresa mediante un xiro preposicional (*na honra de* ≈ *para*), mentres que nos nosos textos antigos temos unha terminación de dativo ás veces latinizada, ás veces sen latinizar.

A parte que pode estar en lingua prelatina corresponde sempre á designación teonímica, sexa no seu conxunto ou só en parte. Sintacticamente é, xa que logo, o obxecto indirecto da oración, polo que se documenta sen excepcións en dativo singular ou plural. Así, do paradigma flexivo da lingua indixena só nos é dado coñecer este caso.

Este é o motivo polo que algúns teónimos documentados adoitan ser mencionados convencionalmente na forma de dativo en que aparecen (o deus *Reve*, o deus *Bandue* etc.), o que non parece moi lóxico, pero se xustifica polo feito de que a forma de nominativo correspondente non sempre é facilmente deducible deses dativos. Cando é obvia, como ocorre cos temas en *-a-*, nunca se usa a forma de dativo (nunca se di por exemplo a deusa *Naviae*, senón *Navia*). Non obstante, o certo é que, cando se usa a forma documental, sería máis correcto engadir sempre a indicación de que se trata dun dativo. Mellor, por tanto, o deus *Reve* dat., o deus *Bandue* dat. etc.

Hai designacións teonímicas unimembres en lingua prelatina, designacións teonímicas plurimembres (normalmente bimembres, pero tamén algunhas máis extensas) en lingua prelatina e designacións teonímicas plurimembres en que o teónimo está en lingua prelatina e os demais complementos en latín. Nunca é codigoalternante ou suicheante unha designación teonímica encabezada por un elemento latino (*deo* / *deae*, *Laribus* etc.) ou latinizado (*Coso*, *Reo* etc.).

Exemplos:

a. Designación teonímica unimembre en lingua prelatina

Valerius Cuntarioni Cohue pro Longino l(ibens) v(otum) s(olvit) (ara votiva de Monfero, prov. A Coruña; HEp online 32356, 32786).

"Valerius, (fillo) de Cuntarionus, cumpriu gustoso a promesa a(o deus) *Cohue* (dat.) en beneficio de Longinus".

O teónimo *Cosus*, que na súa forma latina se documenta como *Coso* en dat. sg., aparece aquí como *Cohue*. Esta forma presenta a terminación de dat. sg. *-ē* (< indoeuropeo **-ei*) propia da flexión atemática da lingua prelatina e mais unha aspiración do *-s-* intervocálico (**Cosu-* > *Cohu-*) propia da área dialectal local da que procede o documento. *Cohu-* < **Cosu-* móstranos ademais que a forma orixinal do nome era un tema en *-u-*, aínda que non adoite aparecer latinizado pola cuarta declinación latina, como propiamente lle correspondería, senón pola segunda. O motivo é que na flexión nominal latina vulgar a cuarta declinación deixara de ser produtiva e tendía a desaparecer, mentres que a segunda era a que presentaba e producía máis nomes comúns e propios de xénero masculino e neutro.

b. Designación teonímica bimembre en lingua prelatina

Lugubo Arquienobo C(aius) Iulius Hispanus v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito) (ara votiva de Sober, prov. Lugo; HEp online 19111).

"Gaius Iulius Hispanus cumpriu gustoso e merecidamente a promesa a(os deuses) *Lugubo Arquienobo* (dat. pl.)".

Os deuses *Lugoves*, así nunha inscrición de Avenches, Neuchâtel, Suiza (*CIL* XIII 5078), están documentados en Soria na súa forma latinizada como *Lugovibus* dat. pl., mentres que aquí presentan a forma *Lugubo*. Neste caso atopamos a terminación de dat. pl. *-bo* (< ie. **-b^{h}o*) dun tema *Lugu-*, mentres que as latinizacións anteriores seguen o modelo flexivo da terceira declinación. No caso de *Arquienobo* temos un adxectivo coa mesma terminación *-bo* de dat. pl. aplicada a un tema masculino *Arquieno-*. Se a designación teonímica estivese en latín, teriamos **Lugovibus Arquienis* ou, no caso de seguir a cuarta declinación, **Lugubus Arquienis*.

c. A designación teonímica en lingua prelatina máis extensa documentada é a seguinte:

Deibabor igo deibobor Vissaieigobor Albinus Chaereae f(ilius) v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito) (ara votiva de Viseu, dist. Viseu; HEp online 26087).

"Albinus, fillo de Chaereas, cumpriu gustoso e merecidamente a promesa a(os deuses) *Deibabor igo deibobor Vissaieigobor* (dat. pl.)"

Se o apartado teonímico estivese en latín, teriamos aquí por exemplo *Diis Deabusque Visaiensibus,* "aos deuses e deusas (protectores) de Viseu". A versión prelatina documentada presenta en cambio toda unha serie de particularidades lingüísticas que a fan enormemente interesante. En primeiro lugar vemos que a terminación de dat. pl. na variedade local da lingua prelatina é *-bor*, que vén de **-boz* < **-bos* (< ie. **-b^{h}os*) con sonorización e posterior rotacismo do *-s* final, aplicada a un tema femenino *deiba-* e masculinos *deibo-* e *Vissaieigo-*. En canto ao léxico temos as palabras *deibo-* "deus" (masc.) < ie. **deiu̯o-* e *deiba-* "deusa" (fem.) < ie. **deiu̯ā-* con conservación do ditongo *-ei-* e betacismo. O adxectivo *Vissaieigo-* < **Visai-aico-* presenta palatalización **-iai-* > *-iei-*, sonorización intervocálica *-VcV-* > *-VgV-* e grafía do *-s-* xordo intervocálico mediante *-ss-* dobre. Esta representación gráfica débese a unha interferencia co latín. Na lingua prelatina o *-s-* simple intervocálico era xordo (e podía chegar a aspirarse dialectalmente), mentres que no latín vulgar tardío o *-s-* simple intervocálico se sonoriza (cf. port. *Viseu* < lat. *Visaeum*, que conserva o [-z-] sonoro) e o *-ss-* dobre se simplifica e conserva xordo. Isto provoca que, ao querer escribir o [-s-] xordo prelatino, se recorra ao SS dobre latino. A conxunción copulativa é *igo*, equivalente do lat. *et* ou *-que*. En canto á formación de palabras, o sufixo utilizado para crear o derivado toponímico é *-aico-*, equivalente do latino *-ensis*. E, por último, en canto á orde de palabras vemos que, mentres en latín o habitual nas dedicatorias aos "deuses e deusas" dun determinado lugar é a orde masc. + fem., na lingua indíxena atopamos a contraria, fem. + masc.

d. Designación teonímica con mestura lingüística

Revve Anabaraego Severus Luperci v(otum) s(olvit) l(ibens) a(nimo) (altar de Ourense, prov. Ourense; HEp online 33106)

"Severus, (fillo) de Lupercus, cumpriu gustoso a promesa a(o deus) *Revve Anabaraego*"

O teónimo *Reus*, que na súa forma latina se documenta como *Reo* en dat. sg. [5], aparece aquí como *Revve*, variante gráfica de *Reve*, que se rexistra na variante *Reve Anabaraeco* do mesmo lugar, coa terminación de dat. sg. atemática *-ē* (< ie. **-ei*) da lingua prelatina. A grafía de *Reve* coa reduplicación *-vv-* débese probablemente á fricativización intervocálica *-Vu̯V-* > *-VβV-* (betacismo). O adxectivo *Anabaraego* presenta en cambio a terminación flexiva latina, co ditongo latino *-ae-* e con sonorización do *-c-* intervocálico, de xeito que o cambio de lingua se produce aquí dentro do sintagma teonímico. A designación teonímica en forma completamente latina sería **Reo Anabaraeco;* en forma completamente prelatina, **Reve Anabaraicoi*.

5. O tema *Reu-* foi adaptado ao latín pola segunda declinación, como sucedeu tamén con *Cosus*.

A pesar de que este fenómeno do cambio de lingua na designación teonímica xa era ben coñecido noutras zonas (especialmente no ámbito dos nomes de *Matres* ou *Matronae* renanas), aquí tardou en recoñecerse e só foi sistematicamente tido en conta a partir da edición de Búa (2000). A incomprensión deste fenómeno motivou que na literatura científica se instalasen designacións como ***Reva* ou ***Bandua* (a partir das formas prelatinas *Rev-e* e *Bandu-e*, interpretadas como se fosen variantes latinas vulgares de presuntos ***Revae* e ***Banduae*) ou tamén ***Banda* (a partir de *Band-e*). Mais estas non son máis ca monstrosidades lingüísticas que nunca se deberon introducir e lamentablemente serán moi difíciles de erradicar por descoñecemento duns, inercia doutros e recalcitrante teimosía duns cantos irredentos máis.

A inmensa maioría das designacións teonímicas está en latín, sexa latín culto, sexa latín vulgar, ou sexa ás veces tamén un latín con distintos erros (orto)gráficos motivados polas máis distintas causas. As formas que non seguen a ortografía e/ou a morfoloxía do latín culto son ás veces claramente latinovulgares, pero nalgúns casos non está claro se son realmente propias da lingua latina ou prelatina local (por exemplo os dativos en *-a*). Nese caso, e salvo que algún argumento adicional leve a pensar o contrario, debe darse prioridade á súa interpretación latina, dado que así será sen dúbida na gran maioría dos casos. Con todo, un certo risco de equivocación neste proceder é inevitable.

Exemplos:

a. Na inscrición prelatina do Cabeço das Fráguas (Sabugal, dist. Guarda; HEp online 23173) temos distintos dativos teonímicos como *Reve* (dat. sg.), *Trebarune* (dat. sg.) e *Labbo* (dat. pl.) e formas en *-a* como *Trebopala,* que, pola súa posición sintáctica paralela ás outras formas, debería ser tamén dativo. Na inscrición prelatina de Arronches (dist. Portalegre; HEp online 27346) temos en cambio *Broeneiae* con dativo en *-ae*. Isto significa que a lingua prelatina puido ter un dativo en *-a*, pero de momento, en todo caso, só atribuíble á fala local do Cabeço das Fráguas.

b. Nunha ara votiva de Madroñera, prov. Cáceres (HEp online 16773), figura o seguinte texto: *Saturninus Tonci Bellona v(otum) l(ibens) p(osuit)* "Saturninus, fillo de Tongius, puxo gustoso o prometido a Bellona". Dado que *Bellona* é un teónimo latino, neste caso debe de tratarse dun dativo latino en *-a*, como se documenta noutros textos claramente latinovulgares de calquera outro lugar. Por exemplo, *Covetina agusta votu manibus su[is] Saturninus fecit Gabinius* (Hübner 1877, 270-271; RIB 1531) de Carrawburgh, Northumberland, Inglaterra, "Saturninus (que primeiro omite, pero ao final engade Gabinius, por tanto: Gabinius Saturninus) fixo o prometido (este recipiente) coas súas propias mans para a augusta deusa Coventina". Ademais do dativo en *-a*[6] son tipicamente latinovulgares a forma *agusta* sen ditongo en lugar de *augusta* e *votu* sen *-m,* "fixo o prometido".

c. Nun monumento de Mérida do ano 58 dC. dedicado a unha divindade local por uns inmigrantes oriundos de Termes, h. Montejo de Tiermes, Soria (HEp online 22951), atopamos o seguinte texto: *[... Nerone] Claudio*

6.Véxanse máis exemplos británicos en Smith 1983, 931.

Caesare III co(n)s(ule) Vitulus et Proculus Valeri fratres Tarmest(ini) Lacipaea votum solver(unt) l(ibentes) m(erito), "sendo Nero Claudius Caesar cónsul por terceira vez, os irmáns Vitulus e Proculus, fillos de Valerius, procedentes de Termes, cumpriron a súa promesa gustosos e merecidamente a Lacipaea", onde o teónimo *Lacipaea* é de orixe lingüística prelatina e aparece usado cunha terminación en *-a* en función sintáctica de obxecto indirecto. Debemos interpretar este dativo en *-a* de Mérida [lugar A] en boca duns individuos procedentes da zona de Soria [lugar B] como o mesmo presunto dativo en *-a* prelatino do Cabeço das Fráguas [lugar C] polo simple feito de que *Lacipaea* sexa un nome etimoloxicamente prelatino ou tratarase máis ben do coñecido dativo en *-a* latinovulgar? A segunda opción parece máis lóxica.

d. Nun altar do Fundão, dist. Castelo Branco (HEp online 19979), o texto di así: *ara pos(uit) Toncius Toncetami f(ilius) Icaedit(anus) milis Trebarune l(ibens) m(erito) v(otum) s(olvit)* "Tongius, fillo de Tongetamus, igaeditano, soldado, puxo esta ara a *Trebarune* (dat.), cumpriu a súa promesa gustoso e merecidamente". O uso do acusativo *ara* sen *-m* e mais a forma hipercorrecta do nominativo *milis* en vez de *miles* cadran ben coa opción de interpretar *Trebarune* como forma latinovulgar dun dativo **Trebarunae*. Pero resulta que *Trebarune* dat. é a forma que o teónimo presenta na inscrición en lingua prelatina do Cabeço das Fráguas e noutras inscricións latinas aparecen as variantes *T[r]ebaroni* dat. en Coria, Cáceres (HEp online 16758), e *Triborunni* dat. en Cascais, Lisboa (HEp online 18502), todos dativos dun tema en *-n-* (con terminación *-e* < **-ei* na lingua prelatina, como *Rev-e*, *Bandu-e* etc.; *-i* nas formas correspondentes latinas). Nunha inscrición de Cabeço dos Tiros, Idanha-a-Nova, dist. Castelo Branco (HEp online 20305), o teónimo foi lido como *Trebaronna*, o que mostraría a existencia dun tema en *-a-* á beira do máis común en *-n-*, pero o máis probable é que o comezo deste texto se deba ler *Trebaron[i]* | *M(arcus) Protae(dus)*, como propón Cardim Ribeiro (2014, 128), de xeito que en realidade o único seguro e reiterado é a existencia do tema en *-n-*. Nestas circunstancias non ten sentido decantarse por interpretar *Trebarune* como forma latina vulgar de ***Trebarunae*. Aquí debe priorizarse a súa interpretación como tema en *-n-* en lingua prelatina, idéntica á que temos no Cabeço das Fráguas.

Os teónimos poden clasificarse en primarios ou secundarios. Teónimos primarios son os que só coñecemos no seu uso como nomes de deuses. Os teónimos secundarios identificables e indentificados son nomes de distintos accidentes xeográficos (especialmente ríos e montes) ou calquera outro lugar, é dicir, hidrónimos, orónimos ou topónimos en xeral, que, polo motivo e polo proceso que fose, se usaban ou usaron tamén como teónimos.

Constitúen un tipo especial as designacións teonímicas secundarias ou elípticas. Trátase de designacións teonímicas plurimembres —é dicir, as que na súa forma orixinal e completa constan dun teónimo primario seguido dun ou dous epítetos teonímicos—

que se documentan con omisión do teónimo e reducidas por tanto ao(s) seu(s) epíteto(s). Este fenómeno é moi frecuente e é o motivo polo que parece que teñamos tantísimos "deuses indíxenas". Efectivamente no occidente da Península Ibérica temos unha riquísima documentación epigráfica de designacións teonímicas con material lingüístico prelatino, pero todas e cada unha delas non corresponden a un teónimo diferente nin son todas, xa que logo, nomes de deuses diferentes. Moitas son simplemente designacións elípticas, advocacións locais dun mesmo deus con teónimo omitido ou sobreentendido.

Exemplos: *Aegiamunniaego* de Viana do Bolo, Ourense (HEp online 8350); *Barciaeco* de Tineo, Asturias (HEp online 14487); *Caesariciaeco* de Jarilla, Cáceres (HEp online 23160); *Kassaeco* de Lisboa, Lisboa (HEp online 22694); *Paisicaico* de Vouzela, Viseu (HEp online 23178); *Senaico* de Braga, Braga (HEp online 6531); *Genio Tiauranceaico* de Ponte de Lima, Viana do Castelo (HEp online 6409); *Deo Vagodonnaego* de Carrizo, León (HEp online 8447); *Deo Mentoviaco* de Zamora, Zamora (HEp online 8439); *Turiaco* de Santo Tirso, Porto (HEp online 8191); *Aquilianico* de Meis, Pontevedra (HEp online 14028); *Deo Durbedico* de Guimarães, Braga (HEp online 11892); *Tabudico* de Cantanhede, Coimbra (HEp online 7038); *Tameobrico* de Castelo de Paiva, Aveiro (HEp online 8194); *Albucelainco* de Viseu, Viseu (HEp online 20593); *Lari Pemaneieco* de Vilamarín, Ourense (HEp online 15171); *Castaecis* de Vizela, Braga (HEp online 8228); *Laribus Cerenaecis* de Marco de Canaveses, Porto (HEp online 8201); *Setandianiegis* de Cuntis, Pontevedra (FE 2023 839); *Candeberonio Caeduradio* de Amares, Braga (HEp online 6530); *Devaco Caburio* da prov. de León (HEp online 11992) etc.

As designacións teonímicas aparecen baixo distintas variantes que poden ter moi distintos motivos:

- Variantes gráficas: por exemplo, no caso de *Naviae* de Lousame, A Coruña (HEp online 25624), vs. *Nabiae* de Sarreaus, Ourense (HEp online 11955), onde a alternancia gráfica *-v-* vs. *-b-* se debe á confluencia da semiconsonante *-u̯-* e da oclusiva *-b-* intervocálicas nun son bilabial fricativo, fenómeno coñecido como betacismo. *Naviae* e *Nabiae* representan a mesma realidade fonética [naβjae̯]. Outras variantes gráficas son hipercorrectas. Así ocorre no exemplo citado anteriormente de *Lari Ocaelaeco* de Sarreaus, Ourense (HEp online 12749), en vez de **Ocelaeco*, derivado do topónimo *Ocĕlum*.

- Variantes diacrónicas ou evolutivas: por exemplo, *Reve Anabaraeco* (HEp online 16599) *vs. Revve Anabaraego* (HEp online 26582). No teónimo temos unha alternancia *-v-* vs. *-vv-* que pode ser só gráfica, é dicir, que tanto *-v-* como *-vv-* estean representando o mesmo son, probablemente a fricativa bilabial sonora [β]. Pero no caso de *Anabaraeco* vs. *Anabaraego* temos unha alteración diacrónica *-aeco* > *-aego* con sonorización do *-c-*, é dicir, do [k] intervocálico. A forma *-aeco* é por tanto lingüisticamente máis antiga. Isto non significa, porén, que a inscrición con *-aeco* sexa máis antiga ca a que ten *-aego*, dado que despois do cambio oral *-aeco* > *-aego* na escrita seguiu usándose *-aeco*.

- Variantes fonéticas intratextuais: nun texto de Santo Amaro, Ourense (HEp online 16708), figura *Bandu Alanobrigue Aemilius Reburrinus*, onde sorprende o dativo en *-ue* en vez do ben documentado *-ūi* (< *-*ōi*). Dado que *-ue* só se documenta aquí, a causa desta diverxencia pode ser tamén propia e exclusiva deste texto. Non hai nada en *Alanobrigue* que puidese provocar este cambio, pero a designación teonímica precede o nome do dedicante que empeza por *A-*. Tendo en conta que o cambio *ia* > *ea* é moi frecuente (por exemplo, nos antrop. *Coemia* > *Coemea*, *Coelia* > *Coelea*; teón. **Crouciai Macariaicoi* > *Crougeai Magareaigoi* de Lamas de Moledo, Castro Daire, dist. Viseu, HEp online 18975; tamén en material latino como no teón. *Dianae* > *Deane* de Toén, prov. Ourense, HEp online 16702 etc.), é moi verosímil que aquí se producise o mesmo cambio, pero en fonética sintáctica:... *Alanobrigui Aemilius*... >... *Alanobrigue Aemilius*...

- Variantes fonéticas dialectais: a terminación de dativo singular temático indoeuropea *-*ōi* tende a conservarse no noroeste da Península Ibérica, escrita como *-oi* ou baixo a variante gráfica latinizante *-oe*: teón. *Magareaigoi* de Lamas de Moledo (HEp online 18975), *Toudadigoe* de Xinzo de Limia, prov. Ourense (HEp online 8375). Na área centrooccidental predomina en cambio *-ui*: teón. *Marandigui* < **Maranticōi* de Vila Real, dist. Vilar Real (HEp online 16423), *Vordeaigui* < **Vortiaicōi* de Meda, dist. Guarda (HEp online 25444) etc. O teón. **Cosu̯ei* > **Cosu̯ē* dat. aparece en Friol, prov. Lugo, e Monfero, prov. A Coruña, como *Cohue* con aspiración do *-s-* intervocálico (HEp online 19102 e 32356 = 32786). O teón. *Proinei[..]* de Sarreaus, prov. Ourense (HEp online 12416), e *Proeneia-* (base do epíteto *Proeneiaeco*) do Pereiro de Aguiar, prov. Ourense (HEp online 6558), aparece como *Broeneiae* en Arronches, Portalegre (HEp online 27346), coa mesma lenición que presenta o topónimo **Pletisama* > *Bletisama*, h. Ledesma, prov. Salamanca (HEp online 21796, 21797, 26085).

- Variantes flexivas dialectais: os dativos teonímicos **Cosue* e *Bandue* son temas en *-u-* masculinos (*Cosu-*, *Bandu-*) coa terminación de dativo singular ie. *-*ei* > *-ē*, pero na área lusitana interior aparecen como *Cosi* e *Bandi* por motivos que se descoñecen. O teónimo plural *Lugoves*, que en orixe é un tema en *-u-* (*Lugu-*, pl. *Lugo̯u-es*) documéntase en Burgo de Osma, prov. Soria, como *Lugovibus* (HEp online 8644), dativo da terceira declinación latina, mentres que en Lugo temos *Lugubus* (HEp online 16032), dativo da cuarta.

- Variantes derivativas: en Santa Maria da Feira, dist. Aveiro (HEp online 16770 e 16769), documentamos un epíteto teonímico baixo as formas *Tueraeo* e *Toiraeco* dat. (< **Toira̯io-* vs. **Toiraico-*); *Vordio* dat. vs. *Vordeaeco* dat. en Carrazeda de Ansiães, dist. Bragança (HEp online 7195), e *Vorteaeceo* dat. no Fundão, dist. Castelo Branco (HEp online 20303) (< **Vorti̯o-* vs. **Vorti̯aico-* e **Vorti̯aici̯o-*).

- Variantes interlingüísticas: os teónimos poden aparecer na súa forma latinizada. Por exemplo, *Coso* dat. en Galicia (HEp online 13888, 13921 etc.); *Reo* dat. en Lugo (HEp online 19081) e Vizela, dist. Braga (HEp online 8227); *T[r]ebaroni* dat. en Coria (HEp online 16758), prov. Cáceres etc. Tamén poden aparecer sen latinizar, como por exemplo, *Cossue* dat. en Bembibre, prov. León (HEp online 19206); *Reve* dat. na cidade de Ourense (HEp online 16599) e outros lugares; *Trebarune* no Fundão, dist. Castelo Branco (HEp online 19979), dativos en (ie. *-*ei* >) *-ē* dos temas *Cosu-*, *Reu̯-* e *Trebarūn-,* respectivamente.

- Heterónimos (nomes distintos equivalentes) prelatinos e latinos por *interpretatio romana*; é dicir, por identificación ou asociación dun deus local a un deus romano. En Alcuéscar, prov. Cáceres, documentamos numerosas aras dedicadas a unha deusa local chamada *Turibri Ataecinae* dat. con frecuencia cualificada como *dea domina sancta* (HEp online 22900 etc.). Noutros lugares aparece como *Ataecinae Turobrigae* dat. (HEp online 1861), entre outras variantes. Nunha inscrición conservada en Oña, prov. Burgos, figura *Ataecinae [T]uribrigae Proserpinae* dat. (HEp online 33386), fenómeno que reaparece en distintas ocasións. Temos aquí por tanto unha *interpretatio* de *Ataecina Turibriga* a través de *Proserpina*. Noutras epígrafes figura só por exemplo *Proserpinae sanctae* (Elvas, dist. Portalegre, HEp online 21233) ou *Deae sanc[tae] Proserpin[ae]* (Mérida, prov. Badajoz, HEp online 32979), aínda que se trata probablemente desta mesma hibridación teonímica.

No caso que aquí nos ocupa, o *deus Lar Berobreus* (léase *Beróbreus*), atopamos tamén distintas variantes das que trataremos con detalle nos capítulos e parágrafos correspondentes.

3. Documentación e variantes da designación teonímica deus Lar Berobreus

A documentación da designación teonímica *deus Lar Berobreus* é, en comparación con outras, moi rica e abundante. Doutras moitas formas teonímicas só temos un único ou moi escasos testemuños, o que ás veces dificulta moito ou mesmo impide establecer con seguridade a súa lectura e interpretación. Para o *deus Lar Berobreus* contabilízanse unhas 180 pezas de ara, das que a maioría son só fragmentos. Calcúlase que en total deben de ser, como mínimo, unhas 100 aras. Algunhas están completas, moitas incompletas, doutras só conservamos pequenos fragmentos de maior ou menor tamaño. Parte das aras carece de inscrición.

Todo este material está actualmente almacenado en distintos lugares, segundo a época en que foi aparecendo. As primeiras 12 ou 15 aras localizadas nos anos 1960 foron levadas para o Museo municipal de Vigo "Quiñones de León". Unha delas está actualmente cedida ao Museo do Mar de Galicia. As 19 seguintes, localizadas nos anos 1970, foron para o Museo de Pontevedra. A casualidade quixo que dunha das aras o fragmento superior estea en Pontevedra e o inferior en Vigo (n. 40 do noso catálogo). A escavación do santuario nas campañas 2003-2006 sacou á luz o volume restante de pezas, almacenado actualmente no soto do auditorio de Cangas. Unha delas atópase provisionalmente no taller de restauración

BIC Materiales y Conservación de Lourizán, Pontevedra. Algunhas pezas están perdidas (por exemplo a n. 55 do noso catálogo), mesmo unha que se supón que ingresou no museo de Pontevedra (n. 6) e outra que posiblemente ingresou no de Vigo (n. 54).

Tal abundancia sitúa este corpus documental á altura doutros coma o de *Endovellicus* (São Miguel da Mota, conc. Alandroal, dist. Évora, Portugal), *Ataecina* (co seu centro de irradicación en Santa Lucía del Trampal, conc. Alcuéscar, prov. Cáceres, e documentación exterior moi dispersa) ou *Vaelicus* (Postoloboso, conc. Candeleda, prov. Ávila).

Naturalmente, canto maior sexa a cantidade de testemuños de que dispoñemos máis variantes poden e van saír á luz e mellor informados estaremos das distintas formas que adoptou a designación teonímica e da súa historia lingüística. No caso de *Berobreus* resulta, porén, que, por unha parte, a partir dun determinado momento se impuxo unha forma estándar da designación teonímica (*deo Lari Berobreo* dat. sg.), que é a que predomina dun xeito case absoluto na documentación, e, por outra, moitos dos restos están fracturados, incompletos e moi deteriorados, o que dificulta moito a correcta e segura lectura desas formas que excepcionalmente diverxen da variante estandarizada e teñen moi especial valor lingüístico.

As variantes documentadas son de moi distinto tipo. Unhas son variantes puramente gráficas, como as abreviacións (n. 8, 26 e 45 do noso catálogo) e mais os posibles ou probables erros dos lapicidas (n. 13 e 20). Outras son variantes gráficas que reproducen diverxencias na pronuncia e son por tanto tamén variantes fonéticas (n. 9, 27, 39, 40 e posiblemente 49: *Brobreo*, *Beirrobreo*, *Berrobreo, Berro(breo)*). Outras variantes non afectan a *Berobreo*, senón aos elementos latinos que o acompañan e, desa maneira, á designación teonímica no seu conxunto. E, por último, pero non menos importante, temos a variante morfolóxica *Deo Berobrieco* (n. 1, léase *Berobriéco*). Todas estas variantes serán comentadas en detalle máis abaixo.

4. Xacemento e localización das aras

O santuario do *deus Lar Berobreus* está situado no alto do monte do Facho, que se ergue sobre os acantilados da chamada Costa da Vela ou Soavela[7], fachada atlántica da península do Hío, extremo occidental da península do Morrazo, preto da aldea de Donón, parr. Santo André do Hío, conc. Cangas, prov. Pontevedra, entre as rías de Vigo e Pontevedra, entre as illas Cíes e Ons. Os datos que a continuación se reúnen son extraídos das distintas publicacións de Suárez en colaboración con Fariña, Schattner e Koch.

O cumio do monte do Facho elévase 184 m sobre o nivel do mar, sobre o que destaca maxestoso na súa espectacular grandiosidade. Pola súa caeira sur-sueste hai un asentamento do Bronce Final

7. *Facho* e *Vela* (*Soavela = so a vela* "debaixo do lugar no que se fai a vela") son topónimos que fan referencia ao posto militar de vixilancia alí establecido entre mediados do séc. XVIII e mediados do XIX, do que queda a garita como resto máis visible. *Vela*, abstracto do verbo *velar*, concretado no sentido de "posto de vixilancia", e *Facho*, en referencia ao procedemento de facer lume de noite e fume de día para avisar dos perigos, son topónimos costeiros recorrentes. No Vicedo volvemos ter os dous topónimos inmediatos *monte da Vela* e *Facho*; ademais hai un *monte da Vela* en Camariñas, outro en Valdoviño; *monte do Facho* en Fisterra, *monte Facho* en Muxía, outro en Ribeira etc.

(séc. IX-VII). No alto e cara ao norte con proxeccións cara ao leste e oeste hai un castro da Idade do Ferro datado fundamentalmente entre os séculos I a.C. e mediados do séc. I d.C., pero con restos cerámicos de época anterior (séc. IV-II), rodeado dun sistema defensivo conformado por tres liñas de murallas e un pequeno foso no extremo noroccidental do monte.

O santuario data de finais do séc. III d.C. a finais do século IV ou principios do V, se cadra mesmo máis tarde. As aras con cruces son interpretadas por Suárez como testemuños dunha probable continuidade cristianizada ata polo menos os séculos V-VI. A pequena parcela do santuario é de aproximadamente 9 x 17 m e nela estiveron moi densamente colocadas as numerosísimas aras ("un bosque de altares", Schattner - Suárez 2020, 412), a maioría delas de entre 70 e 120 cm de altura. A zona identificada como "área sacra" está moi próxima ao cumio pola súa cara oriental; daquela, non no propio cumio nin na pronunciada caeira que dá ao mar, senón nun socalco cara ao interior, protexida así da intemperie do mar aberto. As aras localizadas *in situ* coinciden en presentar a cara inscrita cara ao interior. Estaban, por tanto, dispostas para ser contempladas e lidas dende o interior co cumio e todo o que no cumio se atopase como telón de fondo.

Por esa zona estaban algunhas das casas do castro xa deshabitado e abandonado dende había uns dous séculos. Mentres que as demais casas presentan abundante escombro de pedra, as etiquetadas como K e L aquí situadas caracterízanse pola escaseza de escombros e abundancia das aras. Está claro que tras o abandono do castro este espazo foi acondicionado para a súa nova función. Ademais a veciña casa A foi reconstruída, o que tamén parece que sucedeu nas casas F e G, que flanqueaban a área sacra, e nalgunhas outras da parte occidental. Tendo en conta esas actuacións constatables nalgunhas destas construcións, o santuario puido ter unha superficie total duns 28 x 22 m aproximadamente.

As aras estaban chantadas na terra e/ou afianzadas con outras pequenas pedras e outros materiais de apoio. Algunhas estaban sobre roca previamente traballada para a súa colocación. Eses lugares onde estaban asentadas cada unha delas reciben o nome de "localizacións"[8]. Hai unhas 82 localizacións e, como se dixo antes, calcúlase que se conservan arredor de 100 altares, de xeito que as cifras se aproximan bastante ben. Co tempo unhas localizacións eran abandonadas e íanse facendo outras novas. Por outra banda, hai alineacións de pedras cunha abertura lateral que delimitan espazos dentro dos que hai de unha a catro localizacións. Estas pequenas leiras, das que se coñecen 10, na súa maioría redondeadas, pero algunha tamén esquinada, denomínanse "recintos". Hai localizacións dentro e fóra destes recintos. O espazo entre os recintos era chan baleiro e irregular.

Algunhas localizacións, ademais do material de apoio para o sostemento da ara, presentan fragmentos de vidro e concentracións ou grupos de pedras pequenas (ca. 5-10 cm) roxas dun tipo de material cuarcítico, así como un mango de bronce dun coitelo (na localización 17), restos probablemente dos rituais que se levaban a cabo durante a colocación do altar. Algúns pequenos cravos irregularmente dispersos pertencían seguramente tamén a obxectos ofrendados.

8. Nas publicaicións de Suárez e colaboradores, en castelán, emprégase o termo "ubicaciones".

Moedas aparecen con relativa abundancia, pero non se concentran na propia área sacra, senón máis ben nos edificios anexos. Son atribuíbles tanto a ofrendas como a pagamentos polos servizos no santuario. Máis enigmática é a presenza de pulseiras ou brazaletes de vidro negro nestes mesmos edificios.

5. Cronoloxía e tipoloxía das aras

O santuario ao que pertencen as aras é de época romana tardía, de finais do século III dC. ata como mínimo o século V (tal e como se deduce da presenza de cerámica común tardorromana da zona; vidros con formas propias dos siglos IV-V; moedas de finais do séc. III, primeira metade do IV, e máis escasas tamén de finais do IV e comezos do V).

Trátase dunha creación *ex novo*, moi posterior ao abandono do castro a mediados do séc. I dC., pero como serodia revitalización dunha longa prehistoria cultual do lugar, como xa se intuía e confirman as escavacións máis recentes. As estelas chantadas e os recintos que aquí se combinan e fusionan coa tradición monumental e epigráfica romana continúan unha tradición rexional que entronca co que se observa, por exemplo, no santuario do Cabeço das Fráguas (Schattner - Suárez - Koch 2014, 266). Os restos do que parecía unha pía sacrificial xa apuntaban á probable existencia dun santuario prerromano. Pero agora sabemos que distintas construcións do castro tiñan unha funcionalidade sacra, como por exemplo a XXXII e mais a XX. A estrutura XXXII na súa fase A2 era de planta circular con ca. 6 m de diámetro, probablemente sen tellado, estaba próxima á entrada principal do castro e estaba acondicionada e compartimentada para a realización de sacrificios e dos distintos rituais asociados (plataforma, puñal e coitelo de ferro, recipientes cerámicos, distintas fosas para probables contidos sólidos e líquidos). A estrutura XX, pola súa banda, situada na parte alta da ladeira, tamén era circular con ca. 7 m de diámetro, tiña un "amarradoiro" (posible prótomo de animal), un "vestíbulo" cun cipo decorado e no seu interior unha plataforma e un gravado en forma de serpe (Suárez 2015, 295-312; Suárez - Rodríguez - Castro 2021, 73-132).

O santuario tardorromano estivo en uso probablemente durante máis de dous séculos. Nese relativamente longo período de tempo houbo unha evolución nas formas e nos contidos epigráficos dos monumentos.

Seguindo a Schattner - Suárez (2020, 413-414, 421 e 426), onde se sintetizan ideas xa expostas en traballos anteriores (Fariña - Suárez 2002, 36-37: tipos 1, 2 e 3-4), a maioría das pezas pode agruparse en tres tipos básicos:

- Ao tipo A pertencen monumentos en granito de boa calidade que distinguen claramente pé, corpo e cabeza coas correspondentes molduras e coas catro caras iguais (sección cadrada). É a forma máis común dos altares romanos.

- No tipo B tamén se distinguen pé, corpo e cabeza, pero cun perfil máis fluído e sección rectangular. O granito tamén de boa calidade. Trátase dun tipo desenvolto a partir do anterior que tamén é moi común.

- O tipo C é polimorfo, con perfil curvado, ás veces moldurado. As aras teñen aspecto de estreitas lousas e, aínda que as hai de todos os tamaños, os soportes máis pequeniños do santuario son deste tipo.

Moitos fragmentos de altares foron usados como *spolia* nos altares máis recentes e tales fragmentos reutilizados adoitan ser dos tipos A e B, raramente do tipo C, de onde se deduce que os tipos A e B son antigos.

Se disto se deduce ademais que os monumentos do tipo C son máis recentes, daquela habería que interpretar que nun determinado momento se produciu un cambio, fose da natureza e do calado que fose. Schattner - Suárez (2020, 428) observan que o *focus* desaparece nos monumentos do tipo C con extremo superior apuntado, o que pode estar ligado a un cambio no ritual ou no papel que xogaba o monumento nese ritual.

Koch (2019, 74), que parte dunha distinción máis detallada en oito tipos (tipos A-H), non ve clara en cambio a súa atribución cronolóxica e talvez sexa realmente prudente manter certas reservas a este respecto.

Sexa o tipo C máis recente ou coexistente dende un primeiro momento e posteriormente dominante, o que parece en todo caso é que os tipos A e B eran máis comúns nunha primeira fase. Deste xeito, a inscrición n. 1 do noso catálogo dedicada a *d(eo) Berobrieco* é probablemente unha das máis antigas, pois está nunha ara tipo A. Isto leva a pensar que nun primeiro momento había máis variedade na designación teonímica e que máis tarde se acabou por impoñer unha forma estandarizada, *deo Lari Berobreo*, coas súas pequenas variantes formais.

Schattner - Suárez (2020, 416) e Suárez (2004, 87; 2017, 171-172) engaden por último que os motivos cruciformes sobre algúns dos altares son habituais en época tardoantiga e altomedieval, polo que a vida do santuario xa cristianizado puido ir bastante máis alá do 400 dC. Lémbrese que no século VII Valerio do Bierzo aínda fai referencia á existencia na súa época de cultos pagáns nos cumios dos montes e á súa cristianización[9]. Fariña - Suárez (2002, 41) sinalan o "carácter sanador de San Andrés do Hío", posible adaptación cristiá do *deus Lar Berobreus*.

6. Edición dos textos

As primeiras referencias ao sitio arqueolóxico que nos ocupa son de Álvarez Limeses (1928), posteriormente recollidas por Filgueira - García Alén (1953), e só aluden á existencia dun castro no monte do Facho.

Os veciños de Donón sabían ben da existencia de pedras con letras e debuxos na parte baixa do monte, algunhas delas por desgraza reutilizadas e irrecuperables, outras polo visto lanzadas ao mar e, salvo que quedasen polas ladeiras, supoño que tamén dificilmente recuperables (Bouza - Álvarez - Massó 1971, 67; Millán 1978, 18; Barciela - Suárez 2005, 17). A finais de 1962 comeza a exploración da zona impulsada por Enrique Massó. Principais informantes e descubridores das pezas foron Norberto Piñeiro, o seu neto José Fernández Piñeiro e mais Serafín Costas; tamén Antonio Coya, que tiña un altar

9. *Cumque in excelsi montis cacumine stulta populi sacrilega caecitatis dementia profana daemonum delubra impie atque insipienter paganorum ritu excoleret, fidelium Christianorum ope tandem probosa obscenitas destruitur, opeque omnipotentis Domini in nomine sancti Felicis martyris basilica construitur*, "Como no cumio dun alto monte a estúpida e sacrílega loucura da cegueira da xente seguía a manter impía e insensatamente o culto dos profanos santuarios dedicados aos demos segundo o rito dos pagáns, esta vergoñosa obscenidade foi finalmente destruída por obra dos fieis cristiáns e coa axuda do Señor omnipotente foi construída unha igrexa na honra de San Fiz mártir" (*Replicatio sermonum* I,2).

na súa propiedade da Curuxana. As pezas atopadas nestes primeiros anos 60, sobre todo polo esforzo do xove José, proceden na súa maioría dos muros da Tomada do Facho na caeira leste do monte (Bouza - Álvarez - Massó 1971, 67) e ingresan no museo Quiñones de León de Vigo, entregadas por Enrique Massó, tras pasar polo menos unha parte do material polo Museo Massó de Bueu (Barciela 2005, 33-34).

Tras unha primeira noticia destes achados dada por Díaz Álvarez (1963) no Faro de Vigo, as pezas foron editadas por Bouza - Álvarez - Massó (1971). Estes autores len o teónimo como *Liber*, cunha variante *Bibero* en vez de *Libero* que consideran erro do lapicida (Bouza - Álvarez - Massó 1971, 72), interpretando que "El significado de Liber en Galicia sería el de una deidad agrícola protectora de los bienes familiares preferentemente, y talvez relacionada con la introducción del cultivo de la vid" (Bouza - Álvarez - Massó 1971, 80). A ausencia de antropónimos lévaos a interpretar *Breo* como dedicante: "Parece ser que la mayor parte de las aras de Donón fueron levantadas en honor de la deidad *Liber*, por un mismo dedicante varias de ellas" (Bouza - Álvarez - Massó 1971, 79), opinión mantida por Ramírez (1981, 245), a pesar de que esta opción xa fora convincentemente rexeitada por Millán (1978, 18-20).

Nos anos 1970 José Suárez Mariño, colaborador do Museo de Pontevedra, localizou 19 novas pezas que foron para o dito museo. Despois irían aparecendo algunhas máis. Ademais de Suárez Mariño participaron nos novos achados o seu fillo, José Suárez Otero, e Ricardo Molanes García.

Francisco Fariña Busto dá a interpretación correcta da forma teonímica, *Deo Lari Berobreo,* na entrada "Donón" da *Gran Enciclopedia Galega* 1977. As súas palabras conservan case 50 anos máis tarde toda a súa validez: "una lectura más cuidadosa, el cotejo entre los textos de las distintas aras, etc., son datos que permiten pensar en una divinidad tópica referida al nombre del yacimiento o de la comunidad que lo habitaba en la antigüedad. La lectura que hoy parece más segura es DEO LARI BEROBREO". Lamentablemente a investigación fixo caso omiso deste parecer e enmarañouse nunha estéril voráxine das máis variopintas lecturas, relecturas e contralecturas.

Ao mesmo tempo Tranoy (1997, 230, nota 21) propón a posibilidade de que a designación teonímica sexa *Deus Iriberus Breus*.

Millán González-Pardo (1978, 13) le *Biberobreo* e *Viberobreoro*, variantes que serían equivalentes, aínda que admite como hipótese alternativa que **breo* (< **brigo(n)* ?) / **breoros* (< **brigoros*) sexa un "apelativo común para designar el jefe de la «gens» o «centuria» instalada en el castro. (...) tendríamos, exactamente, la equivalencia indígena de «régulo, príncipe; jefe de una *briga»*" (Millán González-Pardo 1978, 28).

Tranoy (1981, 293) considera agora que a forma máis frecuente do teónimo é *Deus Lariberus Breus,* mentres que as principais variantes serían *Deus Laribreus Brus* e *Deus Lariberus Breoronis* ou *Breoro* "avec un nominatif celtique en *-o*", comentario que carece de todo sentido.

Albertos (1983, 487) segue a Fariña, indicando que se trata dunha "divinidad local, de muy difícil lectura: *Lari Berobreo*?".

Naveiro, na entrada "Facho de Donón" de Balil - Pereira - Sánchez-Palencia (1991, 55), cita as variantes *Deus Lariberus Breus*,

Deus Lariberus Breoronis, *Deus Larius Breus Brus Santus*, *Deus Liberus Breus*, tomando os datos dun traballo inédito de Baños - Pereira que non sairá publicado ata 1998, 25-48 e que se darán primeiro a coñecer en Baños - Pereira (1993, 41).

Rivas (1993, 26) propón pola súa parte *Deo Berobrigo* y *Breoberobrigo*.

Finalmente Baños edita todas as inscricións coñecidas ata ese momento no *CIRG II. Provincia de Pontevedra* (1994, 27-55, n. 1-15). No comentario introdutorio cita as mesmas variantes de que se vén falando dende 1991 e considera que o significado de *Breus* e os demais nomes emparentados pode ser algo así como "o grande" (Baños 1994, 24-25).

Tras esta publicación entra en escena Rodríguez Colmenero cunha serie de traballos.

Rodríguez Colmenero (1996, 635-641) (co precedente de Rodríguez Colmenero 1993, 427) le *Deo*, *Lari* e *Deo Lari*, e indica que a forma máis frecuente é *Deo Lari Berobreo* coa variante *[Deo Lari Be]rrobreo*. Con todo, tamén *Deo Lari Obreobro san(c)to*, *Deo Lar(i) Berobreoroni*, *Deo Biberobreo*, *Lari Berobreoni*.

Rodríguez Colmenero (1997, 381-411) decántase en cambio por segmentar *Deo Lari Bero Breo* e modifica as lecturas restantes: *Deo Lario Breo pro salut(e)* (en vez de *Deo Lari Obreobro san(c)to*), *Bero Breo* e un etnónimo *Ron-ii* (en vez de *Berobreoroni*), *deo L(a)ri* e un etnónimo *Vla-nvi* (en vez de *Deo Berobreoroni*) e *Lario Bero* (en vez de *Lari Berobreoni*).

Rodríguez Colmenero (2000, 856) afirma con plena rotundidade que "podemos establecer definitivamente la versión completa y unitaria del nombre de la divinidad bajo la expresión (...) *Lari Bero Breo*".

Búa (2000, 104 e 276-282), na súa tese doutoral, retoma e confirma, en cambio, a interpretación de Fariña, secundada con dúbidas por Albertos, rexeitando todas as demais hipóteses. A forma normal é *deo Lari Berobreo*. Variantes son *Brobreo* e *Berrobreo*. Esta tese permanece inédita, polo que a difusión do seu contido foi moi limitada. As lecturas propostas apareceron, con todo, en Búa (2005, 75-78, 139-141), publicación que lamentablemente ten moitas erratas.

Villar - Pedrero (2001, 267-268) parten dunha lectura *Deo Lari Berobreo*.

Prósper (2002, 367-369) opta tamén decididamente por *deo Lari Berobreo* e rexeita todas as propostas de lectura substancialmente diverxentes, sen facer mención de Fariña, Albertos e Búa.

Olivares (2002, 68-69) segue admitindo en cambio a lectura *Lariberus Breus* e todas as supostas variantes da edición de Baños. A forma *deo Lari Berobreo* nin se menciona.

Fariña - Suárez (2002, 25-52) publican un traballo conxunto que tiñan proxectado dende uns vinte anos atrás. A lectura principal segue sendo *Deo Lari Berobreo*, pero admitindo as variantes *Berobreoni*, *Berobreoroni* e *Lariobreo*. Lamentablemente a decisión de Fariña (1977) de optar decididamente por *Deo Lari Berobreo* non influíu como debía na investigación, mentres que co tempo esoutra investigación tan descomedida e desacertada acabou por facer cambalear en parte a firme postura dos que dende un primeiro momento foron máis comedidos e acertados.

Despois disto viñeron as campañas de excavación (2003-2008) que sacaron á luz unha chea de pezas novas das que Schattner, Suárez e Koch foron dando noticia nos informes das sucesivas campañas. A lectura *deo Lari Berobreo* parece que por fin se ía impoñendo.

De Bernardo (2013, 76, nota 31) tamén parte de *deo Lari Berobreo*, aínda que admite variantes como *deo Laribero Breoroni*.

Schattner - Suárez - Koch (2014, 257, nota 20) aseguran que "a lectura do teónimo foi un gran problema para a investigación durante anos, pero agora parece que a forma *Berobreus* está aceptada"[10].

Untermann (2018, 268) tamén concorda en ler *deo Lari Berobreo*.

E chegamos así á última edición da epigrafía do monte do Facho, primeira na que se recollen todos os novos achados, por parte de Koch (2019). Sorprendentemente, a pesar do consenso ao que por fin se estaba chegando e do que el mesmo era partícipe (Koch 2005, 823-836), e a pesar da unánime posición dos lingüistas (Albertos, Búa, Villar, Pedrero, Prósper, de Bernardo Stempel, Untermann), opta por segmentar a designación teonímica en *Deo Lari Bero Breo* (así xa en Koch 2010, 58)[11], como xa fixera Rodríguez Colmenero con mellores, aínda que tamén insuficientes, argumentos. A reiteración de BERO en que se basea a súa decisión (en realidade só dous casos seguros, os n. 26 e 45 do noso catálogo, se cadra tamén BERRO no n. 49, e non en toda "unha serie de altares" ["auf einer Reihe von Altären"], como se expresa en Koch (2019, 75) é un argumento excesivamente débil e a posición adoptada tan incomprensible como sorprendente a estas alturas.

Á inxustificada segmentación da forma teonímica en *Deo Lari Bero Breo* que lastra toda a publicacion súmanse un cúmulo de defectos adicionais:

— Malas lecturas e/ou interpretacións das lecturas:

- Lectura completamente errada de Koch (2019, 7, n. 5) = n. 28 do noso catálogo.

- Lectura errada da designación teonímica de Koch (2019, 10, n. 9 e p. 76) = n. 27: le un imposible *Deo Larirei Bero Breo*, que na páxina 76 presenta como posible dativo de *Lar*, en vez da tan importante variante *Beirrobreo.*

- Igualmente inadmisible a interpretación de Koch (2019, 19, n. 19 e p. 76): no comentario da inscrición menciónase *Brieco* como posible dativo, mentres que na páxina 76 se presupón unha interpretación como *d(eo) Bero Briecoco[-]*, en vez do facilmente comprensible *d(eo) Berobrieco.*

- Lectura fantasiosa e lingüisticamente incorrecta de Koch (2019, 29-30, n. 36) = n. 3: non pode ser *[Deo Lari Bero Breo ara]m posvi pro sv[a] salv[te]*, en todo caso sería *pro mea salute.*

- Lectura nada convincente de Koch (2019, 14, n. 14) = n. 13.

10. "Die Lesung des Götternamens hat der Forschung jahrelang erhebliche Probleme bereitet, nun scheint die Form Berobreus jedoch akzeptiert zu sein".

11. Seguido por González Rodríguez (2021, 189-192); Fernández - González Rodríguez (2021, 164).

- Lectura completamente especulativa de Koch (2019, 18-19, n. 18) = n. 60: le *Deo Bero aram posv[i* ou *-it] p[ro] [-?] sa[lv]t[e]*, cando é moi dubidoso que poida lerse algo cun mínimo de seguridade.

- Koch (2019, 30, n. 38 e p. 78, fig. 80) le *sa-l-u-t-e* con practicamente todas as letras ligadas e comenta que a escritura é de excelente factura ["die Schrift vorzüglich"], cando é moi dubidoso que no fragmento conservado haxa letras nin texto ningún.

— Mesmo fragmento editado como dúas pezas diferentes con lecturas completamente diverxentes: en Koch (2019, 31, n. 39) lese *[Deo Lari Bero Breo (?)] pos(vi* ou *-vit) aram*, mentres que en Koch (2019, 46, n. 77) se considera anepígrafa, cando son a mesma peza coas fotografías postas ao revés unha da outra (= n. 52 do noso catálogo).

— Fragmentos da mesma peza editados como dúas pezas diferentes (Koch 2019, 22-23, n. 24 e Koch 2019, 26, n. 30 = n. 49 do noso catálogo).

— Frecuente recurso a nexos fantasiosos. Por exemplo, en Koch (2019, 55, n. 99 e 78 fig. 81): *a|r(am) p-osv-i* = n. 15 do noso catálogo, onde se ve claramente A|R P V. Véxase tamén Koch (2019, 34 n. 43) = n. 51, onde se admite sen xustificación a posibilidade dun nexo A-R.

— Erros por falta de atención e revisión, como por exemplo nos seguintes casos:

- En Koch (2019, 25-26, n. 28) = n. 23 do noso catálogo figura na lectura do texto ARA, na interpretación *aram* e no comentario *ara(m)*, de xeito que non hai maneira de saber que se le realmente segundo o autor.

- En Koch (2019, 3-4, n. 2) = n. 19 figura na lectura do texto POṢPR|OSALV|TE, na interpretación *po(svi* ou *vit) pr|o salv|te* e no comentario explícase que hai un risco tras o O que posiblemente deba entenderse como un S inverso, o que resulta completamente inverosímil.

- En Koch (2019, 25, n. 27) = n. 22 do noso catálogo lese *o | sa* en liñas diferentes, cando se trata da habitual inclinación descendente das liñas.

- Nas pp. 77 e 78 con fig. 79 faise referencia a Koch (2019, 58, n. 102), pero remítese á n. 36, que non ten nada que ver.

- Na nota 72 cítase a Fariña Busto - Suárez Otero (2002, 35), na nota seguinte inmediata a mesma obra e páxina como Fariña Busto - Suárez Otero (2000, 35) etc.

— Non se comentan adecuadamente as letras cursivas, nin nos comentarios de cada texto nin nos apartados dedicados á escritura (Koch 2019, 75-76) e ortografía (Koch 2019, 77-80). Con respecto ao S, por exemplo:

- Na epígrafe Koch (2019, 2-3, n. 1) = n. 16 do noso catálogo só lle parece chamativo o pequeno tamaño do O, sobre a forma do S non se di nada.

- Para Koch (2019, 9, n. 6) = n 17 só se sinala do S a súa torpe factura ["das ungelenke S"].

- En Koch (2019, 10, n. 9) = n. 27 limítase a describir o S como estreito e gravado de forma imperita ["Das S in Z 7 ist dünn und unfachmännisch geschrieben"].

— Ademais admítese sistematicamente a posibilidade de restituir *posui* ou *posuit* (Koch 2019, 3, n. 2 e todos os posteriores) cando co novo volume de documentación quedou claro que nas epígrafes sen dedicante sempre figura *posui*. A explicación dada para *ara* como nominativo en vez de acusativo e outros comentarios lingüísticos desafortunados ou malas decisións de tipo lingüístico, como as que se viron máis arriba (*Larirei*, *d(eo) Bero Briecoco[-]*, *posvi pro sv[a] salv[te]*) e se comentarán máis abaixo no capítulo dedicado á lingua vulgar, mostran unha deficiente formación lingüística do autor imprescindible para editar convenientemente textos con onomástica prelatina e lingua latina vulgar.

A edición de Koch lamentablemente segue na liña das reiteradas malas edicións dos textos epigráficos do monte do Facho, motivo que nos moveu a tratar de ofrecer unha nova coa esperanza de poder emendar algúns dos problemas detectados, especialmente os lingüísticos.

7. Tipoloxía da escritura

Na escritura utilizada no corpus epigráfico das aras do monte do Facho destacan dúas características: a ausencia de interpuncións (aspecto que sinala e destaca Millán 1978, 21) e mais a presenza de letras minúsculas cursivas tardías (minuscula cursiva ou cursiva nova) con algúns trazos próximos á semiuncial.

A ausencia de interpuncións en textos tan breves, sinxelos e estereotipados non adoita resultar problemática, pero aquí foi un dos motivos polos que se deu unha variación tan grande na lectura da designación teonímica. Lémbrense, entre as variantes propostas, *Deus Lariberus*, *Deus Liberus Breus*, *Deus Iriberus Breus*, *Biberobreo*, *Deo Lari Bero Breo*, *Deo Lario Breo*, *Deo Lari Obreobro san(c)to*, *Lari Berobreoni*, *Deo Lar(i) Berobreoroni*, *Viberobreoro* etc.

As letras cursivas tardías usadas son as seguintes:

1. <S> alto.


O <S> alto aparece baixo dúas variantes alográficas:

a. Un alógrafo consta dun trazo vertical cun apéndice cara á dereita lixeiramente ascendente dende o seu extremo superior. O seu trazado pode ser máis anguloso ou redondeado. Atopámolo nas epígrafes n. 25 (*poſu|i*, *pro ſa|[lute]*), 27 (*pro ſ|alu|[te]*, na mesma inscrición <R> minúsculos), 28 (*p|oſi p|ro ſ|alut|e*, na mesma inscrición <B> minúsculos), 17 (*poſu|i pro | ſalu|t[e]*) e, con lectura insegura, 53 (*[p]|ro ſ[al(ute)]*).

b. O outro alógrafo é un <S> alto a media hasta ou con hasta prolongada. A diferenza con respecto ao anterior está en que o apéndice cara á dereita non parte do extremo superior do trazo vertical, senón dunha parte un pouco máis baixa, de maneira que o trazo vertical sobresae ou se prolonga cara arriba. Atopámolo na epígrafe n. 16 (*po|ſui pr|o ſalu|te*) e 13 (*[p]oſ[?]*, na mesma inscrición <E> redondo ou lunar).



N. 28: *ara p|ofi p|ro ſ|alut|e*



N. 17: *poſu|i pro | ſalu|t[e]*




N. 25: *Berobr|eo poſu|i*



N. 27: *pro ſ|alu|[te]*




N. 16: *po|ſui pr|o ſalu|te*



N. 13: *ara | [p]oſ[?]*



Epitafio de Noreno de Cangues d'Onís (Santos Yanguas 2018, 205): *in m(emoria) s(ancta) mor|tus anoru | septe mise|ravit r(elictos) paren|tes Norenu|s*



Epitafio de Martinus de Vila Verde de Ficalho (Alves Dias et alii 2019, 51, fig. 34): *M-a-rtin-us | fam-ulus XPI (= Christi) | hvixit an-no-s | n-u-mero L-XIIII | hobiit in-pace | su-b die X K(a)l(en)d(as) | Ma-rtias | h-era DCL-XIIII*

Este tipo de <S> reaparece por exemplo no epitafio de Noreno de Cangues d'Onís, Asturias (HEp. online 12058), que Santos Yanguas (2018, 206) data "no antes de la segunda mitad del siglo IV" ou na placa funeraria paleocristiá de Vila Verde de Ficalho, Serpa, Beja, con data do 20 de febreiro de 626 (Alves Dias et alii 2019, 50-51).

2. <R> minúsculo cursivo.

O <R> cursivo presenta unha forma moi similar ao <S> alto. Trátase do mesmo <R> que temos por exemplo no epitafio de Pierius de Mértola, Beja, datado o 25 de xaneiro de 507 (HEp online 18493 con excelente fotografía: o <R> minúsculo aparece na derradeira liña *era*, mentres que polo demais se usa o <R> normal).

Atopámolo na inscrición n. 27 do noso catálogo (*L|ari B|eirr|obre|o*), onde tamén se usa o <S> alto, de xeito que aquí os podemos contrastar ben na súa feitura. O <R> cursivo trázase máis curto e en ángulo recto, mentres que o <S> alto se fai máis alongado, lixeiramente inclinado cara adiante e con trazo dereito claramente ascendente. No texto aparece dúas veces o <R> minúsculo cursivo e catro veces o <R> normal. Os <R> cursivos están ante vogal palatal (*-ri*, *-re-*), os normais ante vogais non palatais, nun caso con reduplicación (*-ra*, *-ro*, *-rro-*). É posible que este reparto non sexa casual e o <R> minúsculo cursivo estea representando unha pronunciación alofónica palatalizada, pero non necesariamente.




N. 27: *L|ạṛi B|eirr|obṛe|o*




Epitafio de Pierius de Mértola (HEp online 18493):
Pierius SCL | famulus | D(e)i vixit an(no)s |
LXVII requ|ievit in pace | d(ie) VIII K(a)l(endas)
F(e)brua(rias) | era DXLV

3. <B> minúsculo cursivo.


O <B> minúsculo cursivo só consta de trazo vertical e corpo inferior, mentres que lle falta a cabeza. Aparece na inscrición n. 28 (*ƀero*|*ƀre*|*o*), onde tamén temos <S> altos. Este <B> atopámolo por exemplo no epitafio de Cyprianus de Mértola do 25 de agosto de 537 (HEp online n. 18495), onde está cruzado como marca de abreviación. Tamén está presente na inscrición funeraria da necrópole romana de Vila Boa, fregu. de Guilhabreu, Vila do Conde, dist. Porto (HEp online n. 25456), un pouco enigmática, pero onde o nome do defunto probablemente debe lerse como *Lavarus Mebdi*, seguido seguramente de *f(iliu)s* subscrito e ligado, o verbo *exi(vit)* "faleceu" e mais a indicación da súa idade *an(norum) LXX*, "de setenta anos". *Lavarus* sería variante de *Labarus* (cf. *Labaro* dat. en San Vicente de Alcántara, Badajoz, e *Labara* en Prioro, León, HEp online 21710 e 12881, respectivamente). *Mebdi*, xenitivo do ben documentado *Mebdius*, cun probable <δ> minúsculo cursivo inclinado e ligado ao <F> inferior que lle dá forma de <S>. O interesante deste texto, a pesar de todas as súas dificultades e inseguridades de interpretación, é o uso de moitas das letras cursivas tardías que temos no monte do Facho: o <B> minúsculo cursivo, o <E> redondo ou lunar, o <L> con trazo inferior descendente, o <R> minúsculo cursivo, o <S> con parte inferior case recta, os remates con ápices voltos e, en xeral, a mestura de formas e a grafía descoidada, que reproducen mecanicamente ou cunha estética intencionada a letra dunha nota improvisada. Véxase tamén a tella de Villafranca de los Barros, Badajoz, no apartado seguinte dedicado ao <G>.



N. 28: *deo* | *Lari* | *ƀero*|*ƀre*|*o*




Epitafio de Cyprianus de Mértola (Archivo Epigráfico de Hispania Tardoantigua y Medieval n. 770): *Cyprianus* | *famulus dei* | *vixit an/nos XXX re*|*quievit in* | *pace die VIII* | *Kal(endas) Septemb(res)* | *era DLXX quinq(ue)*




Epitafio de Lavarus Mebdi de Vila do Conde (imaxe 1 reproducida por Brito Moreira 2007, 29; imaxe 2 Pereira Lopo 1905-1908, 289; imaxe 3 debuxo de Leite de Vasconcelos 1906, 371-373):
EXIV | LIAIN | CA· Lav|arus | Mebdi / f(iliu)s | exi(vit) | an(norum) LXX

4. <G> de trazo colgante similar ao G semiuncial.

   Este <G> en forma de fouciño con boca alta na metade superior da letra e trazo recto descendente con remate lixeiramente volto presenta unha feitura que se aproxima á do G semiuncial en forma de 5 que temos, por exemplo, no epitafio de *Rogata* de Olhão, Faro, Algarve, atribuído ao séc. V (HEp online n. 29857), onde tamén aparecen o <R> minúsculo cursivo, o <L> con trazo inferior descendente, o <E> redondo ou lunar, o <O> pequeno elevado etc. Aquí, con todo, o trazo descendente é moi recto, coincidindo por exemplo con algúns dos <G> da tella de Villafranca de los Barros, Badajoz (HEp online 535), onde tamén temos o <B> minúsculo, o <L> con trazo inferior descendente, o <A> sen trazo interno, algún <O> pequeno elevado, algún <S> con trazo inferior recto, varios <E> redondos ou lunares, variantes de <V>, <M> e <N> redondeados, distintas letras con remates volteados, todo en heteroxéna mestura con outras variantes alográficas. Este <G> aparece nunha única ocasión na inscrición n. 5 do noso catálogo, pero téñase en conta que a letra G tamén só aparece dúas veces en todo o *corpus* do monte do Facho.




N. 5: *deo L|ari 5e(nio) | Bero|breo*



Epitafio de Rogata de Olhão
(imaxe 1: Gómez Moreno 1954, 33;
imaxe 2: Correia Marques 2016, 121):
Rogata | famola | dei vix(it) a|nnorum LV | rece[ssit] | i[n pace ---]



Tella de Villafranca de los Barros, Badajoz (Hübner 1899, 253-256; HEp online 535): *Maximus Nigriano | et hoc fuit providentia | actoris ut puellam que iam | feto tollerat mitteres | illam ac tale labore ut | mancipius domnicus | periret qui tam magno | labori factus fuerat | et hoc Maxima fecit | Trofimiani fota et casti|ga illum quasi exomni | closus est || ...*




Liña 1: ***Nigriano***



Liña 7: ***magno***



Liñas 10-11: ***casti|ga***



5. <S> invertido.

O <S> invertido atopámolo por exemplo en todos os <S> do epitafio de Tyberius de Mértola do 20 de maio de 566 (HEp online 29854) ou doutro epitafio fragmentario do mesmo lugar do 11 de maio de 566 (HEp online 32915). Aparece na inscrición n. 9 (*ƨalut-e*) do noso catálogo. Só se rexistra unha vez, a pesar de que o <S> é frecuente neste corpus.

6. <E> redondo ou lunar

O <E> redondo ou lunar que vimos anteriormente en distintos textos aparece na inscrición n. 13 (*[B]erϵ|[o]*). Na n. 29 é posible en cambio que se utilizase o cursivo con dobre barra <II>.


Tamén son recorrentes os <A>, <V>, <M> <P> e <R> redondeados; o <A> ás veces sen trazo interno; os <L> con trazo inferior descendente; os <O> pequenos elevados, ás veces tamén o <V>; ocasionalmente <A> e <P> con apéndice, o que os fai semellar un nexo A-L e un R respectivamente. Os tamaños das letras son moi irregulares. E, B, P e R tenden a ser grandes.


As liñas adoitan estar cheas e non respetar límites de sílabas nin de palabras, aínda que ás veces se fai salto de liña tras a designación teonímica (por exemplo, n. 40: *Deo L|ari Be|rrob|reo | ara* | [- - - - - -). As liñas son en ocasións ascendentes ou, con máis frecuencia, descendentes.

Son relativamente frecuentes os erros de lapicida e posteriores correccións.



N. 9: *pro | ƨalute*






Epitafio de Tyberius (Hübner 1900, n. 314): *Tyberius licto|r famulus Dei vi(xi)|t annos plus min|us XIIII men(se)squ(e) no|vem requievit in pace | Domini die XIII Kalenda|s Iunias era DCIIII*



Epitafio de persoa descoñecida
(Alves Dias - Gaspar - Lopes 2013, 264, epitafio 5):
------- | [---]++s XVII [re]|quieuit in pace Do|
mini die quinto | [Id]us Maias era DCIIII



N. 13: *[L]ari | [B]ere|[o] ara*

8. O texto das aras

O texto dunha típica ara votiva romana non adoita ser moi extenso nin complexo. Normalmente consta dunha única oración. Elementos e orde sintáctica habituais son o nome do deus en primeira posición, a continuación o nome do dedicante (que adoita ser un individuo, pero tamén pode ser, por exemplo, unha comunidade) e unha indicación do tipo *votum solvit* "cumpriu a promesa" ou *aram posuit* "puxo a ara", integradas normalmente nunha fórmula votiva estereotipada reducida ás súas siglas en que se fai referencia á boa vontade (*libens* "gustoso" ou *libens animo* "gustosamente") con que o dedicante cumpre a súa promesa de poñer a ara e un recoñecemento expreso de que o deus ben o merece (*merito* "merecidamente") por satisfacer plenamente a solicitude de protección ou axuda: VSLA = *v(otum) s(olvit) l(ibens) a(nimo)*, VSLM = *v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* etc. Isto é o máis básico e común, pero a expresión pode ser diferente, pode haber máis información ou, polo contrario, pode faltar calquera destes elementos típicos, mesmo o teónimo ou todo o texto (aras anepígrafas). A ausencia do teónimo pode resultar estraña, pero isto sucede por exemplo en monumentos colocados no propio santuario da divindade, de xeito que esta información é dada polo propio contexto. A ausencia do dedicante pode deberse a que o monumento se atopaba na casa ou nunha propiedade desa persoa, polo que tampouco necesitaba manifestarse expresamente.

Dentro da extrema sinxeleza das aras do monte do Facho atopamos, por unha parte, unha tendencia á estereotipación e, por outra, mostras dunha paralela heteroxeneidade ou variación de formas, contido e estrutura dos textos. Curiosamente, na edición de Baños, onde se segue o camiño marcado por Tranoy, e en todas as precedentes dáselles campo aberto á admisión das máis abstrusas variacións formais sen recoñecer adecuadamente o que hai de común, mentres que na edición de Koch se corrixe esta actitude descontrolada, pero se cae no extremo contrario de querer ver unha mesma fórmula ou estrutura estereotipada, ata o punto de que no n. 28 do noso catálogo non se recoñece a súa orde sintáctica diverxente e se dá unha lectura completamente falsa do texto. A realidade está nunha posición intermedia.

a. Estereotipación

Nas aras do monte do Facho atopamos un texto estándar que con pequenas variacións reaparece reiteradamente: *Deo Lari Berobreo aram posui pro salute*

"Para o *deus Lar Berobreus* puxen esta ara (en agradecemento) por (a solicitada e satisfeita protección de) o (meu) benestar".

Os principais contidos desta breve mensaxe están dispostos en posición enfática. Podemos dividir o texto en tres partes: {Deo Lari Berobreo}, {aram posui} e {pro salute}. A orde de palabras normal e por tanto non marcada en latín culto ou estándar é SOV (Suxeito - Obxecto - Verbo). A posición inicial, cando non é ocupada polo suxeito da oración, é sempre unha posición moi enfática. Tamén queda resaltada a última cando é posterior ao verbo.

O segmento non enfatizado sería aquí {aram posui}, que non necesita ningún tipo de realce porque a súa información é autocomprensible e daquela superflua. O propio monumento, a súa situación no santuario e mais o dativo teonímico inicial xa mostran sen máis que se trata dunha ara votiva e é obvio naturalmente que alguén a tivo que colocar alí. No monumento n. 9 do noso catálogo omítese precisamente este segmento: *Deo L(ari) Brobreo pro salut(e)*.

A posición máis destacada é a inicial. Aquí é onde temos a designación teonímica {Deo Lari Berobreo} en dativo, o obxecto indirecto (beneficiario) na sintaxe desta oración. Está claro que o deus está no foco deste acto relixioso e deste texto. O monumento colócase na súa honra, como privado recoñecemento e pública exposición da protección recibida.

Menos enfático, pero tamén destacado, está o elemento final {pro salute}. Aquí temos o motivo polo que o dedicante está agradecido e gustoso de cumprir a parte do trato que lle corresponde. A ara custéase e depositase no santuario en pagamento de que ao dedicante lle foi ben naquilo para o que se pedía protección e que non se especifica dun xeito máis concreto (nunha enfermidade, nunha viaxe ou por calquera outro motivo).

B. Variación

B1. Variación sintáctica

Entre os textos que conservan a parte do verbo co seu obxecto directo máis de 25 presentan a orde *aram* (ou *ara*) + *posui* (ou *posi*), mentres que só tres casos ofrecen a orde inversa *posui aram*.

- *(25) [De]o Lari | Berobr|eo poſu|i aram | pro ſa|[lute]*
- *(26) [Deo L]|ari Be|ro(breo) po|sui a|ram | pro | s(alute)*
- *(14) Deo Lar|i Ber|obre|o pos|ui ar(am)*

Podería pensarse que deste xeito se pretende facer unha énfase especial sobre o verbo *posui* ou sobre o seu obxecto directo *aram*, pero isto non ten moito sentido dado que, como se acaba de dicir, esta parte do texto ten unha información obvia e inespecífica. Non se entende por que se ía querer destacar o verbo "puxen" en primeira persoa, cando o suxeito do verbo, o dedicante, non ten ningún interese en figurar co seu nome expresamente. Tampouco se entende por que se ía querer destacar que se puxo unha "ara", cando iso non ten nada de especial neste "bosque de aras".

O máis probable é que *posui aram* sexa, como *aram posui*, unha orde sintáctica non marcada, pero neste caso non a do latín culto, senón a do latín vulgar.

Como se dixo anteriormente, a orde non marcada da variedade latina culta era SOV, por exemplo *Rufina Maximam amat* "Rufina ama a Máxima". O feito de que

cada función sintáctica estea claramente marcada na forma das palabras (*-a-Ø* = suxeito, *-a-m* = obxecto directo), permitíalle á lingua latina alterar as posicións e enfatizar así os elementos colocados fóra da orde normal: *Maximam Rufina amat* "a Máxima (é a quen) Rufina ama". A perda do *-m* final no latín vulgar supuxo un grave trastorno sintáctico, dado que a primeira declinación era unha das máis produtivas da lingua. Se *Rufina Maximam amat* pasa a pronunciarse como *Rufina Maxima amat* a función sintáctica de cada elemento deixa de estar marcada e deixa así de estar claro quen é suxeito e quen é obxecto directo da oración. A solución a este problema foi dobre. Por unha parte, tendeuse a unir e fixar as posicións de suxeito e verbo que de seu xa estaban intimamente ligados polos lazos da concordancia, pasando así os obxectos (directo e indirecto) e todos os demais complementos a unha posición posverbal. A nova orde sintáctica non marcada SVO é a que aínda conservan as linguas románicas actuais. Por outra parte, tendeuse a marcar preposicionalmente o obxecto directo de persoa, procedemento que no *corpus* epigráfico do monte do Facho non xoga ningún papel[12].

Parece contraditorio que, por unha parte, a nova orde non marcada SVO do latín vulgar teña unha das súas causas na perda do *-m* final e nos nosos exemplos teñamos sempre o *-m* final escrito: *posui aram*. Pero o latín vulgar non adoita presentarse en estado puro, senón só aflorar a través de anomalías puntuais ou singulares no intento de escribir en forma culta e por tanto en mestura co latín culto. Como veremos máis adiante, en vez de *salute* atopamos ás veces *saute* con perda do *-l-* e *-t-* sen sonorizar, cando as sonorizacións, ben documentadas na epigrafía antiga, son sen dúbida anteriores á perda do *-l-*. O que hai que supoñer neste caso é que unha pronunciación [sa˙ude] se quixo poñer en latín "correcto" e por descoido ou ignorancia se tranformou nunha forma non de todo correcta *saute*.

O segmento {pro salute}, complemento circunstancial de causa na oración, adoita aparecer en posición final posverbal, que na lingua culta sería unha posición destacada. Conserva a posición posverbal no monumento n. 28 do noso catálogo, onde a designación teonímica se coloca en posición final do texto: *ara posi pro salute Deo Lari Berobreo*. O único exemplo en que é posible que apareza en posición preverbal e por tanto non marcada sería o monumento n. 27 do noso catálogo, texto lamentablemente incompleto e cunha pequena inseguridade de lectura tras a palabra *ara,* onde, daquela, a presenza final de *posui* é moi probable, pero non absolutamente segura: *Deo Lari Beirrobreo ara [?] pro salu[te...]*. Por outra banda, debe terse en conta que, nos textos en que atopamos a orde sintáctica vulgar *posui aram,* a posición final de *pro salute* deixa de ser enfática, dado que esta sería a súa posición normal nesta variedade de lingua.

12. Cando o suxeito é de persoa e o obxecto directo non, a propia semántica do verbo adoita deixar claro quen pode ser suxeito e quen non. Por exemplo, en *Rufina bibit aqua* só ten sentido "Rufina (S) bebe (V) auga (O)". O suxeito (axente) do verbo "beber "só pode ser un ser vivo e por tanto neste caso só pode ser Rufina. O obxecto directo do verbo "beber", en cambio, só pode ser un líquido e por tanto neste caso ten que ser a auga. Pero se suxeito e obxecto directo son persoas o tipo de acción expresada polo verbo non sempre é por si mesmo suficiente para determinar que é quen, dado que en principio calquera das dúas persoas podería ser axente ou paciente do verbo. Por exemplo, nunha oración como *Rufina salutat Maxima,* quen saúda a quén? Equivale a *Rufina salutat Maximam* ou a *Rufinam salutat Maxima* do latín culto? Coa preposición *ad* > *a* desambíguase a situación: *Rufina saúda a Máxima, A Rufina saúdaa Máxima*.

O texto n. 28 do noso catálogo contrasta con todos os demais ao colocar a designación teonímica en posición final: *ara posi pro salute Deo Lari Berobreo*. Segue estando nunha posición marcada, pero, en principio, sintacticamente o realce sería moito maior na súa habitual posición inicial. A intención do autor do texto non puido ser, con todo, restarlle méritos ao deus, privándoo da súa posición sintáctica máis privilexiada. Aquí conxúganse probablemente factores lingüísticos e extralingüísticos. Por unha parte, temos que na epigrafía deste santuario, a partir dun determinado momento, se chega a unha estandarización do texto que, con variacións superficiais mínimas, se repite constantemente: *Deo Lari Berobreo aram posui pro salute*. Romper esa monotonía é tamén un xeito de destacar, polo que poderiamos dicir que, no contexto do cada vez máis monótono "bosque de aras", a posición final pasa a converterse nunha posición de máxima énfase, non pola sintaxe oracional do propio monumento, senón pola súa marcada diverxencia con respecto ao contexto intertextual constituído polo conxunto de aras do santuario.

Pero o desexo de diferenciarse podería obedecer ademais a outro motivo. As aras son colocadas por individuos que non se identifican e por motivos que non se especifican e moitas delas teñen formas e tamaños moi similares. O dedicante e mais os seus achegados podían identificar a súa propia ara no santuario lembrando onde foi colocada, o que sería máis fácil para os que tiñan recinto, pero sería en calquera caso difícil se non había marcas distintivas claramente identificables. Para diferenciarse pode variarse a forma e mais o tamaño. Tamén unha alteración do texto tan marcada sería un xeito de deixar moi sinalada a identidade dunha peza fronte a todas as demais.

B2. Variación no contido

En canto ao contido do texto, sinalouse anteriormente que os compoñentes que aparecen reiteradamente son {Deo Lari Berobreo}, {aram posui} e {pro salute}, pero non sempre é así. A diverxencia máis importante con respecto a este modelo principal é a mención do nome do dedicante e a correspondente substitución de *posui* (1. pers. sg.) por *posuit* (3. pers. sg.) nalgúns fragmentos conservados. Por outra parte, atopamos algunhas alteracións tanto na designación teonímica como no formulario votivo. E por último está aínda o feito de que calquera dos compoñentes ou mesmo todos poden estar ausentes.

Os textos que mencionan o nome do dedicante son moi escasos. En primeiro lugar temos o n. 4 do noso catálogo, que é o anaco inferior dunha estela coa parte final do texto onde se le: *[...] Coemia p(osuit)*. A continuación está o n. 2, outra parte inferior e tamén parte final do texto na que en cambio o enunciado conservado é máis extenso e leva máis información adicional: *[... aram po]suit [R]ebur[i]na pro [s]ua filia*. En ambos os casos, probablemente por casualidade, os dedicantes son mulleres. *Coemia* puxo a ara probablemente porque recibiu ela mesma a protección da divindade. *[R]ebur[i]na,* en cambio, fíxoo en agradecemento pola protección solicitada para a súa filla. O terceiro caso sería a nosa peza máis interesante, a n. 1 do noso catálogo, se non fose polo feito de que presenta un enorme desgaste tras a designación teonímica inicial, o que impide unha lectura segura e definitiva do texto. Pode lerse *D(eo) Berobrieco Co[-?-]ea V[...]*, polo que todo parece indicar que tras a designación teonímica viña un antropónimo, probablemente feminino. Por último temos o fragmento

n. 3 co seguinte texto: *[... ara]m po(suit) Urs(...) p[ro...]*. Se a interpretación é correcta, teriamos aquí un dedicante chamado *Urs(us, -a* ou un derivado calquera destes nomes) que tamén cumpre a súa promesa pola protección doutra persoa. Na peza perdida n. 55, na que só parece lerse [...]PIAN[...] ou, como opción alternativa menos plausible [...]PIAV[...], temos tamén un posible fragmento de antropónimo.

A forma habitual da designación teonímica é *Deo Lari Berobreo*, pero hai algunhas formas diverxentes. Na inscrición n. 1 do noso catálogo atopamos *Deo Berobrieco*, sen *Lari* e cunha terminación morfolóxica diferente en *-eco*. Nas epígrafes n. 5 e 6 figura en cambio *Deo Lari Ge(nio) Berobreo* e *D(eo) G(enio) Ḷạ[-?-] robr[eo]* respectivamente, se as lecturas e interpretacións son correctas. Observamos aquí un maior barroquismo na expresión. *Deo Lari Berobreo* xa é de seu unha expresión artificiosa ao fusionar as opcións alternativas equivalentes **Deo Berobreo* e **Lari Berobreo*. Outra opción alternativa máis sería **Genio Berobreo*. En **Deo Lari Genio Berobreo* ou **Deo Genio Lari Berobreo* combínanse as tres posibilidades, sen dúbida porque se consideraba que esta redundante acumulación de títulos teonímicos presentaba o deus dunha forma máis ornante e honorífica ao mesmo tempo que expresaba dun xeito máis enfático o profundo respecto e gratitude que o dedicante sentía.

No formulario votivo temos as dúas compoñentes {aram posui} e {pro salute} que con distintas variantes formais, morfolóxicas e/ou sintácticas se repiten constantemente. A única fórmula votiva claramente diverxente atopámola no monumento n. 15 do noso catálogo: *[Deo La]ri Berobreo ar(am) p(osui) v(oto)*, onde resulta chamativo o menos frecuente, pero ben documentado, uso apreposicional do ablativo de causa *voto* fronte ao máis común *ex voto*. Dado que a lingua latina vulgar tardía tende a substituir os distintos casos oblicuos por sintagmas preposicionais, este uso de *voto* sen preposición correspondería en principio a unha variedade de lingua máis culta. Nos textos das aras do monte do Facho están representados probablemente distintos estratos sociais non identificables pola súa onomástica, dado que o nome do dedicante se omite, pero intuíble (con todas as reservas) polo tipo de lingua en que se expresan, sobre o que volverei máis abaixo.[13]

Por último, o contido dos textos tamén pode variar, non porque apareza algún elemento diverxente do que figura no texto habitual, senón pola ausencia de calquera dos distintos elementos que normalmente o compoñen. No monumento n. 9 do noso catálogo falta {aram posui}: *Deo L(ari) Brobreo pro salut(e)*. Nos n. 9 e 14 e nalgún outro caso máis falta {pro salute}: *Deo [L]ar[i ?] Ber[?o]b[re]o [ar]am posui* e *Deo Lari Berobreo posui ar(am)* respectivamente. Nos n. 7 e 8 só figura a designación teonímica: *Deo La(ri) Berobreo* (lectura insegura) e *Deo Lari Ber(obreo)* respectivamente. Noutros casos non recollidos neste estudo as aras carecen por completo de texto. Como pode observarse, ningún dos elementos que integran o texto é indispensable, nin sequera a designación teonímica, dado que, ao estar situado o monumento no seu santuario con

13. Outra pequena variación, problemática e en todo caso menos relevante, atopámola na inscrición n. 24, rematada nunha fórmula votiva abreviada como APS de difícil interpretación. Se lemos *a(ram) p(osui)*, *s(alute)* quedaría sen preposición. Se lemos *p(ro) s(alute)*, *a(ram)* quedaría sen verbo. É posible que se trate dun erro do lapicida, que se puido esquecer de gravar un segundo P (**a(ram) p(osui) <p>(ro) s(alute)*) ou, o que parece máis probable, un O, que sería pequeno e elevado, entre P e S (**a(ram) p<o>s(ui)*).

outros moitos monumentos similares, a maioría deles con texto e todos os textos ademais practicamente idénticos, todo é facilmente sobreentendible. Na maioría dos casos a redución do texto está condicionada pola limitación do espazo dispoñible.

B3. Variación na forma do léxico e nomes propios que aparecen nos textos

As palabras e nomes que reaparecen nos nosos numerosos textos presentan variacións formais de todo tipo. Hai variantes que moi verosimilmente non son más ca erros do lapicida. Outras son formas abreviadas ou reducidas a siglas. Outras son variantes puramente gráficas. Outras son gráficas, pero con transfondo fonético. Outras por fin son variantes morfolóxicas. De todas estas diverxencias vou tratar máis abaixo en detalle.

9. Ausencia do dedicante

Un dos aspectos máis chamativos da epigrafía do monte do Facho é a (case) completa ausencia dos nomes dos dedicantes[14]. As escasas excepcións aparecen en soportes que, pola súa feitura, se adoitan atribuír a unha primeira etapa do santuario, o que non é plenamente seguro.

En calquera caso o anonimato das aras era habitual neste santuario dende o primeiro momento, polo que xa de entrada se debe descartar a posibilidade de que este fenómeno se deba a unha intencionada ocultación da autoría, pois isto só podería ter sentido nunha etapa moi tardía, no contexto dun cristianismo imperante e belixerante cos restos das crenzas precristiás.

Tense sinalado que este bosque de pedras chantadas cos seus recintos do santuario do monte do Facho ten un precedente noutros santuarios prerromanos como o do Cabeço das Fráguas, Sabugal, dist. Guarda. De ser certa esta relación, no monte do Facho teriamos o resultado sincrético de dúas tradicións culturais: a prerromana local coas súas pedras chantadas previa á introdución da escritura e a romana cos seus típicos altares e o seu hábito epigráfico.

Cando se acondiciona e pon en funcionamento este santuario, estamos xa a finais do século III dC. Os hábitos epigráficos romanos están estendidos e ben implantados no noroeste. As súas aras por suposto van levar letreiro, como é normal e corrente neste momento. A forma tradicional destes monumentos, que adoitan ser alongados, estreitos e non moi altos, non é porén moi adecuada para un letreiro que coa información típica completa andaría polas dez palabras. Tampouco o material axuda moito. O granito local de cristais grandes non permite un bo trazado das letras, que saen mellor canto máis grandes se graven. Todo isto leva por natureza a unha minimalización ou redución do texto ao seu contido principal. No contexto dunha tradición sen uso da escritura, a gravación do nome do dedicante debía de considerarse algo irrelevante (cf. Fariña - Suárez 2002, 35). O foco de atención está posto na divindade, a quen se lle quere agradecer a protección e/ou axuda xa prestadas. Sería entón en realidade suficiente con poñer *deo Lari Berobreo*, postos a ser minimalistas, pero unha epígrafe votiva romana ben feita consta dun pequeno texto e ten os seus formalismos tradicionais. Tras un primeiro momento de máis variación, acabou por

14. Isto, unido á ausencia de interpuncións, levou a que algúns interpretasen *Breo* como dedicante, como se viu anteriormente, o que axiña foi xa criticado, acertadamente, por Millán González-Pardo.

impoñerse un pequeno letreiro estándar: *Deo Lari Berobreo aram posui pro salute*. A iso contribuíron moi probablemente os talleres lapidarios da zona, que probablemente vendían as aras co texto xa gravado. Unha clientela que na súa maioría era probablemente analfabeta debía de estar plenamente satisfeita con que isto se fixese así.

Os intentos de explicar a ausencia do nome do dedicante como dedicacións colectivas ou co argumento de que a autoría sería perfectamente coñecida, recoñecible e recordable pola comunidade sen necesidade de poñer nomes non resultan convincentes.

Millán (1978, 26) explica o anonimato das aras coa presunción de que puideron ser erixidas pola "comunidade tribal", idea que recoñece que é especulativa, pero de seu lle parece verosímil e nada sorprendente. O certo é, con todo, que a idea de que o dedicante sexa un colectivo, que nos arredores do século IV dC. dificilmente será "tribal", pero podería ser familiar, veciñal etc. choca abertamente co feito de que as dedicacións se formulan sempre a nivel personal e individual: ou ben figura *posui* "eu puxen" ou excepcionalmente o nome dun dedicante co verbo *posuit* en 3 persoa de singular. A sistemática indicación de que se trata dunha promesa que se fixo *pro salute* "polo propio benestar" ou, nun caso, *pro sua filia* "polo benestar da súa filla" mostra que a motivación tamén era sempre unha cuestión persoal.

A Koch (2005, 826-827)[15] este anonimato lévao a supoñer que todas as aras, salvo unhas poucas excepcións, foron postas por membros dun grupo social moi cerrado, posiblemente unha *gentilitas*, é dicir, un conxunto de persoas e familias que eran ou se consideraban emparentadas, polo que resultaba innecesario especificar unhas autorías das que todos eran perfectamente sabedores, cousa que en cambio optaban por facer os que, ou ben non pertencían ao grupo, ou ben tiñan algunha motivación especial. Tal explicación pode resultar de seu máis ou menos convincente, pero é en todo caso completamente especulativa, dado que non temos ningún testemuño da existencia dese presunto "grupo social moi cerrado". Nada nos garantiza que os dedicantes das aras anónimas sexan sempre dese suposto grupo nin nada delata que os das aras con dedicante sexan por contra alleos ou foráneos ou tivesen unha motivación especial do tipo que fose. Non convence en todo caso a idea de que coñecerse ben implique renunciar a poñer o nome nunha ara votiva, como é tradición romana, como se isto fose unha carga insoportable da que todos estivesen desexando librarse.

Por outra parte, o feito de que moitas aras estivesen chantadas ou colocadas no seo de recintos levou a interpretalos como leiras pertencentes a posibles grupos familiares ou sociais. Schattner - Suárez (2020, 426) consideran que, se esta interpretación fose correcta, sería comprensible que non se mencionase ningún dedicante, porque o dedicante sería colectivo (un grupo social ou unha estirpe) e non individual. A identidade do colectivo dedicante estaría dada polo simple feito de estar o monumento nunha determinada leira, que todos saberían ben a quen pertencía. Recoñecen non obstante que

15. En Schattner - Suárez - Koch 2004, 63 atopamos as mesmas ideas. A publicación está firmada polos tres investigadores, pero o autor do texto fala aquí en primeira persoa: "Lo entiendo como posible prueba de la existencia de una sociedad cerrada de los donantes en la pequeña zona del castro", sen que quede claro se esa persoa é Koch e se o feito de expresarse así se debe a que os demais non comparten as mesmas ideas.

con esta interpretación non se entende que as aras carentes de recinto sexan igualmente anónimas. Pero esta proposta ademais non é acorde co feito de que os textos sempre se formulen a título individual. Postular que o dedicante é un grupo humano sen que o verbo estea en plural, ou en singular con indicación da comunidade, é unha suposición moi atrevida. Koch (2019, 79) só o considera posible se a comunidade estivese representada por un individuo (un sacerdote, un xefe do clan), pero nese caso non me parece lóxico que ese representante non queira poñer o seu nome e expresar o seu estatus.

10. Erros do lapicida

O recurso á explicación dun fenómeno calquera nun determinado texto epigráfico como erro do lapicida non é ás veces máis ca o recoñecemento de que somos incapaces de xustificar o que atopamos, polo que solucionamos o problema polo moi útil procedemento de quitalo de diante. Non obstante, o certo é que erros, como en toda actividade humana, habelos hainos e por tanto é algo co que hai que contar con plena naturalidade.

Ás veces non está claro se o que vemos é realmente unha equivocación, un risco involuntario na superficie da pedra ou outra cousa. Así, por exemplo, os P de *pro* e *posi* nos textos n. 9 e 28 do noso catálogo, respectivamente, parecen R, sexa por un trazo casual, sexa por descoido do lapicida ante a proximidade doutros R. No n. 25 o verbo *poſui* foi lido como *Roni*, porque o P é aberto e presenta un remate volto, co que parece un R, e a secuencia de S cursivo e V semella un N. Neste caso non está claro se a forma do P é intencionada ou un erro do lapicida.

No corpus epigráfico do monte do Facho atopamos con relativa frecuencia erros corrixidos e sen corrixir. A reiteración dun mesmo texto estandarizado e sen variables (concretamente sen nome do dedicante, que sería a principal variable) obedece probablemente a que o taller ou talleres lapidarios da zona xa tiñan na súa oferta a posibilidade de adquirir estelas con texto. Nesta manufactura epigráfica traballaban gravadores que non necesariamente sabían ler e escribir e outros que se encargaban de supervisar o seu labor. Cando se descubría un fallo, non se tiraba a estela ao vertedoiro, senón que se procuraba facer un amaño na medida do posible. Cando o arranxo era imposible, tampouco se eliminaba necesariamente o produto, debido a que a maioría dos compradores era seguramente analfabeta, polo que o importante era a estela e non tanto o seu letreiro. Mesmo pode ser que as aras un pouco defectuosas se ofrecesen a mellor prezo.

Na categoría de erros e correccións podemos distinguir tres tipos:

- Tipo 1. Son froito de descoidos. O gravador omite unha letra (ou unha palabra ou unha liña), ou grava dúas veces seguidas a mesma letra (ou unha mesma secuencia), ou está escribindo de memoria un texto que xa copiou decenas de veces, pero, polo que sexa, confúndese e acaba poñendo o que non debía. Tales e tan humanos fallos son esporádicos e, cando son descubertos, normalmente son rectificados na medida do posible.

- Tipo 2. Só son diverxencias con respecto á lingua culta e á forma estereotipada da designación teonímica. Cando se grava *ara* ou *posi* en vez de *aram* ou *posui*, non temos unha

incorrección lingüística, dado que estas formas son reais na lingua falada dese momento. Ese é precisamente o motivo polo que este tipo de erro se produce reiteradamente. Cando atopamos, por exemplo, *Beirrobreo* (n. 27) en vez de *Berobreo*, non debemos clasificalo automaticamente como unha aberración sen sentido. Máis ben trátase dunha auténtica variante diacrónica e/ou diatópica do nome, como nos confirma o feito de que a grafía con *-rr-* reapareza noutros casos (n. 39 e 40). Tales "erros" que representan realidades da lingua falada non sempre se corrixen.

- Tipo 3. Corresponde aos que en realidade non son tales fallos, pero un supervisor decide non obstante corrixilos porque entende que coa emenda se comprende mellor o texto.

Un erro do tipo 1 témolo probablemente no final da primeira liña da inscrición n. 14 do noso catálogo. Dá a impresión de que primeiro se gravou DEOL e despois se seguiu con IBER na segunda liña, fose cal fose o motivo do despiste. O amaño non era sinxelo nin para nós resulta doado de interpretar o que se puxo en práctica. Semella que primeiro se intercalou un novo L entre o O e mais o L e despois se converteu o L final (o que primeiro se gravara) nun nexo de A-R superpostos, onde o R está por enriba e o A por debaixo, opción que mellor se adaptaba ao trazado xa gravado do L do que inevitablemente había que partir, por moito que a orde contraria (A por riba, R por baixo) fose naturalmente moito máis apropiada.

Outro probable erro atopámolo na fórmula votiva APS da epígrafe n. 24. Pola disposición das letras dá a impresión de que se planeaba escribir APOS cun O pequeno elevado, como é habitual. O lapicida debeu de querer gravar primeiro o S final para evitar problemas de espazo, deixando para o remate a plasmación do pequeno O intermedio, que despois nunca chegou a escribir.

Especialmente importantes son os erros que afectan á designación teonímica. A inscrición n. 13 é boa mostra da inexperiencia dalgúns dos gravadores. A disposición do texto invita a pensar que se empezou gravando *Lari* (sen *deo*), talvez porque, aínda que a forma epigráfica estandarizada era *Deo Lari Berobreo* e probablemente así figuraba na minuta cuxo texto o lapicida só tiña que copiar, na fala se dicía simplemente *Lari Berobreo*. Un revisor posterior ou o propio gravador descubriu o problema e tomou a decisión de engadir *Deo* no escaso espazo dispoñible entre a primeira liña e a decoración da cabeza do monumento. Por outra banda, resulta que logo se gravou *[B]ere|[o]* en vez de **Bero|bre|o*, un erro aparentemente maiúsculo, pero facilmente comprensible. Tras gravar BER, o lapicida, que agora copiaba con máis atención da minuta, pero debía de ser por natureza un pouco despistado, cambiou por descoido de liña e seguiu gravando a partir do R seguinte, co que saltou a secuencia *-o|br-* intermedia. Neste caso debemos preguntarnos por suposto tamén se *Bereo* non podería ser unha variante real de *Berobreo*. O feito de que lingüisticamente resulte inexplicable semellante redución formal e que o erro, por moi sorprendente que sexa o resultado, en realidade sexa facilmente comprensible, inclina claramente a balanza cara á opción dunha simple equivocación. A forma resultante *[B]ere[o]* non foi corrixida, probablemente porque era imposible introducir todo o que faltaba no texto xa gravado. En calquera caso, o taller lapidario sempre podía explicar que se trataba dun

tipo de abreviatura e, como vemos, esta pequena irregularidade non foi óbice para a colocación da ara.

Atopamos outro importante erro na gravación da designación teonímica da inscrición n. 20, onde o que se le é *Be|ror|ore* en vez do esperado **Be|rob|reo*. Tamén aquí *Berorore* resulta completamente inverosímil como variante auténtica de *Berobreo* e tamén aquí se pode comprender o erro facilmente. O lapicida gravou BERO e por descoido volveu gravar a sílaba RO. En realidade sería bastante fácil converter BE|ROR|O en *BE|ROB|R, pois R era doadamente transformable en B e o O pequeno elevado da liña seguinte tamén era reutilizable sen dificultades como cabeza da letra R. O lapicida optou, porén, por outra solución. Na terceira liña desta forma teonímica debía figurar REO (**Be|rob|reo*). Como xa escribira un O inicial, xa só lle faltaban as letras RE, así que decidiu gravalas tras o O e fíxoo de tal maneira que o E final quedase pegado ao R superior, que desa maneira podía lerse como B. O resultado foi que BE|ROR|ORE podía lerse como **Be|rob|ore* e que este **Be|rob|ore* tiña todas as letras que a forma teonímica debía conter, coa única pequena imperfección formal de que os caracteres finais de **Be|rob|reo* estaban un pouco desordenados, o que evidentemente non lle pareceu tan grave nin ao vendedor nin ao comprador.

Un erro típico e recorrente do tipo 2 son correccións da forma latina vulgar *ara* en *aram*. A pesar de que a letra ausente, o M, era das de tamaño grande e por tanto non facilmente introducible alí onde faltase, no caso de *ara* a súa inclusión era relativamente sinxela porque bastaba con engadirlle ao A un novo ángulo para xerar un nexo A-M. O exemplo máis claro témolo na inscrición n. 44, onde, por falta de espazo no final da liña, se engade un ángulo máis pequeno e elevado. Posiblemente son tamén engadidos secundarios os que atopamos nas epígrafes n. 19, 10 e 5. Na n. 5 o elemento engadido é de feitura diferente, máis redondeado, talvez porque fose gravado por un lapicida distinto. Curiosamente o A escrito inicialmente non ten trazo interno, mentres que o supostamente engadido si que parece telo, sexa un novo erro de lapicida, sexa un risco fortuíto da pedra.

Ao tipo 3 pertence o caso da palabra *salute* na epígrafe n. 9 do noso catálogo. Na palabra final abreviada *sal(ute)* da inscrición n. 54 podemos observar con claridade como se representa un nexo A-L. Primeiro grávase un A e despois, a partir do seu extremo inferior, engádese un trazo horizontal cara á dereita, que neste caso ten unha notable inclinación descendente, como ocorre moi frecuentemente coa letra L neste *corpus* epigráfico. No n. 9 gravouse primeiro *salute* con dous nexos: A-L do xeito habitual e T-E tamén dunha maneira estándar, aínda que un pouco atropelada no escaso espazo final da liña. En realidade aquí non habería nada que obxectar nin corrixir, pero o revisor do texto debeu de considerar que o nexo A-L era problemático e decidiu introducir un L entre o A-L e mais o V seguinte, a pesar de que este engadido por falta de espazo necesariamente tiña que ir un pouco máis baixo ca o resto das letras, o que non resultaba moi estético. O motivo polo que se decidiu introducir esta corrección probablemente é dobre. Por unha parte, na epigrafía do monte do Facho tamén se usa un A con ápice inferior dereito (por exemplo, claramente, no n. 36 do noso catálogo), de xeito que a distinción entre A e nexo A-L podía non ser tan evidente. Por outra parte, como veremos posteriormente, na lingua vulgar local *salute* xa se pronunciaba como **saúde*, o que favorecía a falsa lectura do nexo.

11. Abreviacións

En soportes como columnas e estelas tan estreitas e monumentos de pequeno tamaño o espazo dispoñible para a gravación dun texto é moi limitado. Por outra parte, cun tipo de material granítico raramente fino e apto para trazar con perfección e claridade letras pequenas, a tendencia é a facer letras grandes e ocupar por tanto máis espazo. En tales circunstancias é lóxico que se recorra ao uso de abreviacións, sexan siglas ou abreviaturas habituais na epigrafía latina —como *d(eo)*, *pos(ui, -uit)*, *sal(ute)*—, sexan cortes menos estándares, pero seguindo tendencias lóxicas e habituais:

- Letra inicial: *d(eo), L(ari), G(enio), a(ram), p(osui, -it), v(oto), s(alute).*
- Sílaba inicial: *La(ri), Ge(nio), po(sui), sa(lute).*
- Sílaba inicial + consonante: *Ber(obreo), ar(am), pos(ui, -uit), sal(ute).*
- Primeiro membro dun composto: *Bero(breo)* e posiblemente *Berro(breo).*

Con todo, o certo é que no *corpus* do monte do Facho as abreviaturas non son nin moito menos constantes e o texto estándar, pola súa brevidade, tende a gravarse por extenso. Especial interese ten o caso de *Ber(...)* e *Bero(...),* ademais do posible *Berro(...),* que con toda contundencia e sen contemplacións se deben considerar formas abreviadas. Volverei sobre isto con máis detalle no punto 13.a.

Practicamente todas as palabras e nomes que (re)aparecen neste corpus epigráfico se documentan nalgún momento en forma abreviada:

—Deo:	*D(eo)* en n. 1, 6 e 46.
—Lari:	*L(ari)* en n. 9 *La(ri)* en n. 7
—Genio:	*G(enio)* en n. 6 *Ge(nio)* en n. 5
—Berobreo:	*Ber(obreo)* en n. 8 *Bero(breo)* en n. 26 (e 45) e posible *Berro(breo)* en n. 49
—aram:	*a(ram)* en n. 24 *ar(am)* en n. 14, 15 e posiblemente 51 (con respecto a *ara* véxase máis abaixo)
—posui, posuit:	*p(osui, -it)* en n. 4, 15 e 51 *po(sui, -it)* en n. 3 e 19 (con respecto a *posi* véxase máis abaixo)
—voto:	*v(oto)* en n. 15
—salute:	*s(alute)* en n. 26 *sa(lute)* en n. 5 *sal(ute)* en nr 54 (con respecto a *saute* véxase máis abaixo)

12. Latín vulgar: *ara, posi, saute*

O latín da época de Cicerón era unha lingua coma calquera outra. Tiña as súas variedades cultas e menos cultas, as súas particularidades sociais e as súas diferenzas diatópicas. A variedade culta usada nas obras literarias dun pequeno grupo de autores e que se convertirá en modelo para xeracións futuras, o chamado latín clásico, era diferente do latín falado ou escrito en situacións informais por esas mesmas persoas e máis aínda, naturalmente, do falado pola xente común maioritariamente analfabeta do crecente imperio, pero a distancia entre esas variedades non era aínda tan grande como chegaría a ser nos séculos seguintes. O establecemento dun ideal de lingua culta provocou a súa estabilización, mentres a lingua falada seguía o seu inexorable proceso evolutivo. A partir do cambio de era a distancia foise facendo cada vez maior e derivaría no desenvolvemento das linguas románicas, entre elas o galego medieval, de onde co tempo se chega ao noso galego actual.

O corpus epigráfico das aras do monte do Facho debe situarse aproximadamente entre os anos 300 e 450 dC. Por tanto, estamos xa a unha distancia notable da época de Cicerón e nun recuncho do Imperio onde o latín falado estivera durante séculos, e probablemente aínda seguía estando, en contacto e interacción cunha lingua prelatina local pertencente ao grupo das linguas célticas, case o mesmo que, *mutatis mutandis*, separa o español de Nebrija do español actual de calquera lugar rural hispanoamericano. A lingua culta que se aprende na escola é xa bastante diferente do que se fala na casa e no vecindario. A que se aprende é moi homoxénea, está sometida a unhas regras establecidas (na pronuncia, na flexión, na sintaxe, no léxico); a que se fala é moi heteroxénea e mestúrase ademais coa culta.

Lamentable e loxicamente non temos gravacións da lingua falada desa época, polo que tampouco podemos ter testemuños directos desta variedade ou conxunto de variedades de lingua. O que chega a nós é necesariamente escrito, pero sabemos, como se esforzaron por clasificar e explicar adecuadamente Koch e Oesterreicher (1985 e traballos posteriores), que oralidade e escritura propiamente só son medios de transmisión da lingua e que en calquera destes dous medios se pode usar unha lingua de maior ou menor distancia ou proximidade. A lingua máis formal e culta non só se usa en textos escritos e a lingua máis informal e cotiá non só se manifesta oralmente.

Os textos que documentamos gravados sobre pedra ou metal, que constitúen o material obxecto de estudo da epigrafía, poden ser moi cultos, como por exemplo unha composición poética (cf. CIL II 2660 de León), ou non ter pretensións de ningún tipo como son, por exemplo, a maioría das inscricións funerarias ou votivas. Estes textos están normalmente escritos de acordo coas normas ortográficas do latín escolar e teñen ademais moitos elementos estereotipados que se reproducen automaticamente, pero ao mesmo tempo é fácil que se introduzan elementos da lingua falada cotiá.

Non temos por tanto testemuños directos, extensos e coherentes da lingua falada polos individuos, grupos ou estratos sociais menos influídos pola lingua culta, pero temos moitos pequenos fragmentos desa variedade de lingua que afloran dun xeito máis ou menos esporádico e entremesturado en textos que pretenderon escribir dunha maneira estándar individuos que, sen darse de conta, introducían eses pequenos "erros".

No noso corpus epigráfico predomina en xeral a variedade estándar ou culta da lingua. Temos *aram posui* con marca de acus. sg. *-m*, forma orixinal de *posui* e orde sintáctica OV (obxecto directo - verbo). Na epígrafe n. 15 do noso catálogo aparece *v(oto)* con ablativo de causa sen preposición. *Pro salute* sen posesivo. En lingua vulgar tardía atopariamos *ara* sen *-m*, *posi* e mais a orde sintáctica inversa VO (*posi ara*), *ex voto* con preposición e *pro sua salute* con posesivo.

A orde sintáctica VO (verbo - obxecto directo) aparece en tres ocasións (n. 14, 25 e 26), pero nestes casos a forma das palabras é sempre a estándar: *posui* e *aram*. Temos, por tanto, sintaxe vulgar con morfoloxía nominal e verbal impecablemente culta. *Pro sua salute* aparece nunha única ocasión (n. 54), pero tamén hai un exemplo de *pro sua filia* (n. 2), a pesar de que o das designacións familiares é un dos campos semánticos en que a lingua culta evita dun xeito máis sistemático o uso dos posesivos. A palabra *voto* non volve aparecer.

Tres palabras merecen un comentario máis detido: *ara*, *posi* e mais a gran sorpresa deste corpus epigráfico: *saute*.

a. *Ara*

Mentres que en latín culto o acusativo singular da palabra *ara* é *aram* con *-m*, resulta que aquí nos aparece reiteradamente *ara* sen *-m*. Ademais parte das formas *aram* son clara ou moi presumiblemente correccións posteriores a partir dunha grafía inicial sen *-m* (n. 44, 19, 10 e 5).

Na práctica habitual da edición epigráfica restitúese na medida do posible a forma "correcta" das palabras cando no texto se documenta algo diverxente da norma culta ou escolar. Así, por exemplo, se nun texto votivo aparece NAVIE, dat. sg. do teónimo *Navia*, na edición figurará *Navi(a)e* "para Navia"; se aparece VOTV SOLVIT, figurará *votu(m) solvit* "cumpriu a promesa"; se aparece LIBES figurará *libe(n)s* "gustoso"; se aparece IC SITVS EST, figurará *(h)ic situs est* "aquí está depositado / enterrado" etc. En todos estes casos temos "erros" con respecto á ortografía do latín culto, pero ningún deles é un erro con respecto á lingua falada, senón, polo contrario, un precioso testemuño para conocela. NAVIE mostra a monotongación *ae* > *ę*, VOTV a perda do *-m* final, LIBES a perda do *-n-* ante -s-, IC a desaparición do *h* en latín vulgar tardío. A práctica editorial non debe levar por tanto á falsa idea de que estas "aberracións" aparecen por puro capricho atolondrado de quen redactou ou gravou o texto e que por tanto o que figura escrito non é máis ca un puro disparate. Dende un punto de vista lingüístico *Navie*, *votu*, *libes* e *ic* son formas auténticas da lingua e por tanto absolutamente correctas, aínda que se poidan, queiran ou deban considerar "erros" dende unha perspectiva ortográfica. Nunha edición lingüística dos textos, como a que nós aquí presentamos, este tipo de restitucións por suposto non teñen ningún sentido e prescíndese por completo delas.

Na edición de Koch (2019, 22 § 22) dise que "para o uso do nominativo *ara* en vez do acusativo *aram* hai bastantes exemplos no material do monte do Facho"; na p. 77 afírmase que "as infraccións gramaticais corresponden basicamente ao uso do nominativo *ara* en vez do acusativo *aram*", mentres que na p. 9 § 7 se dicía que "en calquera caso a restitución máis probable aquí é *ara(m) p(osui)*, dado que erros gramaticais de todo tipo son máis frecuentes no material do monte do Facho

ca as formulacións inusuais"[16]. Deixando de lado a contradición de dicir que os erros gramaticais se reducen practicamente ao uso incorrecto de *ara* e asegurar ao mesmo tempo que erros gramaticais de todo tipo son correntes neste corpus epigráfico, a reiterada idea de que o nominativo *ara* se usa en vez do acusativo *aram* é obviamente falsa. Para semellante cousa non hai nas aras do monte do Facho absolutamente ningún exemplo. Cando aparece *ara* en función de obxecto directo, non temos un nominativo, senón unha nova forma do acusativo que xurdiu por unha evolución fonética regular da lingua: *aram* > *ara*. Nominativo e acusativo singular pasan a ter a mesma forma nesta clase flexiva, cousa que non é ningunha novidade na flexión nominal latina, dado que nominativo e acusativo xa eran idénticos no xénero neutro e no plural do masculino e feminino da terceira, cuarta e quinta declinacións. A palabra *ara* usada como obxecto directo é un acusativo sen *-m*, non un nominativo usado en vez dun acusativo. Unha cousa é a forma e outra completamente diferente a súa función sintáctica e o caso flexivo que a exerce.

b. *Posi*

O verbo *pōno* (< **posno* < **posinō*), *posīuī*, *positus* adoptou un novo pretérito *posuī* por analoxía cos verbos con participio en *-itus* que adoitan ter pretérito en *-uī* (*domāre* - *domitus* - *domuī*, *monēre* - *monitus* - *monuī*, *gignere* - *genitus* - *genuī* etc., v. Leumann 1977, 594-595). A forma orixinal *posīuī* (aínda normal en Plauto [ca. 254-184 a. C.] e Terencio [ca. 190-159 a. C.]) presenta as variantes *posiī* con perda do *-u̯-* entre vogais da mesma calidade e *posī* con posterior contracción (v. Leumann 1977, 119-120, 600-601).

A nova forma *posuī*, documentada dende Ennio (239-169 a.C.), pasa a ser a forma habitual do latín clásico (v. Sommer 1948, 573). En textos epigráficos aparece esporadicamente a grafía *posuuit*, variante que reflicte unha pronuncia con desenvolvemento dunha semiconsonante homorgánica *-u̯-* tras o *-u-* en hiato: *posuit* (forma trisilábica *po.su.it*), pronunciada como *posuu̯it* (*po.su.u̯it*).

Todas as variantes citadas están documentadas epigraficamente. Na Península Ibérica a forma dominante é *posuit* con algún testemuño illado de *posuuit* (nun fragmento de epitafio de Alter do Chão, Portalegre; HEp online 20815). A forma primitiva *posiuit* tamén está aparentemente documentada nalgún caso moi illado (nun fragmento de ara de Lerma, Burgos; HEp online 31374). Con todo, é relativamente frecuente a forma *posit*, polo que *posiuit* pode ser en realidade, non a forma arcaica, senón unha pseudoforma culta recente a partir de *posit* ou *posiut*. A forma *posiut* documentada en Monte Cildá, Palencia, e Sagunto, Valencia (HEp online 12619 e 25667 respectivamente) é unha variante de *posit* con introdución analóxica da terminación *-ut* (cf. gal. *amou* < *amaut* < **amau(ẹ)t* < *amāvit*).

Tanto *posuit* como *posit* aparecen ás veces escritas con *-ss-*: *possuit* [p. ex. HEp online 16598], *possit* [p. ex. HEp online 8538] (tamén *possierunt* en Villaviciosa,

16. "Für die Verwendung des Nom. ARA statt des Akk. ARAM gibt es im Facho-Material genügend Belege", "Sie (sc. die Verstöße gegen die Grammatik) betreffen im Wesentlichen die Verwendung des Nominativs ARA anstelle des Akkusativs ARAM", "Gleichwohl ist *ara(m) p(osvi)* wahrscheinlicher, da grammatische Fehler aller Art bei dem Facho-Material eher vorkommen als ungewöhnliche Formulare".

Asturias; HEp online 24357). Son grafías hipercorrectas xurdidas por confusión tras a simplificación *-ss-* > *-s-* na lingua oral popular, probablemente favorecidas ademais por interferencia do verbo *posse* "poder" (pres. ind. *possum*, subx. *possim*).

A variante *posit* (cf. tamén *posierunt* en Castrillón, Asturias; Crémenes, León e San Esteban de Gormaz, Soria; HEp online 12053, 19272, 28594, respectivamente) ten dúas posibles orixes. Podería vir da forma antiga *posivit* da que xurdiu *posiit* e despois por contracción *posit*. Pero sería moi sorprendente que en documentación tan serodia e nunha zona onde o latín se difundiu tan tardiamente, tivésemos unha variante da forma latina arcaica do verbo. Máis verosímil parece que se trate dunha variante vulgar tardía de *posuit* con sinérese (*po.su.it* > *po.sṷit*) e posterior perda do *-ṷ-* no grupo *-sṷ-* antevocálico, como o presupón a súa evolución románica (cf. lat. *cōn.sú.e.re* > *co.sṷé.re* > gal. *coser*).

A variante *posi* aparece dúas veces unida ao acusativo *ara* (n. 18 e 28: *ara posi*) e nunha única ocasión con *aram*, onde o *-m* final en nexo puido ser unha corrección posterior (n. 5).

c. *Saute*


O dato máis interesante que nos achega a documentación epigráfica do monte do Facho é, con todo, a forma *saute*.

Como forma parte da forma estándar do texto das aras, o sintagma *pro salute* está documentado reiteradamente. Na maioría dos casos está escrito por extenso (n. 9, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 27, 28 e posiblemente tamén 25 e 53). En forma abreviada temos *pro s(alute)* (n. 26), *pro sa(lute)* (n. 5) e *[pro] s[ua] sal(ute)* (n. 54).

En parte destes testemuños utilízase un nexo A-L (claramente nos n. 54 e 9):



N. 54: *[pro] s[ua] sa-l(ute)*



N. 9: *pro* | *ꝑa-lute, corrixido en pro* | *ꝑalute*

O nexo consiste nun A ao que en principio se lle engade no seu extremo inferior dereito un trazo horizontal cara á dereita. Neste corpus epigráfico tende, en cambio, a estar inclinado, coa mesma forma que adoita presentar o L solto.

Problemática é a lectura e interpretación do n. 18. O trazo dereito do A é máis longo ca o trazo esquerdo, pero isto xustifícase polo simple feito da súa inclinación. Parece presentar ademais unha lixeira desviación, pero tan lixeira que resulta realmente moi discutible a súa existencia. Se realmente houbo unha intención de gravar un nexo A-L, sorprende que non se marcase dun xeito máis evidente. Koch (2019, 4 §3) le SAVTE, pero admite a posibilidade dunha ligadura mal feita e interpreta *sa-lute*.

O problema complícase polo feito de que o A ás veces se traza cun pequeno ápice inferior dereito, como ocorre no n. 36.



N. 18: *pro sa-l|ute*



N. 36: *Deo L|ari*

En calquera caso no fragmento inferior da epígrafe n. 20 atopamos unha gravación que non deixa lugar a dúbidas. Neste caso o A está clarisimamente gravado e non presenta ningunha prolongación nin a máis mínima desviación do seu trazo dereito. Aquí estaría plenamente inxustificado pretender ler un nexo A-L, polo que a lectura *sau|te,* a pesar dos desperfectos xerados pola fractura, se debe considerar neste caso plenamente segura.



N. 20: *posu|i pro | sau|te*

A existencia de *saute* permite por outra parte entender mellor a corrección no texto n. 9. O nexo A-L foi feito dun xeito inconfundible (v. foto arriba), dado que o trazo inferior dereito se desvía claramente e é suficientemente longo. A corrección non pretende por tanto subsanar o problema xerado por un nexo mal feito, senón eliminar un nexo perfectamente gravado. Isto non tería ningún sentido se non houbese un motivo polo que o revisor do texto considerase que o nexo era problemático polo simple feito de ser nexo. Ese motivo era dobre, probablemente: a existencia, por unha parte, de variantes formais do A con apéndice e, por outra, o feito de que na fala local xa se debía de dicir **saúde* en vez de *salute*, o que podía inducir a ler *saute*, polo que era preferible usar a letra L independente para evitar posibles malentendidos.

Naturalmente non sorprende que volvamos a ter un elemento procedente do latín falado popular tardío que vén a sumarse a *ara* e *posi*. A sorpresa reside en que documentamos aquí o testemuño máis antigo da caída do *-l-* intervocálico. Di Mariño (2017, 367): "a documentación galaica en latín escrita do século IX en diante contén sobradas probas de que este cambio se producira antes do oitocentos, probablemente xa na época da dominación xermánica". Na p. 364 cita o exemplo de a. 887 *Fafianus* (< *Fafilanus*) do TSobrado I 147 (v. Boullón 1999, 207). O noso testemuño de *saute* mostra que a caída do *-l-* intervocálico ante *-u-* (non necesariamente noutros contextos) se producira a máis tardar xa no século V na zona costeira occidental da Península do Morrazo (non necesariamente noutras áreas).

Sorprende que a forma presente caída do *-l-* intervocálico e *-t-* sen sonorizar, cando a sonorización das oclusivas intervocálicas precede sen dúbida historicamente á perda do *-l-*, pero *saute* non é unha palabra tomada nesa forma da oralidade, senón un erro ortográfico de alguén que pronunciaba **saúde* e quixo pasar a súa forma oral ao latín "correcto", transformándoa por descoido ou ignorancia en *saute* en vez de *salute*.

Di o refraneiro, con razón, que unha anduriña non fai verán nin unha palla fai palleiro. Sabendo que un erro sempre é posible —e que, de feito, neste *corpus* epigráfico se constata toda unha serie deles—, sería lóxico pensar que este *saute* en realidade non é máis ca un simple erro de lapicida que, por descoido, se esqueceu de gravar o L. Pero hai dous argumentos en contra desta posibilidade. Por unha parte, está o feito de que a claridade coa que se le *saute* no texto n. 20 obriga a preferir a lectura *saute* no n. 9 e non optar nese caso por un hipotético nexo carente de toda marca claramente recoñecible, de xeito que *saute* n. 20 en realidade non está completamente só, senón que é un fenómeno que se repite, do mesmo xeito que o fan *ara* e *posi*. E, por outra parte, está o feito de que os verdadeiros erros (tipo 1) adoitan ser advertidos e corrixidos por un supervisor, salvo que a corrección sexa extremadamente complicada. Neste caso nada sería máis fácil ca converter *saute* en *salute* cun simple nexo A-L ben marcado para que non houbese confusións. O feito de que en dúas ocasións non se realizase tan doada corrección enténdese mellor se se considera e admite que se trata dun erro baseado nunha auténtica pronunciación oral (tipo 2), un tipo de erros que con frecuencia non son (advertidos nin) corrixidos.

13. *Deus Lar Berobreus* e variantes: comentario lingüístico

a. *Berobreo*, non ***Bero Breo*

A forma xeralizada da designación teonímica é *deo Lari Berobreo* cunha variante pouco frecuente na que se engade *Genio* (n. 5 *Deo Lari Ge(nio) Berobreo*, n. 6 *D(eo) G(enio) La[.?.] robr[eo]*). A principal forma diverxente é *d(eo) Berobrieco* (n. 1), que se documenta nunha das pezas consideradas máis antigas polas súas características formais, aínda que isto non sexa completamente seguro. As outras variantes son só gráficas, fonéticas e mais algún que outro erro.

A designación teonímica adoita aparecer por extenso, pero esporadicamente tamén se rexistra con distintas abreviaturas: *D(eo)* (n. 6 e 46); *L(ari)* (n. 9), *La(ri)* (n. 7); *G(enio)* (n. 6), *Ge(nio)* (n. 5); *Ber(obreo)* (n. 8), *Bero(breo)* (n. 26 e 45) e mais o posible *Berro(breo)* (n. 49). A abreviación gráfica dos teónimos, como de calquera outro elemento constitutivo do texto (véxanse todas as abreviaturas máis arriba no punto n. 11), non é por suposto ningunha rareza, senón, pola contra, algo absolutamente normal e corrente.

O punto de corte nas formas abreviadas ou incompletas pode ser calquera que esixan as circunstancias, pero hai certas tendencias que obedecen á propia natureza da lingua.

Predominan a letra inicial e mais a primeira sílaba, que se corresponden coas unidades menores fonéticas da palabra (criterio fonolóxico e fonético; cf. por exemplo *Coso M(...) = Coso Maelobrigo* de Zas, A Coruña [HEp online 11806]; *Ge(...) La(...) = Genio Laquiniensi* de Vizela, Braga [HEp online 8229]).

A primeira sílaba + consonante ou grupo consonántico seguinte, que ten a vantaxe de que permite unha mellor diferenciación e identificación da palabra abreviada (criterio fonético e diacrítico; por exemplo, *Revve An(...) = Reve Anabaraeco* de Ourense [HEp online 33107, 16599]; *L. Aemilius Medutus Mir(...) = Mirobrigensis* de Garlitos, Badajoz [HEp online 4447]; *Genio Turg(....) = Genio Turgaliensi* de Trujillo, Cáceres [HEp online 21602]).

A fronteira morfolóxica previa ao sufixo derivativo ou o punto de unión entre os dous membros dun composto (criterio morfolóxico; por exemplo *Revve Anabar(...) = Reve Anabaraeco* de Ourense [HEp online 26581, 16599]; *Reve Langanid(...) = Reve Langanidaeco* de Castelo Branco [HEp online 20083]; *M. Valeri[us] M. F. Gal. Reburrus Segobrig(...) = Segobrigensis* de Saelices, Cuenca [HEp online 8176]; *Pulcher Pulchri f. Miro(brigensis) = Mirobrigensis* de Capilla, Badajoz [HEp online 4425]).

Berobreo aparece de momento abreviado de dúas destas maneiras máis naturais e esperables: *Ber(obreo)* e *Bero(breo),* posiblemente tamén *Berro(breo)*. A segmentación *Bero Breo* defendida recentemente por Colmenero (2000)[17] e Koch (2019)[18] carece de toda xustificación e, en atención aos datos de que de momento dispoñemos, debe ser rexeitada sen contemplacións. Se no futuro outros datos obrigan a unha revisión, xa o veremos.

Dado que na epigrafía do monte do Facho non se usan interpuncións o único xeito de demostrar que *Berobreo* é en realidade unha secuencia de dúas palabras é documentar clara e contudentemente que *Breo* poida aparecer só. A simple aparición de *Bero*, aínda que sexa reiterada, non obriga por si soa a segmentar *Berobreo* en *Bero Breo*, como en cambio sostén Koch incomprensiblemente. Colmenero (2000, 856) razóao moi acertadamente: "si ambos términos pueden ir solos es porque *Bero* y *Breo* son vocablos independientes", pero lamentablemente a súa suposta proba de que tamén *Breo* pode ir só non é máis ca a súa lectura da epígrafe n. 3 do noso catálogo como *Deo Lario Breo*, que nós consideramos incorrecta e el mesmo debería considerar polo menos insegura e por tanto non probatoria.

Nada obriga a rexeitar a opción que xa de entrada é lingüisticamente máis atractiva: *Berobreo* é asociable aos abundantísimos topónimos antigos en *-bri-*, modernos en *-bre,* do noroeste da Península Ibérica, mentres que ***Bero Breo* estaría completamente illado. Pero hai ademais dous argumentos lingüísticos adicionais que favorecen a interpretación *Berobreo* e desfavorecen a segmentación ***Bero Breo* respectivamente:

a. Por unha parte, está a variante *d(eo) Berobrieco* < **Berobri-aeco* (cf. Olivares 2008, 223-224). A morfoloxía desta forma é a prototípica dos epítetos teonímicos hispanooccidentais: un derivado en *-aeco-* dunha base probablemente toponímica. Exactamente a mesma estrutura reaparece no epíteto de *Bandue Veigebreaego* < **Veigeobreaego* < **Veiciobri-aeco* de Rairiz de Veiga, Ourense, derivado en boa lóxica de **Veiciobri-*[19]. Tendo isto en

17. Colmenero 1997, 391 xa lía *Deo Lari Bero Breo*.

18. Así xa en Koch 2010, 58.

19. Non é seguro, senón simple hipótese etimolóxica, que o primeiro elemento *Veige-* proceda de **Veicio-*, que sería un antropónimo. Pero isto carece en calquera caso de importancia para a cuestión que se está a discutir.

conta, dar prioridade a unha segmentación menos plausible *Bero Breo,* en detrimento de *Berobreo,* sen probas contundentes que a avalen carece de toda lóxica e non sería máis ca puro capricho.

b. Pero, por outra parte, está tamén a variante *Brobreo* (n. 9)[20]. Esta forma sincopada é perfectamente comprensible a partir de **Beróbreo*[21], pero se partimos de *Bero Breo*, habería que admitir para o primeiro nome unha acentuación oxítona **Beró* absolutamente estraña ao latín e un cambio **Beró* > *Bro*. Priorizar esta segunda opción carece tamén por completo de sentido.

Na edición póstuma do sexto volume dos *Monumenta Linguarum Hispanicarum* de Jürgen Untermann (2018, 269), Koch sentiuse na obriga de engadirlle ao texto do autor o seguinte comentario: "A interpretación de **Berobris* como un epíteto adxectival de *deus lar* formulada arriba por Untermann, idea que parecen compartir a maioría dos lingüistas, debe ser posta en cuestión agora que temos documentada unha serie de altares votivos nos que só se fala dun *deus lar berus/beros*. A suposición de que se trate de formas abreviadas, tal como me expresaron oralmente B. Prósper e P. Stempel, eu non a podo admitir"[22] (v. tamén Koch 2019, 75).

O certo é que nada hai que retocar ao que pensa e manifesta Untermann, que en ningún momento di que **Berobris* sexa un adxectivo nin epíteto que acompañe a *deus lar*. Non existe tal "serie de altares votivos" (expresión mal escollida, dado que induce a pensar nunha gran cantidade) onde se documenta *Bero*, senón dous únicos casos seguros (n. 26 e 45 do noso catálogo) e mais o posible *Berro* (n. 49). E os lingüistas moitas veces non estamos de acordo polos motivos que sexan e seguramente merecemos certa incomprensión e desconfianza, pero, polo menos cando coincidimos, sería mellor non banalizar a nosa opinión, que neste caso non só atende á verosimilitude dunha determinada presunta forma non abreviada pola cantidade de veces en que (supostamente) se documenta, senón tamén e sobre todo á maior ou menor verosimilitude lingüística das opcións que se presentan e barallan. Jürgen Untermann, Blanca Prósper e Patrizia de Bernardo Stempel estaban plenamente acertados na súa opinión de ler e seguir lendo *Berobreo*.

b. Variantes *Berobreo* vs. *Berobrieco*.

Berobreo vs. *Berobrieco* non son dúas variantes da mesma palabra, senón dúas formacións diferentes que comparten un mesmo elemento común. As diferenzas non se circunscriben á estrutura morfolóxica, senón que afectan a toda a designación teonímica no seu conxunto: *deo Lari Berobreo* (esporadicamente + *Genio*) vs. *d(eo) Berobrieco* (sen *Lari* nin *Genio*).

Mentres que *deo Lari Berobreo* é a forma que se estandarizou e maioritariamente se

20. Lectura *Deo L(ari) B|robre|o* de Búa 2000 281. Koch 2019 52 n. 95 le *Deo L(ari) B-e|ro Bre|o* cun nexo B-E inexistente neste texto nin en ningún outro do monte do Facho. Todas as demais lecturas son completamente erradas: *Deus Laribreus Brus* (Tranoy 1981 293), *Deo La|rio Bre|o Bro | san(c)to* (Baños 1994 27 n. 1), *Deo La|ri Obre|obro san(c)|to* (Colmenero 1996 636), *Deo La|rio Bre|o* (Colmenero 2000 855-856, 858).

21. Non é necesario recorrer a un posible erro de lapicida.

22. "Untermanns oben formulierte Interpretation von *Berobris als adjektiv. Epitheton zu deus lar, die von den meisten Sprachwissenschaftlern geteilt zu werden scheint, muss nach dem aktuellen Stand insoweit problematisiert werden, als auf einer Reihe von Weihaltären nur von einem deus lar berus/beros die Rede ist. Die von B. Prósper und P. Stempel mir gegenüber mündlich geäußerte Vermutung, es handle sich dabei um Abkürzungen, vermag ich nicht zu akzeptieren".

manifesta na nosa documentación, *d(eo) Berobrieco* só aparece de momento nunha única ocasión e sobre un monumento que polas súas características pode corresponder a unha das primeiras fases do santuario, aínda que isto non sexa de todo seguro. En calquera caso *d(eo) Berobrieco* mostra a coexistencia de polo menos outra posibilidade de designación da divindade venerada no monte do Facho.

Berobrieco presenta a estrutura morfolóxica e forma máis común dos epítetos teonímicos hispanooccidentais. Trátase sen dúbida dun derivado en *-aeco-* dunha base que de entrada e como principal hipótese de traballo debe de ser un topónimo. Na súa forma observamos a monotongación do ditongo *-ae- > -ę-*. O *-c-* intervocálico estaría en principio sen sonorizar, se a lectura é correcta, pero en calquera caso a realidade fonética non pode establecerse con seguridade, dado que C se usa con relativa frecuencia indiferenciadamente para /k/ e /g/.

Trátase exactamente do mesmo tipo de formación que temos no epíteto de *Bandue Veigebreaego*: *Berobrieco* < **Berobri-aeco, Veigebreaego* < **Veigeobreaego* < **Veiciobri-aeco*, onde a restitución **Veigeo-* < **Veicio-*, que sería o antropónimo *Veicius*, é posible, pero por suposto insegura.

Fronte a *Berobreo*, o derivado *Berobrieco* presenta a forma presufixal *Berobri-*. Dá, pois, a impresión de que *Berobrieco* presenta unha forma máis antiga (con *-i-* antes de pasar a *-e-*), pero isto non é así necesariamente. É posible que a evolución fose **Berobrẹaeco* > **Berobrẹęco* (con hiato) > *Berobrịęco* (con sinérese).

A existencia destas dúas formas *Berobreo* e *Berobrieco* < **Berobrẹaeco*, pode explicarse de dúas maneiras máis plausibles: ou ben **Berobrẹaeco* é un derivado de **Berobreo* ou ben **Berobrẹaeco* e **Berobreo* son derivados de **Berobri-*. A primeira opción é a máis económica e por tanto a principal hipótese de traballo.

Na teonimia hispanooccidental temos varios exemplos de formas teonímicas que son derivadas unhas das outras. Por exemplo, *Tueraeo* dat. < **Toiraio*[23] vs. *Toiraeco* dat. de Santa Maria da Feira, Aveiro (HEp online 16770, 16769), ou *Vord[i]o* dat. < **Vortio* vs. *Vordeaego* dat. < **Vortiaeco* do Sabugal, Guarda (HEp online 22808), e Carrazeda de Ansiães, Bragança (HEp online 7195), respectivamente.

Por outra parte, temos exemplos de orónimos usados directamente como designacións teonímicas. Por exemplo, o monte *Teleno* - teón. *Tilleno* dat. nun altar do Barco de Valdeorras, Ourense (HEp online 7674), ou o monte *Larouco* - teón. *Larauco* dat. en distintos altares da zona fronteiriza entre Baltar, Ourense, e Montalegre, Vila Real (HEp online 16711, 15889). E exemplos nos que os epítetos son derivados de orónimos: *Reve Marandigui* dat. sg. de Vila Real (HEp online 16423) < **Marant-ico-*, derivado de **Marante* (a. 1115 *ad montem Marantis* na bula *Egregias quondam* de Pascual II) > **Maran(t)* > h. serra do *Marão*; *Salamati* dat. de Villamiel, Cáceres (HEp online 22843), < *Salam-ati-*, derivado de **Salama* > h. monte *Xálima* (en castelán *Jálama*), Cáceres.

Tendo en conta todo isto, pode postularse como hipótese de traballo que **Berobreo*

23. A forma *Tueraeo* xorde probablemente en dous pasos evolutivos: primeiro prodúcese un peche do *-o-* átono ante *-i- (*Toiráio* > **Tuiráeo)* e máis tarde unha apertura do *-i-* en contacto con *-r-* (**Tuiráio* > **Tueráeo)*.

sexa o nome do lugar (do monte e/ou do castro) e **Berobrẹaeco* un epíteto teonímico derivado dese nome.

Por outra parte, sendo ben coñecida a tendencia a usar designacións teonímicas que constan de teónimo + epíteto(s) só a través dos seus epítetos, omitindo o teónimo, é moi posible que **Berobrẹaeco* sexa o epíteto dun teónimo elidido. Os tres principais candidatos para ese teónimo serían por orde alfabética *Bandu-*, *Cosu-* e *Reu-*, pero por suposto non pode descartarse que fose outro. Véxase o punto f. para unha hipótese de atribución.

c. Variantes *Berobreo* vs. *Brobreo*.

No material lingüístico de orixe prelatina da área hispánica centro-occidental dáse con relativa frecuencia a síncopa de vogais pre- e postónicas. En contacto con *-r-* temos, por exemplo, os antropónimos *Cadarnae* < **Cadarinae* dat., de Rabanales, Zamora (HEp. Online 6691); *Eburni* < **Eburini* xen., de Hinojosa del Duero, Salamanca (HEp. Online 16337); *Dovitri* < **Doviteri* xen., de Miranda do Douro, Bragança (HEp. online 33736); o nome familiar *Morcicum,* de Peñalba de Castro, Burgos (HEp. online 14188), vs. *Moriciq(um),* de Orgaz, Toledo (HEp. online 28671), ambos en xen. pl.; os etnónimos *Coelerni* < *Coelerini* (Κοιλερινῶν xen. pl. en Ptol. 2,6,41), *Praes-* e *Supertamarci* < **Praes-* e *Supertamarici* nom. pl., na zona do río Tambre, A Coruña; no século VI o *predio que nuncupatur Ebronanto* < **Eburonanto*, nome dun lugar propiedade dun nobre godo chamado Ricimiro no Bierzo (San Valerio do Bierzo, *Ordo Querimoniae* 6.1-6) etc.

Tendo en conta a abundante documentación deste fenómeno e a datación tardía do santuario do monte do Facho, a variante sincopada *Brobreo* (n. 9 do noso catálogo) < *Berobreo* resulta perfectamente comprensible e admisible.

d. Variantes *Berobreo* vs. *Berrobreo*, *Beirrobreo*

As alternancias gráficas entre consoantes simples e dobres son relativamente frecuentes no material lingüístico prelatino. Baste con lembrar casos como o do teónimo *Ataecina* orixinario de Alcuéscar, Cáceres (probablemente con *-t-* simple orixinal, en vista da súa sonorización intervocálica): *Ataecinae*, *Adaeginae*, *Attaec[i]nae*, *Addaegin[ae]*. Igual sucede co antropónimo *Alluquius* (probablemente con *-ll-* dobre orixinal, froito da asimilación dunha consoante final dun prefixo [**ad-*, **an-*?] ao **l-*), especialmente frecuente na provincia de Cáceres: *Alluquius*, *Alluqius, Allucquius, Aluquius, Aluqius* (Vallejo 2005, 125-126). A casuística é moi variada e moi complexa.

Ás veces pode haber erros dos redactadores dos textos ou dos lapicidas, como podemos observar con máis claridade no material latino. Por exemplo, *munniment(um)* en vez de *monumentum* / *monimentum* nunha epígrafe de Acebedo, León (HEp online 12038); *Belonae* en vez de *Bellonae* en varios altares de Herguijuela, Cáceres (HEp online 24288, 24298, 24975).

Descubrir eses posibles erros no material prelatino non é tan doado, dado que non adoitamos ter información abonda para contrastar. Sirvan de exemplo os seguintes casos. O teónimo *Trebarune* dat. aparece nunha ocasión como *Triborunni* en Cascais, dist. Lisboa (HEp online 18502), con velarización do *-a-* átono en contacto co *-b-*, *-i-* posiblemente hipercorrecto e *-nn-* completamente inxustificado. O teónimo *Endovellico* con variante *Endovollico*, aparece tamén como *Enobolico* no

Alandroal, dist. Évora (HEp online 21231), con asimilación *-nd-* > *-nn-*, escrita con *-n-* simple, betacismo e *-ll-* escrito tamén con *-l-* simple. O produtivo sufixo *-aeco* aparece como *Bandue Bolecco* dat. nun altar de Palas de Rei, Lugo (HEp online 19101), con monotongación *-ae-* > *-ę-* e *-cc-* dobre. O antropónimo lusitano *Amminus* aparece en Santa Marta de Magasca, Cáceres, como *Paula Amini* (HEp online 20217), mentres que *Apinus* aparece en Coria, Cáceres, como *Aucalus Appini f(ilius)* (HEp online 20329). Temos dúas inscricións relacionadas co monte *Teleno* leonés, unha dedicada a *Tilleno* do Barco de Valdeorras, Ourense (HEp online 7674), e outra a *Marti Tileno* de Quintana del Marco, León (HEp online 14446). Neste caso a forma moderna é a que nos permite determinar que a antiga correcta é *Tileno* con *-l-* simple. No Anónimo de Rávena rexístrase un topónimo *Cetobricca* (Rav. 4,43,18) en vez de **Caetobriga*, h. Setúbal. Neste caso sabemos que hai un *-cc-* hipercorrecto porque se trata sen dúbida dun topónimo en *-briga*.

En calquera caso esas reduplicacións gráficas inxustificadas, sexan involuntarias (descoidos) ou voluntarias (hipercorreccións) son en boa lóxica unha minoría. A maioría das consoantes dobres deben de ser auténticas, unhas máis antigas (por exemplo, o antropónimo **Burro-*, *Burr-ilo-* [*Burro Magilonis f(ilio),* de Ávila, HEp online 8881; *Burrilus Avelci f(ilius) exs gente Arnicio[r]um,* de Vigo de Sanabria, León, HEp online 14042; *Burrilo Celti f(ilio),* de Casas del Monte, Cáceres, HEp online 16435] do celta **burro-* "forte, corpulento, grande": galés *bwr*), outras máis recentes. Entre as tardías están por exemplo os casos da asimilación dialectal dos grupos *-nd-* en *-nn-* ou *-st-* en *-ss-*. O teón. *Bandei* dat., de Covilhã, Castelo Branco (HEp online 20128), aparece como *Bannei* en Gavião, Portalegre (HEp online 20047), *Bane* en Fresno de Sayago, Zamora (HEp online 6400 = 33684). O teón. *Endovellico* / *Endovollico* presenta as variantes *Ennov(olico)* (HEp online 25460) e *Enobolico* (HEp online 21231), todos de Alandroal, Évora. O orónimo *Vindium montem* en Floro *epit.* 2,33,49 aparece como *Vinnium montem* en Orosio *hist.* 6,21,5. O topónimo Ἀρανδίς de Ptol. 2,5,5 (e *Aranditani* en Plinio 4,118) aparece como *Aranni* no It. Ant. 426,3 e *Arani* no Rav. 306,13. Por outra parte, os antropónimos *Pistiro E[q]uaesi f(ilio),* de San Vitero, Zamora, *Pistirae Magilonis f(iliae),* de Villacampo, Zamora ou *Pestere C. f(ilie)* < **Pistirae,* de Vigo, Pontevedra (HEp online 7749, 30429, 13967) contrapóñense a *Pissirus Mebdi f(ilius)* e *Pissirea Tancini f(ilia),* de Resende, Viseu, ou *Camala Pisiri f(ilia),* de Castro Daire, Viseu e *Pisira Turai f(ilia),* de Plasencia, Cáceres (HEp online 11908, 20519, 18977, 20112).

Nalgún caso a reduplicación consonántica non representa, con todo, unha consoante dobre, senón un son continuo, por exemplo un alófono fricativo. Sirva de exemplo o fenómeno do betacismo que afecta tanto ao material latino como prelativo. Consiste na neutralización da semiconsoante [w] e da oclusiva sonora [b] en determinados contextos, especialmente entre vogais, que conflúen nunha fricativa bilabial [β], escrita ás veces con V, ás veces con B. Nunha inscrición de Cangues d'Onís, Asturias, *levis* aparece escrito como *lebes* [lęβẹs] (HEp online 12055). Nunha lousa visigoda de Pelayos, Salamanca, temos *Flavius* como *Flabios* [flaβi̯os] (HEp online 19443). Nunha inscrición de Santillana del Mar, Cantabria, *tibi* aparece como *tivi* [tiβi] (HEp online 14540). Pero esporadicamente tamén atopamos unha VV dobre, por exemplo no caso de *Flavvo Logei f(ilio)* [flaβo], de Villalcampo, Zamora (HEp online 30422). Na onomástica de orixe prelatina

documentamos o mesmo fenómeno con máis frecuencia. Na teonimia atopamos tanto *Nabiae* dat. como *Naviae* dat., *Endovollico* dat. coa variante *Enobolico* dat. **Deiu̯o-* "deus" e **deiu̯ā-* "deusa" aparecen como *deibabo* dat. pl. en Chaves, Vila Real (Búa 2018, 39), e *deibabor* dat. pl. "para as deusas", *deibobor* dat. pl. "para os deuses" en Viseu (HEp online 26087). En canto á antroponimia, o frecuente *Dovilo* nom., cos nomes familiares *Doviliq(um)* de Azután, Toledo (HEp online 157), e *Dovilonicor(um)* de Condeixa-a-Velha, Coimbra (HEp online 22169), contrasta con *Dobilo* dat. de Bragança (HEp online 11982). Ademais, en *Lobesa Lovesi f(ilia),* de Avis, Portalegre (HEp online 21254) temos as dúas grafías contrapostas a pesar da súa inmediatez. *Abuanus* na tésera de Herrera de Pisuerga, Palencia (HEp online 6487), oponse ao nome familiar *Avuancum* < **Abuanicōm,* de San Esteban de Gormaz, Soria (HEp online 8653). Tamén atopamos a reduplicación gráfica VV no caso do teónimo *Reve* dat., que con frecuencia aparece escrito como *Revve* [rewe > reβe], por exemplo *Reve Anabaraeco* vs. *Revve Anabar(aeco)*, *Revve An(abaraeco)* de Ourense (HEp online 16599, 26581, 33107). A menor frecuencia entre formas latinas débese sen dúbida a que a ortografía latina oculta moito máis este fenómeno.

Ás veces a grafía que presenta o material de orixe prelatina é só unha repercusión de cambios que en realidade só se están producindo en latín. No latín vulgar tardío asistimos ao proceso de sonorización de oclusivas e fricativas intervocálicas ao mesmo tempo que se simplifican as correspondentes xeminadas sen sonorizarse. Así, por exemplo, no caso de *-s-* e *-ss-* intervocálicos, que primeiro eran xordos tanto un coma o outro, prodúcese unha evolución -s- > /z/ (sonorización) e -ss- > /s/ (simplificación sen sonorización). A simplificación fonética maniféstase na súa simplificación gráfica: *karisimo* en Penafiel, Porto (HEp online 33349); *[f]ortisim[o]* en Cacabelos, León (HEp online 25181); *pientisimo* en Talavera la Vieja, Cáceres (HEp online 15969) etc. A sonorización do *-s-* simple adivíñase nas moi esporádicas grafías con Z: antropónimo *Zozima* en vez de *Zosima* (do grego Ζωσίμη) en Baralla, Lugo (HEp online 8365); cf. tamén *Lezbia* en Córdoba (HEp online 4031, 4053) ante consonante sonora co mesmo recurso gráfico.

Na lingua prelatina noroccidental da Península Ibérica non parece que houbese sonorización do *-s-* intervocálico. O único cambio observable e ben documentado nese contexto é, por contra, a súa aspiración: *-s-* > *-h-* nunha área que vai de Lugo cara a Ferrol. O teónimo **Cosue* / *Cusue* aparece aí como *Cohue* / *Cuhue* (HEp online 19102, 32356 = 32786; Búa 2018, 206-207). As esporádicas variantes gráficas con *-ss-* que temos por exemplo en *Cossue* da provincia de León (HEp online 6481 = 12879, 19206) fronte ao *-s-* simple de todas as demais variantes non aspiradas (*Coso*, *Cusue*, *Cusei*, *Cusi*, ademais de *Conso* con *-ns-* hipercorrecto) ou, por exemplo, tamén no antropónimo *Lovessi* xen. de Bande, Ourense (HEp online 8345), fronte á forma maioritaria *Lovesius,* non representan ningún verdadeiro *-ss-* xeminado, senón un *-s-* simple xordo. O que pasa é que, para a súa representación, se recorre á grafía que a ortografía latina presenta para o que en latín vulgar tardío se convertera en *-s-* xordo simple.

Centrémonos agora no *-rr-* dobre. Aquí temos que contar con toda a casuística que acabamos de ver: hai *-rr-* dobres auténticos, sexan antigos ou froito dunha asimilación recente; podería haber *-rr-* dobres por interferencia do latín e tamén os pode haber

por hipercorrección ou erro do lapicida. Por outra parte, tamén se poden producir tanto verdadeiras simplificacións do *-rr-* dobre como representacións gráficas defectivas por descoido do lapicida (cf. *Reburina Reburri f.* de Moral de Sayago, Zamora, HEp online 24928, e *Reburrino Reburi* nunha inscrición conservada en Medina del Campo, Valladolid, HEp online 15866).

Bouza - Álvarez - Massó (1971, 73) consideraban que a reduplicación do R no fragmento inferior da inscrición n. 40 do noso catálogo podía non ser máis ca un erro de lapicida. Colmenero (2000, 856) pensa que *Berro* por *Bero* é "atribuible, talvez, a modismo, error o adulteración". Pero entre as pezas atopadas posteriormente apareceron dous exemplos máis: *Berrobreo* (n. 39) e *Beirrobreo* (n. 27), ademais do posible *Berro(breo)* (n. 49). Está claro que isto xa non pode atribuírse a un simple descoido dun gravador, por dous motivos: primeiro, porque o *-rr-* dobre se documenta agora tres ou catro veces e, segundo, porque no caso de *Beirrobreo* temos dúas particularidades formais, o *-rr-* dobre e mais o ditongo *-ei-,* e isto de ningún modo se pode considerar casual.

A posibilidade dunha interferencia co latín tamén se descarta. A variante *Beirrobreo* presenta un ditongo alleo á lingua latina, polo que non ten ningún sentido pensar que unha determinada palabra ou nome propio da lingua latina poida estar aquí interferindo dalgunha maneira.

O máis probable por tanto é que *Beirrobreo* e *Berrobreo* sexan variantes auténticas da lingua prelatina, probablemente diatópicas. A súa escaseza é probablemente enganosa. Na epigrafía do monte do Facho deuse un proceso de estandarización, non só da designación teonímica, senón tamén de todo o texto votivo no seu conxunto. O predominio case absoluto da forma *Berobreo* non debe levar a considerar que esta sexa a única forma correcta e as outras non sexan máis ca insignificantes variantes gráficas. *Berobreo* só é en realidade unha variante máis, probablemente a propia da zona onde se sitúa o santuario, motivo polo que foi adoptada nos usos estandarizados que acabaron por impoñerse. En Vila Nova de Famalicão, Braga, temos unha dedicatoria a un *Lari Beiraidico*. Se está ben lido e se trata realmente dun derivado da mesma base, o que é completamente inseguro, teriamos tamén aquí unha simplificación do *-rr-* dobre, neste caso xa antes da monotongación do ditongo *-ei-*.

A variante *Beirrobreo* ten aspecto de ser a máis antiga. Isto non significa que o monumento onde aparece sexa necesariamente máis vello ca todos os demais. O máis probable é que simplemente proceda dunha variedade dialectal máis conservadora en que a forma se mantivo nun estadio evolutivo máis antigo.

O ditongo *ei* está ben documentado na onomástica de orixe prelatina. Por exemplo, nas formas teonímicas baseadas nos adxectivos indoeuroepos **deiu̯o-/-ā-* "divino" e mais as súas substantivacións **deiu̯o-* "deus" e **deiu̯ā-* "deusa": *Deibabo Nemucelaigabo* dat. pl. "para as deusas nemucelenses" de Chaves, Vila Real (Búa 2018, 39); *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor* dat. pl. "para as deusas e deuses viseuenses" de Viseu (HEp online 26087), con rotacismo **-bos* > *-bor*. Pero tamén se observa unha clara tendencia á súa monotongación *ei* > *ē̯*, en parte comprobable para a propia lingua prelatina, pero sobre todo na súa adaptación ao latín. En posición final a monotongación *-ei* > *-ē̯* pode observarse claramente nos dativos teonímicos en lingua prelatina: **Reu̯ei* > *Revē̯* / *Revvē̯*;

**Cosu̯ei* > *Cosuę̄*, *Cohuę̄*; **Banduei* > *Banduę̄*, **Trebarūnei* > *Trebarunę̄* etc. En posición non final documentamos variantes con *-ei-* e con *-ę̄-*. Así, por exemplo, na antroponimia temos *Veicius* e *Vecius* (probablemente < **u̯eik-i̯o-* "vencedor"; HEp online 11995, 8395), *Meiduenus* e *Meduenus* (probablemente relacionado co irl. ant. *miad* n. "fama, honra, orgullo" < **meido-*; HEp online 20331, 22736), *Peidurtia* e *Perurdea* (< **Peidurdia* < **Peidurtia*, con monotongación *-ei-* > *-ę̄-*, rotacismo, sonorización e apertura *-ia* > *-ea*; HEp online 24963, 8376).

Tendo isto en conta, o máis plausible e verosímil é que *Beirrobreo* represente a forma máis antiga e que *Berrobreo* (= *Bę̄rrobreo*) mostre a súa esperable monotongación. A terceira e máis frecuente variante *Berobreo* debe de corresponder a un paso evolutivo posterior en que o *-rr-* pasa a ser inestable e tende á súa simplificación tras vogal longa: *Bę̄rrobreo* > *Bę̄robreo*. Se este cambio xa se completara na variedade local da lingua prelatina ou só é unha xeneralización propia da súa forma latinizada é algo que non podemos determinar.

Máis tarde, tras a desaparición da cantidade vocálica como marca distintiva fonolóxica, a nova forma *Bę̨rǫ́brę̨o* xerou aínda unha variante sincopada *Brǫ́brę̨o* documentada na inscrición n. 9 do noso catálogo.

e. Etimoloxía.

O caso de *Berobreo* é moi ilustrativo dos perigos que corremos cando nos propoñemos interpretar etimoloxicamente un nome prelatino.

De entrada debemos ser conscientes de que nos imos ver por forza obrigados a especular, dado que operamos só con formas e non con formas e significados, como é imprescindible para poder acadar unha información etimolóxica plenamente fidedigna. De feito imos pervertir completamente a base, procedemento e finalidade do traballo etimolóxico. O normal é partir dunha determinada palabra da que se coñece forma e significado e, de acordo coas leis fonéticas previamente establecidas e boas doses de sentido común, tratar de reconstuír a súa forma e significado orixinais, que vén sendo o que chamamos étimo. No ámbito da onomástica prelatina partimos en cambio só de formas, buscamos posibles étimos celtas ou indoeuropeos que encaixen nesas formas e, en caso de que atopemos algunha opción que nos pareza máis ou menos verosímil e convincente, pasamos a atribuírlle á forma que estamos tratando de interpretar un posible significado acorde con ese posible étimo. As palabras clave son aquí "parecer" e "posible", que distan moito de ser equivalentes a "saber" e "seguro".

Pero ademais resulta que a base para tal especulación é, salvo excepcións, unha forma latinizada e, por tanto, máis ou menos alterada con respecto á orixinal. Non fai falta dicir que esa alteración pode ser moi superficial ou moi profunda[24].

Pero *Berobreo* móstranos ademais que esa forma que documentamos, aínda que non sexa ningunha grave deformación latina, pode non ser tampouco a orixinal da propia lingua prelatina, porque esa lingua, coma

24. Non hai que ser un gran lingüista para decatarse de que a palabra *fútbol* vén do inglés *football*. Máis difícil resulta dar coa etimoloxía da palabra *pana* para "amigo/a, compañeiro/a" do español caribeño. Se non tivésemos toda a información adicional de que dispoñemos, dificilmente iamos poder descubrir que se trata dunha adaptación do inglés *partner*. Por suposto que, sen este dato, as hipóteses etimolóxicas nunca irían por bo camiño. Tampouco a nosa palabra galega *chope,* "traballo temporal e de pouca monta", se descobre tan facilmente como americanismo traído polos nosos emigrantes retornados da área caribeña con orixe no inglés norteamericano *job*.

calquera outra, tamén ten a súa historia, as súas evolucións, as súas variedades, que nós lamentable e inevitablemente ignoramos (case) por completo.

Antes de dispoñer de toda a nova documentación obtida na excavación do santuario, só coñeciamos a forma *Berobreo*, segundo a boa lectura de Fariña (1977, 178-179). A única variante *[Be]rrobreo*, na parte inferior da inscrición n. 40 do noso catálogo, era lóxico vela daquela como un posible erro de lapicida, como manifestan Bouza - Álvarez - Massó (1971, 73). O segmento inicial *Bero-* era asociable a un topónimo **Bero-* ou **Bera*, lugar do que é orixinario un límico documentado nunha inscrición funeraria de Calañas, Huelva: *Reburrus Vacisi f(ilius) castello Berensi Limicus*; HEp online 1783. Entre os cabarcos, que vivían pola zona do río Masma na costa de Lugo, había un *castellum* chamado *Berisum* (*Flaus Auledi f(ilius) Cabarcus Ↄ Beriso (*inscrición de Salas, Asturias; HEp online 12052). Entre os cilenos, que vivían polo Salnés, outro chamado *Berisamum: Caeleo Cadroiolonis f(ilius) Cilenus Ↄ Berisamo* (inscrición de Santa Comba, A Coruña; HEp online 18642). Este mesmo topónimo parece estar conservado no medieval a. 992 *Boresamo*, que podemos situar por Belmonte de Miranda, Asturias, e no moderno *Beresmo* de Avión, Ourense. A secuencia *Bero-*, *Ber-iso-*, *Ber-is-amo-* induce a pensar que pode tratarse dun adxectivo en grao positivo, comparativo e superlativo respectivamente. Unha posible substantivación mediante o sufixo *-on-* puido dar o etnónimo celtibérico dos *Berones* que vivían pola Rioxa. Ademais *Berobreo* atopaba unha correspondencia moi aproximada no primeiro epíteto do teónimo *Munidie Berobrigae Toudopalandaigae* dat. de Talaván, Cáceres (HEp online 22150), sempre e cando esta segmentación fose a correcta, como efectivamente parece, e non a opción alternativa ***Munidi Eberobrigae*, que tamén sería posible.

Pois ben, todo isto cae dende o momento en que a variante *Berrobreo* reaparece e ademais se lle engade *Beirrobreo*. A identidade formal de *Berobreo* con todo o mencionado no parágrafo anterior resulta non ser máis ca unha coincidencia casual. Para *Berobreo* con todas as súas variantes formais debemos partir agora, como principal hipótese de traballo, dunha forma orixinal *Beirro-*.

Como xa se comentou máis arriba, **Berobrẹaeco* é probablemente un epíteto teonímico con teónimo omitido derivado de **Berobreo*, que pola súa parte é probablemente o nome do lugar (do monte e/ou do castro) divinizado. Se isto é así, *Berobreo* < *Berrobreo* < *Beirrobreo* debe poñerse en relación cos topónimos antigos en *-bri-*, modernos en *-bre*. Entre as formas antigas temos por exemplo *Aviliobris* nom. nun altar de Ponteceso, A Coruña (HEp online 630); *Agubri* abl. nunha inscrición de Balmonte, Asturias (HEp online 31893); *Lubri* abl. dos célticos supertamarcos nunha inscrición de Andiñuela, León (HEp online 7455) etc. Entre as numerosísimas formas modernas temos, por exemplo, Santa Baia de *Alcabre* (Vigo, Pontevedra), *Alcobre* < a. 991 *Arcobre* (Vila de Cruces, Pontevedra), Santiago de *Boebre* < a. 922 *Uolebre* (Pontedeume, A Coruña), monte *Castrove* < a. 1025 *Castovre* (próximo a Pontevedra), *Cecebre* < a. 942 *uilla Zercebre* (Cambre, A Coruña), *O Grove* < a. 1115 *Ogrove*, a. 912 *Ogobre* < a. 899 *Ocobre* (Pontevedra), monte *Xiabre* < **Senabre* (próximo a Vilagarcía, Pontevedra) etc.

Os topónimos en *-bri-* son probablemente antigos topónimos compostos coa palabra celta **brig-* "monte, castro" (irlandés antigo *brí* "monte"), cognata do alemán *Burg* "castelo" (< ie. **b*^{h}*r̥ĝ*^{h}*-*, da raíz indoeuropea **b*^{h}*erĝ*^{h} "erguerse, elevarse", cf. tamén alem. *Berg* "monte"). A transformación de **brig-* nun tema en *-i-* é problemática. Puido iniciarse na simplificación *-brix* > *-bris* do nominativo cunha extensión secundaria do alomorfo *-bri-* a todo o paradigma (véxase Búa 2018, 156-162).

En *Beirrobreo,* con todo, non temos directamente ***Beirro-bri-*, senón en todo caso unha formación emparentada **Beirro-brio-*. Estas formas en *-brio-* non son moi frecuentes, pero están ben documentadas en fontes medievais. En territorio galo temos a. 1149 *Corrubrium*, h. *Courouvre,* no dép. Meuse; séc. XII *Donobrium*, h. *Doneuvre,* no dép. Meurthe-et-Moselle; séc. X *Moebrium*, h. *Moyeuvre-Grande,* no dép. Moselle; a. 1050 *Vezenobrium*, a. 1151 *Vedenobrium*, 1208 *Vicenobrium*, h. *Vézénobres,* no dép. Gard (Dottin 1907, 179; Longnon 1923, 41). Para o occidente da Península Ibérica o Parroquial Suevo do ano 569 recolle *Merobrio* con variante textual *Melobrio*, sen localizar, pertencente á diócese bracarense, e *Aliobrio,* que pode corresponder á actual Cidadelhe, Mesão Frio, Vila Real. Un homónimo documentado como a. 921 *Aliobrio* estaba próximo á cidade de Braga (Russell 1953, 167-170). Pero especialmente interesante é o caso de *Tiobre* (a. 1373 *San Martino de Teoure*, a. 1240 *ecclesiam sancti Martini de Toovre*, a. 1178 *Toiobre*), de Betanzos, A Coruña, xunto ao que temos a. 1094 *Sancto Pelagio de Teobrio*.

O feito de que a capela de San Paio (hoxe ruinas no campo de San Paio) estivese moi próxima á igrexa de San Martiño de *Tiobre* invita a barallar a posibilidade de que *Teobrio* sexa un diminutivo de *Teobre,* equivalente aos románicos *Castrove* - *Castrovión* (dim. en *-ón*), *Moraña* - *Morañó* (dim. en *-ó* < *-ola*) etc.

En canto ao primeiro elemento *beirro-* > *bērro-*, cabe a posibilidade de relacionalo co cast. *berrueco* "penedo" (salm. *barrueco*), *berrocal*; port. *barroco* "penedo", na fala de Xálima *barroco* (con top. *Barroco Negro* en Valverde do Fresno, *Barrocal* en San Martín de Trebello); ancarés *barrocal* "lugar de penedos" (Rivas 1991, 429) etc. Esta formación tan estendida é un derivado en **-ǫccu*, sufixo que tamén presentan as formas castelás *peñueco*, *peñocal* (cf. top. *El Piñuecu* en Piloña, Asturias, *El Peñueco* en Arándiga, Zaragoza) e a forma medieval a. 927 *pedruecos* nun documento de Santoña, Cantabria (top. arroyo de *Pedrueco* en Paredes de Nava, Palencia; *El Pedroco* en Xixón, *El Pedruecu* en Piloña, Asturias), derivados de *peña* e *pedra* respectivamente. Tamén *El Valluecu* en Piloña, Asturias; *Torrueca* en Plasencia, Cáceres; apelidos *Aldehueca*, *Grijueca* (derivado de *eclesia,* como *Grijuela* < *eclesiola* ou *Grijota* < *eclesia alta*) de orixe claramente toponímica etc. En galego temos formacións de tipo diminutivo e un pouco despectivo como *bichoco*, *faboco* e *faboca*, *furoco*, *miñoca*, *taroco*, *vinchoca* etc. Os *barrocos* / *berruecos* serían propiamente algo así como "informes cachotes de roca".

Hubschmid (1953, 53-54) relaciona cast. *berrueco* e demais formas emparentadas co valdostano (francoprovenzal) *berrio* "pedra grande, roca", para o que parte dun étimo **bérriko* derivado dunha base **berro-*, que en principio podería ser tanto **bĕrro-* como **bērro-*[25]. Podería tratarse

25. Para outras opcións etimolóxicas véxanse Rivas 1991, 427-441 e Nieto 2003, 387-399.

dunha coincidencia casual, pero lémbrese que outras palabras como *gándara* atopan tamén correspondencias no léxico da área alpina: *ganda* 'acumulación de pedras ou rocas; lugar, caeira chea de pedras ou rocas' (cf. Menéndez Pidal 1953, 40-41; Búa 2018, 52-53). Non se trataría en todo caso necesariamente dun antiquísimo substrato preindoeuropeo común, senón máis ben dun léxico que entrou como préstamo de substrato ou adstrato no celta e foi traído por este á Península Ibérica.

A forma hispana **berrǫccu* sería un derivado (non necesariamente prelatino) que acabou por suplantar a forma simple **bērro-* (< **beirro-*) "pena, penedo" que podería estar conservada no noso topónimo **Beirro-brio-*[26]. De ser así, **Beirro-bri-* significaría "monte dos Penedos, monte Pedroso" e **Beirrobrio-* "Montepedrosiño" ou "pequeno monte Pedroso", se realmente é un diminutivo, designación moi apropiada para o lugar, que Suárez - Rodríguez - Castro (2021, 76) describen con "unhas ladeiras de acusado declive e conformadas orixinalmente por unha informe penedía de grandes outeiros graníticos". Véxase fotografía páxina 168.

f. *D(eo) Berobrieco*.

Bērobreo (< **Bērrobreo* < **Beirrobrio-*) dat. é un nome de lugar, posiblemente un orónimo usado como teónimo. O que falta por saber é que deus está detrás da designación teonímica elíptica **deus Berobriaecus*. Ten que ser un deus masculino, sexa un dos coñecidos, sexa un descoñecido. Podería ser calquera e non temos xeito de identificalo con plena seguridade, pero o certo é que hai un candidato principal: *Reus*.

O culto a *Larauco* dat., actual serra do *Larouco*, está ligado a *Reve Larauco* dat., documentado en Baltar, Ourense (HEp online 16711). O orónimo **Marante* > **Maran(t)*, h. serra do *Marão* (a. 1115 *ad montem Marantis* na bula *Egregias quondam* de Pascual II), é a base da que se deriva o epíteto de *Reve Marandigui* < **Maranticōi*, documentado en Vila Real (HEp online 16423), dat. do tema **Marant-ico-*. O altar dedicado a *Reo Se[.(...)]* dat., de Braga, procede do castro de monte Redondo (HEp online 24169). O altar dedicado a *Reo Veadumic(o)* dat. procede da Quinta de Santo Adrião, aos pés do monte chamado Alto do Pedroso (freg. São Miguel de Silvares, Lousada, dist. Porto; HEp online 32936), nome que pon de manifesto a abundancia de pedras no lugar. E no alto do Cabeço das Fráguas, coas súas empinadas e pedregosas ladeiras e co seu santuario de pedras chantadas, tamén recibía culto *Reve* dat., como nos mostra a coñecida inscrición rupestre local en lingua prelatina (v. Untermann 2002, 69). Estas coincidencias non poden ser casuais e exclúen a posibilidade de que *Reve* poida ser un deus río, como se ten proposto sobre a base de puras especulacións etimolóxicas (Fita 1911, 514; Villar 1996, 191-200) que non din nada sobre *Reve* dat., pero moito sobre os riscos e perigos de interpretar especulativa e tendenciosamente a onomástica prelatina. *Reve* tamén aparece asociado a fontes termais (*Reve Anabaraeco* dat. de Ourense, HEp online 16599; *Reo Bormanico* dat. de Vizela, Braga, HEp online 8227) e tamén recibe culto en lugares chans (*Reve Paramaeco* dat. de Lugo, derivado de *páramo*, HEp online 19081), polo que *Reve* dat. tampouco é un deus monte, senón que os montes son un dos lugares preferentes para a situación dos seus santuarios.

26. Cf. o caso do nome de planta *queiroa* e demais variantes que desprazaron case por completo a forma orixinal *queira* < **caria*.



http://www.disfrutadegalicia.com/2012/Disfruta/InformacionPoi/1302

O altar de *Reve Paramaeco* dat. presenta tres *foculi*, un dos fragmentos do monte do Facho catro, similitude que podería ter unha motivación común ou ser casual e intranscendente (Abascal 2019, 266-267).



Abascal (2019, 267, fig. 15)

A seguinte pregunta é quen é ese deus chamado *Reus*, documentado en latín como *Reo* dat., en lingua prelatina como *Reve* ou *Revve* dat. Esta cuestión deu pé a moita controversia, pero na miña opinión hai indicios claros que apuntan nunha determinada dirección. As inscricións do santuario de Vilar de Perdizes (Montalegre) dedicadas a *Larauco* e Xúpiter respectivamente, xunto á capela de Nossa Senhora da Saúde (HEp online 15889, 6665; Vaz 2002, 40); as dedicadas a *Reo* e Xúpiter do santuario da Portela (Guimarães, Braga), ao que posiblemente tamén pertence a dedicatoria a *deo Durbedico* con elisión do teónimo (Redentor 2013, 225; 2017, vol. 1, 687-692; vol. 2, 42-43 § 31, 70 § 73, 33-34 § 17, 77-78 § 83), e os altares xemelgos de Braga dedicados por Hermes a *Reo Se[.(...)]*, citado anteriormente, e a Xúpiter pola saúde de *Ti(berius) C(laudius) Aniscus* (HEp online 24169, 6770), establecen un reiterado lazo de unión entre *Reve* e Xúpiter na súa condición de deuses salutares.

Fariña - Suárez (2002, 41) sinalan tamén o "carácter sanador de San Andrés do Hío", herdeiro cristián do culto local ao *deus Berobriaecus* ou *deus Lar Berobreus*.

Tendo en conta esta reiterada asociación con Xúpiter, é posible que o teónimo *Reve* dat. sexa un cognato etimolóxico do latino *Iovī* dat., do grego Ζεύς etc. De ser así, habería que partir dunha forma de dativo **di̯eu̯-ei*[27] transformada en **d̄eu̯ei* e finalmente rotatizada en *Revē*, sexa directamente, sexa a través dun estadio intermedio desafricado **zeu̯ei*. Cf. Búa (1997, 79-82; 2009, 108; 2018, 231 e 246).

14. Os nomes dos dedicantes

No conxunto epigráfico das aras do monte do Facho só catro ou cinco inscricións presentan moi probablemente o nome do dedicante (n. 1-4 e posiblemente tamén 55). A forma abreviada *Urs(...)* (n. 3) é latina, o pequeno segmento PIAN (ou PIAV) (n. 55) tamén o pode ser (pénsese por exemplo en *Lupianus -a*). As demais formas son probablemente nomes de orixe prelatina. Na inscrición n. 1 a parte conservada do nome pode ser *Co[-?-]ea*, seguida de algo que empeza por V. Na n. 2 figura posiblemente *[R]ebur[i]na*, pero non é de todo seguro. Só a n. 4 nos achega unha lectura segura: *Coemia*. Sexa casualidade ou non, todos estes nomes son femininos.

Sabido é que a antroponimia de orixe prelatina masculina foi sendo substituída pola romana antes e máis intensamente ca a feminina e que esta é por tanto, en comparación, moito máis resistente ou permanente (v. Guerra 2016, 47-69; Búa 2018, 135-137). Neste *corpus* epigráfico de época tardía podemos observar que os únicos nomes de muller identificables seguen sendo prelatinos.

1. *Coemia*

O nome *Coema*, sempre feminino[28], está documentado nas provincias de Cáceres[29] e de Burgos[30], ás que se suman dous altares de San Martín de Unx, Navarra[31]. Trátase do adxectivo celta **koimo-,* que significa "querido, agradable, fermoso" (irl. ant. *cóim* "querido, fermoso", galés ant. *cum* "querido", cf. Prósper (2002, 404).

O seu derivado *Ancoema* (var. *Anquema*) leva probablemente un prefixo intensificador *an-* (Albertos 1986, 162)[32]. Significaría, por tanto, "moi querida, moi fermosa" e é típico da provincia de Burgos[33].

27. Forma non orixinal da lingua protoindoeuropea, que sería **di̯u̯-ei*, senón remodelada do mesmo xeito que sucedeu en latín, onde *Iovī* tamén procede desta forma secundaria **di̯eu̯-ei*.

28. Posible excepción: *[...] Quemi f* de Peñalba de Castro, Burgos (HEp online 14176).

29. *Coema* [-?-]ANV[...]RCVI *vslm* de Guijo de Granadilla, Cáceres (Búa 2000 542, Vallejo 2016 67, 331); *Caecilia Q(uinti) f Coem[a]* de Salvatierra de Santiago, Cáceres (HEp online 25677).

30. *Coemae Desicae Aploni f* de Lara de los Infantes, Burgos (HEp online 25698); *Coema(e) Desic(a)e Visadi Aquini f* de Lara de los Infantes, Burgos (HEp online 33343); *Coeme matertere* de Cubillejo de Lara, Burgos (HEp online 32671).

31. *Ne(ria) Helpis [Ma(tri)] Magne v s p s Coemae* (HEp online 19163); *In(victo) So(li) Ne(ria) Helpis p s Coemae vlas* (HEp online 19164).

32. Podería ser un cognato do alemán *un-* con valor intensificador: *Unmenge* "cantidade moi grande", *Untiefe* "profundidade moi grande, abismo", en bávaro *ungroß* "moi grande", v. Bichlmeier - Opfermann 2011 179-185.

33. *[A]ncoem[a] Cabuecon Venisti f.* (HEp online 25719); *Ancoema Desica Segi f(ilia)* (HEp online 25724); *[A]nc[oe]ma Plandica Segueti f* (HEp online 25779); *Anqueme Pesice Corneli [L]aterani [f]* de (HEp online 25703); *Anqueme Postum[ae]* (HEp online 25785), todos de Lara de los Infantes, Burgos; *Antoni[a-] [- - -] Anquem[a-]* de San Vicente del Valle, Burgos (HEp online 33423). A grafía con QV xorde posiblemente no derivado *Coemia,* dende onde se puido estender ás outras formas emparentadas.

Mellor documentado está o seu derivado *Coemia* (variantes *Coimia*, *Coemea*, *Quemia*, *Qemea*), moi frecuente na provincia de Burgos[34] e, polo demais, moi esporádico e disperso. Aparece en Aguilar de Codés, Navarra[35]; Monte Cildá, Palencia[36]; Aljustrel, Beja[37]; inseguro en Robledillo de Trujillo, Cáceres[38] (Albertos 1986, 162, 169 e mapa 170 e Vallejo 2005, 288-289). No noroeste só sae á luz aquí, no monte do Facho[39].

A forma máis próxima á súa pronuncia orixinal é *Coimia* de Aljustrel. En *Coemia* (pronúnciese con acento sobre a primeira vogal: *Cóemia*) temos unha adaptación á ortografía e probablemente tamén fonética latina. En *Coemea,* ademais, a frecuente apertura *-i->-e-* ante *-a-*. Máis sorprendentes son as grafías *Quemia*, *Qemea* (tamén *Anquema*). Hai dúas posibilidades de dar explicación a este fenómeno. Podería ser un problema puramente gráfico. Tras a súa latinización espérase unha evolución latina *Coemia* / *Coemea* > *Cḗmi̯a* con posterior palatalización do [k-]. As grafías QV e Q poderían estar sendo usadas para marcar un [k-] (aínda) non palatalizado ante *-e-*. Porén, podería ser tamén un fiel reflexo dunha nova realidade fonética. A evolución latina esperada é, como acabo de dicir, *Coemia* / *Coemea* > *Cḗmi̯a*, pero se cadra esta puido verse obstaculizada por interferencia da lingua prelatina, en que a pronunciación debía seguir sendo *Coimia*. O resultado desta interferencia puido ser unha pronuncia latina con hiato *Co.e.mi.a* e o automático traslado do acento á nova antepenúltima (*Cóe.mi.a* → *Co.é.mi.a*) para poder manter así o *-o-* fronte á tendencia natural do latín de reducir o ditongo *oe* a *ē*. Tras este cambio na posición do acento resultaría comprensible unha evolución *Coémia* > *Cu̯émia* e mais a súa representación mediante QV.

2. *[R]ebur[i]na*

A restitución deste nome como **[R]ebur[i]na* é conxectural. O canto esquerdo do monumento está moi deteriorado, polo que lle falta unha letra ao comezo de cada liña, excepto na última. Por este motivo, na segunda e terceira liñas conservadas se debe ler *[.]ebur|[i]na* e rexeitar por tanto ***Eburna*. As principais opcións a ter en conta serían **[A]ebur[i]na* e **[R]ebur[i]na*, entre as que **[R]ebur[i]na* resulta preferible por estar ben documentada, como propoñía Tranoy (1981, 293), a pesar de ser unha forma defectiva con *-r-* simple. *[A]ebur[i]na* tamén entra en consideración, pero só está documentada nunha única

34. *Coemea Betunia Citi f* (HEp online 8614), *Coeme[a] Altica Nigri* (HEp online 25714), *Coemea Plandica Pedoli f* (HEp online 26067), *Coemea Agolieca Aploni f* (HEp online 25678), *Coem[e]ae Aponiae Apon[i] f* (Vallejo 2016, 46, 331), *Coemea [- - -] Elaesisc(um) Agricole f* (HEp online 25776), todos de Lara de los Infantes, Burgos; *Coemeae Sempronie Paterne l* de Iglesia Pinta / San Millán de Lara, Burgos (HEp online 8695); *Coemea Flamion* de Hortigüela, Burgos (HEp online 25089, lectura de *Flamion* seguramente incorrecta); *Quemiae Taurometae Balbi f* de Belorado, Burgos, (HEp online 33460); *Q]uemiae Iacometae Ligir[i] filia(e)* de Belorado, Burgos (HEp online 16667; mesma inscrición ca a anterior?); *Quemia Maglaena Quieti lib* de Belorado, Burgos (HEp online 16673); *Quemie B[ou]dice* de Monasterio de Rodilla, Burgos (HEp online 31382); *Qemea* de Lara de los Infantes, Burgos (HEp online 12102).

35. *Oppia Coemia Frontonis f(ilia)* (HEp online 19168).

36. *Aiae Quemiae Boddi f Celtigun* (HEp. online 12615).

37. *Laberia M(arci) f Coimia* (HEp online 23538).

38. *[C]aecilia [- - -] f Coe[m]ea* (HEp online 25759), se non é *Coe[l]ea*.

39. O presunto *Coamea* de Adro Vello, O Grove, Pontevedra, nun texto de difícil segmentación e interpretación, non debe considerarse variante de *Coemia* (Baños 1994, 283 § 118; foto en Serrano 2022, 303, fig. 42).

posible ocasión como *Aiburina* nun altar de Zamarra, Salamanca, que se cadra habería que ler como *Riburina* (Olivares 2019, 157-158; HEp online 33532).

O frecuentísimo nome *Reburrus,* cos seus tamén frecuentes derivados *Reburrinus* e *Reburrina,* escríbese ás veces con *-r-* simple, do mesmo xeito que outras consoantes reduplicadas se escriben ás veces con letra simple, sen que iso implique necesariamente unha simplificación fonética da consoante dobre[40]. Nalgúns casos pode deberse a erros ou descoidos do lapicida. Así sucedeu por exemplo moi probablemente nos casos de *Reburina Reburri f.* de Moral de Sayago, Zamora (HEp online 24928), e *Reburrino Reburi* nunha inscrición conservada en Medina del Campo, Valladolid (HEp online 15866), onde o nome do fillo ou filla é derivado do nome do pai mediante o produtivísimo sufixo *-īno-*, pero un dos dous nomes gravouse con *-r-* simple.

A grafía *Reburina* (tamén *Reburinia*) con *-r-* simple é relativamente frecuente: *Reburina* en Moncorvo, Bragança (HEp online 32437); *Reburina* en Hinojosa de Duero, Salamanca (HEp online 26063); *Reburine* en Salamanca (HEp online 24274); *Reburine* en Villalcampo, Zamora (HEp online 26086); *Reburina(e)* en Coca, Segovia (HEp online 16345); *Reburinia* en Cangues d'Onís, Asturias (HEp online 30164); *Reburi[ni]a[e]* en Pino del Oro, Zamora (HEp online 8425). Tampouco son moi raras as grafías *Reburus*[41] e *Reburinus*[42].

A estrutura morfolóxica (*Reb-urro-* ?) e etimoloxía de *Reburrus* son descoñecidas.

40. O mesmo ocorre, por exemplo, co nome da *civitas* dos seurros a situar pola área das comarcas de Chantada e Sarria, Lugo: *Seurrus* de Astorga, León (HEp online 18762), *Seurrus* de Vila Pouca de Aguiar, Vila Real (HEp online 8208; Guerra 1998 E. 156.3; Untermann 2018, 649), *Seurr[a]e* de Moncorvo, Bragança (HEp online 20028), Σεουρρῶν (PTOL. 2,6,27) vs. *Seurus* de Moncorvo, Bragança (HEp online 12607), *Seuroru(m)* de Llamas de Cabrera, León (Guerra 1998 E. 156.1, Untermann 2018, 649).

41. *Reburus* en Chaves (HEp online 7609); *Reburi* en Braga (HEp online 6792); *Reburi* en Almeida de Sayago, Zamora (HEp online 6638); *Reburo* en Reyero, León (HEp online 32730); *Reburo* en Sintra (HEp online 23883).

42. *Reburinus* en Viver, Castellón (HEp online 13223), *Reburin(i)* en Arenzana de Arriba, La Rioja (HEp online 25130), *Reburino* en León (HEp online 8505), *Reburino* en Fuenteguinaldo, Salamanca (HEp online 21806).

Bibliografía

Abascal Palazón, J. M.

- 2019 "Geografía de los altares de tres foculi dedicados a Lares Viales en Hispania", *Anales de arqueología cordobesa* 30, pp. 257-28.

Albertos Firmat, M. L.

- 1983 "Teónimos hispanos" en: J. M. Blázquez Martínez, *Primitivas religiones ibéricas*, Madrid, pp. 477-488.

Álvarez Limeses, G.

- 1928 *Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de Pontevedra*, Barcelona.

Alves Dias, M. M. - de Balbín Bueno, R. - Gaspar, G. - Gimeno Pascual, H. - del Hoyo Calleja, J.

- 2019 *Inscrições romanas do concelho de Serpa*, Lisboa-Alcalá.

Alves Dias, M. M. - Gaspar, C. - Lopes, V.

- 2013 "Mértola en la Antigüedad tardía: nuevos datos arqueológicos y epigráficos", *Habis* 44, pp. 247-267.

Baños Rodríguez, G.

- 1994 *Corpus de inscricións romanas de Galicia II. Provincia de Pontevedra*, Santiago de Compostela.

Baños Rodríguez, G. - Pereira Menaut, G.

- 1998 "*Deus Larius Breus Brus Sanctus*: Las inscripciones votivas del Facho de Donón (Pontevedra)", en J. Mangas Manjarrés - J. Alvar Ezquerra (coord.), *Homenaje a José María Blázquez* 5, Madrid, pp. 25-48.

Baños Rodríguez, G. - Pereira Menaut, G.

- 1993 "Novedades y correcciones en la teonimia galaica", en I. J. Adiego *et alii* (eds.) *Studia palæohispanica et indogermanica J. Vntermann ab amicis hispanicis oblata*, Barcelona, pp. 37-65.

Barciela Garrido, P.

- 2005 "As aras de Donón no Museo de Castrelos", en Barciela Garrido, P. - Suárez Otero, J., *Para o deus Berobreo. Aras do santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo*, Vigo, pp. 29-44.

Barciela Garrido, P. - Suárez Otero, J.

- 2005 *Para o deus Berobreo. Aras do santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo*, Vigo.

Bichlmeier, H. - Opfermann, A.

- 2011 "Ein neuer Vorschlag zur Etymologie des Flussnamens Unstrut", *Namenkundliche Informationen* 99/100, pp. 173-204.

Boullón Agrelo, A. I.

- 1999 *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*, Tübingen.

Bouza Brey, F. - Alvárez Blázquez, J. M. - Massó Bolivar, E.

- 1971 "Las aras del santuario galaicoromano de Donón (Hío, Cangas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 28, pp. 64-81.

Brito Moreira, A.

- 2007 *Museu municipal Abade Pedrosa: colecção Arqueológica*, Santo Tirso.

Búa Carballo, J. C.

- 1997 "Dialectos indoeuropeos na franxa occidental hispánica", en G. Pereira Menaut (ed.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego* I. Santiago de Compostela, pp. 51-98.
- 2000 *La teonimia lusitano-galaica*, tese doutoral inédita, Univ. de Salamanca.
- 2005 "Notas dun lingüista", en Barciela Garrido, P. - Suárez Otero, J., *Para o deus Berobreo. Aras do santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo*, Vigo, pp. 75-78, 139-141
- 2009 "Teonimia e hidronimia", en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*, Santiago de Compostela, pp. 91-155.
- 2018 *Toponimia prelatina de Galicia*, Santiago de Compostela.

Cardim Ribeiro, J.

- 2014 "Damos-te esta ovelha, ó Trebopala! A invocatio lusitana de Cabeço das Fráguas", *Conimbriga* 53, 99-144.

Correia Marques, P. M.

- 2016 *A Epigrafia da Hispania na Correspondência Epistolar entre Emílio Hübner e José Leite de Vasconcelos*, Tese de doutoramento, Universidade de Lisboa.

De Bernardo Stempel, P.
• 2013 "Celtic and Other Indigenous Divine Names Found in the Italian Peninsula", en A. Hofeneder - P. de Bernardo Stempel (eds.), *Théonymie celtique, cultes, interpretatio - Keltische Theonymie, Kulte, interpretatio X. Workshop F.E.R.C.AN., Paris 24.-26. Mai* 2010, Viena, pp. 73-96.

Díaz Álvarez, P.
• 1963 "Un santuario galaico-romano en Donón (O Facho)", *Faro de Vigo* 23.07.1963.

Dottin, G.
• 1907 "«Brica», «Briga» et «Briva»", *Revue des Études Anciennes* 9, pp. 175-180.

Fariña Busto, F.
• 1997 "Donón", *Gran Enciclopedia Galega*.

Fariña Busto, F. - Suárez Otero, J.
• 2002 "El santuario galaico-romano de O Facho (O Hío, Pontevedra)", *Boletín Auriense* 32, pp. 25-52.

FE = *Ficheiro Epigráfico* (Suplemento de *Conimbriga*).
• https://www.uc.pt/fluc/iarq/documentos_index/ficheiro

Fernández Corral M. - M.ª Cruz González-Rodríguez, M. C.
• 2021 "Divinidades locales y formulario religioso romano: el ejemplo del norte hispano (ss. I-III d. C.)", *Philtáte* 5, pp. 147-174.

Filgueira Valverde, J. F. - García Alén, A.
• 1953 *Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*, Pontevedra.

Fita y Colomer, F.
• 1911 "Tres lápidas romanas de Mosteiro de Riveira", *BRAH* 58, pp. 512-517.

Gómez Moreno, M.,
• 1954 "Documentación goda en pizarra", *BRAE* 34, pp. 25-58.

González Rodríguez, M. C.
• 2021 "Nombres de divinidades locales en el noroeste español: revisitando a M.ª Lourdes Albertos", *Veleia* 38, pp. 183-238.

Guerra, A.
• 1998 *Nomes pré-romanos de povos e lugares do occidente peninsular*, tese de doutoramento inédita, Univ. de Lisboa.
• 2016 "Notas sobre as perdurações onomásticas pré-romanas no Ocidente peninsular", en Encarnação, J. De *et alii* (coord.), *A Lusitânia entre Romanos e Bárbaros*, Coimbra, p. 47-69.

HEp online = *Hispania epigraphica online*.
• https://eda-bea.es/

Hübner, E.
• 1877 "Der Fund von Procolitia", *Hermes* 12, pp. 257-271.
• 1900 *Inscriptiones Hispaniae christianae. Supplementum*, Berlín.
• 1899 "Epistula scripta in latere nondum cocto et nuper inventa in hispania cum commentario Aemilii Hübner", *Revue des Études Anciennes* 1, pp. 253-256.

Hubschmid, J.
• 1953 *Sardische Studien. Das mediterrane Substrat des Sardischen, seine Beziehungen zum Berberischen und Baskischen sowie zum eurafrikanischen und hispano-kaukasischen Substrat der romanischen Sprache*, Berna.

Koch, P. - Oesterreicher, W.
• 1985 "Sprache der Nähe - Sprache der Distanz. Mündlichkeit und Schriftlichkeit im Spannungsfeld von Sprachtheorie und Sprachgeschichte", *Romanistisches Jahrbuch* 36, pp. 14-43.

Leite de Vasconcelos, J.
• 1906 "Bibliografia", *O Arqueólogo Português* 11, pp. 321-379.

Leumann, M.
• 1977 *Lateinische Grammatik. I. Lateinische Laut- und Formenlehre*, Múnich.

Longnon, A.
• 1923 *Les noms de lieu de la France*.

Millán González-Pardo, I.
- 1978 *Sobre las aras del santuario de Donón (Hío, Pontevedra) supuestamente dedicadas a Liber*, Vigo.

Koch, M.
- 2005 "El Santuario dedidado a Berobreo en el Monte do Facho (Cangas, Galicia)", *Palaeohispanica* 5, pp. 823-836.
- 2010 "Postoloboso, Cabeço das Fráguas, Monte do Facho tres ejemplos de la romanización en la parte indoeuropea de la Hispania antigua", *Iberografias* 6, pp. 55-62.
- 2019 *Monte do Facho 1: Die epigraphische Hinterlassenschaft des römisch-keltischen Heiligtums auf dem Monte do Facho (O Hío / Cangas - Galicien) = El legado epigráfico del santuario céltico-romano en el Monte do Facho (O Hío/Cangas, Galicia)*, Madrider Beiträge 38, Wiesbaden.

Mariño Paz, R.
- 2017 *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*, Vigo.

Menéndez Pidal, R.
- 1953 "Sufijos átonos en el Mediterráneo occidental", *Nueva Revista de Filología Hispánica* 7, pp. 34-55.

Naveiro López, J. L.
- 1991 "Facho de Donón", en A. Balil Illana *et alii* (eds.), *Tabula Imperii Romani. Hoja K-29: Porto*, Madrid.

Nieto Ballester, E.
- 2003 "L'expression de la notion pierre en latin tardif de Hispania. Cast. *berrueco*: les données de la toponymie", en H. Solin *et alii* (eds.), *Latin vulgaire latin tardif VI. Actes du VI Colloque international sur le latin vulagire et tardif. Helsinki, 29 août-2 septembre 2000*, Hildesheim, pp. 387-399.

Olivares Pedreño, J. C.
- 2002 *Los dioses de la hispania céltica*, Madrid.
- 2008 "Interpretatio epigráfica y fenómenos de sincretismo religioso en el área céltica de Hispania", *Hispania antiqua* 32, pp. 213-248.
- 2019 "Revisión de seis inscripciones en altares votivos dedicados a deidades lusitanas y vetonas", *Veleia* 36, pp. 149-162.

Pereira Lopo, A.
- 1905-1908 "Lápide de Guidões", *Portugália* 2, p. 289.

Prósper Pérez, B. M.
- 2002 *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la Península Ibérica*, pp. 367-369.

Ramírez Sádaba, J. L.
- 1981 "Las creencias religiosas, pervivencia última de las civilizaciones prerromanas en la Península Ibérica", *La religión romana en Hipania (Symposio organizado por el Instituto de Arqueología "Rodrigo Caro" del C.S.I.C. del 17 al 19 de diciembre de 1979)*, Madrid, pp. 225-252.

Redentor, A.
- 2013 "Testemunhos de Reve no ocidente brácaro", *Palaeohispanica* 13, pp. 219-235.
- 2017 *A cultura epigráfica no Conventus Bracaraugustanus (pars occidentalis). Percursos pela sociedade brácara da época romana*, I-II, Coimbra.

RIB = Collingwood, R.G. - Wright, R.P. (1965). *The Roman Inscriptions of Britain* I. *Inscriptions on Stone*, Oxford.

Rivas Fernández, J.C.
- 1993 "Consideraciones sobre la religión galaico-romana. Desmitificación de supuestos mitos", *Boletín Auriense* 23, pp. 21-70.

Rivas Quintas, E.
- 1991 "Familias léxicas e campos semánticos prerromanos" en M. Brea - F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García* 1, pp. 427-441.

Rodríguez Colmenero, A.
- 1993 "Escultura en relieve y bulto redondo", en *Galicia. Arte, IX. Arte prehistórico y romano*, A Coruña, pp. 372-475.
- 1996 Recension de G. Baños Rodríguez, *Corpus de inscricións romanas de Galicia II. Provincia de Pontevedra*, 1994, *Gallaecia* 14/15, pp. 635-641.
- 1997 "Mougás y Donón: Dos santuarios rurales galaico-romanos del litoral atlántico", *El Museo de Pontevedra* 51, pp. 381-411.

• 2000 "Donón: un santuario galaico-romano a Bero Breo en el extremo finisterre atlántico", en G. Paci (ed.), *Epigraphai. Miscellanea epigrafica in onore di Lidio Gasperini* II, Roma, pp. 849-863.

Russell Cortez, F.
• 1953 "A localização da cunhagem de Aliobrio", *Nummus* 1, 167-170.

Santos Yanguas, N.
• 2018 "El epitafio de Noreno y los orígenes del cristianismo en Asturias", *Hispania Antiqva. Revista de Historia Antigua* 42, pp. 199-217.

Schattner, Th. G. - Suárez Otero, J. - Koch, M.
• 2004 "Monte do Facho, Donón (O Hío / provincia de Pontevedra) 2003. Informe sobre las excavaciones en el santuario de Berobreo", *AespA* 77, pp. 23-71.
• 2014 "Weihaltäre im Heiligtum des deus lar Berobreus auf dem Monte do Facho (O Hío, Galicien)" en: A. W. Busch / A. Schäfer (eds.), *Römische Weihealtäre im Kontext*, Friedberg, pp. 249-268.

Schattner, Th. G. - Suárez Otero, J.
• 2020 "Altares dedicados al Dios Lar Berobreus en el Monte do Facho. De lo formal a lo ritual", *Boletín Auriense* 50, pp. 399-442.

Serrano Lozano, D.
• 2022 *Hábito epigráfico y construcción provincial romana en el Conventus Lucensis*, tesis doctoral, Univ. de Santiago de Compostela.

Smith, C.
• 1983 "Vulgar Latin in Roman Britain: Epigraphic and other Evidence", *ANRW* II.29.2, pp. 893-948.

Sommer, F.
• 1948 *Handbuch der Lateinischen Laut- und Formenlehre*, Heidelberg.

Suárez Otero, J.
• 2004 "Ara del santuario galaicorromano de O Facho, Donón, Cangas do Marrazo, Pontevedra, s. V d. C.", en F. Singul - J. Suárez Otero (eds), *Hasta el confín del mundo: Diálogos entre Santiago y el mar*, p. 87.
• 2015 "Monte do Facho, castro ou santuario? A campaña do 2008 e a arquitectura sacra na cultura castrexa", *Portvgalia*, *Nova Série* 36, pp. 295-312.
• 2017 "Aras/altares cristianizadas", en J. López Quiroga - A. M. Martínez Tejera (coord.), *In tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, pp. 171-172.

Suárez Otero, J. - Rodríguez Martínez. R. M. - Castro Lorenzo, M. L.
• 2021 "Verbo das pegadas arqueolóxicas da ritualidade. A estrutura xxxii do Castro de «O Facho»", *Boletín Avriense* 51, pp. 73-132.

Tranoy, A.
• 1977 "A propos des Callaeci de Pline: Epigraphie et peuplement", *Bracara Augusta* 31, pp. 225-233.
• 1981 *La Galice romaine*, París.

Untermann, J.
• 2002 "A epigrafía em língua lusitana e a sua vertente religiosa", en J. Cardim Ribeiro (coord.), *Religiões da Lusitânia. Loquuntur saxa*, Lisboa, pp. 67-70.
• 2018 *Monumenta Linguarum Hispanicarum VI. Die vorrömische einheimische Toponymie des antiken Hispanien*, Wiesbaden.

Vallejo Ruiz, J. M.
• 2005 *Antroponimia indígena de la Lusitania romana*, Vitoria-Gasteiz.

Vaz, J. L. I.
• 2002 "Tipologia dos santuarios rupestres de tradição paleohispânica em território português", en J. Cardim Ribeiro (coord.), *Religiões da Lusitânia. Loquuntur saxa*, Lisboa, pp. 39-42.

Villar Liébana, F.
• 1996 "El teónimo lusitano Reve y sus epítetos", en W. Meid - P. Anreiter (eds.), *Die grösseren altkeltischen Sprachdenkmäler*, Innsbruck, pp. 160-211.

Villar Liébana, F. - Pedrero, R.
• 2001 "Arroyo de la Luz III", *Palaeohispanica* 1, pp. 235-274.



Capitulo 3

Catálogo de inscricións do monte do Facho

Juan Carlos Búa Carballo - Beatriz García Turnes
Isabel Beltrán López



Índice capítulo 3

Introdución ao catálogo 181

Catálogo 185

Bibliografía 310

Introdución ao catálogo

Neste catálogo de inscricións do monte do Facho prescindimos dos monumentos ou fragmentos que todos os investigadores consideran ilexibles ou anepígrafos. Inclúense, en cambio, os que determinados autores consideran parcialmente lexibles, pero que nós clasificamos tamén como ilexibles (sección D), dado que nos parece que toda proposta de lectura resulta excesivamente aventurada.

Para a práctica totalidade de pezas dispoñemos de fotografías propias. O fotografado realizouse nos días 24, 26, 27 e 28 de xullo de 2023 no Museo de Pontevedra, no Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", no Auditorio Municipal de Cangas (depósito provisional), en BIC Materiales y Conservación (Santo André de Lourizán, Pontevedra) e no Museo do Mar de Galicia (Vigo). Agradecémoslles enormemente aos responsables de todas estas institucións que nos facilitasen o acceso aos materiais e a realización do noso traballo, especialmente a Juan Carlos de la Vega e Daniel Crespo, do Museo de Pontevedra; a Pilar Egea e Andrea Serodio, do Museo Quiñones de León; a José Suárez, responsable do material almacenado en Cangas; a Marta Lucio, directora do Museo do Mar, e mais a Marta Díaz e Purificación Rosales, do obradoiro de restauración de Lourizán. Así mesmo, agradecémoslles a súa atención e as facilidades que nos deron para a consulta de traballos previos relativos ás aras do monte do Facho a Isabel Romaní Fariña e a Rodrigo Vázquez Pazos, bibliotecarios do Instituo de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Do fotografado encargáronse Patricia Figueiras Rey e Iria Eiras Duarte. O equipo investigador desprazado para este labor estivo constituído por Carlos Búa Carballo, Beatriz García Turnes, Isabel Beltrán López e José Suárez Otero.

Tres pezas están en paradoiro descoñecido. As fotografías presentadas foron tomadas de traballos publicados previamente.

As nosas fotografías van acompañadas en ocasións doutras alleas. Nese caso indícase a súa procedencia. Estámoslles moi agradecidos ás persoas que nos autorizaron a usar as súas imaxes, en parte aínda inéditas. Nomeadamente, dámoslles as grazas ao profesor José Fariña e ao Instituto Arqueolóxico Alemán, así como ao profesor Juan Manuel Abascal, que non só nos permitiu empregar as súas fotos, senón que nos achegou valiosísima información para orientarnos no gran volume de pezas e fragmentos gardados nos distintos depósitos, alén de mostrarnos as súas lecturas, que sempre foron o noso principal referente para constrastar coas nosas propias.

O noso corpus non está organizado polas distintas épocas dos achados, os diferentes lugares onde están depositadas as pezas nin polas características formais dos monumentos ou presuntas fases cronolóxicas ás que por este motivo se atribúen, senón baixo un criterio puramente lingüístico: os elementos constitutivos e a estrutura do texto.

O corpus está dividido en catro partes principais: os textos que mencionan un dedicante (A), os que non o mencionan

(B, C) e mais os ilexibles (D). Entre os que non mencionan dedicante, que son a gran maioría, distinguimos un grupo coas epígrafes completas (B) e outro coas incompletas (C). Completas no sentido de que se poden determinar todas as compoñentes do texto, aínda que calquera delas se conserve de forma máis ou menos fragmentaria. Incompleto significa que se considera que falta ou pode faltar algunha das compoñentes.

Os principais elementos constitutivos do texto son a designación teonímica (*Deo Lari Berobreo* ou calquera outra forma alternativa), o verbo co seu obxecto directo (*aram posui* en calquera das variantes fonética, morfolóxica e sintáctica en que apareza) e mais o sintagma preposicional *pro salute*.

As abreviaturas utilizadas no índice do catálogo son as seguintes:

DLB = *Deo Lari Berobreo* en calquera das súas variantes

AP = *aram posui* en calquera variante

A-P = *aram* separado de *posui* en calquera variante

PA = *posui aram* en calquera variante

PS = *pro salute*

V = *voto*

APS = *aram posui salute* (en vez de *p(ro) s(alute)* por erro do lapicida?)

AP/PA = o verbo (P) e mais o obxecto directo (A) poden aparecer en orde AP ou PA

+AP = AP en posición final do texto

AP+ = AP en posición inicial do texto

+AP+ = AP entre outros constituíntes do texto

As abreviaturas empregadas no comentario de cada peza son estas:

cf. = *confer*, confróntese

ex. = exemplo

fig. = figura

n. = número

pp. = páxinas

SVO = suxeito - verbo - obxecto

A nosa edición utiliza os símbolos estándar na edición de textos epigráficos, con algunhas particularidades. Trátase dunha edición lingüística, polo que se prescinde de moitos dos comentarios habituais (por exemplo, a descrición detallada do monumento e as medidas da peza e das letras), sempre que sexan irrelevantes para a lectura e interpretación do texto. Do mesmo xeito, a escolla das fotografías que se mostran, o seu número e o tamaño en que se presentan, vén determinado pola busca da maior lexibilidade posible do texto. Desta maneira, unhas imaxes non poden ser comparadas coas outras para determinar as súas dimensións reais, pois o espazo que ocupan nesta publicación non garda relación de proporcionalidade co seu tamaño. Tamén se prescinde da habitual restitución das formas documentadas ao latín *estándar*, engadindo todo o que supostamente falta —por exemplo, *ara* → *ara(m)*, *posi* → *pos(u)i*. O texto que nos interesa establecer e analizar é o que foi gravado, tal e como foi gravado, preservando todas as súas particularidades gráficas, fonéticas e morfolóxicas. Polo contrario, comentaranse moitos detalles lingüísticos aos que nunha edición epigráfica habitual non se lles adoita prestar atención.

O comentario de cada inscrición consta das seguintes partes:

- Un número identificativo de cada peza
- A nosa lectura do texto
- Referencia do lugar de conservación
- Referencia das edicións precedentes
- Explicación da lectura
- Unha valoración da lexibilidade e fiabilidade da nosa lectura
- Unha breve información sobre a forma da designación teonímica
- Breve información sobre a presenza de formas latino-vulgares
- Un historial de lecturas en que se reúnen as que foron ofrecidas con anterioridade, coa referencia da primeira publicación en que se presenta cada unha delas.

Os símbolos utilizados na transcrición e reprodución dos textos son os seguintes:

|	salto de liña
|⧘|	fractura
ạ	letra parcialmente lexible
(a)	parte abreviada dunha palabra
[a]	letra perdida restituíble
[.]	letra perdida descoñecida
[?]	posible letra perdida descoñecida
a-m	nexo ou ligadura de letras
- - - - - -	parte do texto inicial ou final perdido sen determinar a cantidade de letras nin a súa distribución
- - - - - -?|	posible parte inicial do texto perdido sen determinar a cantidade de letras nin a súa distribución

|------?	posible parte final do texto perdido sen determinar a cantidade de letras nin a súa distribución
[-?-]	número indeterminado de letras perdidas
ϵ	<E> redondo ou lunar
II	<E> cursivo
5	<G> de trazo colgante similar ao semiuncial
ƨ	<S> invertido
ſ	<S> alto
ɾ	<R> minúsculo cursivo
ь	<B> minúsculo cursivo

Catálogo

Índice do catálogo

A. Con dedicante

1. Designación teonímica: ***D(eo) Berobrieco***

1 D(eo) Be|rob|riec|o Co[-?]|[??]ea | V [.. |.?] |⁑|

2. Sen designación teonímica

2 - - - - - - aram p|⁑|o]s̩uit | [R]ebur|[i]na pro̩ | [s]ua fi|lia

3 - - - - - - ara]|⁑|m p̩o̩(suit) | Urs(...) | p̩[ro -?-] |⁑| - - - - - -?

4 - - - - -] |⁑| C̣o̩e|mia p(osuit)

B. Sen dedicante (1)

B.1. Designación teonímica: **DLB + *Genio***.

5 Deo L̩|ari 5e(nio) | Beṛo̩|breo | ara-m | posi p̩|ro sa(lute)

6 D(eo) G(enio) L̩a̩[.?|.]robṛ|⁑|[eo - - - - - -

B.2. Designación teonímica: **DLB en inscricións completas**
(para a documentación en inscricións incompletas ver C1)

1. Un só constituínte: **DLB**

7 Deo L̩|a(ri) Beṛ|obṛe̩|o (lectura insegura)

8 Deo | Lar|i Ber(obreo)

2. Dous constituíntes (1): **DLB + PS**

9 Deo L(ari) B̩|robre|o pro | ƨaluṭ-e̩

3. Dous constituíntes (2): **DLB + AP** / **PA**

a. Con AP

10 D̩e̩o [L]|⁑|a̩r[i ?] | B̩eṛ[?|o]b̩[re]|⁑|o [ar]|a-m̩ p|o̩su-i̩

11 Deo | Lari | Bero|breo | ara | p̩o̩s[??]

12 Deo | L-ari | Bero|rϵo | ara | p[??] (erro do lapicida por *Bero|br-eo)

13 Deo | [L]ari | [B]erϵ|[o] ara | [p]ol[?] (erro do lapicida por *Bero|bre|o)

b. Con PA

14 Deo La̩-r̩|i Beṛ|⁑|o̩bre|o pos|u̩i a̩r(am)

4. Tres constituíntes (1): **DLB + AP + V**

15 [Deo La]|⁑|ri B̩e̩|robr|eo a|r(am) p(osui) v(oto)

5. Tres constituíntes (2): **DLB + AP / PA / A-P + PS** en distintas posicións

5.1. Con **AP** seguido de **PS** e mais o caso especial + **APS**

a. Con AP

16 Deo L|ari | Bero|bre|§|o araṃ po|ſui pṛ|o ſaluṣte

17 Ḍẹọ | Ḷaṛ[i] |§| Ḅẹṛọ|ḅreo | ạṛạ[-m] |§| poſu|i ṗro | ſaḷụ|ṭ[e] |§|

18 Deo L|ari B|erob|reo a|ra po|si pr|o sa|uṭẹ

19 Deo L|ari B|erob|reo | ara-m | po(sui) pṛ|o saḷ[u]|§|te

20 |§| [D(eo) L]|a(ri) Be|ror|ore |§| ạṛ[a] | posu|i pro |§| ṣạụ|te
(erro do lapicida por Be|rob|reo)

21 [Deo La]|§|ṛi Ḅẹṛ[o]|breo | ara p|[osu]i p|§|[- - - - - -]

22 - - - - - -|§|o] ạr|ạm | pos|ui pṛ|§|ọ ṣa|lut|ẹ |§|

23 - - - - - - |§|ọ ara | posu|i pro s|aluṭẹ

b. Caso especial con APS

24 - - - - - - Ber]|§|ọḅṛẹọ | a(ram) P S

5.2. Con **PA** seguido de **PS**

25 |§| [De]ọ Ḷa-ṛi | Ḅẹrobr|eo poſụ|i aram | ṗṛọ ſạ|§|[lute]

26 [Deo L]|§|ạri Bẹ|ṛo(breo) ṗọ|ṣụi a|ṛam | ṗṛọ | ṣ(alute) |§|

5.3. Con **A** separado de **P** e **PS** interposto

27 Deo L|ạṛị Ḅ|§|eirṛ|obṛe|o | ara [?] | ṗṛo ſ|alu|§|[te - - - - - -

5.4. Con **AP** + **PS** en primeira posición, **DLB** en última posición (cf. C1.4)

28 Ara p|oſi p|ṛọ ſ|alu-t|e deo | Lari | Ьeṛọ|Ьre|o

C. Sen dedicante (2)

C1. Incompletas con apartado teonímico conservado

1. Só apartado teonímico

29 [D]ịiọ | -?- | -?- | -?-

30 Dẹ|ọ | Ḷạ|§|[- - - - - - (lectura moi insegura)

31 Deo | Ḷạṛ[i |§| - - - - - -

32 Deo | Ḷạṛị |§| [- - - - - -

33 Deo L|ạṛị Ḅ|§|[- - - - - -

34 Deo | [L]ari | Ḅẹ[..|§|- - - - - -

35 Ḍeo La|[ri B]ẹṛ|§|[obreo - - - - - -

36 Deo L|ari | Ḅero|§|[breo - - - - - -

37 [De]o | [L]ar|ị Be|ṛoḅ|§|[reo | - - - - - -

38 Ḍẹọ Ḷ|ạri | Ḅeṛọ|[b]ṛẹ[o |§| - - - - - -

39 Deo Lạ|ṛi Ber|ṛobreọ |§| [- - - - - -

2. Só apartado teonímico e **A**

40 Ḍeo L|ạṛị Ḅẹ|§|ṛṛọḅ|ṛeo | ạra |§| [- - - - - -

41 Ḍ(eo) La|ri · Be|roḅṛẹ|o aṛ|[- - - - - -

42 [Deo La]|§|ṛi Be[r]|ọbre|ọ ạṛ[a |§| - - - - - -

43 -?-|§|..? |... |.]ṛọ|[.]eọ | aṛ|§|[- - - - - -

3. Só apartado teonímico e **AP**

44 - - - - - -] |§| Ḅero|breo | ara-m | ṗoṣ(ui) |§| [- - - - - -?

45 - - - - - - |§|?. B]ẹ|ro(breo) ar|aṃ | poṣụ|§|[i - - - - - -

46 ---?]|§|[---- | Bero]|ḅṛ[e]ọ | aṛ[a] | pọ[s? |§| ---?

47 Deo L|ari Be|robre|o ara[?] | ṗoṣ[- - - - - -

4. Só apartado teonímico en posición final

48 - - - - - -] |§| Ḅẹṛ[o]|bṛẹ|o

49 [-?-|§|-?-|]Ḅeṛṛọ(breo)(lectura moi insegura)

C2. Incompletas sen apartado teonímico conservado

1. Só **AP**

50 - - - - - - |§| ạṛạ|ṃ ṗọ|ṣụị [?|§|- - - - - -?

51 - - - - - - a]|§|ṛ(am) p(osui)

52 - - - - - - |§| po[. |..]ạ |§|

2. Só **PS**

53 ----- p]|§|ṛo ſ[al(ute)] |§| (lectura insegura)

54 - - - - - - p|§|ro] ṣ[u]|a sa-l(ute)

3. Só letras soltas

55 - - - - - |§| ṖIA-N | - - - - - -? | - - - - - -? ou - - - - - |§| ṖIA-V | - - - - - -? | - - - - - -?

56 - - - - - - |§|?E[??] | [-?-] | [-?-]

57 - - - - - |§|O[-?-]|§| - - - - - -? ou - - - - -? |§|[-?-]O|§| - - - - - -?

D. Ilexibles

58 Ilexible (1)

59 Ilexible (2)

60 Ilexible (3)

1

D(eo) Be|rob|riec|o Co[-?]|[??]ea | V [.. |.?] |⦚|

BIC Materiales y Conservación (Os Liñares 14, parroquia de Santo André de Lourizán, Pontevedra)

Koch 2019, 19, n. 19.

Altar en forma de columna alta partida pola metade. A fractura, horizontal, pasa a través da última liña. No fragmento inferior non parece haber nada escrito. O texto está moi erosionado, sobre todo a partir da liña 5. O canto dereito preséntase moi desgastado, o que dificulta ou impide a lectura das letras finais a partir da liña 2. A derradeira letra da liña 3 pode ser C ou G. No final da liña 4 dá a impresión de que o O está ligado a outra letra. Vese un risco horizontal a media altura no costado dereito do O, polo que podería tratarse dun nexo O-E, pero non é seguro. No comezo da liña 5 hai unha ou dúas letras antes de EA. Está claro que nas liñas 4-5 se atopa o nome da dedicante. Opcións barallables para este nome serían, por exemplo, *Coemea* ou *Coelea*, pero ningunha se constata claramente. No comezo da liña 6 hai un V, a continuación parece haber un A e a letra posterior e última consta dun trazo vertical e doutros subsidiarios difíciles de determinar. Na liña 7 pode haber un A seguido doutra letra ou dun M centrado. É posible que o texto remate cunha fórmula votiva, pero non se pode establecer ningunha lectura fiable. O altar presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións.


Lectura segura ata o final da liña 4. A partir de aí só se len con seguridade letras soltas.

A designación teonímica aparece nunha forma completamente diverxente da máis común neste corpus epigráfico: *Deo Berobrieco*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 19, n. 19	D (eo) Be / ro B / riec / oco [1] / [1-2] e [1] / va///1/ m [2-3] / [--- (No comentario menciónase *Brieco* como posible dativo; en Koch (2019, 76) presuponse en cambio a súa interpretación como *d(eo) Bero Briecoco[-]*).





Detalle das liñas 4 e 5,
onde está o nome da dedicante



2

- - - - - - aram p|⟦|o]ṣuit | [R]ebur|[i]na prọ | [s]ua fi|lia

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 51, n. 13; Koch 2019, 58, n. 102.

Fragmento inferior dunha ara. Presenta unha fractura horizontal que pasa por enriba da primeira liña conservada. Ten o canto esquerdo moi desgastado. A marxe esquerda do campo epigráfico non a marca o L da derradeira liña, que está un pouco metido para dentro, senón o S perdido da penúltima, polo que se debeu de perder unha letra inicial en cada liña, salvo na derradeira, que está completa. O altar presenta liñas cheas con tendencia a respectar fronteiras silábicas e de palabras, agás no paso da liña 2 á 3. Sen interpuncións. Na primeira liña conservada quedan restos do S e falta o que probablemente sería un O pequeno elevado. Na liña 2 descártase *Ebur-,* pois parece probable que falte unha letra inicial. Entre as hipotéticas opcións **[A]ebur[i]na* e **[R]ebur[i]na* é preferible **[R]ebur[i]na*, como xa propoñía Tranoy (1981, 293), por ser nome non só posible, senón ben documentado e porque ademais os A desta epígrafe son bastante abertos e no pequeno espazo libre que presumiblemente precede ao E só habería cabida para un A moi estreito. *[A]ebur[i]na* tamén entra en consideración, pero só está documentada nunha única posible ocasión como *Aiburina* nun altar de Zamarra, Salamanca, que se cadra habería que ler como *Riburina* (Olivares 2019, 157-158). Nas liñas 2-3 non hai necesidade de admitir unha variante sincopada **-urina* > **-urna*, dado que a letra I tería cabida suficiente no comezo da liña 3. Na liña 4 perdeuse necesariamente un S inicial. O trazo horizontal do T é moi curto pola esquerda. Na liña 2, o B está máis abaixo para distanciarse do V grande superior. A continuación hai unha notable separación e, a pesar de haber espazo abondo, recórrese a un V pequeno elevado. O R seguinte ten o trazo esquerdo inclinado paralelo ao V precedente. O N presenta todos os trazos inclinados. Só o derradeiro A parece ter risco horizontal interno. O único O conservado é pequeno e elevado, o que tamén é presumible para o hipotético O inicial perdido da primeira liña. O L con risco inferior lixeiramente descendente. O I seguinte lixeiramente montado sobre o L.

Lectura segura coa excepción das dúbidas con respecto ás letras perdidas no canto esquerdo.

Designación teonímica non conservada.

Historial de lecturas:

1981 Tranoy, 293	Dedicante *Reburina*
1994 Baños, 51, n. 13	- - - - - - / +c.4+ / [po]suit / [A]ebur/[i]na pro / [s]ua fi/lia
1996 Colmenero, 637	- - - - - - / [-c. 4- / po]suit / [A]ebur/[i]na pr(o) s/ua fi/lia
2002 Fariña - Suárez, 32	...uit / Ebur/na pro / sua f/ilia
2019 Koch,58, n. 102, 78, fig.79	[Deo Lari Bero Breo aram po]/ svit / Ebvr / na pr-o s / va fi / lia



3

- - - - - - ara]|⁞|m p̣o̩(suit) | Urs(...) | p̣[ro -?-] |⁞| - - - - - -?

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 29-30, n. 36.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. A fractura superior, que pasa xusto por enriba da primeira liña conservada, aféctalles sobre todo aos extremos superiores das letras P̣O̩. A fractura inferior ascendente só permite ver a parte superior da primeira letra da terceira liña, que pode ser P, un O pequeno elevado ou, se cadra, un D pequeno en caso de que houbese un cambio de tamaño de letra. Na segunda liña figura VRS seguido dun espazo baleiro no que terían cabida unha ou dúas letras. Trátase probablemente dun antropónimo abreviado: *Urs(us)*, *Urs(a)* ou un derivado deles. A letra inicial da terceira liña pode ser o P inicial da preposición *pro*. No caso de ser O ou D, podería ser a inicial dun patrónimo. No caso de ser D podería ser ademais o comezo da designación teonímica, opción en principio menos plausible, dado que a designación teonímica en posición final é moi infrecuente. O texto carece de interpuncións. Letra O pequena e elevada.

Lectura segura, coa excepción da letra inicial da terceira liña conservada.

Designación teonímica perdida probablemente na parte precedente ao texto conservado, a non ser que a letra inicial da terceira liña sexa o D inicial de *D[eo]*, opción menos plausible.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 29-30, n. 36 [Deo Lari Bero Breo ara] m pos / vi p-ro sv[a] / s-alv [te]



4

- - - - - -] |ꟾ| Ϙoe|mia p(osuit)

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 53, n. 14; Koch 2019, 58-59, n. 103.

Fragmento inferior dunha ara. Presenta fractura lixeiramente ascendente que só lle afecta á letra inicial C da primeira liña conservada. Esta liña ten só tres letras e un espazo final inutilizado debido a que non era abondo para o M. O texto carece de interpuncións. Parte dereita do M e mais A arredondadas ou arqueadas. O O e mais a cabeza do P son un pouco angulosos. *Coemia* é o nome da dedicante. Unha hipotética forma masculina en xenitivo, ***Coemi (filius/-a)*, seguida de *a(ram) p(osuit)*, non é plausible, dado que este nome é tipicamente feminino.

Lectura segura.

Designación teonímica non conservada.

Historial de lecturas:

1994 Baños, 53, n. 14 - - - - - - / Coe/mia p(osuit)



5 Deo Ḷ|ari 5e(nio) | Beŗọ|breo | ara-m | posi p̣|ro sa(lute)

Auditorio Municipal de Cangas

Koch 2019, 5-7, n. 4.

Ara con extremo inferior partido e perdido, aínda que isto non lle afecta ao texto. Presenta letras moi erosionadas e degradadas. O maior desgaste prodúcese no final da liña 1 e das liñas 2 e 6. Ten liñas cheas que respectan fronteiras silábicas e de palabras, salvo no paso da primeira á segunda liña. Sen interpuncións. Últimas liñas descendentes. Nas liñas 1-2 lese *Deo L/ari* seguido de dúas letras, a primeira problemática, a segunda un E. De entrada dá a impresión de poder tratarse de BE, de xeito que o lapicida cometería o erro de repetir por descoido a sílaba inicial do teónimo. Con todo, as nosas fotografías revelan que non se trata dun B, senón dun trazado en forma semellante a un S ou a un 5. Un S resulta moi pouco plausible neste contexto. Como alternativa podería tratarse dun G con trazo recto descendente e remate lixeiramente volto semellante ao G semiuncial en forma de 5. En apoio desta hipótese temos que, por unha parte, as letras cursivas tardías ou semiunciais están documentadas noutros textos deste mesmo corpus epigráfico e que a posibilidade de ler e interpretar *genio* tamén se ofrece na epígrafe n. 6 do noso catálogo, onde se le e pode interpretar *D(eo) G(enio) La(ri) [B]/erobr/[eo]* ou *D(eo) G(enio) La[ri] / Brobr/[eo]*. No final da liña 5 aparecen dous A adxacentes e sen contacto que probablemente se deben interpretar como un nexo A-M (o segundo, máis arredondado, pode ser froito dunha corrección posterior por unha man diferente). O primeiro A carece de trazo horizontal interno; o segundo dá a impresión de telo, pero pode non ser máis ca un risco fortuíto. Os O son pequenos e elevados. Os P e R resultan practicamente indistinguibles dos O elevados, sexa polo desgaste, sexa porque o lapicida os gravou con trazos inferiores moi curtos. Despois de POS, na liña 6, parece máis probable un I ca un V.

Lectura segura, agás polas dúbidas no final das liñas 2 e 6.


Interpretación hipotética da designación teonímica. Sería unha variante pouco e mal documentada na que se combinan *(Deo) Genio* e *(Deo) Lari* nunha única expresión *Deo Lari Genio*: *Deo Lari Genio Berobreo*.

Posui aparece na súa forma latina vulgar tardía: *posuī* > *posu̯i* > *posi,* con perda do -*u̯*- na secuencia antevocálica -*su̯*-.

Historial de lecturas:

2009 Búa, 105	Deo Ḷ/ari [.]e / Beŗọ/breo / ara-m / posu[.] / pro sa(lute)
2019 Koch, 5-7, n. 4	Deo L / ari / Bero / Breo / ara-m / posvi p / ro sal / vte s-va





Liña 2: *ari 5e*

6

D(eo) G(enio) Ḷạ[.?|.]robṛ|⁞|[eo - - - - - -

Parece que chegou a ingresar no Museo de Pontevedra. Ilocalizada.

Búa 2000 281; Koch 2019, 69, n. 125.

Fragmento perdido do que se conserva unha fotografía e que contén a parte inicial do texto. É posible que houbese unha parte superior do monumento e falta sen dúbida a parte inferior. Se todo o límite superior fose unha fractura, esta sería recta ata a metade e descendente despois, co que se perderían as letras finais da primeira liña. A fractura inferior é horizontal. Quedan restos non descifrables da parte superior da liña 3. A superficie gravada está moi erosionada, o que dificulta e en parte impide a súa lectura segura. A segunda liña é lixeiramente descendente. Non hai interpuncións. Na primeira liña a fotografía permite ler con claridade DG, seguidos dun risco vertical que podería ser parte dun L do que posiblemente non se ve o trazo inferior horizontal ou inclinado por culpa da orientación da luz. Seguen os que parecen extremos inferiores dun A. No centro da segunda liña temos o único O conservado, que é pequeno e elevado. A letra inicial ten aspecto dun B enorme difuminado, pero, visto así, a súa esquina inferior estaría no canto mesmo e o R inmediato seguinte debería ser igual de grande, dado que o tamaño destas letras adoita ser correlativo. Isto leva a pensar que o B grande non é máis ca un efecto óptico. Máis ben debe de tratarse dun E, B ou R de tamaño similar ao R seguinte. A letra final da segunda liña podería ser E, B ou máis probablemente un R, dado que precede ROB. Xorden así varias hipóteses de restitución: *D(eo) G(enio) Ḷạ(ri) [B]/ẹrobr/[eo]* ou *D(eo) G(enio) Ḷạ[ri] / Ḅrobr/[eo]*. Non parece haber espazo abondo para un hipotético *D(eo) G(enio) La(ri) [Be]/ṛrobr/[eo]*.

Lectura en gran parte insegura e lamentablemente non comprobable con autopsia, dado que a peza está perdida.

Interpretación hipotética da designación teonímica. Sería unha variante pouco e mal documentada na que se combinan *(Deo) Genio* e *(Deo) Lari* nunha única expresión *Deo Genio Lari*: *Deo Genio Lari Berobreo*, se cadra na súa variante *Brobreo*. Cf. a peza n. 5 do noso catálogo.

Historial de lecturas:

2000 Fariña (en Búa 2000, 281, comunicación oral)	DO LAR[i] / BROBR[... /.....]
2000 Búa, 281	*do(mino)* ou se cadra *d-eo*.
2002 Fariña - Suárez, 32	...Do / lar / Brobr/...




Foto: Fariña - Suárez 2022, 51, lámina 13

7

Deo Ḷ|a(ri) Bẹṛ|obṛẹ|o

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 11, n. 12.

Ara completa. Presenta superficie moi erosionada. As liñas, cheas, non respectan fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. No final da liña 1 parecen observarse restos do trazo vertical do L. Na liña 2 lese claramente unha secuencia ABI, seguida dunha letra final da que se conservan un trazo vertical e unha cabeza, pero non hai trazo horizontal inferior, polo que só poder ser P ou R. Parece que debe lerse DEO L/A(ri) BIR. Pero, por outra banda, entre o I e mais o hipotético R obsérvase un trazo horizontal intermedio e outro posible superior, polo que parece que BIR foi corrixido posteriormente en BER. Isto non é, con todo, plenamente seguro, dado que o trazo horizontal superior non é de todo claro e na parte inferior non pode observarse trazo horizontal ningún. No comezo da liña 3 vese un círculo pequeno elevado, co que teriamos DEO L/A(ri) BER/O. O que segue non pode lerse con claridade. A opción máis acorde coa designación teonímica habitual sería BER/OBRE/O, cun O final centrado, pero os restos observables non respaldan claramente esta lectura.

Hai problemas de lectura en todas as liñas. A partir do B da segunda liña, a lectura é máis insegura.

Se a lectura proposta é correcta, teriamos a designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 11, n. 12 Deo L / ari B / ero [---



8

Deo | Lar|i Ber(obreo)

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 16, n. 17.

Ara ovada enteira. A segunda liña está máis desgastada. O altar presenta liñas cheas que non respectan fronteiras silábicas nin de palabras. Carece de interpuncións. Ten un O lixeiramente máis pequeno e algo elevado con respecto á letra anterior. L con trazo inferior lixeiramente descendente. A con trazo esquerdo vertical e sen trazo horizontal interno. Por debaixo de IB dá a impresión de haber un pequeno O, pero só é un efecto óptico.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual, pero abreviada: *Deo Lari Ber(obreo)*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 16, n. 17 Deo / Lar / i Bero



9

Deo L(ari) Ḅ|robre|o pro | ƨaluṭ-ẹ

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 27, n. 1; Búa 2000, 281; Koch 2019, 52, n. 95.

Ara enteira. O texto presenta a súa maior degradación polo canto dereito, especialmente no final da primeira liña, onde só parece haber B, sen un E posterior en nexo nin moito menos solto, para o que xa non habería espazo abondo. Presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. Nexos A-L e T-E na derradeira liña. O propio lapicida, ou alguén posteriormente, parece que alterou o texto inicialmente gravado. Na última liña había un nexo A-L, pero despois decidiuse intercalar un L semisubscrito entre A e V, sen dúbida para mellor claridade de lectura. A existencia de A con ápice inferior dereito (véxase n. 36) pode ser a causa de que o nexo non se considerase suficientemente claro. Entre R e O no comezo da segunda liña parece que se intercalou tamén un I elevado. Se este trazo é realmente intencionado, é posible que alguén tratase de recompoñer aquí a palabra *La/ri* a partir do gravado orixinal considerado erróneo. Os O son máis pequenos e elevados ca as outras letras. Os L presentan risco inferior descendente. Na liña 3, o P semella un R, posible erro do lapicida. Ao comezo da liña 4 hai un S invertido (ƨ).


Lectura segura coa excepción das dúbidas no final da liña 1.

Designación teonímica na súa estrutura habitual, pero *Berobreo* aparece sen vogal na sílaba inicial, probablemente unha verdadeira forma oral con síncope de vogal pretónica: *Deo Lari Brobreo*.

Historial de lecturas:

1981 Tranoy, 293	*Deus Laribreus Brus*
1994 Baños, 27, n. 1	Deo La/rio Bre/o Bro / ˊsˇan(c)to
1996 Colmenero, 636	Deo La/ri Obre/obro san(c)/to
2000 Búa, 281	Deo L(ari) Ḅ/robre/o pro / sa-lut(e)
2000 Colmenero, 855-856, 858	Deo La/rio Bre/o <p>ro / salut(e)
2019 Koch, 52, n. 95	Deo L(ari) B-e /ro Bre/o pro / salvt-e





Campo epigráfico da ara.
Fotografía cedida por Juan Manuel Abascal

10

Ḍẹo [L]|⟦|ạr[i ?] | Ḅeṛ[?|o]ḅ[re]|⟦|o [ar]|a-ṃ p|ọsu-ị

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 16, n. 16.

Ara dividida en tres partes. Toda a marxe esquerda está moi erosionada e parcialmente danada, de xeito que as letras iniciais de cada unha das cinco primeiras liñas están parcial ou totalmente perdidas. Pola marxe dereita, os fragmentos superior e medio perderon toda unha franxa de campo epigráfico de arriba abaixo, polo que falta en cada liña o espazo dunha ou dúas letras. As dúas fracturas que presenta a ara son descendentes. A primeira pasa entre as liñas 1 e 2, a segunda entre as liñas 4 e 5. Os enormes estragos na zona das fracturas e na marxe dereita dificultan moito a lectura, que, en parte, só pode considerarse unha hipótese de traballo. Ademais, no fragmento inferior, tanto no campo epigráfico coma no pé, temos numerosos riscos —algúns naturais da pedra, outros por danos posteriores— que, superpostos aos verdadeiros trazos das letras, as deforman e volven irrecoñecibles ou só recoñecibles dun xeito máis ou menos hipotético. Na liña 1 queda un resto superior dereito dun D, a metade superior dun E e mais un O. O L final está completamente perdido. Na liña 2 queda o trazo dereito dun A e mais un R. Segue un espazo onde, se houbo un I, debería verse polo menos parcialmente. Tras o R habería en principio espazo para dúas ou tres letras. É posible que o I se gravase moi separado do R. Tamén é posible que na parte que falta houbese algo máis. Lémbrese *G(enio)* e *Ge(nio)* nas pezas n. 5 e 6. Sorprende, en calquera caso, que todo ese espazo estivese baleiro. Na liña 3 queda a parte dereita dun B, un E completo e mais a parte esquerda dun R. No final hai espazo abondo para outra letra perdida. Podería haber un O ou outro R, ou un espazo baleiro. Na liña 4 vese con claridade a cabeza da segunda letra. Pola súa forma, ben diferente do R da liña 2, e neste contexto, debe de ser un B. Daquela, a letra inicial debeu de ser un O, que así se exclúe das posibilidades barallables para o final da liña anterior. A continuación, hai espazo perdido para dúas letras. Dado que no comezo da liña seguinte temos un O, aquí debía de figurar RE, co que se obterían as posibilidades de lectura **Ber/[o]b[re]/o* ou, menos probable por ser infrecuente, **Ber[r/o]b[re]/o*. As liñas 5-7 están desgastadas polas marxes e moi deterioradas, con riscos espurios que, ou ben fan irrecoñecible o gravado orixinal, ou ben o deforman xerando aparentes letras ou trazados estraños. É posible, pero moi hipotético, que na liña 5 só figurase O [AR], a pesar de que as fotografías parezan mostrar outro trazo circular tras o O inicial. Na liña 6 dá a impresión de que primeiro se gravou só A P. É posible que o aparente pequeno A entre estas dúas letras sexa un engadido posterior para crear un nexo A-M, terminación da palabra *[ar]/a-m*. Engadidos semellantes, tamén en menor tamaño e con separación de ambos os elementos, reaparecen noutras pezas. A letra final P semella un E polo desgaste na marxe dereita e un risco espurio inferior. O trazado que se observa ao comezo da derradeira liña carece de todo sentido. Polo contexto en que se atopa trátase moi probablemente dunha deformación dun O. A segunda letra é claramente un S. A última posiblemente un nexo V-I. A ara presenta liñas cheas, sen respectar fronteiras silábicas e de palabras, polo que sorprende que na liña 2 só figurase *Lar[i]*. Sen interpuncións. Liñas descendentes. Os O parecen tender a ser máis pequenos ca o resto das letras e elevados. O A da penúltima liña carece de trazo interno. O V presenta trazo esquerdo vertical, forma redondeada e posible remate ascendente que sería indicativo do nexo V-I.

Lectura insegura con problemas en todas as liñas a partir da liña 2, especialmente nas tres últimas.

A designación teonímica pode estar na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*, pero non se descarta plenamente que tras *Lar[i]* figurase *G(enio)* nin a variante *Ber[ro]b[re]o*.

Se a interpretación é correcta, *aram* gravouse primeiro na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final, e posteriormente introduciuse un complemento formal para crear así un nexo A-M.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 16, n. 16 [D]eo L / ari / Ber [o] / Bre / o / are / p-o svi



11

Deo | Lari | Bero|breo | ara |p̣o̱s̱[??]

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 9, n. 8.

Ara con extremo inferior partido e perdido. O texto pode estar completo. As liñas, que tenden a ser descendentes, respectan fronteiras silábicas e de palabras. Sen interpuncións. As letras das dúas primeiras liñas son máis grandes ca as posteriores. Na liña 3 gravouse primeiro BEO e posteriormente introduciuse o R esquecido no escaso espazo intermedio. Os O son máis pequenos ca as outras letras, uns baixos, outros elevados. A última liña conservada está moi erosionada. POS parece moi probable, sen que quede claro se o verbo está abreviado (*pos(ui)*) ou completo (*posui* ou *posi*).

Lectura segura salvo na última liña.


Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Aram aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 9, n. 8	Deo / Lari / Bero / Breo / ara<m> / pos [vi *ou* vit][---]





Liñas 5 e 6: *ara* | *p̣oṣ[??]*

12

Deo | L-ari | Bero|rϵo | ara | p[??]

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 9, n. 7.

Ara completa. Ten o texto moi erosionado, sobre todo as dúas derradeiras liñas. As liñas respectan fronteiras silábicas e de palabras. Sen interpuncións. As irregularidades do texto inducen a pensar que un lapicida moi imperito cometeu varios erros á hora de reproducir a minuta sobre a pedra. Na liña 1 esperaríase un DEO simétrico con E no centro da liña, pero o gravador escribe D E xuntos á esquerda e vese así na obriga de poñer o O ao final cunha enorme separación. Na liña 2 gravou ARI, pero esqueceu o L inicial, que despois se engadiu no escaso espazo existente entre a marxe esquerda e o A, co que xurdiu unha irregular ligadura L-A. A liña 3 non garda unha distancia mínima adecuada con respecto á anterior. Gravouse un B inicial moi cadrado, ligado ao trazo inferior do L da liña 2, e deixouse a continuación un espazo baleiro, buscando neste caso probablemente unha simetría na disposición das letras, pero co resultado deste oco excesivo, polo que as tres letras seguintes tiveron que ir xuntas na parte dereita da liña. O E toca ou está moi achegado aos estremos inferiores da secuencia AR na liña superior. Na liña 4 cométense erros máis graves. A letra final é un O pequeno un pouco elevado. Está precedido por un trazado que probablemente corresponde a un nexo R-E da minuta, dado que o E está ligado á ondulación dun R, pero non se grava (ou non se ve) o trazo vertical do R. A letra precedente debería ser un B, pois sen dúbida no texto orixinal figuraba aquí BR-EO, pero o gravador fai un R. Na derradeira liña vese un P inicial e posibles restos moi difuminados e moi inseguros dun O e dun S grandes. D e O son moi semellantes. O primeiro O ten tamaño normal, os seguintes son máis pequenos. Na liña 3, o O está a media altura; na 4, elevado. No centro da última liña, moi desgastada, hai un posible O moi grande.

Lectura segura agás nas liñas 4 e 6.


Designación teonímica na súa forma habitual, pero deformada por erros cometidos polo lapicida: *Deo Lari Berorϵo* (= *Deo Lari Berobreo*).

Aram aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final.


Historial de lecturas:

2019 Koch, 9, n. 7 Deo / L-ari / Bero / <B>r-eo / ara<m> / p[(osvi *ou* osvit]) [---





Liña 3: *Bero*



Liña 4: *rεo*

13

Deo | [L]ari | [B]erє|[o] ara | [p]oſ[?]

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 14, n. 14.

Altar en forma de pequena columna ovalada. A superficie da cara escrita está moi degradada. Na marxe esquerda hai unha franxa lateral danada que vai de arriba abaixo e na que se perderon todas as letras iniciais a partir da segunda liña. Na posición do L perdido ao comezo da liña 2 hai un risco oblicuo que non debe de corresponder ao trazado orixinal da letra, senón a un dano posterior na pedra. Dá a impresión de que se cometeron varios erros á hora de gravar o texto da minuta. En primeiro lugar, parece que se cometeu o erro de gravar primeiro LARI e que despois se tivo que introducir DEO no escaso espazo existente entre esta palabra e a decoración da cabeza da ara. Na liña 3, que se gravou sen separación suficiente da liña anterior, polo que as letras ER se tocan coas da arriba, parece faltar a parte intermedia de *Ber(obr)eo*. É posible que a disposición orixinal do texto fose *Deo / [L]ari / [B]ero/bre/[o] ara* e que o lapicida por descoido saltase do R de *Bero-* ao R de *-bre/o*, comendo así as letras intermedias (Búa 2009, 105). O E da primeira liña está inclinado cara atrás para evitar a proximidade do rebaixe triangular, o O moi separado para evitar o mesmo elemento decorativo. Os E da liña 3 son enormes, o segundo moi redondeado, e entre eles hai un pequeno R moi erosionado. O R é seguro, polo que se exclúe unha hipotética interpretación ***[G]e(nio) Be[r(obreo)]*. O primeiro A de *ara* é grande e cun risco casual horizontal inferior, polo que parece a barriga inferior dun B. Na derradeira liña perdeuse a letra inicial P, segue un O pequeno elevado e mais un gran S tipo minúscula tardía/semiuncial (*s* alto, ſ), posiblemente a media hasta ou de hasta prolongada. É posible que tras o S houbese outra letra, perdida ou desfigurada por un posible golpe (*[p]os[i]* ?).

Lectura aparentemente fidedigna, aínda que con inevitables dúbidas nas liñas 3-5.

A designación teonímica puido estar na súa forma habitual, se se admite que a hipótese de lectura *[B]ere/[o]* é realmente froito dun erro do lapicida por **Bero/bre/o*.

Se a palabra está completa na súa forma conservada, *aram* aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final. Se na derradeira liña figuraba *[p]os[i]*, teriamos *posuī* > *posu̯i* > *posi,* con perda do *-u̯-* na secuencia antevocálica *-su̯-*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 14, n. 14	DE AṚ *ou* B / ERO / BREO / ARA / M POS //// / PR[O] / SA / I I, que interpreta como *De[o] [L]ar(i)* ou *B / ero / Breo / ara / m posvi* ou *posvit / pro / sa / lv [te]*



14

Deo Lạ-ṛ|i Bẹṛ|⸗|ọḅre|o pos|ụị ạṛ(am)

Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”.

Bouza - Álvarez - Massó 1971, 72, n. 1; Baños 1994, 33, n. 4; Búa 2000, 278-279; Koch 2019, 63, n. 112.

Altar partido en dous fragmentos. Presenta fractura horizontal lixeiramente ascendente por debaixo da segunda liña, que lles afecta ás dúas letras finais da liña 2 e ás dúas primeiras da liña 3. O fragmento inferior está máis desgastado. Liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. Liñas progresivamente descendentes. Os O son pequenos e elevados. Escribíronse catro letras por liña, agás na primeira, onde o ideal tamén serían catro, pero onde se fai un estraño aproveitamento do extremo final. Non cabe dúbida de que aquí, dalgunha maneira, figura LAR, pero non está claro como se deseñou o nexo exactamente. É posible que todo nacese dun erro do lapicida consistente en gravar DEOL na primeira liña e seguir despois, polo motivo que fose, con IBER na segunda, o que obrigou a amañar o desaguisado no final da liña 1. O arranxo consistiu posiblemente en dúas accións: a primeira, intercalar entre o O e o L un novo L estreito equidistante entre esas dúas letras, en paralelo ao O precedente e así lixeiramente deitado cara atrás e arredondado. A segunda acción foi converter o L gravado con anterioridade nun nexo A-R, o que sen dúbida non era fácil. Coa parte superior do trazo vertical fíxose un R e coa parte vertical inferior e mais o trazo oblicuo do L fíxose un pequeno A, co que resultou unha ligadura de R e A superpostos. A derradeira liña non se le claramente polo maior desgaste e a moi irregular gravación. É posible, pero moi inseguro, que deba lerse como VIAR.

Lectura segura salvo no final da liña 1 e na liña 5.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

A compoñente {aram posui} aparece na orde de palabras latina vulgar tardía: *posui ar(am).*

Historial de lecturas:

1971 Bouza - Álvarez - Massó, 72,	DEOL/IBER/OBRE/OPOS/VLMQ = Deo L/iber/o Bre/o pos(uit) / v(otum) l(ibens) m(erito), con *hedera* final ou M(erit)O (Liña 1: L moi dubidoso que tamén semella LL ou IL. Liña 4: P parece R por golpe na pedra. Liña 5: M dubidoso, “letra final parece una Z o una O o una *hedera*, pues lleva apéndice y es romboidal”. Teónónimo *Liber* = *Baco;* dedicante, *Breo*).
1978 Millán 13, 26	DEO V / IBER / ỌBRE / OROS / VMP̣ = opción a) *Deo Viberobreoro s(olutum) v(otum) m(erito) hedera*, opción b) *Deo Viberobreoros v(otum) m(erito) p(ositum)*

(Millán 1978, 14: Letra final da liña 1 V con redondeamento do ángulo inferior. Millán 1978, 17: A segunda letra da liña 4 non é P cun golpe casual, senón R; na derradeira letra da derradeira liña "nosotros captamos, dudosamente, una P, pero nos parece muy justificada la observación de los autores de que pudiera tratarse también de una burda *hedera distinguens*, puesto que se atisba su figura como la de un rombo provisto de un apéndice vertical en prolongación del ángulo inferior". Millán 1978, 27: No caso da opción b) *Deo Viberobreoros*, sería un "empleo eventual de un nominativo indígena *pro dativo*")

1994 Baños, 33, n. 4	Deo L/iber/o Br e/o pos/u(it) ++++ / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Deo B/iber/obre/o pos(uit) Nemavs/us (Resulta imposible ler *Lari*)
1997 Colmenero, 391	*Vla-nui* colectivo dedicante do monumento, "insostenible la versión *pos/u(it)* +++ de G. Baños".
2000 Búa, 278-279	Deo [Lar]/i Bẹṛ//o̩bre/o pos(uit) / V[...] / [.....]
2000 Colmenero, 856	"no resta otra posibilidad que leer, despues de *deo*, la palabra *l(a)r/i*". Nota 16: "La letra inicial del vocablo es L con el trazo horizontal en oblicuo hacia abajo, y la que le sigue una R poco definida, resultando nítida la I inicial del renglón segundo. Tenemos de esta manera la lectura *Lri*, con omisión manifiesta de la *a* de la primera silaba".
2019 Koch 63 n. 112	DEO L-A-R/IBER/OBRE/O POS/VIARAM, que despois interpreta como Deo L-a-r / i Ber / o Bre / o pos / (ui *ou* it) aram/---, contradicíndose na lectura, que así non queda clara.





15 [Deo La]|ʂ|ri Ḅẹ|robr|eo a|r(am) p(osui) v(oto)

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 29, n. 2; Búa 2000, 278; Koch 2019, 55, n. 99.

Fragmento inferior dunha ara. Presenta fractura descendente que atravesa a primeira liña conservada e afecta á parte superior do B e a case todo o E seguinte, do que só queda o ángulo inferior. Liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. As dúas últimas liñas son lixeiramente ascendentes. No final da primeira liña conservada debía de quedar un pequeno espazo en branco tras o E que non era suficiente para un R de tamaño similar aos demais. Os O están elevados. O primeiro é pequeno; o segundo, grande. A fórmula votiva final non é habitual no santuario de Berobreo. O termo *votum* aparece en ablativo de causa sen preposición, como se documenta nalgúns outros casos, por exemplo nun altar de Guimarães, Braga, co seguinte texto: *Antonia / Rufina / voto Nin[p]/his Lupia/nis libens / animo / posuit*. Tamén nun altar de Robledillo de Trujillo que remata en *ara(m) p(osuit) v(oto)*. Esta interpretación é preferible a *p(ro) v(oto)* sen verbo.

Lectura segura co problema da interpretación das abreviaturas finais.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

1994 Baños, 29, n. 2	D[eo La]/ribẹ/ro Br/eo a/r(am) p(osuit) v(oto)
1996 Colmenero, 636	[Deo La]/ri Be/robr/eo a/r(am) p(osuit) V (V posible sigla do dedicante)
2000 Búa, 278	[Deo La]/ri Be/robr/eo a/r(am) p(osuit) v(oto)
2019 Koch, 55, n. 99; 78, fig. 81	D[eo La]/ri Be/ro Br/eo a/r(am) p-osv-i



16

Deo L|ari | Bero|bre|ꟾ|o araꞏm po|ſui prꞏo ſalꞏte

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 2-3, n. 1.

Ara partida en dous fragmentos. A fractura pasa entre as liñas 4 e 5. É unha fractura horizontal, lixeiramente ascendente. O fragmento inferior, algo máis erosionado, presenta danos na súa parte inferior nos cantos dereito e esquerdo. A fractura aféctalle ao extremo inferior das letras BRE da liña 4; por ser ascendente, máis a RE. Liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, coa excepción da liña 2, en que só se escribe ARI moi espazado para darlle liña independente a *Berobreo*. Sen interpuncións. Liñas descendentes (1-3) e ascendentes (4). Letras de tamaño irregular, en parte en progresiva diminución (ex. liña 3) ou incremento (ex. liña 1). E, B, P e R tenden a ser grandes. Os O tenden a ser máis pequenos, baixos (liñas 1 e 5) e elevados (liñas 3, 6 e 8), excepto o DEO inicial, con O grande. Os S son tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ) a media hasta ou hasta prolongada.

Lectura segura de todo o texto.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 2-3, n. 1 Deo L / ari / Bero / Bre / o ara / m po / svi pr / o salv / te





17 Ḍẹọ | Ḷaṛ[i] |⁞| Ḅẹṛọ|ḅreo | ạṛạ[-m] |⁞| poſu|i ṗro | ſaḷụ|ṭ[e] |⁞|

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 7-9, n. 6.

Ara dividida en catro partes, a inferior perdida. O fragmento superior está máis erosionado, especialmente pola marxe dereita. O inferior está máis danado. As dúas primeiras fracturas son descendentes; a inferior, en cambio, é recta lixeiramente ascendente. O I final da liña 2 está probablemente perdido pola proximidade ao canto dereito, moi erosionado. A primeira fractura pasa a través da liña 3, da que temos restos moi desgastados na parte inferior do primeiro fragmento e máis claros na parte superior do segundo. Do O final, probablemente pequeno e elevado, quedan posibles restos no extremo inferior dereito da primeira parte. A segunda fractura transcorre a través da liña 5. Do seu A inicial só queda o extremo superior na parte inferior do segundo fragmento, mentres que R e A aparecen parcialmente na parte inferior do segundo fragmento e parcialmente na superior do terceiro. Tras o A parece haber espazo suficiente para que en realidade se gravase un nexo A-M. A fractura inferior pasa polo medio da derradeira liña, de lectura non segura. Parece tratarse da parte superior dunha secuencia TE centrada, cuxo E non se le con claridade. A ara presenta liñas cheas. Nas cinco primeiras, respéctanse fronteiras silábicas e de palabras. Sen interpuncións. As liñas tenden a ser descendentes. Na primeira liña, o E é moito maior ca o D precedente e ca o O seguinte. Os O son elevados e máis pequenos ca o resto das letras. O primeiro A presenta trazo interno, o último carece del. Os V son redondeados. Os S son tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ).

Lectura segura coa excepción das dúbidas no final da liña 5 e no final do texto.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 7-9, n. 6	Deo / Lari / Bero / Breo / ara-m / posvi / pro / salv / te



18

Deo L|ari B|erob|reo a|ra po|si pr|o sa|uṭę

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 4-5, n. 3.

Ara con cabeza partida en dous pequenos fragmentos, dos que se conserva o inferior, mentres que está perdido o remate superior en punta. A fractura entre as pezas conservadas é oblicua descendente; a superior, horizontal. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. Un hipotético nexo A-L na liña 7 resulta en realidade inapreciable, dado que o trazo dereito do A non se desvía claramente cara á dereita. O A da liña 4 e mais este presunto nexo A-L son moi similares. Letras de tamaño irregular. B, P, R e S tenden a ser grandes. L con trazo inferior lixeiramente inclinado. Os O tenden a ser máis pequenos e elevados.

Lectura segura de todo o texto, salvo as dúbidas espertadas polo nexo A-L.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

A compoñente {aram posui} aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final; *posuī* > *posu̯i* > *posi,* con perda do *-u̯-* na secuencia antevocálica *-su̯-*. Para a lectura *saute* véxase n. 20.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 4-5, n. 3	Deo L / ari B / ero B / reo a / ra<m> po / s<v>i pr / o sa-l / vte



19 Deo L|ari B|erob|reo | ara-m | po(sui) pṛ|o saḷ[u]|⸗|te

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 3-4, n. 2.

Ara con pé partido conservado. A fractura, descendente, pasa entre as liñas 7 e 8. O fragmento inferior está máis erosionado. A esquina inferior dereita do fragmento principal está danada. Este deterioro afecta minimamente ao final da liña 6 e, sobre todo, ao final da liña 7, onde o L se recoñece dificilmente e se perdeu o V final. A terminación TE no pequeno anaco inferior está moi desgastada. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, coa excepción da liña 4, onde só se escribe REO moi espazado para rematar *Berobreo* en liña independente e marcar así a fin do apartado teonímico. TE final centrado. Sen interpuncións. Liñas progresivamente descendentes. As dúas derrradeiras liñas están escritas con letras máis pequenas por falta de espazo. Nexo A-M na liña 5 e abreviatura *po(sui)* na liña 6. Letras de tamaño irregular. E, B, P e R tenden a ser grandes. L grande con trazo inferior inclinado. Os O tenden a ser máis pequenos, baixos (liñas 1 e 4) e elevados (liñas 3 e 6). Na liña 5 parece que se escribiu primeiro ARA e posteriormente se engadiu no escaso espazo restante un complemento para formar un nexo A-M. Ese elemento engadido, probablemente obra dun lapicida diferente, pretendeu facerse redondeado, pero pola impericia do gravador o trazado resultante saíu moi anguloso.

Lectura segura de todo o texto.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 3-4, n. 2	Deo L / ari B / ero B / reo / aram / po(svi *ou* vit) pr / o salv / te, mentres que na previa lectura da liña 6 figura POṢPR e no posterior comentario se sinala a existencia dun risco tras o O que posiblemente deba entenderse como un S inverso.





Liñas 5 e seguintes:
ara-m | po(sui) pṛ|o saḷ[u]|ṣ|te

20 |꞉| [D(eo) L]|a(ri) Be|ror|ore |꞉| ạṛ[a] | posu|i pro |꞉| ṣạụ|te

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 14, n. 13.

Ara dividida en catro partes, a superior perdida. Presenta fracturas horizontais. A primeira interna sitúase entre as liñas 3-4, coa desaparición case completa da liña 4, da que só se conservan os extremos inferiores das letras: ao comezo, AR con seguridade; despois, probablemente A, sen espazo para un nexo A-M. A segunda fractura interna, situada entre as liñas 6-7, afectoulle á parte superior das letras da liña 7, sobre todo ao S inicial. O fragmento inferior presenta ademais danos polo seu canto dereito, polo que o V só conserva a súa parte esquerda. Falta o inicio do texto, que, polo progresivo estreitamento cara arriba, posiblemente só contiña [D(eo) L]|. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, pero a designación teonímica remata en liña independente. Sen interpuncións. Algunhas liñas descendentes, especialmente a segunda conservada e mais a penúltima. O teónimo parece que foi gravado como *Berororе*, lexible tamén como *Berobore*, o que probablemente é froito dun erro de gravación e parcial arranxo do problema así xurdido. No mesmo espazo entraría perfectamente a forma esperada [D(eo) L]|A(ri) BE|ROB|REO, como seguramente figuraba na minuta. Pero dá a impresión de que o lapicida gravou primeiro dúas veces RO por descoido e, tras escribir ABE|ROR|O, optou por un amaño o máis sinxelo posible, aínda que imperfecto. Simplemente engadiu RE e con isto logrou dúas cousas: por unha banda, como o R final da liña anterior estaba moi baixo, quedou fusionada (intencionadamente ou non) a parte inferior do R coa parte superior do E, o que converteu o R nun posible B, co que o inicio do teónimo xa quedaba arranxado (BE/ROR → BE/ROB); por outra banda, está claro que, aínda que se lese desta maneira, o gravado seguía sendo incorrecto (BE/ROB/ORE), pero o certo é que as letras necesarias estaban todas, co único defecto formal de que as tres últimas estaban desordenadas: ORE en vez de REO. Como se ve, este pequeno detalle ortográfico non foi considerado tan grave como para poñerse a facer máis modificacións nin como para desfacerse da peza. Na penúltima liña lese claramente SAV. O A non mostra ningunha prolongación nin desviación do seu trazo dereito que indique que se trate dun nexo A-L.

Lectura segura. Interpretación do teónimo hipotética como amaño parcial dun erro do lapicida.

Se, como parece probable, *Berororе* ou *Berobore* é froito dun erro de gravado, entón detrás estaría a designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Se os restos da palabra están ben interpretados como ARA, *aram* aparecería na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final. Dado que non hai ningunha marca recoñecible dun posible nexo A-L, *salute* aparece aquí baixo unha falsa forma culta *saute* xerada por erro ou descoñecemento a partir dunha forma latina vulgar tardía: *salute* > **salude* > **saude* con perda do *-l-* intervocálico ante *-u-*. Cf. n. 18.

Historial de lecturas:

2009 Búa,105	[Deo L]|a(ri) Be|ror|o RE || ạṛạ(m) ḷ(ibens) | posu|i pro || saḷ-ụ|te
2019 Koch, 14, n. 13	D (eo) Be / rob /ore / ara-m / posv / i pro / sa-lu / te



21

[Deo La]|ṛi Ḅẹṛ[o]|breo | ara p|[osu]i p|[- - - - - -]

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 21-22, n. 22.

Fragmento de ara dividida en polo menos tres partes, da que se conserva esta sección intermedia. A fractura superior horizontal transcorre a través da primeira liña conservada, que era a segunda do texto orixinal. A fractura inferior descende a través da cuarta liña conservada. Na primeira liña conservada quedan restos dos extremos inferiores de ṚIḄẸṚ, claramente recoñecibles só os correspondentes ao ṚI inicial. Do O final, que sen dúbida era pequeno e elevado, como o da liña seguinte, non pode quedar nada. Na derradeira liña conservada só se recoñecen con claridade as dúas letras finais IP. A parte inicial perdida do texto é claramente *[Deo La]/ri*. A parte final debeu de ser *p/[ro sal(ute)]* ou *p/[ro sal/ute]*, con ou sen nexo. Liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas e de palabras, pero no final da segunda liña conservada deixouse espazo libre para que *Berobreo* rematase en liña independente. Sen interpuncións. Os O son pequenos e elevados. As letras en xeral son estreitas e altas, pero o segundo A é moi grande, ancho e baixo, polo que mesmo toca o trazo dereito descendente do R anterior.

Lectura segura, salvo as inevitables dúbidas que xera a última liña conservada.

A designación teonímica está na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Aram aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 21-22, n. 22 [Deo La] / ri Bero / Breo / ara<m> p / osvi p / [ro salvte---]



22

- - - - - -|⁞|o] ạr|ạm | pos|ui pṛ|⁞|ọ ṣa|lut|ẹ |⁞|

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 25, n. 27.

Fragmentos intermedios dunha ara dividida en polo menos catro partes. A fractura superior era probablemente horizontal en primeiro, pero o fragmento debeu de perder despois a súa esquina superior esquerda, do que resultou unha fractura moi ascendente dende a parte esquerda da segunda liña conservada a través do centro da primeira, coincidindo co trazo esquerdo dos dous A. Na primeira liña consérvase ẠR, precedido dun espazo non moi amplo, pero suficiente para un O pequeno elevado, final de *Berobreo*. A fractura intermedia ascendente transcorre a través do O pequeno elevado inicial e da parte superior do S seguinte da liña 5 e polo medio do R final da liña 4. A fractura inferior, moi lixeiramente ascendente, pasa xusto por debaixo do E final. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Non hai interpuncións. As liñas son descendentes a partir da terceira conservada. O primeiro A parece carecer de trazo interno. Os O e V son algo máis pequenos e elevados. O primeiro S, moi grande e anguloso, ten forma de 5.

Lectura segura.

Designación teonímica perdida na parte anterior ao texto conservado.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 25, n. 27 [--- ar / am / pos / vi pr / o / sa / lvt / e





23

- - - - - - |ꟾ|ọ ara | posu|i pro s|alutę

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 25-26, n. 28.

Parte de abaixo dunha ara con extremo inferior partido e perdido. A fractura horizontal pasa por enriba da primeira liña conservada, co que se perdeu parte do O pequeno elevado inicial. A primeira liña está un pouco máis erosionada ca o resto. O E final do texto está parcialmente perdido pola proximidade ao canto dereito desgastado. Liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. Liñas lixeiramente descendentes. Os O son pequenos e elevados. A derradeira liña presenta A grande redondeado, L con trazo inferior inclinado, contacto entre os extremos de VT e T longo.

Lectura segura.

Designación teonímica perdida na parte anterior ao texto conservado.

Aram aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 25-26, n. 28 --] / aram / posv / i pro s / alvte



24

- - - - - - Ber]|⟦|o̩b̩r̩e̩o̩ | a(ram) P S

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 26-27, n. 3.

Fragmento de abaixo dunha ara que perdeu a súa esquina inferior esquerda. A fractura transcorre horizontal a través da penúltima liña conservada, da que só se ven os extremos inferiores de todas as letras, o que abonda para reconstruír o texto: O̩B̩R̩E̩O̩. Na derradeira liña, moi descendente, vense claramente tres letras, APS, cunha maior separación entre P e S. É posible que falte algunha letra por descoido do lapicida, dado que as dúas opcións interpretativas imaxinables de tales abreviaturas resultan insatisfactorias: *a(ram) p(ro) s(alute)* deixa o complemento directo *aram* sen verbo; *a(ram) p(osui) s(alute)* deixa *salute* sen preposición. O máis probable é que entre o P e mais o S falte un O, que probablemente sería pequeno e elevado. Daquela teriamos **a(ram) pos(ui)*. Algunhas entradas na superficie da pedra inducen a entrever ese pequeno O elevado, que puido ser anguloso, pero non son suficientemente claras como para confirmar a presenza desta letra. Non hai interpuncións.

Lectura segura, coa excepción das dúbidas na lectura e interpretación da liña final.

Designación teonímica probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch 26-27, n. 31 [Deo Lari Bero] / Breo / a(ram) pos(vi *ou* vit)



25

|⦚| [De]ọ Ḷa-ṛi | Ḅẹrobr|eo poſụ|i aram | ṗṛọ ḟạ|⦚|[lute]

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 31, n. 3; Búa 2000, 276-277; Koch 2019, 51-52, n. 94.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. A fractura superior é horizontal; a inferior, descendente. A fractura superior pasa por riba da primeira liña; a inferior cruza a liña 5, onde lles afecta a todas as letras. Por abaixo falta probablemente unha liña máis, hoxe desaparecida. A superficie está moi erosionada. As fracturas e a erosión dificultan moito a lectura das liñas 1 e 5. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, coa excepción da primeira, en que o posible recurso a un nexo A-R permitiu darlle cabida a toda a palabra *Lari* e darlle liña independente a *Berobreo*. Non hai interpuncións. Liñas progresivamente descendentes. O nexo A-R na primeira liña é inseguro. Vese un A e mais un trazo vertical final. Entre ambos parece haber un risco en forma de remate inferior dereito dun R, sen espazo abondo para a letra enteira nin ningún resto de trazo vertical, polo que parece que pode tratarse dun nexo A-R. As letras teñen tamaño irregular, tendente á diminución cara ao final de liña (ex. liña 4). B, P e R propenden a ser grandes. Os O tenden a ser máis pequenos e elevados. Os A carecen de trazo horizontal interno. A forma cursiva dalgunhas letras levou a unha falsa lectura. Na liña 3 o P é aberto con remate volto, o que lle dá aspecto de R. Tamén podería tratarse dun R escrito por erro polo lapicida. O S de tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ) e mais o V final inmediato teñen xuntos aspecto de N, de onde a falsa lectura RONI en vez de POſVI. No final da liña 4 o M é pequeno e moi descendente.

Lectura insegura da primeira liña e do final perdido.


Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

A compoñente {aram posui} aparece en forma ortográfica culta, pero na orde sintáctica propia do latín vulgar tardío (SVO): *posui aram*.

Historial de lecturas:

1981 Tranoy, 293	*Deus Lariberus Breoronis* ou *Breoro* "(avec un nominatif celtique en *-o*)"
1994 Baños, 31, n. 3	Deo Lari/bero Br/eoron/i aram / posu(it) / [- - -] VI / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Deo Lar(i) / Berobr/eoron/i aram / l(ibens) p(osuit) V.? A.? (V A, siglas do dedicante)
1997 Colmenero, 391	*Deo Lari Bero Breo* (*Ronii* "grupo social o gentilicio en una dedicatoria que sería colectiva")
2000 Búa, 276-277	[De]ọ Lar(i) / Ḅẹrobr/eo RON/I aram / poṣ(uit) · m(erito)
2002 Fariña - Suárez, 32	Deo Lari / Berobre/oron/i aram / pro sa
2009 Búa, 105	[De]ọ Lar(i) / Ḅẹrobr/eo posu/i aram / pro · sa/[ute]
2019 Koch, 51-52, n. 94	Deo Lari / Bero Br / eo posv / i aram / pro salvt-e





Liña 3: *eo poſu*

26 [Deo L]|ǁ|ạri Bẹ|ṛo(breo) ṗọ|ṣụi a|ṛam | ṗṛọ | ṣ(alute) |ǁ|

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 35, n. 5; Búa 2000, 280; Koch 2019, 52, n. 96.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. A fractura superior é horizontal; a inferior, irregularmente ascendente. A fractura superior pasa por riba da primeira liña conservada. A inferior atravesa a liña 6 e aféctalle tamén ao O final da liña 5. Falta unha liña inicial. A liña 6 sería a derradeira do texto, se, como parece, só contén un S centrado. A superficie está moi erosionada. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, así como remate en S centrado. Non hai interpuncións. As liñas son lixeiramente descendentes. Abreviaturas: *Bero(breo)* nas liñas 1-2 conservadas, probablemente *s(alute)* na liña 6. A liña 1 presenta A inicial grande e mais E final grande que se prolonga cara abaixo. Nas liñas 4-6 hai menos letras por liña e de maior tamaño. Os O tenden a ser máis pequenos e elevados. V con trazo dereito vertical. O A final da liña 3 carece de trazo horizontal interno, os outros probablemente tamén. B e R son moi cadrados. Do S final só se ve a súa metade superior.

Lectura segura de todo o texto, salvo inevitables dúbidas en canto á derradeira liña.

Designación teonímica na súa forma habitual, pero abreviada: *Deo Lari Bero(breo)*.

A compoñente {aram posui} aparece en forma ortográfica culta, pero na orde sintáctica propia do latín vulgar tardío (SVO): *posui aram*.

Historial de lecturas:

1994 Baños, 35, n. 5	[Deo L]/ạribe/ro po/sui(t) a/ram / ṗṛọ / [-c. 1-]+[-c. 1-2-] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Lari Be/robre/oni a/ram / l(ibens) po/[s(uit) ...
2000 Búa, 280	[Deo L]|ạri Bẹ|ṛọ[br|....] ạ|raṃ	ṗṛọ	[.....]
2019 Koch, 52, n. 96	[Deo L]/ ari Be / ro po / svi a / ram / pro s[alvte]



Fotografía cedida por Juan Manuel Abascal

27 Deo L⌋aɾị Bẹ⌋⦚⌋eirɾ⌋obɾe⌋o | ara [?] | pṛo ſ⌋alu⌋⦚⌋[te - - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 10, n. 9.

Fragmentos superior e medio dunha ara partida en polo menos tres sitios. Presenta fractura interna horizontal que transcorre pola parte inferior e media da segunda liña, de maneira que se perdeu o extremo inferior das dúas letras iniciais e quedaron divididas polo medio as dúas finais, que fican así repartidas entre os dous fragmentos. A fractura inferior é descendente de forma irregular, o que afecta ao comezo da derradeira liña conservada. No final da liña 6 hai espazo para unha letra. Non parece M en nexo co A precedente. Podería ser P(osui), do que algunhas fotografías deixan entrever a posible cabeza. Con todo, outras imaxes parecen mostrar en cambio que non é P, nin M, nin probablemente ningunha outra letra. Resultaría ademais estraño que se recorrese aquí a *p(osui),* dado que estamos ante un texto onde, polo demais, non se abrevia nada. O máis probable é que *posui* estivese en posición final. Nas dúas últimas liñas conservadas parece que debe lerse e interpretarse *pro* ſ⌋*aluſ*- - - - - -. Semella, xa que logo, que faltan unha ou dúas liñas finais en que figuraría TE e, se non hai P no final da liña 6, presumiblemente a forma verbal *posui* ou *posi*, abreviada ou non. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, pero márcase o final do apartado teonímico con salto de liña. Non hai interpuncións. As liñas son descendentes. B, P e R tenden a ser grandes. Os O tenden a ser pequenos e angulosos, uns baixos, outros elevados. Mestúranse os R normais nas liñas 3 e 6 cos R tipo minúscula tardía / semiuncial (ɾ) nas liñas 2 e 4. O pequeno A inicial da liña 6 e mais o P grande e moi alongado inicial da liña 7 están semifusionados. O S, tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ), é moi alongado, característica que o distingue do R minúsculo / semiuncial (ɾ). Na derradeira liña, hai un A grande separado da marxe esquerda, así como un L con risco vertical deitado cara adiante e risco inferior inclinado cara abaixo.

Lectura segura agás nas dúbidas no remate da liña 6 e no final do texto.

Designación teonímica na súa estrutura habitual, pero *Berobreo* aparece con ditongo *-ei-* na sílaba inicial e grafía reduplicada do *-r-*: *Deo Lari Beirrobreo*.

Aram aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 10, n. 9 Deo L / ari r/ ei B-er / o Bre / o / ara-m / pro s /alv[te ----



Fotografía cedida polo Instituo Arqueolóxico Alemán de Madrid



Liñas 1 e 2: *Deo L | arị Ḅ*

28 Ara p|oſi p|ṛọ ſ|alu-t|e deo | Lari | Ьerọ|Ьre|o

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 7, n. 5.

Ara completa. A súa superficie está erosionada, pero o texto lese sen problemas. Presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, excepto no caso de *Berobreo*, que empeza en liña independente. O texto carece de interpuncións. No final da liña 4 probablemente hai un nexo V-T marcado mediante trazo horizontal dende o extremo superior dereito do V só cara á dereita. No corpo principal da peza as liñas tenden a ser de catro letras, pero as liñas terceira e cuarta presentan cadansúas tres letras grandes (a liña 4 probablemente co nexo final V-T). O P final da liña 1 parece R ou B por risco casual na pedra ou, se cadra, por erro do lapicida. O P final da liña 2 é moi baixo. Os O tenden a ser pequenos, uns baixos, outros elevados. Os S son de tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ). O primeiro, na liña 2, é pequeno; o segundo, na liña 3, moi grande, coma o resto das letras nas respectivas liñas. Os A son redondeados nas liñas 4 e 6. Os L presentan trazo inferior inclinado. Os B son tipo minúscula tardía / semiuncial (Ь), con trazo vertical e barriga só inferior; son pequenos e elevados. O primeiro, no comezo da liña 7, moi próximo ao canto, perdeu a parte superior do trazo ascendente. O segundo, no comezo da liña 8, é perfectamente visible. Os B iniciais das liñas 7-8 dan a impresión de formar dous B normais ligados que comparten unha barriga. O B inicial da liña 8 e mais o O da liña 9 parecen formar xuntos un enorme B inclinado en liña ascendente. En ambos os casos son só efectos ópticos.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual: *deo Lari Berobreo*.

A compoñente {aram posui} aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final, e *posuī* > *posu̯i* > *posi*, con perda do *-u̯-* na secuencia antevocálica *-su̯-*.


Designación teonímica en posición final, moi distintiva e marcada por contraste coa orde habitual dos elementos nos demais textos do santuario.

Historial de lecturas:


2019 Koch, 7, n. 5	Ber / o Bre / o ar / am / posv / i <pro> sal / vte / D *ou* O (Lectura completamente errada que lamentablemente outros copian sen comprobación: González Rodríguez 2021, 190)



Liñas 5-6: *Deo* | *Lari*



Liñas 7-9: *Ƀeroọ*|*Ƀre*|*o*



Detalle da designación teonímica a partir dunha fotografía inédita de Juan Manuel Abascal

29

[D]i̯i̯o̯ | -?- | -?- | -?-

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 34, n. 42.

Altar co texto enormemente erosionado, do que só pode lerse con relativa seguridade o final da primeira liña. Parece haber dous trazos verticais no centro e un O final, o que leva a propoñer a lectura [D]IIO̯, é dicir, *[d]eo* con E cursivo. O resto non é determinable. Semella que o texto constou de tres ou, menos probablemente, catro liñas.

A lectura da primeira liña parece fidedigna, pero este sería o único caso no corpus epigráfico do monte do Facho que presenta o II cursivo, polo que convén manter certas reservas. Todo o demais é irrecoñecible.

Se a lectura e a interpretación son correctas, a designación teonímica estaría en primeira posición do texto en forma concreta non determinable.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 34, n. 42 [1-2]o̯ / [—



30

De|o | La|[- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019**,** 21, n. 21.

Fragmento superior dunha ara probablemente ovada. A fractura pasa por debaixo da terceira liña. O texto está moi erosionado e degradado, polo que non pode lerse con seguridade. Non se observan interpuncións. A letra inicial é un D. Todo o que segue é inseguro. A segunda letra pode ser un L cun risco horizontal central casual ou un E do que non se ve o trazo horizontal superior. Por debaixo desta letra aparece outro risco horizontal aparentemente conectado cos trazos superiores, polo que o conxunto toma así a forma dun E con prolongación superior do trazo vertical, o que sería un nexo I-E, que estaría gravado nunha posición un pouco máis baixa ca o D anterior. Con todo, tal nexo non tería sentido neste contexto, polo que, en principio, debe ser rexeitado. Na segunda liña unhas fotografías deixan entrever un posible O inicial difuminado, o que leva a ler DE/O como hipótese de traballo, pero sen plena seguridade. O resto da liña parece estar baleiro con algúns riscos que probablemente sexan fortuítos. Na liña 3, algunhas fotografías parecen mostrar con relativa claridade unha secuencia LA de gran tamaño, pero o presunto L podería ser outra letra con trazo vertical esquerdo e o presunto A noutras fotografías parece máis arredondado e aproxima a súa forma á dun posible R ou á dun B. Como principal hipótese de lectura pode tomarse *De/o / La/[*----, pero sen ningunha garantía.

Lectura moi hipotética e insegura.

Só aparece a parte inicial da designación teonímica, da que unicamente se le con seguridade o D. É posible que a designación teonímica estea na súa forma habitual, *Deo Lari Berobreo*, aínda que probablemente abreviada dun xeito que non se pode determinar.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 21, n. 21 Deo / Lar[i] / Ber / [o] B[reo]/ [—



31

Deo | Ḷaṛ[i |⁞| - - - - - -

Museo do Mar de Galicia, Vigo.

Bouza - Álvarez - Massó 1971, 74-75, n. 4; Baños 1994, 49, n. 12; Koch 2019, 66, n. 115.

Fragmento superior dun altar que só se ve enteiro nas fotografías máis antigas, dado que a peza conservada actualmente no Museo do Mar de Galicia está embutida nun soporte que impide ver a segunda liña do texto. A fractura transcorre primeiro recta a través das dúas primeiras letras da liña 2 e ascende a continuación, polo que só pode verse o ángulo superior da terceira letra e nada da última. A superficie gravada está bastante erosionada. O O é pequeno e elevado. O L, inclinado para atrás, con risco inferior descendente. O A carece de trazo horizontal interno.

Lectura segura.


A designación teonímica estaba probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

1971 Bouza - Álvarez - Massó, 74-75	DEO / LAR /... /... /... = Deo / L(ibero) ar/[as posuit ?] (Na liña 2 só se ve a parte superior do R, así que podería ser B)
1978 Millán 13, 26	DEO / B[..] /... = *Deo B[iberobreo?...]* (Millán 1978, 16: a lexibilidade do L que afirman os editores é máis ca problemática)
1994 Baños 49, n. 12	Deo / Laṛ/-----
2019 Koch 66, n. 115	Deo / Lar[i] / [—



Ara 31 tal e como está exposta actualmente



Campo epigráfico da ara, coa liña 2 visible.
Detalle da fotografía de
Bouza - Álvarez - Massó 1971, fig. n. 4



Fragmento conservado completo.
Méndez Quintas 2008, 200

32

Deo | Ḷaṛi |⦚| [- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 26, n. 29.

Fragmento superior dunha ara fracturada horizontalmente a través da liña 2, da cal se conserva a metade superior de todas as letras. Presenta liñas cheas que respectan fronteiras de palabras. Sen interpuncións. O E é un pouco máis grande ca as outras letras e o O lixeiramente máis pequeno e algo elevado.

Lectura segura.

A designación teonímica estaba probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 26, n. 29 Deo / Lari / [---



33

Deo L|ạṛi Ḅ|⁞⁞|[- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 23, n. 25.

Fragmento superior dunha ara. Presenta fractura ascendente que lles afecta ás letras finais IB da segunda liña. Non parece haber espazo abondo para un E tras o B. As letras están moi desgastadas e degradadas. A ara presenta liñas cheas sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras. Carece de interpuncións. As liñas son descendentes. A letra O é máis pequena e baixa. L con trazo inferior inclinado.

Lectura segura.

A designación teonímica estaba probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 23, n. 25 Deo L / ari B / er[o---



34

Deo | [L]ari | Ḅẹ[..|⁞|- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 24, n. 26.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. O fragmento conserva o comezo do texto epigráfico. A fractura superior horizontal pasa por riba da primeira liña. A fractura inferior ascende a través da liña 3. Como as liñas teñen moita inclinación descendente, a fractura inferior só permite ver a parte superior do B e restos do extremo superior do E. A ara presenta liñas cheas que respectan fronteiras de palabras. Sen interpuncións. O L inicial da segunda liña, moi próximo ao canto esquerdo, non é visible pola forte erosión, que tamén lle afecta á parte conservada da primeira letra da liña seguinte. Letra O pequena elevada. R moi grande.

Lectura segura.

A designación teonímica estaba probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch. 24, n. 26 Deo / Lari / Be[ro] / [- - -



35

Ḍeo La|[ri B]ẹṛ|⁞|[obreo - - - - - -

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 47, n. 11; Búa 2000, 280; Koch 2019, 55, n. 98.

Fragmento superior dun altar. Ten unha fractura oblicua descendente dende a media altura da primeira letra da liña 1 ata a media altura da derradeira letra da liña 2. Na liña 1 perdeuse a metade inferior do D inicial. Na liña 2 perdéronse as letras RIB iniciais, pero consérvase o ángulo superior do E seguinte (lectura máis plausible ca un R) e a metade superior do R final. Liñas cheas. Na primeira, quixo respectarse a fronteira silábica, polo que se gravou LA moi na marxe a pesar de que o espazo para estas dúas letras era máis ben escaso. Non hai interpuncións. Na primeira liña, as letras van decrecendo dende un D inicial moi grande. Letra O lixeiramente máis pequena a media altura. L con trazo inferior descendente

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

1994 Baños, 47, n.11	Deo La/[ri]bẹṛ/[o - - -] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Deo La/[ri] Ber/[obreo - - - - - -
2001 Blázquez, 65	*deus La[r] Ber[us]*
2019 Koch, 55, n. 98	Deo La / [ri] Ber / [o----



36

Deo L|ari | Ḅero|⦚|[breo - - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 19, n. 20.

Fragmento superior dun altar. Presenta unha fractura horizontal que transcorre pola parte superior da liña 4, de cuxas letras se observan restos. A superficie da ara está moi erosionada. As liñas respectan fronteiras silábicas e de palabras, salvo no paso da primeira á segunda. Non hai interpuncións. Letras de tamaño irregular. Na primeira liña hai un E grande. E e L teñen trazos lixeiramente descendentes. Na segunda liña vense tres letras grandes. O A, con grande apéndice inferior, semella un nexo A-L. Na liña 3, hai un B moi difuminado.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 19, n. 20 Deo L / ari / Bero / Breo[---



37

[De]o | [L]ar|i̯ Be|ṛob̯|[reo | - - - - - -

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 41, n. 8; Búa 2000, 279; Koch 2019, 57-58, n. 101.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. Presenta fracturas inclinadas descendentes. Por mor da fractura de abaixo perdéronse a metade inferior do R e o extremo inferior do B. A parte superior esquerda e mais todo o canto esquerdo están moi erosionados, polo que se perderon as dúas letras iniciais da primeira liña e mais a inicial da segunda. Do mesmo xeito, o I inicial da terceira atópase moi difuminado. Obsérvanse liñas cheas que non respectan fronteiras silábicas nin de palabras. Sen interpuncións. Os O son pequenos e elevados. B, P e probablemente R tenden a ser grandes.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

1994 Baños, 41, n. 8	[De]o / Ḷạr/i̯be/ro B/[reo] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Deo / Lar/i Be/rob/[reo] ...
2000 Búa, 279	[De]o / [L]ar/i Be/ṛob/[reo] / [.....]
2019 Koch, 57-58, n. 101	Deo / Lar / i Be / ro B [reo aram posvi *ou* posvit pro salvte?]



Fotografía cedida por Juan Manuel Abascal

38

Ḍẹọ Ḷ|ạri | Ḅerọ|[b]ṛẹ[o |⁞| - - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 11, n. 11.

Fragmento superior dunha ara. Un extremo inferior de ara podería ser parte desta mesma peza, pero non é seguro (v. Koch 2019, 12, imaxe 11b). En tal caso o monumento estaría partido en polo menos tres partes das que faltaría(n) a(s) intermedia(s). A fractura descendente transcorre a través da liña 4, onde só se ven os extremos superiores das dúas letras centrais ṚẸ. Non pode determinarse se o O que viña a continuación aínda estaba no final desta liña, como sucede na anterior, ou xa na liña seguinte. No canto esquerdo, moi danado, perdeuse a parte esquerda das letras iniciais das liñas 2-3. A primeira liña gravouse chea, sen respectar fronteiras silábicas e de palabras, pero o final da liña 2 quedou desaproveitado para que a continuación o teónimo estivese ben repartido en liñas independentes. Non hai interpuncións. O L presenta trazo inferior inclinado. O O é máis pequeno e baixo.

Lectura segura, salvo as dúbidas no final da derradeira liña conservada.

A designación teonímica aparece na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 11, n. 11 Deo L / ari / Bero / [B] re[o---



39

Deo Lạ|ṛi Ber|ṛobreọ |⦚| [- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 22, n. 23.

Fragmento superior dunha ara. Presenta fractura lixeramente ascendente por debaixo da terceira liña que só roza moi levemente a parte inferior da secuencia RE. O texto está moi erosionado, especialmente pola marxe dereita, pero é lexible, xa que só son problemáticos o final da liña 2, onde non parece haber máis letras tras o R, e mais o comezo da liña 3, onde o R inicial está un pouco desfigurado. Do A final da liña 1 só se ve parte do trazo esquerdo polo desgaste e danos sufridos pola pedra. O interliñado tende a respectar as fronteiras silábicas, salvo, inevitablemente, entre as liñas 2-3, onde *Berro/-* non tería cabida e *Be/rro-* deixaría un espazo baleiro excesivo no final da liña 2. O apartado teonímico remata en liña independente. Sen interpuncións. Os O son pequenos e elevados.


Lectura segura.

Designación teonímica na súa estrutura habitual, pero *Berobreo* aparece con grafía reduplicada do *-r-*: *Deo Lari Berrobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 22, n. 23 Deo La / ri Ber /r o Breo [—





Liña 1: *Deo La*

40

Ḍeo L|ạṛi Ḅẹ|⁞|ṛṛọḅ|ṛeo | ạra |⁞| [- - - - - -

- Parte superior no Museo de Pontevedra.
- Parte inferior no Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León".
- Fragmento superior: Baños 1994, 45, n. 10; Koch 2019, 52-55, n. 97a.
- Fragmento inferior: Bouza - Álvarez - Massó 1971, 73, n. 2; Baños 1994, 43, n. 9; Koch 2019, 55, n. 97b e 64-66, n. 114.
- Texto unificado dos dous fragmentos: Búa 2000, 277.

Fragmentos superior e intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. A parte superior consérvase no Museo de Pontevedra; a inferior (un dos primeiros fragmentos atopados por José Fernández Piñeiro en novembro de 1962), no Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" (unión dos dous fragmentos en Búa 2000, 277; fotografía da peza cos dous fragmentos superpostos en Búa 2005, 77). Ten unha fractura superior horizontal lixeiramente ascendente que lle afecta á parte inferior de todas as letras da segunda liña e superior da terceira. A fractura inferior, descendente de xeito irregular, aféctalle sobre todo ao A inicial. O fragmento superior está máis erosionado ca o inferior. O canto esquerdo do fragmento superior está especialmente desgastado e o do inferior moi danado, o que afecta a todas as súas letras iniciais. A ara presenta liñas cheas sen respetar fronteiras silábicas nin de palabras, pero márcase o final do apartado teonímico con salto de liña. Non hai interpuncións. Na última liña conservada, ARA carece probablemente de *-m*, aínda que, por suposto, non pode descartarse plenamente que estivese na liña seguinte. Os O son algo menores ca as outras letras, o segundo deles claramente máis pequeno e elevado. O L presenta risco inferior inclinado. O derradeiro A carece de trazo horizontal interno, aínda que o anterior parece que o tiña. Do primeiro nada pode dicirse por mor do desgaste.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa estrutura habitual, pero *Berobreo* con grafía reduplicada do *-r-*: *Deo Lari Berrobreo*.

Se a palabra está completa na súa forma conservada, *aram* aparece na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara*, con perda do *-m* final.

Historial de lecturas:

1. Fragmento superior:

1994 Baños, 45, n. 10	Deo L/aribe/[ro - - -] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Deo L/ari Be/[robreo - - - - - -
2001 Blázquez, 65	*deus Lar Be[rus]*
2019 Koch, 52-55, n. 97a	Deo L / ari Be / [ro (considera "moi verosímil" que o fragmento 97b = 114 pertenza á mesma peza, como se ve en Búa 2005, 77)

2. Fragmento inferior:

1971 Bouza - Álvarez - Massó,73	... /.... / RROB/REO/ARA.... = [Deo L]/[iber]/rro B/reo / ara/[s pos(uit)] (con errata no triple -r]/rr-)
1978 Millán 13, 26	[DEO] / [VIBE] / RRO B / REO / ARA = *[Deo Vibe]rrobreo ara*
1994 Baños 1994, 43 n. 9	[Deo] / [Lar]/[ibe]/r{r}o B/reo /ara/[m ---] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Deo / Lar/i Be]/rrob/reo /ara/[m - - -]
2019 Koch, 55, n. 97b e 64-66, n. 114	[Deo L / ari Be /] rrob / reo ara / [m posvi *ou* posuit pro sva? salvte] (considera "con gran verosimilitude" que o fragmento 97a pertenza á mesma peza, como se ve en Búa 2005, 77)

3. Texto unido cos dous fragmentos:

2000 Búa, 277	Deo L/[a]ri Be//rrob/reo / ara/[m .....]





41

Ḍ(eo) La|ri · Be|roḅrẹ|o aṛ|[- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 11, n. 10.

Ara posiblemente completa. Os cantos dereito e esquerdo están bastante degradados, o que dificulta a lectura segura do comezo das liñas 1-2 e do final das liñas 2-3. As liñas respectan fronteiras silábicas ata o final do apartado teonímico. Non hai interpuncións. Tras a liña 4 pode haber algunha liña máis, pero non é posible ler nada con seguridade. Na primeira liña parece que temos un espazo libre inicial e un D moi cadrado cuxos trazos superior e inferior non quedan ben resaltados nas fotografías, polo que parecen dúas letras (LI ou EI). O trazo horizontal interno dese aparente E debe de ser un simple efecto óptico. Semella que houbo un intento de centrar DLA. Na liña 3, o B entre O e R está moi apagado, polo que só poden observarse restos da parte superior do seu trazo vertical e posibles restos do seu trazo inferior.

Hai problemas en todas as liñas, pero, en principio, ata o final da liña 4, a lectura parece ben establecida.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 11, n. 10 Deo La / ri Be / ro Bre / o ara / m pos (vi *ou* vit) / sal //////



42

[Deo La]|⟦|ṛi Be[r]|o̩bre|o̩ a̩ṛ[a |⟧| - - - - - -

Museo Municipal de Vigo Quiñones de León.

Bouza - Álvarez - Massó 1971, 73-74; Baños 1994, 39, n. 7; Búa 2000, 278; Koch 2019, 63, n. 113.

Fragmento intermedio dunha ara partida en polo menos tres anacos. Presenta fracturas horizontais, pero na parte inferior partiu ademais a esquina dereita, polo que a fractura inferior acaba sendo ascendente e moi pronunciada. Faltan as partes inicial e final do texto. A superficie gravada está moi erosionada, pero pode lerse sen problemas. Amosa liñas cheas que non respectan fronteiras silábicas nin de palabras, pero márcase o final do apartado teonímico con salto de liña. Sen interpuncións. O primeiro O parece normal; o segundo, pequeno e elevado. Na fractura inferior perdeuse a parte de abaixo de AR e mais a letra final. É probable que fose *ara(m)*, pero non pode descartarse *ar(am)* nin *ara/m*.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Se na liña 3 figuraba *ar[a]*, *aram* estaría na súa forma latina vulgar tardía: *aram* > *ara,* con perda do *-m* final.

Historial de lecturas:

1971 Bouza - Álvarez - Massó, 73-74	... / BIBER / OBRE / OARA = [Deo] / Biber/o Bre/o ar[a] / [p(osita] (na liña 1 o primeiro B podería ser R, erro do lapicida por L)
1978 Millán, 13, 26:	[DEO] / B̩IBE[R] / O̩BRE / O AR̩ [.] /... = *[Deo] Biberobreo ara*.
1994 Baños, 39, n. 7	[Deo La]/riber/o Bre/o ar̩[a]/[m ---] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	[Deo La] ri Ber/obre/o ar[a/m...] - - -]
2000 Búa, 278	[Deo La]/ṛi Be̩[r]/obre/o̩ ar̩[a/m.....]
2019 Koch, 63, n. 113	[Deo La] / ri Ber / o Bre / o ar[a m / posvi *ou* posvit----



43

-?-|⁞|..? |... |.]ṛọ|[.]eọ | aṛ|⁞|[- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 28, n. 33.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. Presenta fractura superior descendente que atravesa a primeira liña conservada e mais fractura inferior ascendente por debaixo da última conservada. Ten o texto moi erosionado e degradado. A penúltima liña conservada remata en EO con O pequeno, un pouco elevado. Na seguinte lese AR. Isto lévanos a dúas hipóteses de lectura: ou ben se trata do final de *Berobreo* seguido de *aram*, ou ben se trata de *deo* / *[L]ar[i]*. Decisiva sería a lectura da letra que precede a EO, pero o trazo que aquí máis se destaca é oblicuo ascendente, nalgunhas fotografías parece Z. Podería tratarse da parte dereita dun R do que non se ve o trazo vertical. De ser así, teriamos a parte final do teónimo REO. Na liña anterior unhas fotos parecen permitir ler ERO, outras parecen apuntar máis ben a BRO. No final da precedente parece que temos un R, que se cadra en realidade é un B. Xorden así dúas hipóteses de lectura: **B/ero/reo* ou **Bro/reo*. En calquera caso faltaría o *-b-* interno que temos noutras ocasións. O que precede está enormemente erosionado e as sombras e riscos que a luz xera nas fotografías poden ser enganosos. De acordo coas dúas hipóteses precedentes, habería que pensar en *.../*ri B/ero/reo* ou **...r(i) / Bro/reo*. A parte inicial da designación teonímica sería o habitual *Deo Lari*, distribuído e abreviado de distintas posibles maneiras. A ara presenta liñas cheas. Sen interpuncións. Os O son pequenos e elevados.


Lectura moi insegura e pouco fiable.

Designación teonímica na súa estrutura habitual, pero *Berobreo* parece non presentar o *-b-* interno: posiblemente **Deo Lari Beroreo* ou **Deo Lari Broreo*, aínda que ambas as opcións son moi inseguras e pouco fiables.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 28, n. 33 [Deo] / La / ri Be / ro B / reo / ar (am) [posvi *ou* vit) ---





Liña 4: *eo*

44

- - - - - -] |⁞| Ḅero|breo | ara-m | poṣ(ui) |⁞| [- - - - - -?

Museo de Pontevedra.

Baños 1994, 37, n. 6; Búa 2000, 276; Koch 2019, 55-57, n. 100.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. As fracturas son horizontais. A superior pasa por enriba da primeria liña conservada. Por mor da inferior, perdeuse a parte de abaixo do trazo vertical do P. Falta a parte inicial, probablemente *Deo / Lari*, e posiblemente tamén o final do texto. O verbo na liña 4 estaba seguramente abreviado, *pos(ui)*, como invita a pensar o xeneroso ocupamento do espazo con letras grandes. A ara presenta liñas cheas que respectan fronteiras silábicas e de palabras. Non hai interpuncións. As liñas son lixeiramente ascendentes. Os O son pequenos e elevados. Na liña 3 gravouse primeiro ARA —o primeiro A con risco horizontal interno, o segundo sen el— e posteriormente engadiuse, no escaso espazo final restante, un pequeno ángulo elevado que conforma un M ascendente e diminuínte que no contexto debe ser interpretado como nexo A-M.

Lectura segura.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

1994 Baños, 37, n. 6	[Deo] / [Lari]/bero / Breo / ara-m / pos/[uit] / - - - - - -
1996 Colmenero, 637	Bero/breo / aram / pos(uit). /...
2000 Búa, 276	[.....] / Bero/breo / ara-m / pos(uit) / [.....]
2019 Koch, 55-57, n. 100	[Deo Lari] / Bero / Breo / ara-m pos(vi) *ou* (vit) [pro salute ?]



45

- - - - - - |⟆|?. B]ę|ro(breo) ar|aṃ | poṣụ|⟆|[i - - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 27-28, n. 32.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes con esquina inferior dereita partida e conservada. A fractura superior ascendente aféctalle ao extremo superior do primeiro R e só deixa ver o extremo inferior da letra E final da liña precedente. A fractura inferior horizontal pasa a través da derradeira liña conservada. A ara presenta liñas cheas con tendencia a respectar fronteiras silábicas e de palabras. Na primeira liña, tras o E, o espazo era moi xusto para un R, polo que se preferiu proseguir na liña seguinte. Na terceira, despois de *ar/am* deixouse un bo espazo en branco para evitar encabalgar a palabra seguinte. Sen interpuncións. Os O son elevados e algo máis pequenos ca as restantes letras. O M é arredondado.

Lectura segura.

A designación teonímica estaba probablemente na súa forma habitual, pero abreviada: *deo Lari Bero(breo)*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 27-28, n. 32 [Deo Lari / B]e/ ro ar / am / posv[i *ou* vit pro salvte]



46

---?]|⁞|[---- | Bero]|ḅṛ[e]o̱ | a̱ṛ[a] | po̱[s? |⁞| ---?

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 32, n. 40.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. Este fragmento presenta ademais unha fisura vertical polo centro que provocou a rotura e perda dun pequeno anaco rectangular na esquina inferior dereita. A fractura superior horizontal pasa por enriba da primeira liña conservada. A fractura inferior parece que foi lixeiramente ascendente por debaixo da derradeira liña conservada. A fractura vertical da esquina inferior dereita aféctalle á parte dereita da derradeira letra das dúas últimas liñas conservadas. O texto está moi erosionado. A terceira liña do fragmento é a primeira que pode lerse, aínda que con moita dificultade. As dúas precedentes están completamente arrasadas. Da terceira o que se ve mellor é o B inicial. A letra seguinte parece carecer de trazo horizontal inferior, polo que debe de ser R e non E. Tanto este R como o O final están moi difuminados. Por entre eles pasa a fisura e non queda resto do E que, polo contexto, debía estar nesta posición. AR e PO no respectivo comezo das dúas liñas seguintes vense con claridade abonda. Tras AR non hai espazo suficiente para *ar[am]*, polo que posiblemente só figuraba *ar[a]* ou se cadra *ar[a-m]* con nexo. Na derradeira liña posiblemente figuraba a forma abreviada *po[s(ui)]*, pero se cadra aínda había outra letra, sexa do verbo sexa dunha palabra seguinte.

A lectura da parte conservada parece segura.

Designación teonímica probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 32, n. 40 [Deo Lari Bero] / Br[eo] / ar[am] / po[svi *ou* svit---



47

Deo L|ari Be|robre|o ara[?] | p̣o̩s̩[- - - - - -

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 14-16, n. 15.

Ara ovada partida pola cabeza, que se conserva. Superficie moi erosionada cunha veta natural que ascende dende a parte inferior esquerda á parte media dereita do monumento, impedindo a lectura do final das liñas 4-5 e de todo o que posiblemente segue. No final da liña 4 queda espazo tras ARA para unha ou dúas letras, pero non se ve claramente se este espazo cuberto pola veta foi gravado ou non. Podería haber un M, ligado ou non ao A precedente. No comezo da liña 5 parece entreverse POS, pero a lectura é moi insegura. O resto xa non é determinable. As liñas están cheas, sen respectar fronteiras silábicas nin de palabras, pero márcase o final do apartado teonímico con salto de liña. Sen interpuncións. L con trazo inferior inclinado. B e D moi similares.

Lectura segura ata a metade da liña 4; o resto, inseguro ou indeterminable.

Designación teonímica na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Non está claro se *aram* aparece na súa forma culta ou vulgar, sen *-m*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 14-16, n. 15 Deo L / ari Be / ro Bre / o ara<m> (*ou* ara-m) / posvi





Liña 5: *pos[- - - - - -*

48

- - - - - -] |⁞| Ḅẹṛ[o]|bṛẹ|o

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 30, n. 37.

Fragmento inferior dunha ara. Ten o texto moi erosionado e degradado. Presenta fractura horizontal a través da antepenúltima liña, da que só se conservan os extremos inferiores das letras, que, polo contexto, deben de corresponder a ḄẸṚ. No moi escaso espazo final da liña debeu de estar un O pequeno elevado. Na penúltima liña vese ben o B inicial. A segunda letra fai un ángulo recto superior con trazo horizontal rematado en curva, polo que, polo contexto, debe de ser R. Da letra final entrevense moi lixeiramente trazos horizontais que convidan a ler E. Na liña seguinte só parece verse unha letra central en forma de A con cabeza redonda, pero en realidade debe de tratarse dun O un pouco anguloso de tamaño inferior ás letras precedentes.

Lectura non de todo segura. Coa excepción do B, os restos das letras non son plenamente evidentes por si mesmos, senón lecturas plausibles polo seu contexto.

Designación teonímica probablemente na súa forma habitual: *Deo Lari Berobreo*.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 30, n. 37 [Deo Lari Bero] Br [eo posvi] a [ram pro salv] t-e



49

[-?- |⁞| -?-|] Ḅeṛṛọ(breo)

Auditorio Municipal de Cangas.

- Fragmento superior: Koch 2019, 26, n. 30.
- Fragmento inferior: Koch 2019, 22-23, n. 24.

Ara partida en dous fragmentos. Ao de abaixo fáltalle o extremo inferior. Fracturas descentes. A pertenza dos dous fragmentos á mesma ara foinos indicada por J. Suárez Otero.

No fragmento de arriba parece lerse ḄEṚṚỌ. Preceden unha ou dúas liñas a través das que transcorre a fractura superior. No fragmento superior hai restos de letras non identificables con seguridade. A pesar de que xusto debaixo do extremo inferior dereito da decoración triangular da cabeza da peza parece observarse un trazado circular, é moi incerto que poida tratarse realmente do O final dunha hipotética primeira liña na que figurase DEO, debido á súa posición tan extrema e á ausencia de todo resto das letras precedentes.

No fragmento inferior só se observa claramente a liña onde figura o hipotético ḄEṚṚỌ. Non hai máis texto. Non está claro se o risco vertical que hai por enriba do B, na esquina superior esquerda, e mais outro inclinado co que forma un ángulo que podería ser un A corresponden en parte á decoración da marxe esquerda superior da peza, son en parte casuais e/ou son parte do texto. As letras da última liña están moi erosionadas e degradadas, o que impide unha lectura segura. Aparentemente pode lerse ḄEṚṚỌ, pero a única letra que está fóra de toda dúbida é o E.

Lectura e intrepretación moi inseguras.

A designación teonímica puido figurar na súa estrutura habitual, se na parte ilexible inicial estaba gravado *Deo Lari*, abreviado ou sen abreviar, e fose cal fose a súa distribución linear. Se a lectura é correcta, *Berobreo* aparece abreviado e con grafía reduplicada do *-r-*: *[Deo Lari] Berro(breo)*.

Historial de lecturas:

Fragmento superior:

2019 Koch, 26, n. 30 [D(eo)] LARI / [---

Fragmento inferior:

2019 Koch, 22-23, n. 24 [Deo] / L-ar[i] / B-er-o Br-eo



Fotografía cedida por José Suárez

50

- - - - - - |⦚| ạ.ṛạ|m ṇọ|ṣṿị [?|⦚|- - - - - -?

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 28-29, n. 35.

Fragmento intermedio dunha ara dividida polo menos en tres partes. A súa esquina inferior dereita está danada. Despois do I da terceira liña conservada habería espazo para unha letra, pero non se ve ningún resto. Podería ser o final do texto ou non. A fractura superior transcorre, en dirección lixeiramente descendente, por enriba da primeira liña conservada. A fractura inferior descende de maneira moi pronunciada por debaixo da terceira. O texto está moi erosionado, pero é lexible. Terceira liña moi descendente. Sen interpuncións. O P con trazo inferior moi curto.

A lectura parece fiable, pero a forte erosión obriga a gardar certas reservas.

Designación teonímica perdida na parte precedente ao texto conservado.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 28-29, n. 35 [Deo Lari Bero (Breo)?] / ara / m po / svi [---



Fotografía cedida polo Instituto
Arqueolóxico Alemán de Madrid



Liña 1: *ara*

51

- - - - - - a]⁞⁞r(am) p(osui)

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 34, n. 43.

Fragmento inferior dunha ara. Presenta fractura ascendente que pasa polo medio da primeira letra e polo extremo superior da segunda. Pola inclinación dos trazos inferiores conservados, a primeira letra é probablemente un R, aínda que tamén entran en consideración un A (daquela, *a(ram) p(osui)*) ou dun nexo A-L (en tal caso sería - - - - - - *pro s]/a-l(ute) p(osui)*), que ás veces só se marca coa lixeira desviación cara á dereita da parte inferior do trazo dereito do A. Sen interpuncións.

A lectura da primeira letra non é segura.

Designación teonímica perdida na parte precedente ao texto conservado.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 34, n. 43 [Deo Lari Bero Breo] a-r(am) p(osvi *ou* vit) ?



Fotografía cedida polo Instituto Arqueolóxico
Alemán de Madrid

52

- - - - - - |⁞| po[. |..]ạ |⁞|

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 31, n. 39 e 46, n. 77.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. Dado que por debaixo da derradeira liña hai bastante espazo baleiro, parece tratarse do final do texto. A ara presenta fracturas ascendentes por enriba e por debaixo das dúas liñas conservadas. A superficie e o canto dereito están bastante degrados, o que impide identificar con seguridade varias letras. Só se le con claridade a secuencia PO inicial con O pequeno elevado. Na segunda liña, un trazo inclinado ascendente podería ser o dereito dun V ou o esquerdo dun A. Ambas as opcións resultan problemáticas, porque o V estaría moi á esquerda en comparación co P superior e o A parece que se metería na letra seguinte. A segunda letra, moi degradada, ten aspecto dun S moi anguloso, pero podería ser outra letra desfigurada. A terceira e última letra debe de ser un A que perdeu a súa parte dereita na proximidade ao canto. Sería moi tentador ler *pos(ui) / ara*, pero nesta opción algunhas das letras serían máis supostas ca constatables e outras, especialmente o R, encaixarían realmente mal cos trazos observables.

Só é segura a lectura da secuencia PO inicial e probable o A final. O resto resulta moi inseguro.

Designación teonímica perdida na parte precedente ao texto conservado.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 31, n. 39	[Deo Lari Bero Breo (?)] / pos(vi) *ou* pos (vit) / ara-m
2019 Koch, 46, n. 77	anepígrafa (En realidade, a mesma peza coa imaxe invertida)



Fotografía cedida polo Instituto Arqueolóxico
Alemán de Madrid

53

----- p]|⁞|ṛo ſ[al(ute)] |⁞|

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 28, n. 34.

Fragmento intermedio dunha ara dividida en polo menos tres partes. Presenta fractura superior descendente que cruza polo medio da primeira e posiblemente única liña conservada. A primeira letra é probablemente un R, dado que parecen verse restos da cabeza e mais os extremos inferiores desta letra. Segue un O pequeno elevado e a continuación un trazo vertical ascendente, lixeiramente inclinado cara adiante e rematado en curva. Podería ser un S tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ) ou, como alternativa, un A redondeado e sen trazo interno. O contexto favorece a opción do S. Xusto por debaixo desta liña vense pequenas marcas que non parecen corresponder a letras. Máis abaixo un risco vertical longo corre paralelo á marxe esquerda, pero non tanto á beira coma o trazo vertical do R. Non semella formar parte de ningunha letra.

Lectura e interpretación inseguras.

Designación teonímica perdida na parte precedente ao texto conservado.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 28, n. 34 [Deo Lari Be] / ro a (ram) / posv / i pro / sa[lvte]





RO. Detalle da primeira liña

54

- - - - - - p|⁞|ro] ṣ[u]|a sa-l(ute)

Parece que chegou a ingresar no Museo municipal de Vigo "Quiñones de León". Barciela 2005, 40: "todos os intentos realizados para a súa localización resultaron infructuosos".

Bouza - Álvarez - Massó 1971, 75, n. 5; Baños 1994, 55, n. 15; Koch 2019, 66, n. 116.

Fragmento inferior dun altar. Presenta fractura ascendente por enriba da derradeira liña. Ten as liñas lixeiramente descendentes. A fractura permite entrever na parte dereita da penúltima liña o que semella a metade inferior dun S. De ser así, como parece, debeu de haber aínda un V final que, por mor do escaso espazo restante, tivo que ser pequeno e elevado. Na derradeira liña lese ben un A inicial, seguido dun S máis alto e dun nexo A-L descendente, marcado con clara prolongación inferior e desviación do risco dereito do A.

Lectura segura salvo a letra final da penúltima liña.

Designación teonímica non conservada.

Historial de lecturas:

1971 Bouza - Álvarez - Massó, 75	... /..O/ASA (Na liña 2, O podería ser a parte inferior dun B. Na liña 3: AS claras, despois parece un A con outros trazos, se cadra nexo A-R-A-S, pero é moi confuso, mesmo podería ser A-X)
1978 Millán, 13, 26	[?]... / [?]... / [?]... O / ?ASA = *[¿Deo Viberobre?]o asa* (Millán 1978, 17: ASA por ARA por "hesitación gráfica" R/S; Millán 1978, 27-28: a causa desta vacilación pode estar en que na fala local un incipiente rotacismo provocase confusións entre /r/ e /s/)
2019 Koch, 66, n. 116	[Deo Lari Bero Breo aram posvi pr] o s-v / a sa-l [vte]



Fotografía de Millán 1978

55

Dúas posibles lecturas:

- - - - - |꞉| ṆIA-N | - - - - - -? | - - - - - -?

- - - - - |꞉| ṆIA-V | - - - - - -? | - - - - - -?

Peza fotografada no monte do Facho e posteriormente perdida.

Fariña - Suárez 2002, 32, n. 39.

Parte inferior dunha ara. A fractura horizontal pasa por riba da primeira e única liña lexible a partir da fotografía. A primeira letra parece un P, segue un I e por último un nexo A-N ou A-V. É posible que a continuación houbese dúas liñas máis que, a xulgar pola fotografía, estarían máis erosionadas. Na imaxe resultan ilexibles. As letras recoñecibles poderían ser parte dun antropónimo.

O P inicial é dubidoso. O resto desta liña, seguro. O que segue nas dúas posibles liñas seguintes non é determinable.

A designación teonímica, se estaba presente, atopábase probablemente na parte anterior perdida do texto.

Historial de lecturas:

2002 Fariña - Suárez, 32, n. 39 .../pian



Fotografía de Fariña - Suárez 2002, 52, lámina 16

56

- - - - - - |⦚|?E[??] | [-?-] | [-?-]

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 33-34, n. 41.

Fragmento inferior dunha ara. Presenta fractura horizontal por enriba da primeira liña conservada e a súa única letra lexible, un E cos trazos horizontais moi inclinados. Hai espazo para unha posible letra precedente e tras o E podería haber un O pequeno elevado moi difuminado ou a cabeza dun P ou dun R. Iso leva a barallar distintas posibilidades, como, por exemplo, **Be/robr/eo* ou **Bero(breo)*, entre outras, pero sen a menor certeza. É posible que tras esta liña houbese aínda dúas máis. Ao comezo da segunda, restos de posibles trazos parecen formar un posible S. Ao comezo da terceira, un posible A, pero sen garantías abondas.

Só parece segura a lectura do E.

Non é posible determinar se o presunto E formaba parte da designación teonímica ou non.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 33-34, n. 41 [---] / t-e / [—]



57

Dúas posibles lecturas:

- - - - - |⦚|O[-?-]|⦚| - - - - - -?

- - - - -? |⦚|[-?-]O|⦚| - - - - - -?

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 45-46, n.75.


Esquina triangular superior esquerda ou inferior dereita dun fragmento dunha ara. Só se ve un O, que podería ser inicial ou final de liña. En caso de ser inicial, non parece haber outra liña por debaixo, polo que podería ser a derradeira do texto. En caso de ser final, ou ben non habería liña anterior, ou ben esta non estaría chea ata o final do espazo dispoñible.

A única letra visible é moi probablemente un O, aínda que Q non é totalmente descartable.

Non é determinable se o O pertencía á designación teonímica ou non.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 45-46, n. 75	Letra O ou parte da decoración.



O inicio de liña



O final de liña

58

Ilexible (1)

- - - - - - |⦚|[-?-]???

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 30, n. 38.

Parte inferior dun altar con fractura oblicua ascendente moi pronunciada. Consérvase o pé do monumento e unha especie de cenefa con dúas liñas horizontais paralelas entre as que se ve un trazo vertical ben marcado e posibles restos doutros moi difuminados. Se se tratase dunha liña escrita, iría precedida dun espazo baleiro suficiente para o final de dúas liñas precedentes. Tendo en conta as enormes dimensións do monumento no seu estado orixinal (as dimensións do fragmento son, segundo Koch 2019, 30, alto máximo 51 cm, ancho máximo 39 cm e grosor máximo 21 cm), resulta moi estraño que houbese esa liña escrita tan abaixo e, polo que parece, tan separada do resto do texto. Non é seguro que sexan restos de letras nin, de ser así, como habería que interpretar ese trazo vertical.

Ningún resto do hipotético texto pode identificarse con seguridade. Máis probable é que estivese arriba, na parte perdida do monumento.

A designación teonímica, se a había, estaría na parte perdida do monumento.

Historial de lecturas:

2019 Koch 30, n. 38, 78, fig. 80 ---] / [1-3] sa-l-u-t-e



59

Ilexible (2)

- - - - - -? |⁞|-?-]?? | - - - - - -?

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 35, n. 44.

Pequeno fragmento dunha ara con posibles restos de letras, fractura horizontal por abaixo, forma redondeada por arriba e esquina superior esquerda perdida. Na parte central superior puido haber un E con espazo previo para polo menos dúas letras e posterior para unha. Pero ese hipotético E pode non ser máis ca unha ilusión óptica. Antes e despois desta primeira posible liña conservada puido haber outras en cantidade indeterminable.

Ningún resto do texto pode identificarse con seguridade.

A designación teonímica non é localizable no fragmento conservado nin atribuíble á parte precedente ou seguinte.

Historial de lecturas:

2019 Koch, 35, n. 44 [D]eo / [---



60

Ilexible (3)

[-?-] | [-?-] | [-?-] | [-?-] | [-?-] | [-?-]

Auditorio Municipal de Cangas.

Koch 2019, 18-19, n. 18.

Altar roto na esquina inferior esquerda. O texto está moi erosionado e degradado. Só se ven trazos soltos que impiden unha lectura segura. Tiña polo menos 6 liñas, cada liña 3 ou 4 letras. Na liña 2 a penúltima semella B, pero se a última fose un O anguloso, como parece, daquela debería tratarse máis ben dun R (**[Be]ṛọ/* ?). No centro da liña 3 hai un P, que tamén podería ser a parte restante dun R. No comezo da liña 4 os trazos visibles teñen forma dun S tipo minúscula tardía / semiuncial (*s* alto, ſ), pero poderían ser os restos dun P ou dun R. O que segue podería ser un O moi anguloso, pero non necesariamente.

Lectura completamente insegura.

Historial de lecturas:

2019 Koch,18-19, n. 18	Deo / Bero / ara-m / pos / v [i ou it] / p [ro] / [-?] sa [lv] /t[e]



Bibliografía

Baños Rodríguez, G.

- 1994 *Corpus de inscricións romanas de Galicia II. Provincia de Pontevedra*, Santiago de Compostela.

Barciela Garrido, P.

- 2005 "As aras de Donón no museo de Castrelos", en Barciela Barrido, P. - Suárez Otero, J. (eds.), *Para o deus Berobreus. Aras do santuario de Donón no Museo Munmicipal de Vigo*, Vigo, pp. 29-44, 121-127.

Blázquez Martínez, J. M.

- 2001 "Teónimos indígenas de Hispania: Addenda y corrigenda", *Palaeohispanica* 1, pp. 63-85.

Bouza Brey, F. - Alvárez Blázquez, J. M. - Massó Bolivar, E.

- 1971 "Las aras del santuario galaicoromano de Donón (Hío, Cangas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 28, pp. 64-81.

Búa Carballo, J. C.

- 2000 *La teonimia lusitano-galaica*, tese doutoral inédita, Univ. de Salamanca.
- 2005 "Notas dun lingüista", en Barciela Barrido, P. - Suárez Otero, J. (eds.), *Para o deus Berobreus. Aras do santuario de Donón no Museo Munmicipal de Vigo*, Vigo, pp. 75-78, 139-141.
- 2009 "Teonimia e hidronimia", en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*, Santiago de Compostela, pp. 91-155.

Colmenero, ver Rodríguez Colmenero, A.

Fariña Busto, F. - Suárez Otero, J.

- 2002 "El santuario galaico-romano de O Facho (O Hío, Pontevedra)", *Boletín Auriense* 32, pp. 25-52.

González Rodríguez, M. C.

- 2021 "Nombres de divinidades locales en el noroeste español: revisitando a M.ª Lourdes Albertos", *Veleia* 38, pp. 183-238.

Koch, M.

- 2019 *Monte do Facho 1: Die epigraphische Hinterlassenschaft des römisch-keltischen Heiligtums auf dem Monte do Facho (O Hío / Cangas - Galicien) = El legado epigráfico del santuario céltico-romano en el Monte do Facho (O Hío/Cangas, Galicia)*, Madrider Beiträge 38, Wiesbaden.

Méndez Quintas, E. (coord.)

- 2008 *Homenaxe a X. M. Álvarez Blázquez (I). Escritos sobre arqueoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez*, Gondomar.

Millán González-Pardo, I.

- 1978 *Sobre las aras del santuario de Donón (Hío, Pontevedra) supuestamente dedicadas a Liber*, Vigo.

Olaya, V.

- 2021 "El santuario celta del dios Berobreus y sus 130 altares", *El País*, 22.11.2021.

Olivares Pedreño, J. C.

- 2019 "Revisión de seis inscripciones en altares votivos dedicados a deidades lusitanas y vetonas", *Veleia* 36, pp. 149-162.

Rodríguez Colmenero, A.

- 1996 Recension de G. Baños Rodríguez, *Corpus de inscricións romanas de Galicia II. Provincia de Pontevedra*, 1994, *Gallaecia* 14/15, pp. 635-641.
- 1997 "Mougás y Donón: dos santuarios rurales galaico-romanos del litoral atlántico", *El Museo de Pontevedra* 51, pp. 381-411.
- 2000 "Donón: un santuario galaico-romano a Bero Breo en el extremo finisterre atlántico", en G. Paci (ed.), *Epigraphai. Miscellanea epigrafica in onore di Lidio Gasperini* II, Roma, pp. 849-863.

Tranoy, A.

- 1981 *La Galice romaine*, París.

9 788445 354872

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES